

CÁTEDRA

Revista eumesa de estudios

Consello de Redacción:

Alexandre Caínzos Corbeira
Carlos de Castro Álvarez
Andrés López Calvo
Rocío Pena Pena
Sindo Vilariño Gómez

Traducción e supervisión lingüística dos textos en galego:

Esther Leira Penabad

Fotografía da cuberta:

Escudo de Fernando Ruiz de Castro (1506-1575), marido de Teresa de Andrade. Está situado na fachada da Casa do Concello de Pontedeume. Foi picado no Trienio Liberal y volto a colocar con posterioridade.

Deseño da cabeceira da revista:

Noli Vilariño

Deseño e maquetación da portada e do interior:

Marga L. Lamas. FLOPS Estudio

Impresión:

LUGAMI. Artes gráficas

Colaboracións:

As colaboracións deberán dirixirse a
“Cátedra. Revista eumesa de estudos”
Biblioteca Municipal de Pontedeume
Rúa Couceiro Freijoomil, 5 - 15600 PONTEDEUME (A Coruña)
Telf. 981/43 25 98
Os traballos deberán ser inéditos.
O Consello de Redacción da revista, non se identifica necesariamente
coas opinións verquidas nos artigos publicados.

Edita: Concello de Pontedeume

Dep. Leg.: C-1702/93

ISSN: 1133-9608

Esta revista está subvencionada
pola **Fundación Caixa Galicia**
e a **Deputación Provincial da Coruña**

PRESENTACIÓN

É para min, como alcalde e como eumés, unha honra facer por primeira vez a presentación do volume nº 15 da nosa prestixiosa revista de investigación Cátedra.

Son xa quince anos sacando á luz unha morea de traballos sobre as máis diversas temáticas da nosa vila e comarca. Investigacións todas elas feitas para descubrirmos acontecementos históricos, personaxes do noso pasado... que en moitos casos descoñeciamos e que é grazas a estes artigos como se achegan a nós.




É por todo isto polo que temos que estar moi agradecidos a todos e a todas os colaboradores e as colaboradoras e investigadores e investigadoras que fan chegar a Cátedra eses descubrimentos, a través das súas investigacións, efectuadas nos arquivos, hemerotecas, etc., que posteriormente se nos dan a coñecer por medio da nosa publicación de estudos locais.

Somos conscientes de que a nosa revista é o motor de moitos achados, de gran interese para a nosa vila e comarca e por extensión para o noso País. É por todo isto polo que o noso compromiso dende o Concello é, e seguirá sendo, prioritario, por sacar ao prelo, todos os anos, esta importantísima revista eumesa.

Tamén quero deixar constancia, nesta a miña primeira presentación de Cátedra, do meu recoñecemento ao equipo de redacción da revista, polo seu moi meritorio traballo a prol da nosa historia local. É o seu un traballo silandeiro, pero moi importante, e que todos debemos recoñecer e do que estar fachendosos.

E xa para rematar, quero dar os parabéns aos investigadores e ás investigadoras que neste novo número quixeron deixarnos coñecer os seus novos traballos de investigación, e que hoxe xa todos podemos ler.

Gabriel Torrente Piñeiro
Alcalde de Pontedeume




FRANCISCO MARTÍNEZ LEIRA, PANCHO: A HISTORIA DUNHA FUXIDA SEN RETORNO

Lupe Martínez

Tendo en conta a situación nacional e internacional, ‘botarse ao monte’ á altura do ano 1948 pode parecer unha decisión suicida e, sen dúbida, éo. No interior, o réxime franquista facíase recoñecer a pistoletazo limpo e, no exterior, as potencias democráticas lexitimábano coa súa inacción e con actuacións tan desalentadoras como a nota do mes de abril de 1946. Nela, os ministros de Asuntos Exteriores de Estados Unidos, Francia e Gran Bretaña, instaban ao pobo español a ser el mesmo, sen inxerencia externa, o que restablecera un goberno democrático se así o desexaba. Devolvían deste xeito a pelota ao tellado dos opositores ao fascismo, confiados en que a vitoria aliada na II Guerra Mundial levaría a intervención destes e a inevitábel caída do réxime do xeneral Franco. Este, contando xa coa tranquilidade que a non intervención internacional lle proporcionaba, dispoñía de total liberdade para poñer en funcionamento toda a maquinaria represiva ao seu servizo e nas súas múltiples variantes, co fin de cortar calquera intento de atacar a ‘nova España’. Polo tanto, ante un panorama tan negro no que parece difícil imaxinar que un pobo aterrorizado tras unha guerra devastadora e unha posguerra non menos traumática, famento e afogado no pozo da miseria, poida rebelarse con éxito, ‘botarse ao monte’ en 1948 só pode ter unha triste lectura: a de fuxir dunha morte segura ou, cando menos, dunha situación de acoso e persecución dificilmente soportábel. Cando Francisco Martínez Leira *Pancho* foxe ao monte o 22 de xaneiro de 1948, tras descubrirse a súa participación na folga do aceite e o azúcre que se desencadena en Bazán no ano 1946, faino para iniciar a derradeira viaxe da súa vida; prolongarase durante case sete anos e estará salpicada de múltiples accións que o converterán nun dos guerrilleiros máis sobranceiros das terras do Eume.

Pancho, militante do PCE, foxe ao monte nun momento especialmente crítico para o discurrir da loita armada. A principios de 1948, a guerrilla sofre un acoso permanente por parte dunhas forzas represivas que van encadeando triunfos na particular guerra que manteñen cos homes do monte e que, nos meses posteriores, culminará coa detención dos líderes comunistas José Gómez Gayoso e Antonio Seoane Sánchez, os homes que levaron a guerrilla ao seu maior desenvolvemento e grao de combatividade. Os febles intentos do PCE por reconducir aos homes do monte serán estériles. Os novos dirixentes, José Sevil ou *Coronel Benito*, pouco poderán facer xa para endereitar a agónica situación.

As sucesivas caídas de guerrilleiros, puntos de apoio e enlaces multiplicáranse nos meses posteriores, e *Pancho* será testemuña directa do triste final dos seus compañeiros e do abandono ao que teñen que facer fronte os poucos que aínda resisten a ofensiva final das forzas represivas. Nese mesmo ano 1948 o Partido Comunista decide poñer o punto e final á súa tutela sobre a guerrilla e, aínda que esta tarda uns anos en verificarse por completo, o certo é que os homes do monte vivirán no maior desamparo as últimas sacudidas da loita armada. Aínda así, *Pancho* protagonizará un bo número de accións contra os paladíns do réxime, ben como un guerrilleiro máis do Destacamento Arturo Cortizas ou ben como xefe da IV Agrupación do Exército Guerrilleiro de Galicia, nomeamento que lle sobrevén tras a marcha de Francisco Rey Balbís *Moncho* a Francia en 1950.



Dúas imaxes de Pancho, sinalado cun círculo e vestido de lexionario, xunto a dous compañeiros

Dúas datas de vital importancia á hora de intentar trazar a rota que *Pancho* segue dende que foxe ao monte até que é abatido pola Garda Civil, son as referentes ao seu bautizo de fogo e ao momento da súa caída. Paradoxos da vida, e como nun intento de pechar o círculo, as dúas datas coinciden co comezo e a fin de 1949 e 1954, respectivamente. A primeira data para o recordo é o 1 de xaneiro de 1949, case un ano despois de verificarse a súa fuxida; e a segunda data de especial interese é o 31 de decembro de 1954, día no que, co seu asasinato, se pon o punto e final á súa aventura revolucionaria. O obxectivo deste traballo non é outro que o de rememorar o particular viacrucis do noso home; o de recapitular as súas accións como fuxido, acompañado nun primeiro momento e só nos derradeiros intres da aventura, sen máis miras que as de custodialo na súa última viaxe.

Pouco podía presaxiar o grupo de veciños de Mugarodos que celebraba a chegada do novo ano 49 no bar El Mugarqués, que a festa se truncaría ás 2:30 horas da mañanciña, cando tres guerrilleiros, *Pancho*, *Riqueche* e probablemente Antonio Castro López *Tocho*, fixeron acto de presenza. Cominaron aos presentes a erguer os brazos, momento no que o veciño Juan Rey Mauriz, imbuído polo ambiente festivo e crendo que se trataba dunha broma, se dirixiu a *Pancho*, o guerrilleiro que levaba o peso da operación, dicíndolle: “*tírame a min covarde*”. *Pancho* empurrouno, obviouno, disparoulle aos pés e dirixiuse ao seu obxectivo: Manuel Vázquez Fariña, ex alcalde franquista, delegado gubernativo e empregado como xefe administrativo de Bazán. A sorte aliouse

con este, pois cando o guerrilleiro se dispoñía a dispararlle, de socato, a pistola atrancóuselle. Fariña, ante a dualidade de fuxir ou morrer, opta pola primeira e lánzase á carreira cara ao patio na compañía de Juan Rabina Canizo, José Rojo Toimil e Arsenio Muñiz. Fernández. Fariña, Canizo e Toimil conseguen burlar os disparos que realiza *Pancho*; non así Arsenio Muñiz, que queda tendido na escaleira de caracol, morto.

Pancho, tal vez frustrado pola burla do seu obxectivo, regresa ao bar e con malos modos pregúntalle a Gabriel Gómez Monteagudo, o dono da taberna, por *Escupidera*, alcume polo que era coñecido Fariña. Gabriel contesta que non está, polo que *Pancho* e *Riqueche* deciden rexistrar a cociña e a parte interior do mostrador, con resultado negativo. Os tres guerrilleiros abandonan o inmoble sen culminar a súa empresa e deixando a Muñiz, colaborador da Garda Civil, morto con tres disparos.

Tras este incidente decrétese a detención de significados ‘marxistas’ que puidesen estar relacionados co intento de asasinato de Fariña e o asasinato de Muñiz. Trátase de Francisco Loureda Silvar *Pellejo*, José Fuentes Justo *Pitón*, Antonio Martínez Ferro *Malayo*, Román Ferrer Fernández *Antopas*, Juan Carnero Casal, Manuel Pérez Prados *Parga*, Manuel Bello Cartelle *Xilguero* e Florentino Iglesias Varela *Floro*, este último casado con Antonia Martínez Leira, irmá de *Pancho*. O 3 de xaneiro, catro deles, Francisco Loureda, José Fuentes, Florentino Iglesias e Antonio Martínez, son conducidos ao Val (Narón) co fin de que sinalen os puntos de apoio dos guerrilleiros nesa zona. Nas inmediacións do camiño de Mandiá, no punto de Catabois, o atestado policial fai constar que os catro homes intentaron fuxir amparándose na escuridade e na maleza existente. Tras desoir as voces de “alto” do sarxento Eduardo García Muñoz e, ante a posibilidade de perdelos de vista, a ‘forza’ abriu fogo causándolles a morte.

Apenas un mes despois do asasinato de Muñiz, *Pancho* volve a empuñar as armas para acabar coa vida do garda civil José Casal Reboredo. Os feitos prodúcense ao mediodía do 8 de febreiro. No quilómetro 6, hectómetro 8, que de Cabanas conduce a Mugardos, os gardas segundos Arturo Ballesteros Pascual, Sebastián Quiros Romo, Francisco Cernadas Seoane e o citado, e finalmente malogrado, José Casal, vense sorprendidos por un grupo de cinco guerrilleiros, entre os que se atopan *Pancho*, Antonio Veiga Mejuto *Cacharrón* e Juan Gallego Abeledo *Buzo*, que dende unha toxeira abren fogo ferindo de gravidade ao número José Casal. Trasladado ao seu domicilio de Mugardos, Casal falece ao pouco de chegar.

As batidas que se intensifican a raíz do asasinato do garda resultan infrutuosas no que á localización dos guerrilleiros se refire; non así en canto ao descubrimento de efectos dos homes do monte, aos que se lles incautan armas e prendas de roupa, entre outros aparellos abandonados na apremada fuxida do lugar dos feitos. Tamén nas Pardiñeiras (Limodre), a Garda Civil localiza un refuxio onde, novamente, se atopan armas.

Xunto a falanxistas especialmente vinculados a episodios represivos contra desafectos ao réxime, os gardas civís eran, sen dúbida, un dos principais obxectivos das partidas armadas. Rematar coa vida de quen con tanta zuna os perseguían supoñía un golpe de efecto de cara á

poboación e aos propios gardas, medorentos de poder ser eles os seguintes en engrosar a nómina de baixas. O 22 de febreiro, vai ser o tenente da Garda Civil xefe da Liña de Xuvia, José Torres Santiso, quen sufra nas súas propias carnes a vinganza dos guerrilleiros. Sobre as 21:15 h., Torres Santiso e mais o seu escolta, o garda ordenanza Julio Domínguez López, regresaban á casa do primeiro procedentes do cuartel de Xuvia cando, nas inmediacións xa da vivenda, o tenente crúzase cun home que lle infunde sospeitas. Torres ordénalle ao seu subordinado que o identifique pero, sen tempo a nada, o guerrilleiro abre fogo contra o garda Domínguez mentres que outros dous compañeiros, ocultos tras un sebe, fan o propio co tenente Torres. Os dous números tratan de reaccionar e repeler a agresión, pero os tres homes do Destacamento Arturo Cortizas presumíbeis autores do incidente, Adolfo Allegue Allegue *Riqueche*, Juan Gallego Abeledo *Buzo* e Francisco Martínez Leira *Pancho*, foxen sen novidades, deixando ao tenente Torres Santiso con gravísimas feridas e ao garda Domínguez ferido de carácter leve no ombreiro dereito.

Un dos primeiros en auxiliar aos feridos é o médico Fernando Varela Paz quen, avisado polo veciño José Salcedo Rodríguez, acode até o inmobile de Torres e alí o atopa, tendido e manando sangue abundantemente. Ante este panorama, o doutor ordena a dous homes que consigan unha camioneta coa que trasladar ao tenente a Ferrol, o que así fai na compañía de Salcedo e o garda Domínguez. No Hospital de Mariña certifícase a gravidade das feridas de Torres, quen presenta tres disparos que lle provocan unha hemorraxia interna de tal magnitude que impide calquera tipo de intervención. Trasladado ao seu domicilio en estado agonizante, Torres, de 46 anos, casado e pai dunha filla, falece ao pouco de chegar.

O 31 de maio deste 1949, un grupo de guerrilleiros diríxese ao domicilio de Hermenegildo Sanjuán Varela, ex alcalde de Monfero. Non é a primeira, nin a última vez, que Sanjuán é vítima dun atraco por parte das partidas. Ese día, sobre as 23:30 h., un numeroso grupo de entre dez ou doce guerrilleiros chaman á porta da casa de Sanjuán; o xenro deste, Antonio Varela, cre que se trata do seu veciño Manuel Varela García polo que, ao abrir confiado a porta, se atopa co grupo citado. Pasan ao interior da vivenda e solicítanlle ao ex alcalde 30.000 pesetas baixo a ameaza de queimarlle a casa se non accede ás súas pretensións. Sanjuán só lles pode ofrecer 14.000, polo que os guerrilleiros obríganos a recadar o restante entre os seus veciños. Outras 6.000 pesetas máis parece que contentan aos guerrilleiros quen, antes de marchar e repartir propaganda da denominada 'subversiva', obrigan a Sanjuán a servirles a cea.

Requisitoria contra *Paco*, *Riqueche* e *Pancho*, tras o atraco perpetrado no domicilio de Hermenegildo Sanjuán Varela

Requisitorias

Paz Fornos Francisco, (a) *Paco*, hijo de Francisco y Manuela, soltero, albanil, de 35 años de edad, natural de Larage Cabanas-La Coruña, presentando como señas particulares, escrófulas en el lado derecho del cuello, color pálido, estatura regular y pelo negro; procesado en causa número 190-49, por el delito de atraco a mano armada, en el Ayuntamiento de Monfero, hecho ocurrido el día 21 de mayo del año actual; comparecerá en el término de 15 días ante D. Angel Bernal Notario, Comandante de Artillería, Juez Militar del Juzgado Eventual número tres, de la plaza de El Ferrol del Caudillo; bajo apercibimiento de ser declarado rebelde.

N. 2.414.

Allegue Allegue Adolfo, hijo de Francisco y Antonia, natural de Bouzas Grandal, Ayuntamiento de Villamayor (La Coruña), soltero, carpintero, de 32 años de edad, de estatura más bien bajo, delgado, rubio, color blanco, cutis fino y frente despejada; procesado en causa número 190-49, por el delito de atraco a mano armada, hecho cometido en el Ayuntamiento de Monfero; comparecerá en el término de 15 días ante D. Angel Bernal Notario, Comandante de Artillería, Juez Militar del Juzgado Eventual número tres, de la plaza de El Ferrol del Caudillo; bajo apercibimiento de ser declarado rebelde.

N. 2.415

Martínez Leira Francisco, (a) *Pancho*, hijo de Manuel y de Generosa, natural de Puente deume (La Coruña), casado, labrador, de 33 años de edad, últimamente domiciliado en Mugaros, procesado en causa número 190-49, por el delito de atraco a mano armada, hecho cometido en el Ayuntamiento de Monfero, el día 31 de mayo del año actual; comparecerá en el término de 15 días ante D. Angel Bernal Notario, Comandante de Artillería, Juez Militar del Juzgado Eventual número tres, de la plaza de El Ferrol del Caudillo; bajo apercibimiento de ser declarado rebelde.

N. 2.416.

Do numeroso grupo son identificados tres guerrilleiros: xunto ao noso protagonista, Francisco Martínez Leira *Pancho*, participa no episodio outro mítico guerrilleiro das terras do Eume, Adolfo Allegue Allegue *Riqueche*, ademais de Francisco Paz Fornos *Paco*.

Riqueche, un dos compañeiros de fatigas de *Pancho*, morrerá nun enfrontamento coa Garda Civil sete meses despois deste incidente e, curiosamente, no mesmo domicilio. Nesta ocasión *Pancho* non acompaña ao numeroso grupo que o 31 de outubro lle reclama 25.000 pesetas a Hermenegildo Sanjuán. Isto salvaralle a vida, xa que os sete homes da partida perecerán na refrega; ben a consecuencia dos disparos dos gardas ou suicidándose ao se veren sen saída. Xunto a *Riqueche* deixarán a vida en Pazos: Antonio López Arias *Canín*, José Chao Rouco *Benita*, José Temblás Paz, Rogelio Alonso Corral, Juan Freire Barcia e José Ramuñán Barreiro *Ricardito*, este último erroneamente identificado como Juan Gabeiras *Picovello*. Esta carnicería foi, sen dúbida, un duro golpe que contribuíu a debilitar aínda máis a feble estrutura da loita armada.

Diciamos ao comezo deste traballo que *Pancho* foi unha testemuña de excepción, de primeira fila, dos acontecementos que se sucederon nos duros momentos que sacudiron a loita armada ao longo dos anos 50 e que remataron, inexorabelmente, coa súa liquidación definitiva.

O 30 de agosto de 1951, a delación do veciño do Puntal, Juan Cancela Rivas, pon ao capitán Aurelio Varela Lorenzo sobre a pista dun nutrido grupo de guerrilleiros que se agochan nunha casa deshabitada no Puntal de Abaixo. Cercada a vivenda, e malia o intento de evasiva, Antonio Castro López *Tocho*, Antonio Veiga Mejuto *Cacharrón*, José Sancho Riera *Valenciano* e José Freire Barcia *Pepiño* caen abatidos cando tratan de alcanzar a estrada que conduce de Bergondo a Ferrol. González Vidal asegura que Francisco Martínez Leira *Pancho* foi o único membro da partida que conseguiu burlar o cerco e, por ende, fuxir dunha morte segura.

Por estas mesmas datas, ten lugar un acontecemento de grande magnitude que, sen dúbida ningunha, tería cambiado o fatal destino ao que *Pancho*, e os que como el seguían a loitar, estaba abocado. Marita Gallego Abeledo, dona de Francisco Rey Balbís *Moncho*, regresa a Galicia coa consigna de trasladar a *Pancho* a Francia. A operación, custosa e arriscada, abórtaa o propio guerrilleiro ao se negar a partir cara ao exilio. Ao parecer, os supostos problemas persoais entre *Moncho* e *Pancho* puideron máis á hora de inclinar a balanza que a posibilidade de salvar a vida e seguir a loita noutras fronteiras menos arriscadas.

Á altura do ano 52, poucos son xa os fuxidos que, á marxe da lei, seguen a combater o réxime. Os máis caen en combate e os que conseguen salvar a vida purgan as súas penas na cadea ou, nalgún caso, no exilio. Nunca foi doada a vida no monte, e moito menos vivila en soidade; ás penalidades dunha existencia errante, marcada polas privacións e o desarraigo, hai que engadirles a tensión permanente que a condición de condenados a morte provoca no ánimo duns homes en constante fuxida cara a ningunha parte, nun van intento de sortear o temido enfrontamento final. Non é de estrañar, pois, que un solitario *Pancho* busque sostén e abrigo na súa familia. Así, no mes de maio, o noso protagonista diríxese á vivenda da súa irmá María no Penedo co obxecto de que o acolla na súa casa. Esta accede poñéndolle como única condición que non saia da vivenda baixo

ningún concepto. *Pancho* acata a orde e, en previsión de posíbeis rexistros por parte da Garda Civil, constrúe un refuxio nun dos cuartos da casa. Non obstante, *Pancho* incumpre o pactado e auséntase durante dúas noites, polo que María resolve botalo no mes de xuño dese mesmo ano. O guerrilleiro, acosado, desmoralizado e fustrigado, volverá un ano despois a solicitar amparo á súa irmá, pero esta negarase en redondo e *Pancho* marchará sen volver a comunicarse coa súa familia.

Despois da curta experiencia na vivenda da súa irmá María, *Pancho* encamiña os seus pasos cara ao seu propio domicilio na Areosa. No mes de xullo preséntase na casa que a súa dona, María Romero Ramos, comparte cos tres fillos do matrimonio e exponlle a súa intención de ficar alí. A primeira precaución é a construción dun refuxio, e a segunda non saír da vivenda para evitar ser visto por algún veciño indiscreto que poida dar parte á Garda Civil. A situación prolóngase arredor de seis meses, até que unha forte discusión entre o matrimonio, na que María o recrimina polo abandono que sofren ela e os seus fillos e as dificultades que atopa para seguir adiante, pon punto e final á estadia de *Pancho* na súa casa.

Novamente no monte, *Pancho* retoma as súas actividades. O 28 de xullo de 1953 diríxese ao domicilio de Ramón Amado Cagiao na Casanova, parroquia de Dorña, concello de Vilarmaior. Cando Amado marcha cara a uns muíños da súa propiedade, presentáselle *Pancho* que, armado cunha pistola, lle esixe a bonita cantidade de 80.000 pesetas que quedara a deber dunha anterior visita dos guerrilleiros aló polo ano 47. Amado dille que non posúe tal cantidade e, a forza de discutir, consegue que *Pancho* lle rebaixe a multa até as 10.000 pesetas. Media hora despois, sobre as 16:30 h., Amado regresa cos cartos co fin de evitar que *Pancho* cumpra a ameaza de volver a queimarlle os seus muíños e a casa e de rematar coa súa vida.

Dúas días despois deste suceso, María Romero, a dona de *Pancho*, é detida pola Garda Civil tras descubrirse o refuxio que agochara ao seu home dende maio de 1952 até xaneiro de 1953. Non era esta a primeira vez que María sufría nas súas propias carnes as represalias ás que estaban sometidos os familiares daqueles os que ousaban combater o réxime; ademais de sufrir continuos rexistros e interrogatorios, María xa fora detida o 16 de setembro de 1949, por supoñérselle en contacto con *Pancho* e os demais guerrilleiros da zona. O 5 de outubro de 1949 saíra deportada cara a Valladolid, onde permanecera dous anos, até o 5 de outubro de 1951. Novamente, o 30 de xullo de 1953, María volvía a ser detida. Someteríase a un consello de guerra, celebrado en Ferrol o 26 de xuño de 1954, no que resultaría condenada por “*un delito de auxilio a componentes de partidas armadas dedicadas al bandidaje y terrorismo*” a 3 anos de prisión menor coa accesoria de suspensión de todo cargo público, profesión, oficio e dereito de sufraxio durante o tempo da condena.

A noite do 3 de xuño de 1954, os gardas segundos do posto de Fene: José Beaz Martínez e José Lasén Colina, realizaban un rutineiro servizo de vixilancia e control de transeúntes no paso a nivel da vía férrea que conduce ao Puntal e Tellerías, cando o primeiro deles adviñou a presenza dun individuo sospeitoso ao que lle deu a voz de “*alto*” co obxecto de identificalo. O home respondeu abrindo fogo sobre Beaz e fuxindo lixeiro pola beira dereita do tren, esquivando os disparos que un desconcertado Lasén Colina lle dirixía. Beaz, consciente da gravidade das súas feridas, acerta a dicirlle ao seu compañeiro “*este individuo me ha matado*”, á vez que coas poucas forzas

que lle quedan lle ordena que faga uns disparos ao aire para que o resto da foza acuda no seu auxilio. Como non se obtén resposta ao chamamento, Beaz pídelles ao seu compañeiro, nun intento desesperado, que consiga un coche e que avise á forza do posto de Fene. Así se fai. Lasén regresa co vehículo e acompañado do sarxento José Portillo Cuervo e os gardas segundos Luís Méndez e Manuel Castro, mentres que o dono do coche requisado acode presto a avisar ao doutor Alejandro Pita Álvarez. Durante a tensa espera, os gardas trasladan a Beaz até a estrada que de Perlío conduce a Ferrol onde, tras presentarse o médico, recibe unha primeira atención que certifica a extrema gravidade das súas feridas. Trasladoado á casa cuartel, José Beaz falece *“a consecuencia de rotura de aorta abdominal con la conseguiente hemorragia interna masiva”*.

A Garda Civil supón que o autor da morte de Beaz é Francisco Martínez Leira, *Pancho*, e por iso redóbranse os esforzos para intentar capturalo, vivo ou morto. As *“noticias confidenciales”* que sinalan ao sobriño de *Pancho*, Manuel Pena Martínez, como principal enlace do guerrilleiro, levan a Francisco Díaz Vidal, tenente da Garda Civil e xefe da Liña de Xuvia, a efectuar un rexistro na casa que aquel comparte no lugar de Penedo coa súa dona, Juana Fontenla, e a súa nai, María Martínez Leira. Verifícase o rexistro o 20 de xuño e o resultado é o achado do refuxio que *Pancho* construíra nun dos dormitorios da vivenda en maio de 1952. Deseguido ponse en marcha o procedemento para clarexar os feitos: os habitantes da casa son detidos e interrogados. María e mais o seu fillo confirman que *Pancho* se agochara na vivenda durante un mes e que, efectivamente, o propio guerrilleiro construíra o escondedoiro de referencia.

O Consello de Guerra contra María Martínez Leira e o seu fillo Manuel Pena celébrase en Ferrol o 24 de abril de 1955, catro meses despois de que *Pancho* caera abatido pola Garda Civil. Como responsábel dun *“delito de auxilio a componentes de partidas armadas dedicadas al bandidaje”*, María é condenada a un ano de prisión menor, mentres que Manuel é absolto ao non probarse que tivera intervención nunha decisión tomada directa e exclusivamente pola súa nai.

A Garda Civil séguelle a pista moi de preto nestes últimos meses do ano 54. Rafael Serrano Valls, comandante da Garda Civil con destino en Ferrol, recibe o 17 de novembro *“noticias confidenciales”* segundo as cales *Pancho* se agochara no domicilio da súa irmá Antonia, veciña do Penedo. A ‘forza’ diríxese coa intención de efectuar un rexistro na vivenda e, como resultado do mesmo, atópase nunha dobre parede un espazo baleiro capaz de ocultar a unha persoa e perfectamente disimulado. Antonia deféndese como boamente pode e afirma descoñecer a existencia do refuxio, escusándose nas obras que con anterioridade se fixeran na vivenda. Os obreiros participantes na reforma, Antonio Hermida e Antonio Pena, aseguran que o suposto refuxio fora construído para disimular o oco de baixada da escaleira e que, debido ás minúsculas dimensións, sería sumamente complicado que se puidera agochar ningunha persoa. Non obstante, no Consello de Guerra celebrado o 20 de abril de 1955, Antonia é condenada, por un delito de *“auxilio a componentes de partidas armadas dedicadas al bandidaje y terrorismo”*, a seis meses e un día de prisión menor. Antonia, quen xa perdera ao seu home, Florentino Iglesias, tras serlle aplicada a controvertida Lei de fugas, volvía novamente a ser condenada por un delito polo que, seis anos atrás, e en virtude da causa 326/49, fora sentenciada a dous anos de prisión, tras confesar ter facilitado aos guerrilleiros materiais para a construción de refuxios.

Dous días despois do episodio na casa de Antonia, Serrano Valls, cada vez máis preto de *Pancho*, volve a recibir as tan traídas “noticias confidenciales” que, nesta ocasión, sitúan ao guerrilleiro agochado na casa de Rudesindo Díaz Corral, veciño de Cornide-Narón. Así, o 19 de novembro arredor das 7 da mañá, o comandante da Garda Civil prepara un cerco arredor da vivenda e conmina a Rudesindo para practicar un rexistro. O dono da casa non se nega, pero cando a forza penetra nunha das habitacións, os disparos que efectúa *Pancho*, oculto nun recodo, sorpréndeos. Aínda que os gardas repelen a agresión, non conseguen ferir ao guerrilleiro e a opción que lles queda é retirarse ao exterior. Se quere ter algunha opción de salvar a vida, o guerrilleiro non ten máis remedio que botar a correr amparándose na súa arma. Iso fai, e a xogada saélle ben. *Pancho* consegue eludir o cerco deixando, ademais, gravemente ferido ao capitán Juan López Marcos. Máis, ¿que é de Rudesindo? Segundo os informes policiais, o mozo falece no tiroteo no que se enzarzan os gardas e os dous homes. Sen embargo, un recente testemuño recollido no libro *Retallos da memoria* asegura que Rudesindo, tras recibir golpes brutais na cara, morre vítima dos disparos que os gardas lle efectúan na parte traseira da casa. Recorrendo ao informe de autopsia, apuntase como causa da morte “hemorragia cerebral y contusión y conmoción cerebrales por fractura de la base del cráneo”, así como que os disparos foron feitos a curta distancia.

O lance non remata aquí; uns días despois a forza pública regresa á vivenda de Rudesindo buscando pegadas de *Pancho*. O resultado é o achado de armas e municións, así como unha multicopista e multitude de documentos de propaganda comunista.

Probabelmente como consecuencia do enfrontamento narrado, no que salva a vida in extremis, *Pancho* é ferido dun disparo na cadeira esquerda, polo que precisa unha atención primaria e farmacéutica á que, obviamente, un proscrito non ten acceso. A primeira recíbea na casa de

Raimundo Otero, practicante de confianza dos guerrilleiros da zona de Ferrol e bisbarra



Ramona López Guerreiro, a viúva do outrora fuxido Benigno Fraga Pita *Alejandro*, e a segunda proporcionalla o practicante ferrolán Raimundo Otero Brañas, quen lle facilita a penicilina necesaria para as inxeccións. Otero Brañas, e un bo número de sanitarios libertarios, prestaron un servizo impagábel á guerrilla poñendo coñecementos e material médico a disposición duns homes cuxa desprotección alcanzaba o seu cénit ao se atopar ante situacións tan extremas como esta. Valores como a solidariedade humana e o inquebrantábel compromiso coa causa democrática explican o arriscado comportamento daqueles sobre os que pendía a sombra da desafectación e que, en suma, podían pagar moi caro o dar cobertura aos homes que daban forma ao principal problema interno do franquismo: o ‘bandoleirismo’.


Reposto deste incidente, ou cando menos, en condicións óptimas para retomar as súas actividades,

Pancho encamiña os seus pasos á súa parroquia natal de Ombre co obxecto de impoñerlle unha sanción económica a Celestino Veiga Torres, *Charló* ou Celestino *da Mediña*, que ademais de concelleiro en Pontedeume, substituíra a José Calvo, asasinado pola guerrilla en 1945, á fronte da xefatura parroquial de F.E. Así, o día de Nadal, *Pancho* preséntase na casa de Celestino e esíxelle 10.000 pesetas. Este só lle pode facer entrega de 500 e o guerrilleiro, non satisfeito, inquéreo para que teña preparadas as 9.500 pesetas restantes o 1 de xaneiro. Celestino non perde o tempo e, ao pouco de marcharse *Pancho*, pon o feito en coñecemento da Garda Civil.

Ante esta nova oportunidade de apresar a *Pancho*, o comandante da Garda Civil con destino na 140 Comandancia e residencia en Ferrol, Rafael Serrano Valls, mobiliza aos gardas segundos Ricardo Fraga López e Manuel Soto Rodil. Ambos os dous montan un servizo de vixilancia e posta no coñecido como lugar da Mediña que corrobora a delación e dá resultado positivo arredor das 18:30 horas do 31 de decembro. A esa hora, un home achégase polo camiño cara á casa de Celestino Veiga, no mesmo momento que unha das irmás deste comeza a dar voces de “*ai vén, ai vén*”. Os dous gardas, sospeitando que se trata de *Pancho*, saen do seu escondedoiro e emprenden a persecución polo camiño, cada un por un lado distinto co fin de cortarlle o paso. A uns douscentos metros, *Pancho* abandona o camiño e inténase nun campo de labradío. Ricardo Fraga, temeroso de perdelo de vista, fai unhas ráfagas de subfusil ás que o guerrilleiro responde á vez que segue a correr. Nese intre, o outro garda, Manuel Soto, sobe tamén polo terreo de labradío co obxecto de cortarlle o paso e facendo, así mesmo, uso da súa arma. *Pancho*, impotente, sucumbe ante os dous fogos. Remata a súa aventura guerrilleira, apenas cinco horas antes de escapulirse doutro ano máis de vida no monte.

O corpo inerte de *Pancho* queda tendido na leira da Mediña, propiedade dos señores de Rosado de Pontedeume. Alí, “*con la cara hacia arriba y la cabeza hacia el sur*” espera a ser recoñecido, baixo xuramento, polos veciños José Antonio Pena Varela, labrego de Sobrado (Ombre) e Manuel Calvo Allegue, industrial de Gándara (Nogueirosa). Tras o trámite, o xuíz acorda o levantamento do cadáver e o seu traslado ao cemiterio de Ombre para serlle practicada a autopsia. Encárganse da mesma o médico Francisco Amado Maceira e Antonio Corral Francesch, forense en funcións do partido, debido á enfermidade do seu titular. O corpo de *Pancho* está cosido a balazos, pero é un dos disparos, o que lle atravesa a aorta, o culpábel da hemorraxia interna fulminante que remata coa súa vida.

Amortallado coa mesma roupa que levaba no momento de atopar a morte, a saber: calzetíns de cor azul, pantalón gris, calzóns de lenzo branco, dúas camisetas de inverno (unha branca e outra gris), un chaleco de punto gris, unha camisa branca a raías, unha chaqueta de pana de cor marrón, unha bufanda de punto, unha gabardina branca e zapatóns, é encerrado nunha caixa de madeira de piñeiro pintada de negro e soterrado nunha fosa de 2 metros de longo, 90 centímetros de ancho e 1,20 metros de profundidade, a un metro da parede oeste, un metro da parede sur, 7 metros dun grupo de nichos de José María Pena Iglesias, situado ao vento leste; e 16 metros da parede norte. Hoxe en día, os seus restos repousan, dignamente, nunha tumba do cemiterio de Mehá, Mugardos.



<http://artritis.blogspot.com/2006/02/francisco-martnez-leira-pancho.html>

A *Pancho* incáutaselle unha pistola Astra 9mm longo modelo 1921 fabricada por Esperanza e Unceta de Guernica nº 40138, con dous cargadores nos que tiña oito cartuchos nun e tres noutro; unha bolsa de lona con trinta e nove cartuchos para a mesma arma; unha carteira de pel usada que contiña 22 pesetas en billetes e catro fotos con uniforme da Lexión; e cento cincuenta gramos de turrón envoltos nun papel coa cabeceira “ultramarinos Valentín Prieto Nieto, de Cabañas-Arenal-Puentedeume”, e que nos permite albiscar o mediocre festín co que *Pancho* pensaba despedir o ano. Asimesmo, a Garda Civil faise cun anaco de papel que contén as estrofas dun poema titulado “Peleamos”; a súa reprodución é, sen dúbida, a mellor maneira de rematar esta historia:

*Por los hijos que lloran nuestra ausencia
por la esposa que espera nuestro abrazo
por los hijos que esperan nuestra vuelta.*

Peleamos peleamos.

*Por el sol y el azul de nuestro cielo
por el suelo cansado de dar flores
por la tierra que labran nuestro brazos.*

Peleamos peleamos.

*Por el limpio sudor de nuestra frente
por la paz la justicia y el trabajo
por la libre República del pueblo.*

Pelemos pelemos.

*Pelemos por la libertad amada
contra falsos traidores y verdugos
por la España feliz de nuestros días.*

Pelemos pelemos.

FONTES DOCUMENTAIS:

Tribunal Militar Territorial IV. A Coruña:

- Causas 6/49, 58/49, 69/49, 190/49, 80/53, 57/54, 61/54, 110/54, 111/54, 2/55, instruídas na praza de Ferrol.
- Causa 156/51, instruída na praza da Coruña.

-Álvarez, Santiago, 1991, *Memoria da Guerrilla*, Xerais, Vigo.

-DOMÍNGUEZ FERRO, Manuel e Sobrino Ceballos, Juan, 2004, “Riqueche: vida e morte dun guerrilleiro antifranquista” en *Cátedra, revista eumesa de estudos*, nº 11, Pontedeume.

-GONZÁLEZ VIDAL, Francisco, 1999, *Paco Balón: memorias de un comunista ferrolano*, Edicións do Castro, Sada.

BARRERA BEITIA, Enrique e GONZÁLEZ MAURIZ, Bruno, 2007, *Retallos da Memoria*, Asociación Memoria Histórica Democrática, Equona, Ferrol.

A FAME DE 1853 EN PONTEDEUME

Juan Carlos Vázquez Arias

INTRODUCCIÓN

A xeito de continuación dun traballo anterior¹, propoñémonos agora afondar no que nese estudo se vía como un importante acontecemento no noso concello, que produciu graves consecuencias demográficas: a crise de subsistencias de 1853 e a consecuente epidemia de cólera de 1854-55.

Non obstante, esta crise de mediados de século non era algo exclusivo de Pontedeume, senón que, pola contra, se enmarcaba nunha conxuntura de carácter xeral, que afectaba a toda Europa. Deixando o cólera para posteriores investigacións, centrarémonos na fame de 1853.

Antes, faremos un bosquejo das crises agrarias (que, como maldicións cíclicas, empobrecían cada certo número de anos a poboación de Galicia e de España) e analizaremos as razóns que as causaban.

Por último, veremos como se viviron en Pontedeume estas malas épocas, centrando a nosa atención na principal, a do ano 1853, motivo do título deste artigo.

1. AS CRISES DE SUBSISTENCIAS EN ESPAÑA NO SÉCULO XIX

O século XIX foi testemuña en España de sucesivas crises agrarias que eran provocadas por unha ou varias malas colleitas e que ocasionaban graves problemas á poboación, especialmente ás clases sociais máis desfavorecidas, é dicir, aos campesiños.

Á mala alimentación, que chegaba ás veces á fame, seguíalle unha epidemia (xeralmente o cólera, pero tamén o tifo, a febre amarela, tuberculose, etc.).

1. Ver VÁZQUEZ ARIAS, J.C., “Análise demográfica de Pontedeume a través do seu arquivo municipal -AMP- (1835-1870)”, en: *Revista Cátedra*, nº13 (2006), p. 312-354.

Estas crises de subsistencias son típicas do Antigo Réxime, período que fenecera había pouco tempo en España, ou mellor dito, custáballe desaparecer, manifestando o contraste do noso país nun contexto internacional de liberalismo e de industrialización como foi o de Europa occidental no século XIX.

As principais crises son as seguintes:

1.1 A depresión económica de 1820 a 1856²

Iniciada en 1817, é de dimensións continentais e afectará gravemente a Galicia, manifestando dúas características principais:

- Rapidísima e prolongada caída dos prezos dos cereais básicos e en xeral de todos os produtos, con niveis similares aos de 1750, manténdose até 1856; afectará especialmente, como é lóxico, ao campesiñado, a clase social de menor renda.
- O difícil equilibrio entre recursos e poboación québrase nestes momentos de crise de subsistencias. A fame fai estragos en 1843 e en 1847, a causa, sobre todo, do acaparamento do cereal por parte dos especuladores co fin de envialo a Francia e a outros mercados europeos. Tras a fame vén o cortexo da peste. O cólera aparece por primeira vez en Galicia en 1833 e reaparece ao ano seguinte. A fame e a peste preséntanse unidas dende o ano 1852 até 1855, provocando unha mortalidade terríbel en moitas bisbarras galegas.

Precisamente para intentar aliviar a situación do campo, será nestes anos (dende 1853) que se permita, de novo, a emigración cara a América, o que posibilitará unha débil recuperación dende o final da década dos cincuenta até 1880.

1.2 As crises económicas de mediados de século³

Sánchez Albornoz estuda polo miúdo a evolución dos prezos europeos e españois dos cereais nesta época e chega ás seguintes conclusións:

1. De 1850 a 1853 apréciase unha suba considerábel, incrementada os dous anos seguintes a causa da Guerra de Crimea (1854-1856). Mentres nos demais países baixan no bienio 1857-58, na Península Ibérica prodúcese unha nova e considerábel elevación.
2. Aínda que a colleita de 1852 resultou en xeral boa en toda Europa, e os prezos achábanse baixos, no centro e norte de España sucédense temporais que producen rendementos menores. En 1853, pragas e trebóns afectaron aos cereais, aínda que non en toda España. Ademais, a falta de comunicacións impediu compensar a escaseza dunha rexión coa abundancia doutras. Así se explica que os campesiños fuxisen en desbandada de Galicia pola fame, cando os almacéns rebordaban de grans ese ano noutras partes⁴.

2. Ver BARREIRO FERNÁNDEZ, X.R., *Galicia. Ediciones Hércules*, S.A., t.V, 1991, p. 59-61.

3. Ver SÁNCHEZ ALBORNOZ, N., *Las crisis de subsistencias en España en el siglo XIX*. Instituto de Estudios Históricos, 1963, p. 52-93. Do mesmo autor, “La crisis de subsistencias de 1857”, en: *España hace un siglo: una economía dual*, 1977, p. 27-68.

4. Como veremos máis adiante no estudo de Barreiro Mallón e de Rodríguez Galdo.

3. A fins de 1852, a proximidade do conflito en Crimea fai que os especuladores provoquen unha incipiente carestía. En efecto, a guerra ocasionará o peche dos portos de Odesa e Sebastopol, e con iso, a imposibilidade de dar saída á produción trigueira rusa. Ademais, os exércitos francés e británico necesitan grandes abastos que os seus fornecedores habituais non puideron satisfacer. A España, pois, preséntaselle unha conxuntura propicia que sabería aproveitar, pasando a ser, por primeira vez, unha potencia exportadora de cereais. Así, os casteláns invocaban: *“Agua y sol / y guerra en Sebastopol”*.
4. Non obstante, o que para España, ou mellor dito, para os propietarios españois foi unha sorte, non o foi para o resto do país, que tivo que padecer a suba do prezo do pan e dos artigos de primeira necesidade. Ademais, logo de tres copiosas colleitas consecutivas, sobreveu unha frouxa en 1855. Aguilloada, a exportación mantívose activa á custa de desgornecer os almacéns e deixar mal satisfeitas as necesidades locais⁵. Por riba, a lexislación arancelaria prohibía a importación de grans.
5. Concluída a guerra en Oriente, os cereais rusos volveron inundar os mercados, aos que hai que sumar os de Norteamérica. Non obstante, os especuladores españois, amparados pola prohibición en vigor, lograron deter a caída dos prezos. Podemos apreciar, pois, un compoñente social nesta crise, na que o liberalismo sacrificaba a poboación, co fin de manter unha estrita política económica que beneficiaba aos máis favorecidos.
6. Grandes capas da poboación comezaron a padecer escaseza e mesmo fame. Dende 1856 desencadéase en España outra crise de subsistencia, cuxo momento culminante será o ano 1857, e recuperárase o seguinte. Ao final, forzado polos alborotos, o Goberno tivo que importar grans para salvar a situación en xullo de 1856 e durante os tres anos que durou a conxuntura.
7. Os efectos demográficos das crises de subsistencias son coñecidos: postergación dos matrimonios, retracción das concepcións e aumento das defuncións⁶. Varias provincias españolas padeceron, efectivamente, un lixeiro decrecemento da poboación en 1858.
8. Os motíns de subsistencias, propios do Antigo Réxime, repetíronse nestes anos, especialmente en Andalucía; o mesmo sucederá anos máis tarde, en 1868-69, e coa Man Negra de 1882.
9. En Galicia, en concreto, apréciase outra característica: *“La fabulosa diferencia del precio de los granos en abril o mayo y el que obtienen en octubre y noviembre. Así es que el labrador pobre, obligado cada año a tomar prestado grano o dinero con que alimentarse y alimentar su ganado, tiene que devolver o enajenar a veces doble cantidad de grano de la que recibió cinco o seis meses antes. La usura es la solución para la falta de capital”*⁷.

5. Situación similar repetírase durante a Primeira Guerra Mundial, de 1914 a 1918, provocando unha inflación que levará á conflictividade obreira que atallará a Ditadura de Primo de Rivera de 1923.

6. Ver VÁZQUEZ ARIAS, J.C., op. cit.; para Pontedeume, especialmente nos anos 1853-55.

7. *Revista de Agricultura*, II, 1851, p. 309, citado en: SANCHEZ ALBORNOZ, N., *Las crisis de subsistencias en España en el siglo XIX*, p. 73.

1.3 Crise agraria de 1868-70⁸

No ano 1865 producírase un novo andazo de cólera en España e noutros países europeos. E tres anos máis tarde, o noso país padeceu outra grave crise de subsistencias, do estilo das anteriores. Pola súa amplitude e dispersión foi a última dunha longa serie, das que quedan testemuños dende o século XVI en diante. Aos efectos do próximo cólera, súmanse os doutras enfermidades infecciosas (como a febre amarela), propagadas grazas á debilidade dos corpos, mal alimentados. Ademais da escaseza e carestía dos produtos alimenticios, a perturbación económica carrexou fame. Non obstante, os efectos foron diferentes segundo as zonas xeográficas: moderados na costa e máis intensos no interior.

Demograficamente, podemos seguir a evolución da crise: Os decesos multiplicáronse dende o outono de 1867, cando a carestía se xeneralizou e adquiriu caracteres graves. No inverno de 1868 minguou a mortalidade, pero menos que de ordinario. Durante os veráns de 1868 e 1869, cruenta mortalidade, seguida dun volume aínda elevado de defuncións durante o resto do ano último.

Como adoita suceder, os nacementos e matrimonios tamén acusaron o golpe cun forte declive. A mortalidade ocasionada por esta crise alimenticia tivo entón maior envergadura a escala nacional que a provocada pola precedente epidemia do cólera, aínda que os contemporáneos temeron máis esta última e atribuíronlle un carácter máis catastrófico, por razóns psicolóxicas e sociais.

2. AS CRISES DE SUBSISTENCIAS EN GALICIA NO SÉCULO XIX⁹

A década dos 50 é de crise agraria en grande parte de Galicia, complicada logo no seu desenlace cunha epidemia de cólera, apreciable na costa e non tanto no interior.

2.1 Efectos demográficos

Observando a provincia da Coruña no seu conxunto, obtéñense os seguintes resultados:

Ano: 1855. Poboación: 551.989 en 1857. / 557.311 en 1860.

PARTIDOS XUDICIAIS	NACEMENTOS	DEFUNCIÓNS	MATRIMONIOS	POBOACIÓN
Arzúa	29	18,9	6,3	47.608
Betanzos	26,3	38,5	6,4	47.310
Coruña	30,5	29,3	7,1	63.010
Santiago	30,2	42,2	4,8	47.165
Carballo	25,2	12,5	4,1	42.880
Noia	27,3	18,3	9,1	38.706

8. SÁNCHEZ ALBORNOZ, N., *Crisis alimenticia y recesión demográfica*, en: op. cit., p. 69-80.

9. Ver BARREIRO MALLÓN, B., "Demografía y crisis agrarias en Galicia en el siglo XI", en: EIAS ROEL, A. (coord.), *Las fuentes y los métodos de Historia cuantitativa serial de Galicia*, 1977.

PARTIDOS XUDICIAIS	NACEMENTOS	DEFUNCIÓNS	MATRIMONIOS	POBOACIÓN
Ortigueira	24,1	27,1	7,6	33.887
Pontedeume	25,5	36,1	7,7	33.197
Corcubión	24,9	16,7	6,1	33.343
Orden	24,3	17,1	4,8	31.186
Padrón	23,2	19,5	5,3	30.332
Negreira	22,2	19	4	29.982
Muros	25,8	25	5,9	24.473
Ferrol	31,8	40,4	5,8	51.446
TOTAL	27,2	27	6	-

Na década dos 50 descóbreanse irregularidades notábeis, tales como as elevadas taxas de mortalidade de Santiago, Ferrol, Betanzos e Pontedeume, que non atopan resposta nas respectivas de natalidade e nupcialidade. Iso é debido á anormalidade dos anos 1853-1855. Pero o conxunto tampouco permite pensar en descenso e si nun sostemento do alto nivel das defuncións e do moi baixo dos matrimonios.

2.2 Fame e cólera

A poboación galega do século XIX segue unha evolución positiva, se ben acusou unha crise de carácter catastrófica, típica do réxime demográfico antigo, nos anos 1853 e 1854. Arranca dunha crise agrícola moi grave, orixinada por continuadas chuvias e baixas temperaturas estivais que podrecen a escasísima colleita de cereais, sobre todo do millo, para logo empalmar coa epidemia de cólera sobre unha poboación moi depauperada.

Aínda que os datos corresponden a parroquias da provincia coruñesa, podemos extrapolar algunhas conclusións válidas para toda Galicia (coa excepción de Ourense).

Mentres que a natalidade descende no interior, a mortalidade sobe violentamente na costa; por outra banda, mentres a punta da crise na zona do interior se sitúa en 1853, na costa faino en 1854. Corroborar así as afirmacións que centran a epidemia de cólera nas zonas costeiras, mentres a fame do ano anterior se cebou no interior.

ZONA INTERIOR			
Anos	Nacementos	Matrimonios	Defuncións
1852	353	75	185
1853	279	63	269
1854	269	56	231
1855	270	61	219
1856	280	78	187

ZONA MARÍTIMA			
Anos	Nacementos	Matrimonios	Defuncións
1852	152	31	73
1853	153	23	106
1854	121	35	180
1855	149	39	88
1856	120	45	80

2.3 Crise agraria e prezos

Dáse categoría de cereal base ao millo, posto que representa o 71% do conxunto trigo-cen-teo-millo nun total de 45 parroquias controladas durante o último terzo do século XIX na provin-cia da Coruña.

Non obstante, a gravidade da crise dos anos cincuenta non se ve reflectida nos prezos deses anos (como xa demostrou Sánchez Albornoz). Esta mínima oscilación, non proporcional ao nivel da baixa colleita, só pode explicarse, segundo Barreiro Mallón, por unha maior circulación inter-rexional dos produtos, que chegan mesmo dende o estranxeiro, con subministración moitas veces gratuíta, e principalmente de millo, tanto para consumo coma para sementeira.

3. A CRISE AGRARIA DE 1852-53 E A SITUACIÓN SOCIOECONÓMICA DE GALICIA¹⁰

*“Ha llovido tanto, tanto que el hambre ha venido nadando, como se dice en este país, donde las lluvias continuadas son un síntoma infalible de miseria. La que se experimenta en la mayor parte de Galicia, especialmente en su montaña, es verdaderamente espantosa (...); El Hambre! Desgraciadamente es cierto, terriblemente cierto este azote con que nos aflige la Providencia, desgraciadamente podemos llamarnos hoy los irlandeses de España”*¹¹.

O factor desencadeante da crise estaría, como xa se dixo, nas fortes chuvias caídas nos meses de agosto, setembro e outubro de 1852. Os temporais causaron a perda da colleita dese ano e mesmo unha boa parte da do 1853. Ademais, a escaseza do recollido impedía reservar a semente para o seguinte ciclo reprodutivo. E, para colmo, as cargas que gravaban a explotación campesiña, xa como recoñecemento do dominio directo, xa como contribución ao Goberno central, tiñan que ser pagadas sen remisión.

Grande número de campesiños, carecendo de recursos para vivir, víanse obrigados a abandonar os seus lugares por non teren con que sementar as terras nin froito para alimentárense mentres as cultivan. A moreas fuxían ás vilas e cidades en busca de esmola ou dalgún tipo de alimento. Esta afluencia levaba consigo un gran risco de ser doada presa, dada a súa situación, de enfermidades e contaxios (como se demostraría na epidemia de tifo dese ano e a de cólera dos dous seguintes).

Trátase, pois, dunha crise chamada “de tipo antiga”, unha crise de subsistencias, que se caracteriza polo afundimento dos ingresos dos cultivadores directos e que se amplía pronto cara a

10. RODRÍGUEZ GALDO, M. X., “A crise agraria de 1853 e a emigración galega a Cuba”, en: Revista *Grial*, nº 57, 1977, p. 261-272.

11. Refírese á gravísima crise de subsistencias que sufriu Irlanda pola podremia da patata de 1845 a 1850. El Heraldo, Madrid, 1 de marzo de 1853, citado en: RODRÍGUEZ GALDO, M. X., “Hambre, epidemia y crisis demográfica en la Galicia litoral a mediados del siglo XIX”, en: Revista *Asclepio*, nº 35, 1983, p. 53-54.

outras variábeis económicas: caída da demanda dos produtos artesanais e dos servizos, incremento do paro, ... As capas sociais de menores ingresos son as máis afectadas pola crise, e aumenta deste xeito a súa dependencia dos rendistas, especuladores, usureiros e das institucións que regulan a caridade pública.

Como xa vimos con Sánchez Albornoz e con Barreiro Mallón, a explicación da crise non é unha simple adversidade climática, e isto xa o viron claramente os contemporáneos desta, que nos pintan un panorama deprimente pero esclarecedor da situación:

A

“En grave error incurren los que creen que el accidente de una mala cosecha ha traído sobre Galicia la espantosa miseria que la devora. Los que así piensan non han reflexionado que en este año muchas de las provincias vecinas tuvieron un gran sobrante de alimentos, y principalmente de trigo, con lo que se proporcionaba a los gallegos el alimento casi al mismo precio que les costó siempre... (Galicia) no es posible que sucumbiese ante un solo año de escasez.

*Importáronse allí trigos y harinas de Santander y de otros puntos. Las paneras de los propietarios del país se abrieron también al mercado. **El precio aumentó muy poco al de otros años** y sin embargo, el hambre inexorable arrojaba al sepulcro familias enteras encerradas en sus propios hogares. Veíanse los caminos cubiertos de labradores que emigraban en tropel de sus aldeas para ir a implorar la caridad pública en los pueblos..., los campos quedaron sin cultivo por falta de siembra; las casas de los colonos fueron abandonadas, y la soledad y la muerte reemplazó a la animación y a la vida de otros años.*

¡En el interin el mercado no carecía de nada! ¡Suplía perfectamente a la escasez de la cosecha!!!

*No faltaban alimentos; no. Sobraban. Lo que faltaba a estos infelices era un real para pan, o especies para cambiar; y sin embargo, ¡Galicia es el país en donde no va a manos del rico un maravedí del cual no haya sido antes dueño el colono! (...) A excepción de algún forastero y empleado, el resto de **la población se divide en propietarios (...) que no trabajan en el campo y viven de las rentas que les paga el colono**, auxiliados casi siempre con el sueldo de un empleo o de otra profesión, y en **pequeños labradores o colonos que son los únicos que cultivan las tierras y que constituyen las dos terceras partes de sus habitantes**”¹².*

B

“No hay que hacerse ilusiones. La miseria de Galicia continuará en mayor o menor escala, porque no depende de causas tan transitorias como una mala cosecha, que otra abundante puede reparar. La escasez de la de 1852 no hizo más

12. PASARÓN Y LASTRA, R., *Informe sobre el estado en que hayó a los colonos pobres de Galicia el hambre que los afligió durante el año de 1853*, Madrid, 1853, p. 4-6, citado en: RODRIGUEZ GALDO, X.M., op. cit., p.264. Da mesma autora, “Hambre y enfermedad en Galicia a mediados del siglo XIX”, en: *Revista Asclepio*, nº 29, 1977, p. 333-4.

que poner en evidencia el mal; pero en realidad no lo produjo, porque deriva de causas anteriores que debemos estudiar.

*(...) Desgraciadamente nuestra agricultura tiene un cáncer que la corroe, en la **extremada división de la propiedad** (...) Esta división exagerada produce dos resultados a cual más funestos; a saber: **la exiguidad de las cosechas y el aumento de la población.**(...) Así es que, satisfechas las rentas y las contribuciones, no queda al labrador; ni aún en los años ordinarios, lo necesario para cubrir los gastos de la más parca subsistencia, pudiendo decirse con seguridad que la inmensa mayoría carece de pan en los tres meses anteriores a la recolección*¹³.

Como era habitual nestes casos, as autoridades atribuíron a penuria existente a unha adversidade enviada polos poderes sobrenaturais: *“por que es cierto que Dios envía esta clase de calamidades públicas ordinariamente por nuestros pecados como lo es que se aplacan sus iras cuando ve que los sacerdotes y el pueblo acuden a implorar su misericordia”*¹⁴.

Ao mesmo tempo, as autoridades civís e eclesiásticas trataron de arbitrar certas medidas que paliasen a grave situación formulada, intentando conter a riada humana que abandonaba as aldeas deixando os campos sen cultivo, facilitando donativos e empréstitos en gran. Ademais, acelerando as obras públicas e pedindo unha diminución temporal nas contribucións. Mais as axudas conxunturais eran de todo insuficientes, tendo que acudir os campesiños ineludibelmente ao empréstito usurario ou á emigración, sendo escasas as revoltas populares violentas, como a sucedida en Santiago: *“Tocábanse todavía las funestas consecuencias de la gran miseria de 1853, llamado por antonomasia, <el año del hambre>; y cuando parecía encauzarse el remedio a las necesidades públicas, el abuso en la especulación y reventa de granos por traficantes y acaparadores, originándose extraordinario encarecimiento en los precios, con perjuicio sobre todo de las clases proletarias, hizo cundir de nuevo el general malestar”*¹⁵.

Cando rexía o ciclo demográfico antigo, estas crises acompañábanse normalmente de epidemias que actuaban de mecanismos compensadores do “excesivo” número de habitantes. Pero neste caso, e aínda que a presenza do cólera en 1854 e 1855 foi notoria e a mortalidade creceu, a crise non restaurou o precario equilibrio recursos-poboación das sociedades preindustriais; antes, agravou a situación das clases populares e demostrou a incapacidade do sistema produtivo (e da organización da sociedade) para facer fronte ao menor desafío meteorolóxico.

O vello ciclo demográfico, pois, estaba roto, e con ocasión desta mesma crise, porase de manifesto que o principal mecanismo regulador da poboación será o movemento migratorio.

13. CASTRO BOLAÑO, J. M., “Informe sobre las causas de la Miseria de Galicia”, en *Boletín Oficial del Ministerio de Fomento*, t. XII, 1853, p.570-583; citado en: RODRÍGUEZ GALDO, M. X. e DOPICO, F., “La crisis agraria de 1852-55 y la persistencia del sistema productivo tradicional”, en: *Crisis agrarias y crecimiento económico en Galicia en el siglo XIX*, Eds. do Castro, 1981, p. 25.

14. Pastoral do arcebispo de Santiago de Compostela de data 12-2-1853, publicada no *Boletín Oficial Provincial da Coruña* do día 14., citado en RODRÍGUEZ GALDO, M. X. e DOPICO, F., op. cit., p. 25-26.

15. PÉREZ CONSTANTÍ, P., “Carestía de granos en 1855, en Santiago”, en *Notas viejas galicianas*, t. 3, 1926, p. 315-322.

Sendo, pois, o labor asistencial insuficiente para paliar a situación, a emigración será unha vía de saída posíbel, a única que non alteraría o mantemento das relacións económicas tradicionais e a cómoda hexemonía do bloque social dominante. Foi América Latina a que absorbeu, durante este século e parte do seguinte, a poboación “excedente” galega. Non é casualidade, pois, que sexa precisamente este ano de 1853 cando se permita a emigración cara a América, dando comezo a un circuíto que non iría máis que en aumento durante os seguintes decenios¹⁶.

4. AXUDA A GALICIA

4.1 Resposta do Estado

Esta situación calamitosa non podía pasar desapercibida para o Goberno da nación, se ben a súa actuación para intentar solucionar o problema foi moi escasa, como non podía ser doutro xeito naquela época e máxime nun Estado liberal tan fraco, especialmente na área social, carente dun departamento ou ministerio especializado. Ademais, limitouse, salvo algunhas axudas económicas (que analizaremos despois), a organizar a beneficencia de xeito delegado nos concellos, transferindo a asistencia socio-económica á administración local. Os gobernadores civís de cada provincia, a través dos boletíns oficiais respectivos, transmitían as instrucións para a formación de Xuntas de Beneficencia municipais aos alcaldes, que cargaban coa responsabilidade do seu cumprimento.

Así, no *B.O.P. da Coruña* de 25-2-1853, no apartado *Beneficencia por Calamidades públicas*, a través da Circular nº 127, o gobernador ordena a convocatoria, por parte dos concellos da provincia, das *Xuntas de Caridade e Beneficencia*. A continuación, enumera as instrucións para o seu funcionamento, e outras referidas aos preceptivos *Padróns de pobres* (con documentación acreditativa), como obter fontes de financiamento (poxas, rifas, impostos, etc...).

As autoridades encargadas de distribuír estas axudas son as seguintes:

“El gobierno de la provincia en unión con la Comisión auxiliar de Socorros, y a excitación de la Diputación provincial, dirige desde la capital la distribución de los socorros enviados por el gobierno de S. M., de los suscriptores y rifas. Son individuos de ella el Capitán General, el Regente de la Audiencia Territorial, el Arzobispo de Santiago, el Alcalde de La Coruña (Juan Florez), el Presidente de la Junta Municipal de Beneficencia (...)”.

En cada unha das capitais dos partidos xudiciais (como Pontedeume), serano: *“El Alcalde (Presidente de la Junta de Beneficencia), el Juez de 1ª Instancia, el cura párroco y varios propietarios”*, (ademais do deputado provincial). En cada parroquia, haberá xuntas ou comisións parroquiais, que as integrarán o cura, o pedáneo, e varios veciños *honrados*.

16. Ver VÁZQUEZ ARIAS, J. C., op. cit., 345-350.

En canto á axuda económica directa do Estado, esta organizábase do seguinte modo:

O B.O.P. da Coruña de 29-6-1853, informa dunha entrega “por parte de la Reina Gobernadora” de 1.371.480 rs. A distribución desa cantidade facíase así:

“-Obras públicas de caminos vecinales, un 50%.

-Socorro y auxilio para el labrador y para el que no puede trabajar, un 40%.¹⁷

-Socorro para acudir a la enfermedad y precaver de ella a los pueblos, un 10%”¹⁸

O B.O.P. da Coruña de 15-7-1853 informa dunha axuda do Goberno de 3 millóns de reais, adiantando para agosto 700.000, correspondendo a cada partido xudicial da provincia, 56.600 rs. Este diñeiro analizarase do xeito que xa explicamos, resultando as seguintes cantidades:

“-Obras públicas de caminos vecinales (50%): 5.600 rs.

-Auxilio de la agricultura (fondos parroquiales) 30%: 16.980 rs.

-Socorros para impedidos (10%): 5.660 rs.

-Rebajado el 10% para enfermedad: 50.940 rs”¹⁹.

4.2 A Igrexa como benfeitora. O Arcebispado de Santiago

A Igrexa católica tivo dende tempo inmemorial un destacado papel caritativo, debido aos seus fins piadosos, pero tamén polo seu poderío e por que enchía o baleiro que o Estado non podía cubrir. Pois ben, a mediados do século XIX, nada cambiou aínda neste aspecto, polo que as dioceses galegas serán un importante apoio á limitada capacidade gobernativa. Aquí, imos tratar, moi superficialmente, a actuación do Arcebispado de Santiago, ao que pertence Pontedeume. Distinguimos dous aspectos, un, poderíamos dicir, teórico, e o outro, máis práctico.

Labor pastoral. Predicacións e publicacións:

- *Pastoral do Excmo. Sr. D. Miguel Cuesta, arzobispo de Santiago de Compostela al clero y al pueblo de su diócesis*. Santiago, Imprenta Rey Romeiro, 13-6-1853. 18 páxs.

Tema: Consideracións cristiás sobre a fame en Galicia; explícase como un castigo de Deus polos pecados dos homes. Para ler nas igrexas os días de culto.

- *Sermón da Sagrada Eucaristía predicado en la catedral de Santiago el domingo de Corpus por el presbítero D. Fernando Blanco, a favor de los pobres de Galicia*. Santiago, Imp. J. Souto, 1853. 40 páxs.

Tema: Consolo aos pobres afixidos polas penurias, que terán recompensa polo seu sufrimento.

- *Proposiciones sobre Beneficencia, aplicadas a la actual calamidad de Galicia, por un amigo de la sociedad y de los pobres*. Santiago, Imprenta Rey Romeiro, 1855. 16 páxs.

17. “De esta proporción, un 30% se destinará directamente a las parroquias, como fondo de reserva y para fundar en el futuro un Banco Agrícola, para frenar la usura. Se invertirá en granos a los labradores, para no comprarlos a precios abusivos”. (O 10% restante, será para as persoas impedidas para traballar).

18. Refírese ás febres tifoides. Consta, tamén, no citado B.O.P., un apartado no que se citan 33 consellos do Dr. Varela de Montes (médico que será a máxima autoridade na epidemia de cólera de 1854 e 1855), medidas para evitar unha epidemia: “Preceptos higiénicos y terapéuticos sobre la fiebre reinante” En distintos puntos de Galicia, sobre todo de arredores de Santiago, fálase dunhas febres estacionais (polo verán), non de alta mortalidade, e que, aínda que non foron definidas exactamente, provoca “victimas del hambre y de la enfermedad que, aunque estacionaria, llena los hospitales y los hospicios, ataca a todas las clases y lleva victimas al sepulcro”. Ver nota 63, para Pontedeume.

19. AHDS, sig. 5, f. c. Véxase esta repartición correspondente a Pontedeume no capítulo “Axuda do Estado”.

Tema: Consideracións morais sobre a beneficencia aos agricultores e esmoleiros do campo galego.

- Ventura da Puga, Pedro: *Medios que se proponen para minorar y aún desterrar la mendiguez, y adelantar, estender y perfeccionar las artes y oficios*. Ourense, maio de 1853. 16 páxs.

- *Propuesta de Reglamento especial de Beneficencia para Santiago*. “El producto que resulte de la venta deste librito, deducido su coste, se entregará al Excmo. Arzobispo, para los pobres”. 1853. 8 páxs.

- Rogativa pública do arcebispo aos párrocos da diocese (incluída no *B.O.P. da Coruña e B.O.P. de Pontevedra* do 14-2-1853)²⁰.

Axudas económicas:

1. Achegas do Arcebispado de Santiago durante os anos 1853 e 1854 á Xunta de Caridade e ao Hospital e Hospicio da Coruña, ao Hospital de Ferrol e ao Hospicio de Santiago.
2. Donativos recadados entre particulares, como o de D. José de la Cámara, de Madrid, de 150.000 rs, dos cales, 30.000 son para Ferrol, 40.000 para A Coruña e 80.000 para Santiago.
3. Rifa do coche “*con sus dos mulas*” do arcebispo de Santiago, “*para contribuir a remediar la general miseria*”.
4. Ao pedimento de axuda formulado polo arcebispo de Santiago houbo unha sorprendente resposta solidaria, procedente de distintos puntos de España e do estranxeiro, destacando os seguintes:
 - Donativos de diversas cidades, como Barcelona, Bilbao, Xixón, Madrid, Plasencia, Santander, Lisboa, Porto, etc. Sobresae Cádiz, con 37.000 reais.
 - Luis López Ballesteros, Excmo. Patriarca das Indias, presidente da Comisión da Real Congregación de Santiago Apóstolo, en Madrid, colaborou con 27.000 rs.
 - A diocese de Lyon (Francia) realizou unha colecta de 15.000 rs. O seu cardeal achegou 2.700 francos (9.848 rs.) por encarga do Marqués de Viluma, ministro de S. M. en París.
 - A emperatriz de Francia, a española M^a Eugenia de Montijo, casada ese mesmo ano de 1853 con Napoleón III, doou 40.000 rs.
 - O Instituto Agrícola Catalán e horticultores de Orleáns (Francia) regalaron sementes.
 - A Comisión auxiliar de Socorros do Goberno español liberou 700.000 reais en agosto do 53, pertencentes ao 90% dos xornais para camiños veciñais, para que os distribuíse o Arcebispado.
 - Contas da Xunta de Caridade da cidade de Santiago: 267.000 rs.

Todo este diñeiro gastouse en sementes ou pensións proporcionados aos labradores da diocese, do cal se conservan listas por pobos²¹.

20. AHDS. Sig. 4 (485), ano de 1853. *Fame en Galicia. Donativos do Etranxeiro e de varios puntos de España. Xuntas de caridade. Resolucións varias. Rifas, rogativas, etc.*

21. ADHS Sig. 5 (486), anos 1769-1898. *Donativos, socorros. Rogativas, etc., con motivo de escaseza de grans, inundacións, naufraxios, epidemias, guerras e terremotos. (...)*

5. RUÍNA DO VIÑEDO DE GALICIA E A SÚA RELACIÓN COA CRISE DE 1853²²

Un importante proceso de intensificación de cultivos, xa comezado no século XVIII, tivo lugar no XIX en moitas zonas de Galicia, até impoñerse as formas de cultivo múltiple e máximo aproveitamento do terrádego que caracterizan aínda hoxe en día unha parte do país. O peso do novo sistema impositivo liberal (tras a desamortización de Mendizabal) e a monetización dos tributos (que substitúe ao pagamento en especie do Antigo Réxime) incide de forma grave sobre a economía campesiña, sempre escasa de numerario.

Nas rexións produtoras, o viñado era precisamente a principal fonte de ingresos monetarios. Co diñeiro da comercialización do viño, o campesiño compraba os produtos imprescindibles non subministrados pola explotación familiar e pagaba contribucións, rendas e demais impostos²³.

O viño permitía tamén facer fronte aos frecuentes endebedamentos, especialmente cando a colleita do cereal era escasa. Era mesmo un importante recurso alimenticio nunha comunidade con permanentes problemas para a satisfacción das súas necesidades máis elementais.

A elevada demanda do viño e o custo do transporte explica o mantemento do viñado en moitas zonas de desfavorábeis condicións ecolóxicas para o seu cultivo. Segundo os datos do Anuario Estatístico, esta era a extensión das viñas nas catro provincias galegas no ano 1858:

A Coruña.....16.138 Ha.
Lugo.....13.309 Ha.
Ourense.....19.842 Ha.
Pontevedra.....7.265 Ha.

Estas cifras, aproximadas, reflicten a persistencia do viñado en moitas zonas (especialmente no norte das provincias de Coruña -véxase Pontedeume- e Lugo) onde hoxe en día desapareceu case por completo. Tras a crise do *oidium*²⁴, que agora imos ver, o mapa vinícola cambiará de forma notábel²⁵.

“La pérdida de la cosecha de un año provocará siempre una crisis económica y social en Galicia. Cuando sobrevienen cosechas pobres, el labrador, que posee

22. RODRÍGUEZ GALDO, M. X. e DOPICO, F., “A crise do viñado a mediados de s. XIX e os problemas de monetización da economía galega”, en: Revista *Grial*, t. 16, nº 62, 1978, p. 392-402.

23. Veremos, a este respecto, a importancia do viñado (e da súa crise) en Pontedeume no capítulo 8.2.

24. Oidium, hoxe chamado oídio, causado polo fungo *Uncinula necator* (= *O. tuckeri*) é unha enfermidade da vide de orixe americana, introducida en Europa. Os síntomas son: mal desenvolvemento das follas, as uvas en estado novo murchan e secan; posteriormente rompen e avanza a podremia. Hoxe, os tratamentos preventivos con base no xofre son bastante eficaces.

25. En 1889, despois dun importante período de expansión vitícola e antes de que outra praga, a filoxera, ocasionase grandes estragos, a superficie cultivada seguía a ser case a mesma en Ourense, pero diminuíu considerabelmente en Lugo (5.223 Ha.) e Pontevedra (4.745 Ha.), e convertérase nun cultivo marxinal na provincia coruñesa, agás Betanzos e o Ulla. *Avance estadístico sobre cultivos y producción de la vid en España, formado por la Junta Consultiva Agronómica*, 1889, Madrid, 1891, citado en: RODRÍGUEZ GALDO, M. X. e DOPICO, F., op. cit., p. 395.

todavía algunas fincas, apela al recurso sabido de venderlas por cualquier precio libre de pensión. De este modo, paga las rentas, sale al día y vive un año más; pero su situación económica se complica, y en un porvenir, más o menos lejano, tiene que sucumbir bajo el peso insoportable de la carga que imprudentemente se impuso. Llegado este caso, se presenta la quiebra, abandona los bienes, y tenemos una familia más de mendigos que viven sobre el país, perdidos definitivamente para el trabajo. Esto es lo que ha sucedido en el año de 1852 (...) y lo que está sucediendo actualmente en los distritos vinícolas castigados por el oidium, y lo que sucederá siempre en circunstancias análogas”²⁶.

Xa vimos como as alteracións meteorolóxicas de 1852 foron a causa das dificultades das colleitas de cereais e leguminosas; a estas, engadíronse, e pola mesma razón (exceso de chuvias) nas rexións vitícolas, a propagación do oídio tuckeri. A crise volveuse, así, especialmente dramática, e duradeira (até ben entrados os anos sesenta), nas zonas onde o viñado xogaba un papel destacado, as cales soportaban, polo xeral, unha maior presión demográfica. Ourense foi, pois, a provincia máis castigada e a primeira onde a enfermidade criptogámica fixo a súa aparición. Tamén Pontevedra sufrirá os efectos da praga. Pero onde a crise vitícola tivo unhas consecuencias definitivas sobre a paisaxe agraria foi no norte das provincias da Coruña e Lugo, zonas pouco aptas, como xa vimos. O oídio precipitou a case total desaparición das vides, coa citada excepción da bisbarra brigantina.

A Xunta Especial de Caridade de Galicia, creada en 1853 pola crise, referíase á pésima conxuntura da “*pérdida absoluta de las cosechas*”, precisamente no momento que se sufría tamén o “*aniquilamiento de la más poderosa industria del país*”, referíndose á industria da salgadura e pesqueira, ás que habería que sumar, ademais, o decaemento que padecía a tradicional do liño.

6. IMPORTANCIA DO VIÑEDO EN PONTEDEUME

Dúas foron as principais fontes de riqueza de Pontedeume dende sempre: a pesca (sardiñas) e o viño. Moitos son os testemuños da segunda. O máis antigo que coñecemos data de 1241 e alude a unha doazón dunha viña, próxima á igrexa de S. Cosme de Nogueirosa, que don Sancho Fernández fixo ao mosteiro de Sobrado²⁷. Un texto de 1572, publicado por M^a Teresa González Muñoz, explica que os douscentos veciños de Pontedeume da época se gañaban a vida pescando e traballando nas *viñas* e nas hortas²⁸.

26. CASTRO BOLAÑO, J.M., artigo en *El Correo de Lugo*, nº 8, 25-VI-1860, en: RODRÍGUEZ GALDO, op. cit., p. 395-6.

27. VAAMONDE LORES, C., *Ferrol y Pontedeume*, La Coruña, 1909, p. 62-63.

28. SAAVEDRA, P., “Os cambios agrarios na comarca eumesa no decorrer do Antigo Réxime”, en: *Revista Cátedra*, nº 2, 1995. É máis, a comarca eumesa xunto á de Betanzos son as maiores produtoras de viño do norte galego, (por suposto tras Ourense e o sur de Lugo). Máis adiante, estuda a superficie plantada de viñado nas parroquias de Miño e San Martiño do Porto, en 1750, e chega á conclusión de que igualaba á de labradío: é dicir, a metade de todos os cultivos. Pontedeume non debía de ser moi diferente. Non obstante, o autor afirma que a proporción de viñado se viu reducido no futuro, polo crecemento do millo, que será o que permitirá o aumento da poboación nas últimas décadas do Antigo Réxime.

Outra referencia, de 1607, son as *Memorias* do cóengo visitador da diocese compostelá D. Jerónimo del Hoyo, que di, referíndose ao tráfico comercial polo Eume, “*se embarca en este río todo género de vinos de lo que se coxe en la tierra y se lleva a Asturias y a Viscaya y a otras partes*”²⁹.

A continuación, describe as rendas que cobran os curas das parroquias de Pontedeume, entre os cales menciona: “*Santa Mª de Hombre: cuatro pipas de vino; Santiago de Boebre: cuatro pipas de vino; Santa Mª de Centroña: seis pipas de vino; S. Cosme de Nogueirosa: seis pipas de vino; S. Martiño de Andrade: dos pipas de vino*”³⁰.

Máis adiante, Couceiro reproduce as ordenanzas da vila con que os gobernos locais pretendían protexer o viño propio, como as aprobadas o 14-XII-1622, nas que se recoñece que a principal facenda e aproveitamento dos veciños da vila e da súa xurisdición e alfores consiste nas **viñas** e hortas, as cales manda que estean ben pechadas e gardadas, previndo aos donos do gando que non o deixen pacer nos devanditos terreos “*so pena de 300 maravedies*”³¹.

Tamén, o Libro Rexistrador de propiedades do Concello de Pontedeume contén disposicións do rexemento da vila contra os que venden ilegalmente viño nos termos municipais³².

No Catastro de Ensenada de 1751 atopamos información abundante sobre o tema. Xa é significativo que, ante a pregunta de cantas tabernas hai no pobo, se conteste que “*no hay tavernas públicas porque cada vezino cosechero vende particularmente el vino en su casa*”.

En canto á produción vinícola, o Catastro distingue entre as parras e as viñas; as primeiras mídense en *jornales*, que dan corenta *azumbres* de viño ao ano. “*Y en quanto a las viñas y su medida se regula en este país por jornales y tres de ellos componen un ferrado de tierra de sembradura de trigo (...) y a cada jornal (de primeira calidade) producirá cada año diez o doce azumbres de vino, y el de mediana calidad producirá cinco o seis azumbres*”³³.

Tendo en conta que a vila carece de labradíos, os terreos agrarios atópanse nas demais parroquias. No seguinte cadro vemos analizada a produción por parroquias e calidades, referidos a ese ano de 1751³⁴:

29. CARDENAL JERÓNIMO DEL HOYO, *Memorias del Arzobispado de Santiago*, Porto y Cía, editores, p. 307.

30. CARDENAL JERÓNIMO DEL HOYO, op. cit., p. 307-310.

31. COUCEIRO FREIJOMIL, A., *Historia de Pontedeume e a súa comarca*, 4ª edición, 1995, p. 312-315.

32. LÓPEZ CALVO, A., “O libro rexistrador de propiedades do Concello no Fondo de Patrimonio do A.M.P. Uns apuntamentos sobre Pontedeume e o seu alfoz no s. XVIII”, en *Revista Cátedra*, nº 4, 1997, p. 53.

33. DAVIÑA SÁINZ, S., “Pontedeume a través del Catastro de Ensenada”, en *Revista Cátedra*, nº 8, 2001, p. 117.

34. DAVIÑA SÁINZ, S., “Las parroquias de la jurisdicción de la villa de Pontedeume a través del interrogatorio del Catastro de Ensenada”, en *Revista Cátedra*, nº 9, 2002, p. 179-230.

PARROQUIAS	VIÑAS DE 1ª	VIÑAS DE 2ª	VIÑAS DE 3ª	TOTAL VIÑA	PARRAS	TOTAL
Andrade	30	30	200	260	0	260
Centroña	100	500	1.416	2.016	24	2.040
Boebre	300	400	200	900	0	900
Ombre	390	1.000	400	1.790	54	1.844
Nogueirosa	150	150	760	1.610	48	1.658
Vilar/Breamo	200	200	500	1.008	40	1.048
TOTAL	1.170	2.938	7.584	7.584	166	7.750

Malia a diferenza no tempo entre estes datos e a época que nos ocupa, mediados do século XIX, considero que poden servir de referencia tanto na importancia da produción, coma na distribución xeográfica (por parroquias), que non ten por que cambiar demasiado.

Observamos que se eses 7.750 *xornais* os pasamos a ferrados (a terceira parte), obtemos a cantidade de 2.583. Tendo en conta que as terras de centeo e trigo suman en todas as parroquias 10.266 ferrados, as dedicadas á produción vinícola suporían unha cuarta parte das anteriores; non obstante, serían as máis rendíbeis, por ser dedicadas non ao autoconsumo, senón en boa medida, á súa venda ao exterior.

Meijide Pardo³⁵ estudou o comercio eumés no século XVIII e atopa censados 24 mercadores de viño, tantos como donos de comercios ou tendas e o dobre de traficantes de sardiñas. Así mesmo, fala dos negociantes cataláns que desembarcan na segunda metade do século en todo o litoral galego, incluído Pontedeume. Na década dos anos 60 simultanean o comercio da sardiña salgada a escala nacional (o seu principal obxectivo) coa introdución de viños do seu país nativo. Os viticultores da bisbarra eumesa opuxéronse á permisión deste tráfico, e denuncian ao Concello que os cataláns, co reclamo de que os seus viños son máis fortes que os galegos, os vendían en cantidade masiva e sen atranco ningún *“en las tabernas que tienen en los contornos de la villa”*, referíndose aos almacéns que aqueles instalaron no Areal e en Cabanas.

Finalmente, conseguiron que se prohibise aos cataláns, e demais traficantes, realizar este comercio de importación mentres non estivesen enteiramente consumidos *“los vinos de las cosechas de la villa ...”*.

Esta medida será impugnada nos últimos momentos do século por Facenda, pois non só prexudicaba ao consumidor, senón que ocasionaba un grave quebranto aos ingresos fiscais.

Por último, Meijide sinala a importancia do viño no tráfico portuario local (como observara Couceiro), destacando as vendas aos *“comerciantes de Ferrol y de sus cercanías”*, que segundo Labrada, adoitaban exceder cada ano de 150 pipas³⁶.

35. MEIJIDE PARDO, A., “Aspectos de la vida económica de Pontedeume en el siglo XVIII”, en: *Anuario Brigantino*, nº 16, 1993, p. 61-74.

36. LABRADA, L., *Descripción económica del Reino de Galicia*, Ferrol, 1804, p. 27.

Por último, o *Diccionario* de Madoz describe así a Pontedeume en 1845, en vésperas da crise: “*El terreno es muy fértil y participa de monte arbolado y de hermosas laderas cubiertas de viñedo y de toda clase de vegetación. (...) Industria: la agrícola y viñera, algunos telares caseros, fábricas de curtidos y molinos de pan*”³⁷.

7. CRISE DOS ANOS CORENTA DO SÉCULO XIX EN PONTEDEUME

Como xa quedou reflectido nun estudo demográfico sobre esta época³⁸, a crise dos anos 50 viña precedida dunha conxuntura difícil que se remonta á década anterior. Así, Madoz no seu citado dicionario di: “(En Pontedeume) *Abunda la pesca, si bien apenas se hace de sardinas, que era lo que constituía en otra época la riqueza de esta costa*”. E sinala as causas: “*Ha contribuido a empobrecer el país la destrucción de la pesca de sardina ocasionada por el uso del aparejo llamado <xeito>*”³⁹. Máis adiante di: “*Comercio: se halla paralizado desde que cesaron los grandes trabajos que ocupaban millares de brazos en el arsenal (de Ferrol)*”⁴⁰; *entonces, transportaba y vendía a este puerto los frutos del país como eran el vino, las frutas, (...)*”⁴¹.

O seguinte parágrafo, tomado dunha instancia dirixida ao intendente da provincia en 1845 en demanda dunha moratoria dos pagamentos fiscais, dá unha lixeira idea da difícil situación económica por que atravesaba a poboación de Pontedeume nesa época: “*Llegando algunos al extremo, casi increíble, de vender las tejas del tejado de su casa, quitadas a propósito para solventarse; otros se aventuraron entregados a la mendiguez (sic) dejando a sus familias en la miseria más espantosa por no poder, con tanta carga, alimentarlos*”⁴².

As dificultades económicas non só afectaban aos cidadáns como tales, senón o Concello. A razón é que os seus ingresos dependían en boa medida dos chamados *arbitrios*, uns impostos que gravaban o consumo de cinco artigos. Pois ben, tres deles teñen a súa orixe na vide: o viño, o vinagre e a augardente e licores (os outros dous eran o aceite e a carne)⁴³.

37. MADDOZ, P., *Diccionario Geográfico-Estadístico-Histórico de España y sus posesiones de Ultramar*, 1845, Tomo V, p. 1.088.

38. VÁZQUEZ ARIAS, J.C., op. cit. En *Revista Cátedra*, nº 13, 2006, p. 313-353.

39. Sobre o “xeito” xa hai unha queixa nun censo municipal dez anos antes, en 1835: “*Otro ramo, grande y manantial de riqueza fue hasta hace poco tiempo la pesquería de sardina. Esta ría abundaba en ella (...). Mas el arte de pescar llamado xeito ahuyenta la sardina y le impide permanecer en la ría (...)*”. AMP, Caixa 83, Padrón de censos de habitantes (1712-1844), Censo de 1835.

40. J. MONTERO AROSTEGUI, na súa *Historia y descripción de la ciudad y Departamento Naval del Ferrol* de 1858, faise eco desta crise cíclica dos estaleiros ferrolás: “En marzo de 1851 se despidió a mucha gente de la Maestranza, que se ocupaba de la reparación y construcción de edificios del arsenal de Ferrol. En junio volvieron a ser despedidos más de 200 obreros del Arsenal, paralizándose las obras de máquinas de vapor”. (...) E para colmo: “Hubo una gran sequía”. Vemos como xa daquela toda a comarca de Ferrolterra dependía do traballo na base naval de Ferrol e unha caída na oferta de traballo (conxunturas políticas, económicas, etc.) afectaba a todos os pobos de arredor, incluído Pontedeume.

41. MADDOZ, P., op. cit., p. 1.089.

42. ---, “A cien años fecha”, en: *Revista de Fiestas de las Peras*, 1945.

43. “*De este último (a augardente) es del que la villa obtiene mayor beneficio, adquiriendo un verdadero protagonismo en el primer tercio del siglo XIX, (de xeito que) permitieron financiar la remodelación de las calles a mediados del siglo*”. O

8. CRISE DE 1853 EN PONTEDEUME

8.1 Ruína das colleitas de 1852

Moitos son os testemuños da causa da fame deste ano. Todos coinciden en sinalar que esta situación xa difícil dos anos corenta se agravou traxicamente coa climatoloxía adversa de 1852, provocando a ruína xeral da bisbarra (como xa vimos nos primeiros capítulos, referidos a Galicia). O Arquivo Municipal de Pontedeume (AMP) alberga variada información, sobre todo grazas ás actas dos plenos municipais, que se facían eco do problema:

“La pobreza general del país se aumentó de una manera asombrosa con la casi total pérdida de la cosecha de todos los frutos en el presente año”⁴⁴.

Como xa vimos, a produción vinícola de Pontedeume era grande, e isto facíao vulnerábel a que as alteracións na súa colleita repercutisen gravemente na economía de todo o pobo. É máis, mesmo se culpa da escaseza de alimentos ao excesivo “monocultivo” do viñado:

“Este distrito no tiene sobrantes por término medio de sus respectivas cosechas, antes al contrario, que escasean generalmente de las necesarias de cereales para el consumo de sus habitantes, no por falta de feracidad de su suelo, sino por hallarse mucha parte a viñado, cuyo ramo de riqueza es nulo hace cuatro años en este país por la enfermedad de la cepa o vid, siendo sus productos en tiempo de cosecha un recurso para la compra de artículos de primera necesidad, cuyo surtido se hace en los mercados de Betanzos y Coruña (...). (Por) el estado de pobreza del país (...) hay muchas familias que por falta de recursos no consumen la mitad del fruto que necesitaban”⁴⁵.

A ruína non era só para os particulares, os labradores, senón que esa dependencia do diñeiro que proporcionaba a súa venda deixaba ao Concello sen o cobramento dos impostos cos cales facer fronte ao *encabezado*, que era a contribución que o Concello debía ao goberno central:

“La miseria que aflige al país (desde) hace tres años por falta de cosechas, especialmente de la del vino, uno de los artículos juntamente con que contaba la municipalidad para cubrir el cupo del encabezado”⁴⁶.

seguinte cadro ilustranos estas afirmacións e o alcance da crise dos anos corenta:

Ano	Dereitos da augardente (en reais)
1803	15906
1813	22600
1818	25300
1824	2000
1840	3857
1845	900

[Cita e cadro cedidos por Carlos DE CASTRO da súa obra: *Calles, Plazas y jardines de Pontedeume: denominación, actividad y morfología del espacio público (1270-1970)*, Concello de Pontedeume, 2007.]

44. AMP, Caixa 396, Libros de actas capitulares ou de pleno (1840-1852), Sesión de 6 de outubro de 1852.

45. AMP, Caixa 397, Libros de actas capitulares ou de pleno (1853-1859), Sesión de 24 de outubro de 1855.

46. AMP, Caixa 39, fonte citada, Sesión de 9 de novembro de 1854. Ver máis adiante, no capítulo 9.3.2.

“Por abundante que sea la cosecha de cereales, nunca es suficiente a cubrir la mitad del <consumo> (imposto), (pois) la verdadera riqueza de este país consiste en el vino, y éste desapareció hace tres años sin esperanza de que en mucho tiempo vuelva a su estado normal por estar dañadas las vides por efecto del oidium”⁴⁷.

Veremos máis adiante máis testemuños similares. A duración da enfermidade da vide foi longa, até o ano 1875, en que se recollen uvas por primeira vez, jén 23 anos!:

“Desde el año 1852 no se cogió vino alguno en este Distrito por efecto del oidium, que desde entonces atacó el viñedo, no dando por consiguiente ninguna utilidad y sí gastos de mantenimiento para su conservación”⁴⁸.

Ese mesmo ano outra praga similar, a filoxera, ameaza Europa, e pronto volverá reproducir o pesadelo, rematando a produción vinícola de Pontedeume, e de case todo o norte de Galicia⁴⁹...

8.2 Consecuencias da crise de 1853

Poboacións próximas acusaron esta mala época e deixáronnos constancia do sucedido. Así, en Betanzos:

“A un verano irregularmente húmedo y frío de 1852 sucedió un invierno de los más crudos (...). Las gentes del campo vinieron a circundar los caminos y las grandes y pequeñas poblaciones que como La Coruña, Santiago, Betanzos y otras, llegaron a ser la reunión de todos los verdaderos pobres y enfermos, así como también de todos los holgazanes y vagabundos de la provincia, llegándose a reunir en Betanzos de 700 a 900 pobres, viviendo 40 ó 50 reunidos en locales...”⁵⁰.

Montero Aróstegui descríbenos como se viviu o ano de 1853 en Ferrol:

“La miseria que estaban experimentando los habitantes de los campos de Galicia por consecuencia de la pérdida de las cosechas atrajo a las ciudades y villas, como un enjambre, a centenares de familias que huían espantadas con sus tiernos hijos en brazos, por no sucumbir a los rigores de la estación y a los horrores del hambre, como sucediera ya a no pocos infelices labradores. La presencia imponente de aquella gran calamidad, de aquel aluvión de seres desgraciados en cuyos semblantes demacrados se retrataba todo lo cruel de su desesperación, llamó la atención de las autoridades, y multitud de cuestaciones se levantaron en todas las ciudades

47. AMP, Caixa 397, Sesión de 4 de setembro de 1856. Ídem, nota anterior.

48. AMP, Caixa 102, Expedientes relativos ao viño (1552-1875).

49. Como xa vimos no capítulo dedicado á crise do viñedo en Galicia.

50. Expediente da Comisión da Xunta de Beneficencia e Sanidade de Betanzos de 1853, citado en VEIGA FERREIRA, X. M., “O Cólera en Betanzos (1854-55)”, en *Anuario Brigantino*, nº 11, 1988, p. 45-57.

y villas para socorrer las calamidades de Galicia. Cada pueblo atendió por de pronto a sus más apremiantes necesidades, reuniéndose después fondos generales para socorrer a los puntos más necesitados. En el mes de mayo de 1853 presenciaba Ferrol el triste y a la vez consolador espectáculo de ver 250 pobres labradores de las aldeas inmediatas recogidos en el edificio nombrado de la Tahona, que existe a la altura de Canido.(...) Cubiertas así las necesidades del momento, no dejaron de clamar los pueblos por el fomento de las obras públicas y de nuestra moribunda agricultura, para evitar males como los que entonces deploramos, y esa emigración, ese abandono que los colonos hacen de los lugares en que han nacido”⁵¹.

Algo parecido debeu suceder en Pontedeume este fatídico ano de 1853. Como vimos, os máis prexudicados foron os agricultores das parroquias rurais que, desesperados, buscan a caridade das vilas máis próximas. Testemuños quedánnos diso:

“Es general el azote del hambre que sobre nosotros descargó la Divina Providencia de la pérdida casi total de la cosecha del año pasado; (...) Una crecida parte de regulares labradores abandonaron sus casas y se extienden y derraman por los caminos y pueblos con sus mugeres y familias para implorar la piedad pública a fin de alargar un momento más su miserable existencia, que a veces expira en algún despoblado, sin que esto sea una exageración, pues por más que se resienta la humanidad hay que sentar el horroroso precedente de haber sucedido más de diez de estos lamentables casos, resultando de las autoxias de los facultativos haber fallecido los sugetos, cuyos cadáveres se encontraron, de pura necesidad”⁵².

En 1854, a situación chegou ao extremo seguinte: *“Considerando el Ayuntamiento que el país se halla miserable y la mayor parte de sus havitantes sin fruto para el necesario alimento, lo que sin duda ocasionará que se roben en las heredades antes de sazonarse los de la presente cosecha, como ya comienza a experimentarse con las patatas según las quejas generales que se observan, lo que ocasiona doble perjuicio, cual es el que el dueño se queda sin la cosa y el que se la arrebatada apenas puede utilizarse de ella; y considerando que de esto nacerá el que se reduzca en partes a la nada una cosecha que en la actualidad parece regular; a fin de evitar semejante daño y el que resulta de la defensa privada y particular de las respectivas propiedades para ahuyentar a los que en ellas se intrusan a detentarlas, se acordó que en todas las parroquias del Distrito se nombren **Guardas de campo** necesarios para custodia de los frutos pendientes hasta su recolección, pasandoles por turno como carga concegil y pagandoseles ademas en retribución de su trabajo un real por ferrado de tierra, que satisfarán los dueños (...)”⁵³.*

Esta medida repetírase ao ano seguinte, cando a situación se agravou aínda máis coa chegada da epidemia do cólera, *“con el fin de evitar los robos y rapiñas de patatas, hortalizas y toda*

51. MONTERO AROSTEGUI, J., op. cit., 1972, p.141 e 142.

52. AMP, Caixa 397, fonte citada, Sesión de 13 de marzo de 1853.

53. AMP, Caixa 397, fonte citada, Sesión de 30 de maio de 1854.

clase de frutos de la tierra de la presente cosecha, se acordó (...) el nombramiento de guardas de campo en todas las parroquias del Distrito para la custodia de los frutos pendientes hasta su recolección"⁵⁴.

8.2.1 Efectos económicos

Un dos indicadores da crise, como xa vimos⁵⁵, é a carestía dos alimentos. A continuación, un cadro cos prezos dos cereais (*Fe de valores*) que o Concello de Pontedeume regulaba todos os anos polo mes de xuño e se refiren á colleita do ano anterior, expresados en reais por ferrado⁵⁶:

ANO	TRIGO	MILLO	CENTEIO
1852	12,85	11,25	6,20
1853	15,16	17	9,4
1854	19,5	17,25	10,25
1855	20	22,85	12,85
1856	18,25	17,25	9,29
1857	23	19	11,17
1858	14	11	6,17

Observamos que os valores “normais” do ano anterior, é dicir, 1852 (pois se refire á colleita de 1851), ascenden considerabelmente no ano de 1853 (especialmente o millo, como nos advertía Barreiro Mallón para toda Galicia); pero aínda o farán máis nos anos sucesivos (os do cólera, 1854-55); descenden o ano de 1856, pero volven aumentar en 1857 que, como xa vimos, se volveu sufrir outra crise de subsistencias. Ao ano seguinte podemos dicir que xa pasou esta crise e se recuperan os prezos. O punto máximo, en que se duplican os valores con respecto ao ano 1852, é o ano 1855 para o millo e o centeo, mentres que o trigo o será máis tarde, en 1857.

8.2.2 Efectos demográficos

Como vimos no documento anterior, a xente morría, literalmente, de fame, de aí o nome como se coñeceu este ano 1853 e que xustifica o título deste traballo. E sen chegar a ese extremo, non cabe dúbida que a desnutrición provocou un aumento das enfermidades e, polo tanto, da mortalidade. Uns datos estatísticos reflectirannos o alcance da crise⁵⁷:

O número de mortos ese ano foi de 145; 16 máis que a media dos 13 anos anteriores con datos, o cal supón un incremento do 11,6%. A taxa de mortalidade é de 39 ‰. A media dos once anos anteriores con datos é de 31,4 ‰; é dicir, viuse incrementada ese ano nun 7,6 %.

54. AMP, Caixa 397, fonte citada, Sesión de 19-V-1855.

55. Ver o capítulo das crises agrarias de Sánchez Albornoze e Barreiro Mallón. Para unha estatística máis completa, ver: RODRÍGUEZ GALDO, M. X. e DOPICO, F., “Comportamiento demográfico y enfermedad. Contribución a un modelo gallego para mediados del siglo XIX”, en: *Crisis agrarias*, ...; p. 177 y 178.

56. Datos tomados do AMP, caixas 396 e 397, fonte citada, Sesións dos meses de xuño correspondentes aos devanditos anos.

57. Ver: VÁZQUEZ ARIAS, J. C., op. cit., p. 330-345. Os anos aos que se refiren as medias “con datos” son os que aparecen nas táboas estatísticas dese traballo.

En canto á taxa de mortalidade infantil, é de 176 ‰, un 15% máis que a media dos 6 anos anteriores con datos (161 ‰).

Os nacementos tamén acusan o golpe: son só 74, o cal supón o mínimo do século, menos da metade da media dos trece anos anteriores con datos, que foi de 154 por ano. A taxa de natalidade reduciuse a un 19,7 ‰, sendo a media dos once anos anteriores dun 36,7 ‰: un 17 % máis!

O crecemento natural ou vexetativo para este ano dáunos, pois, -1,93 %, o máis baixo do século (só superado polos anos seguintes, do cólera) e supón un 2,45 % menos que a media dos once anos anteriores, que era dun 0,52 %. É dicir, Pontedeume perdeu ese ano case un 2 % de poboación, producíndose o dobre número de falecidos que o de nacementos (145 / 72), algo realmente excepcional.

Os matrimonios tamén escasearon: só se produciron 12 enlaces en todo o concello, fronte a unha media en todo o século (dos anos con datos) de 30. Na vila casaron ese ano tres parellas, mentres que a media foi de 11. O índice de nupcialidade, polo tanto, reduciuse á metade: só un 3,2 ‰ fronte a unha media de 6,5 ‰ dos once anos anteriores, o que supón o menor de todo o século XIX; peor comportamento mesmo que os dous anos seguintes do cólera (nos que se consumarían as vodas aprazadas aquel ano).

Se tomamos como base 100 a media dos anos 1835-1852, obtemos que en 1853 os nacementos se viron diminuídos nun 48,5%, as vodas nun 43%, as defuncións incrementadas nun 110% e a poboación (segundo os datos censais) reduciuse a un 90,4%.

Rodríguez Galdo mediu a crise demográfica achando o nivel de mortalidade, aplicando a fórmula de Dupâquier para a caracterización dunha crise sobre oito bisbarras costeiras de Galicia. A das Mariñas comprende as rías de Ferrol e de Pontedeume, e bota un resultado para 1853 dunha crise de magnitude *1, menor* (índices entre 1,25 e 2). Os dous anos seguintes, 1854 e 1855, presentarán magnitudes de tipo *3, forte* (índices entre 4 e 8) debido ao cólera⁵⁸.

Comparados estes datos co total das oito bisbarras litorais galegas, estas ofrecen o seguinte resultado:

1853: 1, menor

1854: 4, maior (índices entre 8 e 16)

1855: 2, media (índices entre 2 e 4)

Así mesmo, Rodríguez Galdo calcula o peso relativo da mortalidade causada pola crise en relación á mortalidade considerada “normal”, na chamada *sobremortalidade total*:

58. Fórmula de Dupâquier: $I_t = D_t - x / s$. Sendo: D = nº defuncións / ano t; x = media; s = desviación típica dos 16 anos básicos, oito anteriores (1845-1852) e oito posteriores (1857-64). Ver RODRÍGUEZ GALDO, op. cit., p. 54-57.

Coefficiente de sobremortalidade (x veces a mortalidade normal):

ANOS	MARIÑAS	TOTAL
1853	1,22	1,21
1854	1,97	1,90
1855	1,72	1,33

Vemos que o comportamento desta bisbarra, e polo tanto de Pontedeume, é similar no ano de 1853 ao do resto da mostra estudada, é dicir, a costa galega. Temos, polo tanto, unha mortalidade superior ao 20% máis do normal, ou o que é o mesmo, unha quinta parte máis⁵⁹.

8.2.3 Fame e enfermidade

Ademais da citada epidemia de cólera de 1854-55 (obxecto dun ulterior estudio), a vella sentenza de “post famen pestis” cumprese case inexorabelmente. A debilidade dos corpos mal alimentados xúntase co amoreamento e a inadecuación das infraestruturas nos albergues que vilas e cidades improvisan para acoller a multitude de famélicos que as invaden (como vimos en Ferrol e Betanzos), o cal agrava o problema tanto para os devanditos colectivos entre si como, a través deles, para os urbanos hospitalarios e induce outros, maiores, derivados dela.

O tipo de fame constatada, que incide de forma aguda durante os seis primeiros meses de 1853 e subaguda até finais de 1855, definirá un cadro de *hipoalimentación*⁶⁰ caracterizado por unha dieta cuantitativamente mínima, de baixa calidade, suplementada polo consumo de elementos impropios tanto pola súa difícil ou imposible dixestión como polo seu nulo valor nutritivo⁶¹. Aparecerá, entón, unha grave patoloxía gastro-intestinal cuxa morbi-mortalidade propia resulta difícil precisar⁶².

O AMP contén uns rexistros proporcionados polos párrocos de cada parroquia correspondentes ao período de 1835 a 1870 nos que constan os falecementos e as causas de defunción. Dos correspondentes ao ano 1853, chaman a atención varios deles polos seguintes motivos:

- A abundancia, sobre todo entre os defuntos de máis de 60 anos, do diagnóstico *anasarca*, que é unha enfermidade en ocasións producida por unha mala nutrición.
- Dúas causas de morte que rezan literalmente: *Fame e Miseria*.

59. RODRÍGUEZ GALDO, M. X., op. cit., p. 58 e 59. Tamén estuda a desviación da tendencia dos matrimonios e os bautismos, durante os anos 1853 até 1859, para as bisbarras mencionadas, nos que se acusa o descenso que xa vimos só para Pontedeume.

60. MASSEYEEFF, R., *A fame*, p. 21-31, E.U.D.E.B.A., citado en: CARRO OUTEIRO, J. e FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, C., “A epidemia de “tifo”, de 1853, en Betanzos”, en: *Anuario Brigantino*, nº 12, 1989, p.131.

61. “La falta de alimentos ha obligado a algunos a comer ortigas, malvas, gromos de silva y otras yerbas cocidas sin grasa y sin sal, bebiendo el agua de ellas en vez de caldo Muchos han molido los carozos del maíz cuando los hallan a las manos y condimentados con agua sola los han comido (...). Sólo cogieron maíz para un mes y éste lo comieron pisado y podrido”: Arquivo Histórico Diocesano de Santiago, L. 482-485, Boletín Oficial da Provincia da Coruña, 1853, citado en: BARREIRO MALLÓN, B., op. cit., p. 232.

62. CARRO OUTEIRO, J. e FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, C., op. cit., p. 29-131.

- Sete casos de febre gástrica que poderían ocultar unhas febres tifoides, típica enfermidade de época de calamidade e pobreza⁶³.

9. ORGANIZACIÓN SANITARIA E DE BENEFICENCIA

9.1 Organización da Sanidade

Co fin de paliar a situación (pois solucionar era imposible, tanto polos medios dispoñíbeis coma polas causas últimas do problema, de tipo socioeconómico, que xa vimos) as autoridades intentaron poñer en marcha unha serie de medidas en distintos niveis. E cando dicimas autoridades referímonos fundamentalmente ás de tipo local, dada a precariedade do Estado en materia asistencial, xa sexa médica, económica, de aloxamentos, ..., durante o século XIX.

Será o Concello de Pontedeume (e podemos xeneralizar o mesmo para todo o país) quen cargue coa pesada tarefa de axudar á poboación necesitada, solicitando apoios económicos a niveis superiores que, como veremos, non sempre serán oídos.

Primeiramente, imponse a avaliación da situación, para o cal a Xunta Municipal de Beneficencia: *“procedió a fijar la proporción que la necesidad y miseria guarda entre los ocho pueblos o parroquias de que se compone este Distrito municipal, y después de maduro examen, atendiendo al conocimiento y noticias que tienen del respectivo vecindario de cada uno, su n° de necesitados, pérdida de cosecha y más circunstancias que deben tenerse a la vista, acordaron: verificarla y fijarla, como así hacen por el orden siguiente:*

PARROQUIAS	PARTES DO 10
Andrade	1/2
Centroña	1
Boebre	1
Breamo	1 1/2
31. Cfr. INSTITUTO GEOGRÁFICO NACIONAL. MINISTERIO DE OBRAS PÚBLICAS Y URBANISMO. *Mapa Topográfico Nacional de España. Sada 21-IV (10-8)*. Madrid 1ª ed. 1991 e INSTITUTO GEOGRÁFICO NACIONAL. MINISTERIO DE FOMENTO. *Mapa Topográfico Nacional de España. Sada 21-IV*. Madrid 2ª ed. 2000.

licia a través do SITGA³² e dentro do Proxecto Toponimia de Galicia. Os mapas publicados polo SixPac (Sistema de identificación xeográfica de parcelas agrícolas) da Consellería de Medio Rural son idénticos aos do MTN aínda que figure a escala 1:23.000, e polo tanto figura idéntica localización e denominación oficial que naqueles. Por outra banda, nos publicados pola Consellería de Política Territorial, Obras públicas e Vivenda a escala 1:5.000 na súa páxina web³³ obsérvase un curioso fenómeno: debido á relación de tamaño entre a escala do debuxo e o corpo da tipografía que informa das toponimias, hai espazo suficiente para dúas Arbosas: unha *Arbosa* no territorio pertencente ao Concello de Miño e unha *A Herbosa* no de Pontedeume e desprazado uns douscentos metros do lugar que lle correspondería (Ver ilustración 7).

A situación resulta máis absurda cando consultamos a cartografía catastral do Ministerio de Economía e Facenda³⁴ e comprobamos que nas súas máis recentes actualizacións (01/02/07) aínda non incorporaron a deturpación do topónimo, segue a ser A Arbosa, e sitúan o lugar onde sempre estivo.




Ilustración 7. Mapa da Consellería de Política Territorial, Obras públicas e Vivenda

32. www.sitga.xunta.es.

33. N° da folia: 021-68.

34. ovc.catastro.meh.es/Cartografia.

3. HISTORIA DO LUGAR

3.1 O problema da documentación

Non é doado atopar documentación escrita que faga referencia a un lugar certamente pequeno³⁵. Xa quedou reseñada anteriormente a ausencia de alusións en fontes documentais de primeira orde para unha achega histórica dende a Idade Media até o século da Ilustración. Así pois, cómpre consultar a documentación privada que os veciños do lugar poidan ter, e contar coa súa colaboración. Neste sentido é moi importante a recuperación do Arquivo dos herdeiros de García Novoa por conter información abundante sobre este lugar e, en xeral, sobre un amplo territorio que abrangue os concellos de Mugardos, Fene, Ares, Cabanas, A Capela, Pontedeume, Monfero, Vilarmar e Miño polos que se estendía o vasto patrimonio da familia. A través destes documentos pódese rastrexar a relación entre os propietarios e os traballadores da terra, e como evoluciona entre os séculos XIX e XX até chegar á situación actual.

3.1 Propiedades eclesiásticas

O XII e XIII son os séculos de apoxeo da sociedade feudal na que a terra, os froitos e as persoas son propiedade dos grandes mosteiros, da nobreza ou do rei. É unha época de bonanza económica e de certa seguridade e estabilidade, o que trae como consecuencia un aumento demográfico. O aumento da poboación fai que se caven novas terras e se colonicen novos espazos baixo a dirección dos mosteiros³⁶. É posíbel que fora nestes tempos cando comezou a explotación do lugar da Arbosa, certamente afastado do núcleo da freguesía, e mesmo puideron ter lugar as primeiras ocupacións habitacionais.

Como dixemos na alínea referida á descrición do lugar, unha boa parte do mesmo levaba o nome de Igrexario, polo que podemos supoñer que parte ou a totalidade do lugar foi pertencente á Igrexa. Esta suposición estaría avalada pola existencia dun documento datado o 17 de xullo de 1147 no que o rei Afonso VII doa ao mosteiro de San Xoán de Caaveiro tres igrexas de reguengo que posuía no arceprebado de Pruzos: Santa María de Doroña, Santa María de Centroña e Santiago de Boebre³⁷. Dende entón os de Caaveiro estarán a percibir rendas da freguesía de Boebre. Como testemuño unha acta notarial de 14 de setembro de 1240 na que os cregos e o cóengo do mosteiro³⁸ revisan as rendas das igrexas pertencentes ao mesmo, tanto en Pruzos como en Bezoucos .

A raíz da guerra civil entre os partidarios do rei Pedro I e os de Henrique de Trastámara no século XIV prodúcese o ascenso dos condes de Andrade. Son anos de guerras e revoltas, de peste e de crise demográfica nos que moitas terras abandónanse e a nova nobreza vaixe facendo sitio aumentando o seu patrimonio, ás veces disputando cos grandes mosteiros polo dominio do terri-

35. Sobre as propiedades do mosteiro de Caión na parroquia de Boebre e San Xoán de Vilanova ver DAVIÑA SÁINZ, S.: "El monasterio de Caión y su hacienda en tierra de Pontedeume". Revista *Cátedra* nº 14, Pontedeume 2007. Sobre as cuestións toponímicas xurdidas dese artigo ver o post scriptum engadido ao final do presente traballo.

36. VV.AA.: *Historia xeral de Galicia*. Ed. A Nosa Terra. Vigo 1997. Páx. 146.

37. FERNÁNDEZ DE VIANA Y VIEITES, J.I., GONZÁLEZ BALASCH, M.T.: *El Monasterio de San Juan de Caaveiro*. Ed. Deputación Provincial, A Coruña 1999. Páx. 113.

38. Op. cit.: Páx. 223-225.

rio. Non é de estrañar, polo tanto, que os cregos de Caaveiro fixeran inventario das herdades do mosteiro usurpadas indebidamente polo conde D. Fernando de Andrade do tempo que os seus antecesoros tiveron en encomenda a colexiata³⁹. Na relación de propiedades alleadas figura Santiago de Boebre coas súas herdades.

Máis detalle ofrece Couceiro Freijomil ao respecto, citando un inventario de 1545 que posuía D. Cesar Vaamonde Lores no que se relacionan as propiedades de Caaveiro das que a familia Andrade se apropiara:

*Tres partes del beneficio de Santa María de Doroña, con los casares pertenecientes a la iglesia, que rentaban 13.000 mrs.; el beneficio de Santa María de Centroña, sincura que valía 18.000 mrs., y el de Santiago de Boebre, que valía 8.000 mrs., los cuales tres beneficios donó a la colegiata el rey Don Fernando en el año 1185 a las 10 de kalendas de agosto.*⁴⁰

Os séculos seguintes deberon ser de oscilacións na ocupación do lugar, seguindo a irregular dinámica do agro galego. Non temos noticias de aforamentos nas terras da Arbosa, e polo tanto non podemos saber as condicións de contrato en que se traballaron, pero a pervivencia do topónimo Igrexario até tempos actuais fai pensar que as rendas producidas serían recadadas pola igrexa de Boebre aínda que despois foran parar a mans dos de Andrade ou doutra dignidade, como se verá.

A mediados do século XVIII temos noticia da presenza dos condes, agora de Lemos, polo *Catastro do Marqués de la Ensenada*⁴¹, na detallada descrición da freguesía de Santiago de Boebre, en resposta á pregunta nº2: *Percibe dicha excelentísima Señora (condesa de Lemos) de todos los vecinos de la enunciada feligresía por razón de vasallaje setenta y quatro reales de vellón al año*. Non obstante tamén o convento de Santo Agostiño de Caión, o mosteiro de Monfero ou o cura párroco gozan beneficios en forma de décimos e primicias. Nótase o esmorecer do mosteiro de Caaveiro en que xa non figura entre estes beneficiarios, e o décimo correspondente á igrexa de Santiago (1.100 rr. por quinquenio) será percibido por *la Dignidad del arcedianato de Nendos*. Os de Lemos, pois, perciben dos veciños de Boebre por vasalaxe pero non polas terras, que rendan en diferentes institucións eclesiásticas.

Nos derradeiros anos do século XVIII, cando a desaparición total da actividade monástica en Caaveiro, hai un intento por parte do goberno de acordo co Papa de trasladar a colexiata e as súas rendas á parroquial de Ferrol, pero o proxecto non chegará a levarse a termo⁴². A colexiata queda de feito extinta co que as súas rendas quedan en suspenso á espera de novos destinos noutras igrexas e que nunca chegarán.

39. Cit.: Páx.333-334.

40. COUCEIRO FREIJOMIL, A.: *Historia de Puente deume y su comarca*. Ed. Compostela. Santiago 1944. Páx. 67 (1). Respecto á orixe da doazón entre os reis Afonso VII ou Fernando II, cfr. Fernández de Viana cit. Páx. 113.

41. DAVIÑA SÁINZ, S.: "Las Parroquias de la jurisdicción de la villa de Pontedeume a través del interrogatorio del Catastro de Ensenada". Revista *Cátedra*, nº 9. Pontedeume 2002.

42. COUCEIRO FREIJOMIL, A.: Op. Cit. Páx. 68. CORREA ARIAS J.F.: "Caaveiro e a crise do Antigo Réxime". Revista *Cátedra*, nº 3. Pontedeume 1996.

3.2 Propietarios e levadores

Xa no século XIX, o 80 % do campo español era propiedade de “mans mortas”, principalmente do clero, que gozaba aínda de décimos e primicias, censos, dereitos señoriais e exencións tributarias, o que representaba un serio obstáculo para a modernización dos sistemas produtivos agrarios. Dende finais do século anterior comezaran a tomarse tímidas medidas reformadoras, pero sería neste cando se adoptasen as iniciativas máis determinantes. A Lei de bens nacionais promovida por Mendizábal en 1837 é unha delas, e pode ser a orixe do paso a propiedade particular de parte das terras do lugar da Arbosa, aínda que non necesariamente de todas, incluíndo a casa.

Efectivamente, se tomamos a casa do lugar como referente vemos que, como quedou indicado anteriormente, ten gravado o ano de 1763 no seu lintel (Ver ilustración 8) e a documentación máis antiga que temos sobre ela é unha escritura de compra-venta de 30 de abril de 1855 na que figuran como vendedores os irmáns Juan e Josefa Pérez, propietarios da casa en segunda xeración. Descoñecemos como puido adquirir a propiedade o seu pai Andrés, pero o que si achega a escritura é unha boa descrición do casal:

*Juan y Josefa Perez hijos de Andrés difunto (...) digeron: que por herencia de su citado padre son dueños y legítimos posehedores de una Casa en el **Lugar da Arbosa** en la indicada Parroquia, que con sus salidos, Huerta, Pumar, y mas á ella anesco hace la sembradura de tres ferrados cumplidos, y propios que testan por todos los lados con Andres da Leyra de la referida Parroq^a.; como asi bien, y por igual concepto lo son de la tercera parte de un Lagar inmediato ála referida Casa, siendolo de las otras dos terceras partes, el insignuado Andres da Leyra, (...) otorgan (...) al Andres da Leyra (...) en cantidad de mil y setecientos rr.⁴³*

Non hai dúbida de que D. Andrés da Leira (ou Leyra) e a súa dona Josefa dos Casás (ou Cazás), propietarios de todas as terras que arrodean á casa e máis 2/3 do lagar, fanse cunha boa parcela con esta operación. Todo parece indicar que se trata dun rico propietario, pero as súas propiedades non o son por moito tempo. Dende xaneiro a outubro do mesmo ano de 1855 realiza catro vendas baixo pactos de retrocesión a diferentes prazos a Dña. Juana

Ilustración 8. Lintel da porta da Casa Vella da Arbosa



43. Archivo herdeiros de García Novoa. Mantemos as grafías orixinais nesta e nas seguintes transcricións da mesma fonte, pero as negras son nosas.

Martí de Pontedeume, viúva do avogado D. Nicolás Roberes Tomasi. En total vende 39 lotes de terras da parroquia de Boebre por valor total de 4.880 rr. Incluídos abundantes terreos no lugar da Arbosa. A casa, na que probablemente xa residían como colonos no momento da compra o 30 de abril, é vendida, xunto con outros lotes, tamén baixo a mesma fórmula con data 2 de maio por un valor total de 2.000 rr. pero tendo recibido un adianto de 1.767 rr., os que probablemente se empregarían no pago da mesma casa aos seus anteriores propietarios. Curiosas operacións nunhas persoas que nin sequera saben asinar os contratos.

As vendas con pactos de retrocesión pódense entender como préstamos de capital nos que a propiedade dos bens vendidos pasa temporalmente a mans dun comprador-prestamista até que, dentro dun prazo pactado na escritura, o vendedor poida reintegrar o importe da venda. Despois de transcorrido o prazo pactado sen facer efectiva a retrocesión, a venda quedaría consolidada e a propiedade pasaría definitivamente a mans do comprador. O estraño deste sistema é que no contrato non hai explicitación dos intereses que o prestameiro sen dúbida tería que aboar ao prestamista e que probablemente residirían nunha posíbel inferioridade de importe real pagado na suposta venda con respecto ao prezo indicado na escritura.

O certo é que con data 29 de xullo de 1858 e antes que rematara ningún dos prazos para facer efectiva a retrocesión, as catro operacións quedan resoltas facendo efectivo o seu debe D. Andrés da Leira como así o asina a súa debedora Dña. Juana Martí nas respectivas escrituras. A suma de 4.880 rr. debía ser unha importante cantidade, especialmente para unha persoa do perfil do da Leira: analfabeto, habitante nun casal illado e, na época, remoto, supoñemos que agricultor...

Efectivamente, no mesmo día que facía as retrocesións mencionadas outro personaxe, D. Ignacio Novoa, compraba todos os bens en cuestión; en total 37 partidas, todas elas na parroquia de Santiago de Boebre agás a 1ª, a 2ª e a 3ª pertencentes á de San Pedro de Perbes. Todas estas partidas *han sido mensuradas, tasadas y rejuntadas por el perito agrimensor titulado Dn Tomas Lorenzo Baamonde, que acetó dicho encargo a instancia y por conformidad e los interesados, estimando las dichas fincas, atendiendo á su estado actual en la cantidad de ocho mil reales, en prueba de lo cual firma tambien el presente contrato*. Dende logo a precisión e profesionalidade na elaboración do inventario relacionado na escritura non é moi frecuente na época, vexamos se non a descrición que fai do casal do lugar da Arbosa:

Y finalmente la casa principal donde actualmente habita compuesta de cocina horno de cocer pan, su sala, cuadra pª ganado y mas oficinas cubierto el techo de teja, las paredes de pizarra dos puertas que dan entrada a la mª, sus correspondientes luces corral cubierto parte de el de parra y una bodega y lagar de madera dibidido ó separado de la casa matriz por el dicho corral cubierta la bodega y lagar tambien de teja su aira salidos y huerta poblada de arboles frutales, que todo ello hará en sembradura siete ferrados bien cumplidos, y se halla cerrada de sobre si con muro y zarzales.

O aspecto da casa debía ser moi parecido a como foi até o seu abandono nos anos 80 do século XX (Ver ilustración 3).

A descrición das leiras e a taxación do conxunto conclúen do seguinte xeito:

Si todo lo relacionado es un hecho cierto, no lo es menos cierto el q despues de conferenciar el de Leira y su muger con D Ignacio Novoa vecino y del comercio de esta dicha Villa lo que a unos y a otros combenia mejor a sus utilidades y ventajas y con el objetode recobrar tambien los mencionados bienes de poder de D^a Juana Martí de esta vecindad a quien tubiera la precision de retorbenderlos p^a cubrir creditos que quedaron de sus ascendientes de quien proceden dichas fincas se decidieron la muger en funcion de la licencia octenida de dicho su esposo, la parte que hace en los referidos vienes y el marido la suya, de venderlos como desde ahora y por el tenor de la presente se los venden y firmemente remata a D Ignacio en la forma en que mas en dro valiese sea por la mencionada cantidad de los ocho mil reales que en este acto y en monedas de plata le entrega (...)»⁴⁴.

O tal D. Ignacio liquida a débeda contraída para recobrar os bens do poder de D^a Juana Martí, pero esas propiedades nunca volverán a mans de D. Andrés da Leira, malia seguir a traballar as terras e residindo na casa do lugar da Arbosa.

D. Ignacio Novoa González é un próspero comerciante, maragato de orixe, que nace en torno a 1824 en Canalejas (León) e comeza os seus negocios como moitos dos seus paisanos, facendo a ruta galega dende Castela coa recua de mulas traendo millo, viño ou panos e levando curtumes ou salga. Afíncase en Pontedeume, casa cunha mugardeza, Dna. Benita Vázquez de San Vicente, e instala na vila o seu comercio no que vende todo tipo de xénero. O caso de D. Ignacio é prototípico dunha época na que o baleiro dunha clase burguesa comercial ou industrial autóctona, nunha sociedade aínda de Antigo Réxime, é cuberto por persoal foráneo e o capital xerado polas súas actividades comerciais é investido nas desamortizacións e, en xeral, na adquisición de patrimonio. Compra terras e casas por toda a comarca: Pontedeume, Castro (actual Miño), Cabanas, Ares, Mugarbos, Fene, A Capela, Monfero ou Irixoa, facéndose cun importante capital. De feito, cando realiza a operación de Boebre xa figura como testante en varias das fincas descritas no contrato, co que a súa propiedade na parroquia non se limita só a esta adquisición. Ademais, moitas destas terras estaban cargadas con foros e outro tipo de rendas, co que D. Ignacio pasará a formar parte desa burguesía rendista remisa ás modernizacións do sector agrario ou á transformación nunha burguesía industrial⁴⁵.

D. Andrés da Leira seguirá traballando as terras de D. Ignacio no lugar da Arbosa xunto con outro colono, D. Antonio Vales, como sinala un informe anónimo con data 20 de abril de 1859 encargado para recoñecer e dividir as leiras do lugar. Mesmo volverá facer outra venda o 6 de agosto ao mesmo D. Ignacio de 19 fincas en Boebre e outras 3 en Perbes o día 6 de agosto do mesmo ano por 1.200 rr. *para atender al pago de varios créditos, anticipo que les hizo de contribuciones y en frutos suministrados para su alimento.*

44. Íbid.

45. VV.AA.: *Historia xeral de Galicia*. Ed. A Nosa Terra. Vigo 1997. Páx. 305, 306.

Nos exemplos anteriores vemos unha notábel “profesionalidade” nos métodos de D. Ignacio para acceder á propiedade (recurso a peritos agrimensores, realización de informes, compra de débedas), pero non son os únicos empregados:

O día 9 de abril de 1860 o grupo de herdeiros Marcos, Luis e Anselmo Pérez, irmáns, curiosamente veciños de Aranga e propietarios de 19 lotes de terra na parroquia de Boebre, algúns localizados no lugar da Arbosa (recordemos que os primeiros propietarios da casa do lugar de que temos noticia son uns herdeiros de Andrés Pérez. Coincide o apelido). Como algunhas das partidas son tenzas en mixtión con outras, os vendedores, ante as dificultades atopadas para esclarecer a súa existencia, presentáronse ante D. Ignacio que merca a herdanza ao prezo de saldo de 160 rr.

Outras maneiras de acceder á propiedade son vía embargo ou, máis exactamente, mercando bens por valor de débedas contraídas por vendas a crédito no seu comercio de Pontedeume e que os paisanos non son quen de liquidar por non haber diñeiro e así pasan de ser propietarios a arrendadores. Dous exemplos⁴⁶ ilústrannos, tanto esta maneira de aumentar o capital de D. Ignacio, como as carencias do campesiño galego do XIX:

En Pontedeume, o 19 de outubro de 1857, Dna. Josefa Carballeira esposa de D. Andrés Varela *ausente y sin que se sepa su paradero hace largo tiempo*, veciña de Pilleiro en Boebre, manifesta que D. Ignacio Novoa *le ha suministrado en frutos para alimentarse, paño para abrigo de sus carnes y mas efectos de su comercio, como asi bien en dinero efectivo para pago de contribuciones y otras atenciones suyas, hasta la cantidad de 307 reales (...); y como no se encuentra en la actualidad con dinero para pagar dicho credito, convencida de la justa reclamación que se hace se apersonó al Sr Novoa y le propuso la tomase bienes en equivalencia.*

En Pontedeume, o 7 de setembro de 1859, D. Pedro Rodríguez e a súa muller Dna. Josefa Domínguez liquidan contas ante D. Ignacio Novoa resultando en descuberto *procedentes de frutos que les ha suministrado para su alimento, hacer la siembra de sus tierras, sayal para la mortaja de su madre y de trigo de pensiones vencidas por bienes que llevan de dicho señor, hasta la cantidad de 385 reales (...); y que como este tratase de estrecharles al pago, se abocaron al mismo proponiéndole les tomase bienes en equivalencia.* Na mesma data faise o contrato de arrendamento polo que se comprometen a pagar 60 rr. ao ano por traballar as terras que foran da súa propiedade.

Entrementres, polo lugar da Arbosa sucédense os levadores, a Andrés da Leira séguelo Domingo Pazos de San Xoán de Vilanova, que non parece interesado en seguir coa levanza e presenta a Juan López, veciño da parroquia de Sta. María de Castro lugar de Bañobre, que se *espon-tanea a la levanza* das ditas terras con data 16 de setembro de 1861.

Outro método utilizado, aínda que non nos conste na parroquia de Boebre, é a compra en subastas de desamortización, como a que aparece convocada no *Boletín Oficial de la provincia de La Coruña* con data 30 de maio de 1860 e á que concorre D. Ignacio para adquirir un terreo incul-

46. Arquivo herdeiros de García Novoa.

to de 6/7 de ferrado de mediana calidade no lugar de Campolongo na parroquia de Andrade preto do Cruceiro, non parece de moito valor pero a taxación oficial é de 160 rr. e pasa a propiedade de D. Ignacio Novoa como mellor ofertante pola cantidade de 310 rr. A venda xudicial faise consonte as leis de 1º de maio de 1855 e 11 de xullo de 1856 das que informa na escritura impresa o xuíz de 1ª Instancia da Vila de Pontedeume e o seu partido D. José García Centeno. Este sistema de compra, ademais de servir para engrosar o xa considerábel patrimonio de D. Ignacio, vaille permitir entaboar relacións máis aló das simplemente comerciais co amentado xuíz de Pontedeume.

En efecto, o capital de D. Ignacio no lugar da Abosa vai aumentando paseniñamente, como no resto da parroquia e mais da bisbarra. D. Ignacio é un home rico e certamente poderoso, a súa posición como cacique da comarca está plenamente consolidada, soamente lle falta acadar a fidalguía. Esta vaille chegar da man de D. José García Centeno-Portela-Álvarez de Barcia⁴⁷, natural de San Salvador de Pazos de Arenteiro e casado con Dña. Jesusa Teresa Espinosa Salgado, descendente de familia fidalga con escudo de armas, de orixe en Ledesma, Salamanca, e moitas propiedades nesa provincia e mais nas de Pontevedra e Ourense⁴⁸. Non é de estrañar que ambos os dous poderosos tiveran boa relación, e mesmo é posíbel que a voda entre Dña. Cristina, filla única de D. Ignacio, e D. Pío, fillo de D. José, fora concertada entre as familias como adoitaba a época. O certo é que con este matrimonio en 1878 fúndense as dúas familias nunha, a García-Novoa, propietaria dun pequeno imperio que seguirá aumentando por unha xeración máis, e polo que será perceptora de numerosas rendas.

O estilo de cacique de D. Pío García Espinosa será moi diferente do sogro, pasará á historia por ser o artífice da penúltima reconstrución do mosteiro de Caaveiro e nese proxecto empregará unha parte non pequena do patrimonio familiar. Aínda así fará tamén por incrementalalo con algunha desamortización, pero ningunha na zona que nos ocupa neste informe.

En 1906 morre D. Pío, quedando como administradora da fortuna a súa viúva Dña. Cristina que aumenta as propiedades do lugar da Arbosa con dúas permutas en 1913, unha compra en 1922 e outra permuta en 1925. Con isto rematarán as adquisicións de terras neste lugar por parte da familia García-Novoa, quedando a propiedade como foi descrita máis arriba no arrendamento asinado en 1931 a favor do colono D. Juan Santos Tenreiro.

A administración do patrimonio familiar quedará pronto en mans do fillo primoxénito de Dña. Cristina Novoa, o avogado D. Román García Novoa, con poder da súa nai para levar ao cabo actividades mercantís co patrimonio. Nesta época renóvanse e révisanse os arrendamentos de vello, rexístranse en libros os cobros das rendas, non hai practicamente adquisicións novas e si comezan a venderse algúns terreos.

47. LUGILDE ARIAS C., CORREA ARIAS J.F.: "Don Pío García Espinosa e o breve renacer de Caaveiro". Revista *Cátedra*, nº3. Pontedeume, 1996. Páx.203. Neste artigo indicase que D. José García Centeno fora xuíz na Cañiza e na Coruña, o que non desmentimos, pero a súa condición de xuíz de 1ª Instancia en Pontedeume consta no documento de desamortización citado así como noutros similares do Arquivo dos herdeiros de García Novoa.

48. *Ibid.*

É precisamente nun deses libros de rendas onde, con data 13 de decembro de 1912, queda rexistrado o arrendo de Dna. Catalina Vilariño Casal sobre a casa e tamén de 32 terreos rústicos, a meirande parte deles no lugar da Arbosa. Pagará polo arrendo 1.100 rr. cada mes de xaneiro por ano vencido e cada mes de agosto 5 ferrados e medio de trigo pola colleita correspondente. Non temos noticia documentada doutros levadores posteriores á mencionada anteriormente de D. Juan López en 1861, o que si sabemos pola neta de Dna. Catalina Vilariño é que a súa avoa naceu na casa do lugar, polo que se deduce que era filla dos colonos sucesores deste.

O estado da casa por estas datas de principios de século XX debía ser moi malo, como testemuña o libro de rendas no que se rexistra que o pagamento do trigo correspondente a 1915 foi destinado a retellar a casa ou, nunha nota marxinal, que desde 1917 se gastaran 639,80 rr. en obras.

Tamén da época da administración de D. Román é o mencionado arrendo de 1931, que non é máis que unha renovación do contrato con Dna. Catalina Vilariño asinado agora polo seu home D. Juan Santos Tenreiro. Estes contratos, que a maior parte das veces se facían verbalmente, fanse agora en papel impreso e por prazo de tres anos renovábeis. Faise constar tamén a renda de 1.300 rr. cada xaneiro e de 17 ferrados e medio de trigo cada agosto, suba que se corresponde a un incremento en 1924 das terras contratadas. En 1937 deixan de rexistrarse os cobros das rendas⁴⁹.

3.3. A situación actual

Dna. Cristina Novoa Vázquez morre en 1939 e a herdanza repartírase, despois de anos de preitos, entre os oito fillos que queden con vida. As terras do lugar da Arbosa serán herdadas pola súa filla Dna. Cristina García Novoa casada co avogado e recadador de contribucións na Coruña D. Gonzalo Prego Punín. Tras a morte desta en 1968, ficarán divididas entre os seus trece fillos. As terras do Igrexario foron vendidas a mediados dos anos 70 do século XX por Dna. Ángeles Prego García ao Sr. Gancedo, promotor inmobiliario de Lugo, que construíría unha urbanización de chalés individuais e pareados e apartamentos que cambiaría definitivamente a paisaxe e contribuíría á perda do topónimo que posuía o terreo. D. José Luis Prego García construíría en 1978 a casa na que actualmente reside nunha leira chamada Arbosa ou Diante da Aira, xusto fronte á Casa Vella. O seu fillo menor, que subscribe este informe, construírá tamén en 2002 a súa residencia na finca chamada Armeira ou Armeiro.

O derradeiro levador do lugar, D. Juan Santos Vilariño (Juan da Arbosa), aínda utilizará a Casa Vella para manter os seus animais e trebellos até os primeiros anos 80 (Ver ilustracións 3 e 9) e paseniñamente irá deixando de traballar as terras dos herdeiros de García Novoa. A súa residencia trasladarase á chamada Casa Nova da Arbosa falecendo no ano 1986. A súa viúva Dna. Filomena Varela Tenreiro e as súas fillas Dna. Pilar e Dna. Carmen Santos Varela aínda residen no lugar con cadansúa familia.

Na actualidade aínda quedan algunhas propiedades en mans dos irmáns Prego García sobreviventes ou de membros da seguinte xeración, pero non todas as propiedades do lugar foron

49. *Libro de rentas y pensiones forales, pertenecientes a la Casa García Novoa de Puente deume. 2º Tomo: Mugar dos, Puente deume y Villarmayor.* Arquivo herdeiros de D. Ignacio Novoa.



Ilustración 9. Estado actual do casal da Arbosa

sempre desta familia, moitas son as leiras que foron cambiando de mans e moitas as que foron edificadas. A terra xa practicamente non se traballa e o valor venlle dado polo seu potencial como solar para a construción non polos ferrados de sementeira de centeo como antano. A fisionomía da Arbosa agora é a mesma que na práctica totalidade do litoral galego, con moita edificación e cada vez menos agro e menos natureza. O único que resta do lugar da Arbosa é o seu nome, polo que se o esquecemos ou o deturpamos estaremos destruindo, ademais dunha pequena parte do patrimonio de todos, unha grande parte da memoria e da existencia das persoas que viviron estas terras. Por nós mesmos e polos nosos fillos e descendentes, temos a obriga de conservar, cando menos, o nome do lugar da Arbosa.

*A Juan Santos Vilariño “Juan da Arbosa” (DEP) e familia.
A Arbosa, abril de 2007*

POST SCRIPTUM

Dous meses despois de rematar a redacción deste traballo presentouse ao público o nº 14 da revista *Cátedra* correspondente ao ano 2007. Nel publícase un interesantísimo artigo con información que parece contradicir parte do exposto. De seguido paso a comentar estas novidades.

O artigo, asinado por D. Santiago Daviña Sáinz, leva por título “El monasterio de Caión y su hacienda en tierra de Pontedeume”. No parágrafo 3. Propiedades que tuvo el monasterio de Caión en tierras de Pontedeume, o autor transcribe unha copia do libro tomo orixinal do extinguido mosteiro de Caión (traslado completo do orixinal) localizado por el no arquivo da Real Academia Galega. Trátase dun documento *manuscrito confeccionado en el siglo XVII (...) en el que se contienen referencias a documentos que van desde el siglo XVI hasta finales del siglo XVIII (sic)*.

En diferentes lugares deste documento, e con datacións situadas na ampla marxe abranguida entre os séculos XVI e XVIII (as máis concretas son os anos 1643, 1689 e 1687), aparecen topónimos como *Cal da Herbossa, la Herbossa, término de la Herbossa, monte Do Cal da Erbossa*

ou *camino da Herbossa*, todos situados na parroquia de Boebre. Xustifica esta documentación o ditame da Comisión de Toponimia?

Non é a miña intención descualificar ou desvirtuar o valioso traballo documental de D. Santiago Daviña, pero para os efectos concretos de ditame de topónimos é, cando menos, moi arriscado cingirse a este documento en exclusividade polos seguintes motivos:

Trátase dunha copia manuscrita dun libro tomo orixinal desaparecido, feita polos monxes do mosteiro de Caión a partir de documentos redactados por escribáns de Caión (Bartolomé Gómez é un dos citados). Isto implica unha considerábel distancia, tanto no espazo como no tempo, entre a recollida oral da información toponímica e a súa transcripción definitiva no documento que chega até nós. Este feito obriga a adoptar as necesarias cautelas, e polo tanto non se pode afirmar unha relación de implicación directa entre a forma escrita documentada do topónimo e a forma real de uso no lugar que fora máis aló dunha simple hipótese e que tería que ser demostrada con documentación máis fiable.

Ademais, no século XVII esa distancia no espazo sería virtualmente moito maior que na actualidade. Iso non faría estrañar que un escribán ou un monxe de Caión, no momento de transcribir un topónimo que lle chega “de ouvido” acudira aos seus referentes máis próximos provocando consciente ou inconscientemente a deturpación. A escasos 15 km de Caión, na parroquia de Cambre do próximo concello de Malpica de Bergantiños, existe un lugar chamado A Herbosa.

No caso de aceptar estes documentos como referente necesario xustificador do ditame do topónimo A Herbosa, e aceptando a desaparición do *ss* pola ortografía moderna, deberíase aplicar idéntica categoría a outros topónimos que aparecen no mesmo documento. Por exemplo: Osamorro por Chamorro, Comonuevo por ¿Camoucelo?, Oscurras por Os Currás, Dosiño por do Siño, Beloz por Belo, Surio por Curío, La Coruña, Orensse, Orol, Puentes Deume, Puente Deume, Hespaña...

O día 19 de setembro de 2007 foi entregado no Concello de Pontedeume un escrito, case idéntico ao entregado o 11 de decembro de 2006 e descrito no apartado 1.7 do presente, dirixido ao novo alcalde no que se expoñía a cuestión do conflito toponímico do lugar da Arbosa e se solicitaban accións por parte do Concello dirixidas a solucionalo de maneira satisfactoria para os veciños do lugar. No día de entrega deste traballo non se recibira aínda resposta ningunha.

A Arbosa, decembro de 2007

APÉNDICE I

Nomenclátor oficial do Concello de Pontedeume e as súas parroquias segundo se publica no Decreto 189/2003, do 6 de febreiro (DOG do 25 de marzo):

CONCELLO DE PONTEDEUME			
Andrade (San Matinho)	Boebre (Santiago)	Breamo (San Miguel)	Centroña (Santa María)
-Barreiro, O -Campanilla, A -Campolongo -Castros, Os -Covés -Loureiros, Os -Ogrobe -Pazos* -Pia, A -Regueira, A -Valdeviñatos -Vidreiro, O	-Belo -Curio -Herbosa, A* -Parga -Pilleiro, O -Sisto, O -Ver* -Xabroal, O	-Allegue -Barro, O -Cermuzo -Fontenova, A -Gunturiz -Pedridas, As -Veiga, A -Vilamoire -Vista Alegre	-Allón -Caldagueiro* -Castrelo -Centroña -Portiño, O -Ventosa -Vizús
Nogueirosa (San Cosme)	Ombre (Santa María)	Pontedeume (Santiago)	Vilar (San Pedro)
-Ameneiral, O -Barral, O -Cabria Vella -Campo de Cosme -Capela, A -Castelo, O -Castro, O -Cruz do Cabildo, A -Esteiro -Figueirido -Goive de Arriba -Graña, A -Lourido, O -Pillada, A -Pontellas, As -San Cibrao* -San Cosme -Silvar, O -Viña, A	-Bouza Longa -Bufarda -Cabria Nova -Chao de Ombre -Mediña, A -Orela, A -Outeiro -Peteiro, O -Portela* -Rega, A -Regueira, A -Riolongo -Sobrado -Viso, O	-Pontedeume	-Barro, O -Campo Longo -Chao de Vilar -Cornide -Fonte Melendre -Igrexa, A -Torre, A

*Non figuran na actualización de 1986 (Millán González-Pardo, I.)

APÉNDICE II

Relación de microtopónimos da Parroquia de Boebre extraídos do Arquivo dos herdeiros de García Novoa:

Abellón	Cabadas	Cortiña de Pilleiro	Penedos
Andahío	Calexón	Corío	Pereira
Andaio	Camoucelo	Curio	Pilleiro
Andarahío	Carballo, O	Diante da Aira	Sobre da Aira
Arbosa, A	Carneiro	Espiñeira	Só os Chaos
Ardeleiros	Casa Nova	Feliz	Só os Cómaros
Armeiro	Casa Vella	Fonte, A	Toural
Auga Mexa	Campiña	Fonte de Santiago	Velo
Balado	Cepeira	Gransoso	Vieiteiro
Barreiros	Chanca, A	Iglesario	Xabroal
Barrosa, A	Coba	Insua	Xunqueira
Ber	Cobas	Muiños	Zancos, Os
Berruga, A	Cómaros	Mexote	
Bollo	Conde	Navás	

XENEALOXÍA DA LIÑAXE TRASANCOS. s. XI ó XIII

Xosé Lois Lamigueiro Fernández

O conde don Pedro, no seu afamado Nobiliario¹, foi o primeiro en facer referencia á liñaxe dos Trasancos, en relación ós descendentes dos cinco cabaleiros, que acompañaron o lendario conde don Mendo, na súa accidentada e épica chegada a Galicia para ser coroado rei: “...e *aportarom com ell cimquo cavalleyros, e nom mais; e de huu delles veerom os de Trasentos; e de outro os marinhos; e de outro os dambroa; e de outro os beltranes de nendos; e de outro os dandrada de bragaa*”. Posteriormente o autor anónimo da Crónica de Don Servando², bebeu sen dúbida deste relato anterior, chegando a afirmar que Beltranes e Tracentos (sic): “*Esta toda he unha gerazón, ten seu soar junto das Pontesdeyme. Tran por divisa unha agia coronada, e cinco estrelas, e duos porcos monteses e dous lanzos en campo verde*”. Todas estas informacións de escaso interés histórico, axudan nembargantes a enmarcar xeográficamente a esta saga, que conta con fondas reigames na comarca eumesa, e que por causas determinadas pasarán a ocupar un posto preferencial na terra veciña de Trasancos. A estas causas axudaron o estaren baixo a protección, e servizo durante xeracións, dos condes de Trastámara, especialmente nos tempos de don Gómez González, e do seu fillo don Rodrigo Gómez. As principais figuras da liñaxe: Froyla Atániz, Nuño Páez, e Lopo Núñez, -oficiais baixo a autoridade distes condes- servíron como prestameiros en diferentes mandacións da comarca como foron: Caamouco, Sillobre e Trasancos. Tras ocupar ista última *Nuno Pelagii*, o nome dista terra ficará definitivamente vencellada ó patronímico dos seus descendentes, de xeito que como “Trasancos”, pasarán á nosa historia, deixando a súa pegada documental, e historiográfica, que recollemos neste traballo facendo un breve percorrido, a través de cada un dos individuos da liñaxe, e dos fitos máis sobresaíntes dos seus ciclos vitais.

OS ANTECEDENTES

Para comprende-lo desembarco na terra veciña de Trasancos no século XIII, dunha liñaxe como dixemos en orixe, eumesa, imos a remontarnos os antecedentes por liña materna dos Atániz. Así o testamento do primeiro membro da saga: *Atham Froyla*, asínao e confirmao a súa muller

1. Nobiliario dEspanha escrita por don Pedro filho de don Dinis. Torre do Tombo. Fol 28.

2. A Historia de Don Sevando. Estudo e Edizón de José António Souto Cabo. Páx. 78.

domna Enxemena. Trátase na nosa opinión, da mesma *Exemena Gonzalviz*, que aparece nun documento sen data, do cartulario de Caaveiro, onde se citan os divisioneiros de Santa María de Trasancos:

“Hec sunt divisiones Sancte Mane Maiore de Trasanquis, videlicet Suarius Pelaiz fuit marito da ona donna Hermesenda, et habuerunt tres filios: Gundisalvus Suarici et Fernanda Suarici et Elvira Suariz. Mortus pater et mater illorum diviserunt ipsa ecclesia inter se in tres partes. Et Gundislaus Suariz habuit sex filios: Oveco Gundisalziz et Azenda Gundisalziz et Froyla Gundisalziz et Gontrode Gonzalziz et Hermesenda Gonzalziz et Exemena Gonzalziz. Nato Ovequo Gundisalziz, dedit ei sua thia Elvira Suariz una cum viro suo Osor<io> Iunce, terciam de ipsa ecclesia in afiliacione, sua porcione integra, et ipso Ovequo Gundisalziz de alia terciam que fuit de pater suus, habuit terciam sexta pro se, et sextam de Azenda Gundisalziz, que habuit per iudicium que iudicavit Petrus Gonzalviz ante comite Fernandus”³.

Dona Ximena tiña ademais outros dous irmáns, segundo creemos, non citados no documento arriba reproducido: *Alfonso Gundisalziz* e *domna Guncina Gundisalziz*, muller de don Rodrigo Froilaz, señor de Trasancos, e irmán do conde de Traba: don Pedro. Ámbolos dous: Alfonso e Guncina, aparecen relacionados noutro documento de San Xoán de Caaveiro datado en 1106, polo que Rodrigo Fróilaz maila súa muller, doan o mosteiro a cuarta parte de Igrexa de Santa María de Castro, en terra de Pruzos⁴. O matrimonio recibira catro partes da fregresía por ganancia do dito Afonso Gundisalziz, que os tiña pola súa nai, e compartía co seu sobriño: *Froyla Ataniz*; fillo de dona Enxemena Gundisalziz como imos a ver a continuación, e citada no texto anterior.

O pai de dona Ximena, don Gonzalo Suárez, pola súa banda debe se-lo mesmo que confirma un documento no ano 1086, de don *Froilani Petriz Vermudiz*, o pai de Rodrigo Froilaz de Traba, (e o seu propio consogro), nunha importante doazón o mosteiro de San Martiño de Xubia⁵.

ATHAN FROYLA

O único documento que coñecemos diste personaxe, consiste na súa doazón testamentaria feita o 31 de maio de 1092⁶, dunha servicialía no lugar de Boado, ó mosteiro de San Xoán de Caaveiro, en presenza dos seus fillos: *Gistrerio Athaniz*, *Veremudus Athaniz*, *Oveco Athaniz* e *Furtunius Athaniz*, os que impón unha multa de 500 soldos, maila súa maldición, si contradixeran a súa manda. Confirma o documento como xa dixemos, súa muller *domna Enxemena*. Engadiremos ademais entre os seus fillos, os nomes de: *Godina Athaniz*, e *Froyla Athaniz*.

3. FERNÁNDEZ DE VIANA Y VIEITES, José Ignacio, y GONZÁLEZ BALASCH, María Teresa. *Cátedra* nº 3 e 4. doc. 136, páx. 433. En *Adiante CAAVEIRO*.

4. *Ibidem*, doc. 197, páx. 277, 278. “...Alfonso Gundisalziz et ipse Adefonsus habuit de illa IIIª parte duas partes de matri sue, IIIª vero patem habuit de suo soprino Froyla Ataniz...”.

5. MONTERO DÍAZ, Santiago. *La colección diplomática de San Martín de Juvia*. Doc. IX, pág. 62, 63. En *adiante: XUBIA*.

6. CAAVEIRO. doc. 77. páx. 383. Rexesta: Atham Froylaz doa a Caaveiro unha servicialía na vila de Boado, fregresía de Franza. En *adiante: CAAVEIRO*.

FROYLA ATHANIZ

Ainda que non o atopamos xunto os seus irmáns na doazón paterna a Caaveiro; témo-la certeza da súa filiación con *Atham Froyla*, a través da seguinte relación xenealóxica do mosteiro de Santa María de Sobrado⁷, no que aparece xunto o seu irmán Guistrario/Gistrerio, quen si é citado no documento anterior:

KARTA DE DOMBRETH. “...*De Froyla Athanit et Guistrario Athanit ambos iermanos. De Frola Athanit nati Orracha Froyla et Marina Froyla et Eluira Froyla. Hec est una medietate. De Guistrario Athanit nati Guter Uistrarit, Martinus, Vistrarit et Petrus Guistrarit et Orracha Guistrarit, Iohanne Guistrarit, hec est alia medietate. Predicta medietate dedi eam Garsia Gutrit ad Superaddo per manu abbate domno Fernando Petri pro familiaritate quod habet cum Superaddo, et alia medietate gaanamus III^a parte pro Orracha Froyla et III^a parte de Marina Froyla et III^a parte gaanamus medietate de predicta III^a de Froyla Herit et uxori sue Eluira Ouequit et alia medietate dedi uobis eam Rudericus Ouequiz, filio de Ouequs Uacario iure perpetuu. De monte Uincenti medietate de Borgondo et III^a pro regia et III^a pur gentes et filios de Froyla Roderici de Parrega et neptos de Orracha Guistrarit miserunt predicta hereditate in calumpnia et fratres Superaddi fecerunt compositione super illa et dederunt uno equo ad filios de Froyla Roderici, scilicet, Ouequs Froyle et Petrus Froyle”.*

O documento ven a se-la pedra roseta da liñaxe, como tantos outros documentos de Sobrado, que sen a súa existencia, o estado da xenealoxía Alto Medieval en Galicia, sería ben distinta. Irémolo pois desgraándoo paseniñamente, escomenzando por citar de pasada os descendentes directos de *Froyla Athaniz*, as súas fillas: *Orracha Froyla et Marina Froyla et Eluira Froyla*. Destacamos tamén a unha sobriña de Froila Atán, chamada Urraca Guistrarit, que emparentaría coa liñaxe dos Parga, sendo muller de *Afonso Munizz de Chorio*, tendo por filla a: *Marinam Afonsi*, muller a súa vez de *Froyla Roderici de Parrega* (ou de Guitiriz)⁸, e por netos a: *Ouequs Froyle et Petrus Froyle*. Tornaremos enriba do mesmo texto o longo do traballo, para completar o seu esquema xenealóxico.

Froila Atániz ten un percorrido documental que abarca dende o ano 1083⁹ ó 1192¹⁰, o que é a todas luces inviable, xa que facendo un sinxelo cálculo de que na primeira data, tería como mínimo o redor de 25 anos, daríanos como resultado unha vida continuada de 134. É dicir que estamos ante un error de datación, ou posiblemente ante dous persoeiros homónimos; o que temos por máis certo. Intentando discernir entre ambos, tomamos como a data inicial a de 1083, pola sinxela razón de que neste período aparece tamén documentado o seu irmán: *Veremudus Athaniz*, como *miles* na documentación do mosteiro de San Xoán de Caaveiro¹¹.

7. LOSCERTALES DE G. DE VALDEAVELLANO, Pilar. *Tumbos del Monasterio de Sobrado de los Monjes*. Vol. I, doc. 464. fols. 142 v.-143 v. Ibidem. En adiante: SOBADO.

8. SOBADO. Vol. I, doc. 448.

9. CAAVEIRO. Doc. 78, páx. 384.

10. CAAVEIRO. Doc. 143, páx. 226.

11. CAAVEIRO. Doc. 50, páx. 359, 360. Datado no ano 1094, e anteriormente: Doc. 13, do ano 1083.

No ano 1102 no tempo do conde don Fernando, aparece como prestameiro (posiblemente en Caamouco), e representante del-Rey, nunha disputa entre Munio Muniz, e o mosteiro de Caaveiro¹². O noso personaxe no ano 1153, xunto a súa muller *domna Elio*, doan a Caaveiro a cuarta parte da igrexa de San Martiño da Marnela, xunto a unha servicialía en San Estevo de Irís, e a sexta parte da fregresía de Santa María de Castro anteriormente citada¹³. A partir de ista derradeira data, non podemos achacar ningún outro documento ó noso *Froyla Athaniz*, posto que o seu ciclo vital ficaría fora da normalidade.

Dona Elio aparece tamén citada noutro documento de Caaveiro, datado no ano 1084, no que xunto o seu irmán chamado *Pelaio Furtunuci*, mailo fillo dela: *Menindu F(r)oilinci*, venden o cuñado de dona Elio, Vermudo Atániz o seu herdamentos nos vilares chamados de Bertoña e Vilar¹⁴. Como xa quedara visto, don Froyla Atániz e dona Elio, tamén foran pais de: Urraca, Mariña e Elvira Fróilaz. Outra filla engadiremos deseguida: *Godo Froylaz*, e tamén posiblemente a un: *Martino Froylaz*.

MENENDO FROILAZ

Aparece confirmando varios documentos xunto o seu pai, entre os anos 1114 ó 1117¹⁵. En todos eles atopámolo co seu patronímico deformado baixo as formas: *Foilinci*, *Foloyniz*, e *Foyit*. Só unha vez aparece o seu nome correctamente, trátase dun documento do ano 1143¹⁶, polo que Munio Rodríguez e Godina Athaniz, doan a Caaveiro canto teñen en Maniños e en Santa Mariña de Sillobre, e que anteriormente compraran de: "*Menendo Froylaz et de sua germana Godo Froylaz*", e outra parte que gañaran de Martiño Froylaz, posiblemente irmán dos anteriores. Diste Menendo Froylaz, ademais dos Trasancos, descenderán asemade a liñaxe dos Sillobre, e a través da súa neta dona Urraca González, os propios Andrade de Pontedeume.

PELAGIO MENENDIZ

Documentado dende o primeiro de maio do ano 1148 nunha carta de familiaridade pola que *Gudo Petri*, doa a Caaveiro a metade da súa herdade na vila de Perlío, ademais do que ten en San Xoán¹⁷. Máis tarde no ano 1174, xunto a súa muller *Gontrode Ruderici*, e ambos na compañía de sus hijos, fan unha venda o mesmo mosteiro da sexta parte do vilar de Cuiña, trocándoo por un boi¹⁸. Confirma o documento en primeiro lugar, o seu fillo *Nuno Pelagii*, quen seis días antes da

12. CAAVEIRO. Doc. 66, páx. 373, 374.

13. CAAVEIRO. Doc. 41, páx. 351.

14. CAAVEIRO. Doc. 13, páx. 324, 325.

15. CAAVEIRO. Doc. 91, páx. 395. e tamén doc. 85, páx. 390, respectivamente.

16. CAAVEIRO. Doc. 89, páx. 393, 394. O transcritor anteriormente dátao en 1125.

17. CAAVEIRO. Doc. 98, páx. 401.

18. CAAVEIRO. Doc. 25, páx. 337.

data fixera doazón ó mosteiro da sexta parte do mesmo vilar¹⁹. Guntroda Rodríguez pola súa banda, era filla do: *Rudericus Ouequiz, filio de Ouequs Uacario*, que atopamos citado anteriormente no documento de Sobrado, na chamada: *karta de Dombreth*. Dous documentos ademais datados nos anos 1153 e 1155, identifican a *Nuno Pelagii*, como neto de Rodrigo Ovêquiz²⁰. O primeiro deles trátase da doazón de Froilán Atániz da súa parte da igrexa de San Martiño da Marnela a Caaveiro, segundo fica dito anteriormente.

NUNO PELAGII

Trátase da grande figura da liñaxe, prestameiro en Trasancos baixo o mandado do conde de Trastámara: don Gómez González, e tra-lo que, o nome dista terra ficará definitivamente xunguido o patronímico dos membros dista familia. Este fenómeno que vincula tenencias / nome de liñaxe, é similar o que de igual xeito observamos recentemente noutras sagas galegas, practicamente contemporaneas ós Trasancos²¹. Atopámolo ocupando a devandito cárrego de prestameiro dende o ano 1162²², ata o ano 1192²³. No ano 1187 compartíao con *Roderico Gondisalvi*, con quen aparece confirmando varios documentos en todo o seu percorrido documental.

No ano 1182, nun documento polo que El-Rey Fernando II, doa a Gómez Pérez o reguengo de Santa Baia de Aguada, asina o documento xunto a don Gómez González de Trastámara: *Nunus Pelagii de Tresancos*²⁴. No documento do ano 1192, fai doazón o mosteiro de San Xoán de Caaveiro, das vilas de Pantín e Figueredo, que comparte co seu irmán *Iohannes Pelait*, ademais dunha servicialía, xunto á cuarta parte da igrexa de San Martiño da Marnela, todo elo situado nas terras de Cedeira, que anteriormente no ano 1153, dera o mosteiro o seu (bis)avó: *Domnus Froyla Ataniz*²⁵.

LUPUS NUNIZ

Aparece asociado como prestamiero xunto o seu pai, confirmando a doazón do ano 1192 da Marnela a Caaveiro: “...*Prestamarios in Trasancos ego Nuno Pelagii cum filio meo Lupus*

19. CAAVEIRO. Doc. 24, páx. 336, 337.

20. Entre eles: CAAVEIRO. Doc. 41, páx. 351, tamén doc. 42, 352.

21. Para máis información: LAMIGUEIRO FERNÁNDEZ, Xosé Lois. “A liñaxe dos Valcarce: Addenda et corrigenda”. *Cadernos do Ateneo Eumés*, nº 5, páx. 49 á 59.

22. CAAVEIRO. Doc. 138, páx. 434.

23. CAAVEIRO. Doc. 142, páx. 225.

24. ROMANÍ MARTÍNEZ, Miguel. *Colección diplomática do mosteiro cisterciense de Sta. María de Oseira*. Vol I, doc. 72, páx. 86, 87. En adiante: OSEIRA.

25. “...*que iam dederat abio meo , domnus Froyla Ataniz, pro anima sua...*”, evidénciase que abio/avio, estase a usar de xeito xeral na nosa opinión, xa que segundo defendemos no presente traballo, Froyla Ataniz é o seu bisavó en realidade. Pensemos que iste derradeiro persoeiro xa é maior de idade no 1083, e dicir, que tería nado aproximadamente entre os anos 1050/60, facendo un cálculo estimativo de 25 anos por xeración, o seu bisneto Nuño Páez, vería o mundo entre os anos 1125 ó 1135, polo que é comprensible que xa teña presenza documental no ano 1153; sendo maior de idade na doazón do seu bisavó, que amosa un indicio de que efectivamente debeu, Froyla Atán, de alcanzar unha idade considerable.

A su paso por Miño, es probable que el marqués se detenga unos momentos, requerido por los amigos de aquel pintoresco puato, que desean testimoniarse su gratitud con motivo de la concesión de algunas mejoras, tales como la nueva iglesia parroquial y la carretera de la playa de Miño á Villarmayor.

Saldrá á recibirle en Miño una comisión de vecinos.

También irá el marqués á Fene, en donde le será ofrecido un *lunch*. El ministro regresará á las Torres el mismo día.

EL MARQUÉS DE FIGUEROA

(Por telégrafo)

Visita á Puente deume

PUNTEDEUME 17.—16.—A las diez y media de esta mañana llegó á Puente deume el diputado á Cortes por el distrito y ministro de Gracia y Justicia, señor marqués de Figueroa.

Desde sus posesiones de las Torres hizo el viaje en automóvil.

El disparo de multitud de bombas anunció la llegada, concurriendo á saludarle diversas comisiones, la plana mayor del partido conservador, las autoridades y gentío inmenso.

Se le tributó entusiasta recibimiento.

El marqués de Figueroa se dirigió al domicilio del jefe de los conservadores D. Roman Álvarez. Allí se organizó la recepción, recibiendo el ministro á diversas comisiones, entidades y representaciones de los Ayuntamientos del partido.

Terminada la recepción, se celebró una comida íntima en el domicilio del Sr. Álvarez, á la que asistieron personas de la intimidad del anfitrión.

A los postres acudieron diversas entidades, que fueron obsequiadas con Champagne.

Terminada la comida, el ilustre viajero recorrió la villa, siendo objeto de entusiásticas aclamaciones. Hay que consignar, que el marqués de Figueroa se ha opuesto á todo género de fastuosos homenajes, signifi-
ficándolo así á sus amigos.

A las cinco de la tarde, en automóvil, salió de Puente deume, dirigiéndose á sus posesiones de Carral. El vecindario le tributó calurosa despedida, repitiéndose el disparo de bombas.—*El Corresponsal.*

Según nos escriben de Miño, al paso del marqués por allí, sus amigos políticos le saludaron con bombas y aclamaciones. El marqués se detuvo unos momentos en la posesión del Sr. Ramos Quiroga, en donde fué saludado por el Ayuntamiento, el médico del distrito Sr. Tejada y otros calificados conservadores.

Desde Miño, siguió viaje el marqués á Betanzos.

En la histórica ciudad, esperaban el paso del ministro de Gracia y Justicia, la banda municipal, las autoridades, comisiones y numerosos amigos. El paso del marqués se anunció con el disparo de profusión de bombas.

El distinguido viajero saludó á todos y tras un breve cambio de impresiones, siguió viaje á las Torres.

Mañana comerán con el marqués en su finca de Carral, algunos amigos políticos de Betanzos.

Correo de Galicia

(De nuestros corresponsales)

Pontedeume 21.

La carretera de la estación, según noticias de nuestro representante en Cortes, va á construírse inmediatamente, y como el plazo apremia, es de necesidad que el Ayuntamiento solicite con urgencia del Ministerio de Fomento, que se suspenda la construcción, desde la plaza del Ounde al puente de esta villa, para evitar que el muelle quede inutilizado con el gran terraplén que hay que levantar junto al Torreón y que en disminución continuará hasta el puente; pues quedando por ahora la carretera en la plaza del Ounde, será la base para la construcción de la que partiendo de dicha plaza vaya á Queijeiro enlazando en la de Rejoy, consiguiéndose con esto la gran vía, aspiración de todo el pueblo.

—Las fiestas de las Virtudes en esta villa, se celebraron como en años anteriores sin ninguna variación en el programa, que se halla confeccionado desde tiempos remotos. Lo único que llamó la atención fué la iluminación á la veneciana presentada por el Sr. Castiñeira, y los bonitos fuegos artificiales que honran al pirotécnico de Ferrol, D. Francisco Martínez.

—Hace días ha fallecido en esta villa la señora doña María Leira Rey, que gozaba de generales simpatías por las buenas cualidades que le adornaban. A su distinguida familia y en particular á su joven viudo D. Ramón Fernández Freijeiro, secretario del Ayuntamiento de Valdoviño, reiteramos nuestro pésame.

—El orfeón «Coro H» resumirá en breve los ensayos, para en el próximo verano hacer excursiones á algunas ciudades de la región.

Han salido para Santiago los jóvenes don Pío García Novoa y D. Rodrigo Álvarez Pardo.

—Acompañado de su distinguida familia estuvo en este pueblo nuestro respetable amigo D. José María Franco de Villalobos.

La salud y la enseñanza en Puente deume

PARA EL GOBERNADOR

Como en esta bendita tierra para que las autoridades obliguen a los vecinos a cumplir con los más rudimentarios deberes de higiene, se necesita que asome por algún lado cualquiera de las epidemias que arrasan a los pueblos, digo a los habitantes, porque los pueblos quedan en pie, y alguno para ser útil debía desaparecer sino por epidemia por cremación, llega la ocasión de que el señor gobernador se entere de la limpieza de calles y alcantarillado que se gastan en la villa de Puente deume, cuya hermosura panorámica está a la altura de la santidad perpétua de sus calles, caños y casas.

Los adultos de ese pueblo deben de ser inmunes a toda invasión de microbios sean éstos de la clase que sean, porque de otra suerte el cólera, el tífus, (hay bastante) y la tísia, debían ser huéspedes perpétuos de aquella población; pero en cambio los niños son víctimas de la incuria de las autoridades locales y de los pacíficos vecinos que soportan ese criminal abandono por disciplina cacial.

Cualquiera enfermedad contagiosa que pasa por ese pueblo merma los niños como la emigración merma los jóvenes, y gracias a esto queda el pueblo reducido a viejos y mujeres que rebasan el período de la pubertad y entran en el de la inmunidad microbica, aunque también se dan casos de no serlo y pagar el tributo de infección en el cementerio.

Con aguas riquísimas se consiente que las cañerías de conducción estén rotas y sean conductoras de las basuras que recolectan a su paso; de manera que no sólo se merma el necesario líquido, sino que se le corrompe. Dícese, como única contestación, que no hay dinero; pero lo que no hay es voluntad, porque tiene el Ayuntamiento, no sólo medios de arbitrar dinero, sino de no emplearlo en cosas de menos importancia que la salud pública.

Bueno sería también que el señor gobernador preguntase a la Junta de instrucción pública de dicha villa, por qué en vez de un local para escuela limpio y ventilado por lo menos, tiene un barracón inundo cuyo piso podrido tiene dado más de un sueto y un disgusto a los niños que han sufrido contusiones hundiéndose las tablas que pisan; y por qué ninguna ventana tiene más que el sitio donde te hubo cristales, sustituyéndolos por rejillas de alambre a pesar de no gozar el privilegio de disfrutar la estación de verano perpétuo, y sí, por el contrario, casi invierno constante en aquel local, más propio para bodega que para escuela.

Es realmente, a más de antihigiénica, antihumana, y la seguridad de que el gobernador ignore estas atrocidades, me mueve a enviarle a LA VOZ DE GALICIA estos renglones. Si los pasa por la vista dicha autoridad, seguramente que le hará entender al señor alcalde, más en esta ocasión que en otra, que no basta ser una persona honrada y buena, para ejercer ese puesto, que es preciso tener idea del sagrado deber de velar por la salud y la instrucción públicas y que las complacencias y el *qué le hemos de hacer*, están buenos para su casa; que de la entereza que demuestra para conservar la hegemonía electoral debe dársele algo para esos primeros y primordiales deberes que citamos, tan fáciles como ineludibles de cumplir.

M. ODAGLAS.

Pontedeume 13.

Días pasados, cuando el ordenanza y el celador de Telégrafos, habían salido de la estación de esta villa, á distribuir el servicio recibido, entró en aquellas oficinas, hallándose en el aparato el encargado, una pobre demente, sustrayendo un telegrama dirigido á Aros, que horas después fué devuelto á aquellas oficinas por una persona á quien se la entregaron. Dícenos que días atrás, la misma demente, se apoderó en Correos de cinco cartas que desaparecieron. Llamamos la atención del jefe del Centro y administrador principal de La Coruña, para que vean de poner coto á este estado de cosas, que reclama el secreto que debe tener la correspondencia.

A propósito de Telégrafos, quédanse de que un despacho depositado aquí á las cinco de la tarde del 29 del pasado, para La Coruña, no haya sido entregado al destinatario hasta el 30, á pesar de ser persona conocidísima en aquel centro.

—¡Qué contraste ofrecen las medidas sanitarias adoptadas en La Coruña, con la pasividad de esta junta local de Sanidad, ante la viruela que existe en la parroquia de Andrade! Según mis noticias son bastantes los atacados, por lo que sería conveniente los aislaran á evitar el contagio.

—Llama mucho la atención el abandono en que se halla la inspección de los alimentos en este pueblo. La carne vacuna que aquí se vende, procede, en su mayoría, de vacas tíficas que se adquieren por 20 ó 30 pesetas, como hemos podido observar en la última feria del 22: en el mercado nadie inspecciona ni las reses presentadas para sacrificar reúnen las circunstancias de salubridad; y en el pueblo se dejan introducir libremente las carnes muertas, cuando lo que procedía era prohibir terminantemente su entrada, como acontece en todas las poblaciones. Casi diariamente se venden en este mercado unas merluzas pequeñas en completo estado de putrefacción, y tenemos conocimiento de más de un caso, de varicela atacada alguna persona de una especie de

colerina, á causa de haberse ingerido el pescado en esas condiciones. Y por último, el vino, la leche, el pan, etc., si se practica análisis bacteriológico, de seguro que se descomponen todo. Esto seguramente molestará, pero creo que por encima de los intereses industriales está la salubridad pública; por lo que exigiendo en este pueblo dos médicos titulares y un veterinario, sería conveniente se organizaran unas comisiones que inspeccionasen los alimentos que se ponen á la venta.

—Si esta autoridad de Marina no lo evita, dentro de muy poco tiempo quedará completamente cortada la entrada de este puerto. Los numerosos barcos que vienen á buscar pinos, tiran el lastre que traen en la punta del estrecho, por lo que sería conveniente que los marineros se pusiesen al habla con el ayuntamiento de Marina.

—El joven economo de Villar D. Antonio Sierro Fernández, dícese que ha sido propuesto para aquel curato, por lo que le felicitamos. —Pena.

LA HIGIENE EN PUENTEDEUME

«Sr. Director de LA VOZ DE GALICIA.

Muy señor mío: La satisfacción con que se vió en este pueblo el articulito publicado en el periódico de su digna dirección el día 9 del corriente firmado por M. Odaglas—muy señor ó señora mía—nos anima á molestar á V. para participarle que en este mal administrado y peor atendido pueblo, hay algo más atentatorio á la salud, á la higiene y á la estética que lo que aquel ó aquella firmante expuso al señor gobernador y que merece algún correctivo para nuestra cómoda ó indolente autoridad municipal, que permite que los niños vaguen solos y sucios por las calles, sin más enseñanza que la de aspirantes á golfos, á cambio de que los cerdos salgan á pacer y hacer sus necesidades limpias y acompañados por sus dueños ó delegados apercebidos en caso contrario de multas que se hacen efectivas con mayor empeño que cuando se arrojan á las calles aguas sucias y otras materias.

Condenado éste pueblo, si el señor gobernador no pone coto, á padecer *ad perpetuum* los contrasentidos del alcalde y sus adjuntos los concejales, vemos y consentimos que el único sitio que podía tener el pueblo para su esparcimiento llamado campo de Rajoy, mal destinado á campo de ruín feria de ganado, lo ha convertido el Sr. D. Ra-

món Alvarez, alcalde constitucional, sin tener en cuenta ni el nombre ni el fin con que fué creado, en un depósito de escombros y otras materias que terminará por una gran estercolera, la cual parece que tiene empeño en regalar á sus administrados á pesar de que protestan constantemente contra este obsequio.

De lo expuesto y de otras atrocidades que se cometen y consenten contra la salud pública, que debe estar por encima de las conveniencias caciquiles y de otro orden que en este pueblo imperan, haría un gran servicio LA VOZ con denunciarlas en tan acreditado periódico que seguramente leerá el señor gobernador, quien está dando pruebas en esa capital de que se interesa por la salud del pueblo, y esta es la mayor razón que nos anima á solicitar su auxilio, seguros de que si no lo hizo ya, llamará al orden al alcalde y le hará tomar ejemplo del que ustedes disfrutaban en esa ciudad, que cogió la escoba con cariño y barre de modo que se se lo agradezcan todas las personas cultas, y han de agradecerse también mañana los descontentos de hoy: eso quisieran para el alcalde de Puente de Ume,

Varios vecinos.

Entre nuestros correspondientes

Ferrol S.

Fué nombrado vicepresidente del Casino Ferrolano, el distinguido jurisconsulto, don Manuel Torrente.

—En San Martín do Porto le fué incendiado un pejar al rico agricultor de allí, don Juan Fernández. Las pérdidas son de consideración. La benemórita realiza gestiones para descubrir á los autores de este hecho criminal.

—Hoy, á las nueve de la mañana, se dirá una misa en la capilla del Oarmen, en sufragio de la ilustre escritora ferrolana, doña Concepción Arenal.

Sufrega el religioso acto la junta de señoras de la escuela asilo *Concepción Arenal*.

20 de decembro de 1908

O MISTERIO DO TRISQUEL NA RELIXIÓN CELTA ANCESTRAL MONOTEÍSMO TRINITARIO ANTECEDENTE DO PRESENTE CRISTIÁN

Andrés Pena Graña

Arqueólogo do Concello de Narón

Ao meu carísimo amigo Eulogio Losada Badía,
doutor de estado, egregio indoeuropeísta.
Cabalga xa con Rhiannon. *In memoriam.*

Estes papeis forman parte da nosa tese, dirixida polo Académico José M^a Luzón Nogué, e pola enton directora do departamento de Historia I da USC Raquel Casal García. O autor agradece a axuda dos directores e máis a dos profesores Fernando Acuña Castroviejo e Francisco Marco Simón. Sin eles estes papeis non terían sido escritos.

Postulando un enfoque monoteísta trinitario para a relixión celta -autopsia (“visión”), tamén compartida por outros estudosos da relixión celta aínda que dun xeito máis parcial e fragmentario-, o promptema desenvolvido polo autor na súa tese de doutoramento *Treba e Territorium* USC, 2004, agora compendiado nestes papeis, explica acaso por primeira vez (2004), neste tipo de literatura científica europea dun xeito coherente o funcionamento do sistema teocrático Celta, basicamente unha reiteración de categorías diviñas apostas a un Triple Deus ou a unha Triple Virxe.

Sinalando a función do deus da roda solar como psicopompos condutor dos mortos, no seu aspecto decadente ou solsticial de segundo “paso do sol”, establecemos no ámbito xeográfico celtoatlántico, obxecto das nosas autopsias, o celebratorio *piaculum* da expulsión do inverno nas bandas indoeuropeas (2004).

POLIFUNCIONAL PANTEÓN CELTA

A divindade que máis veneran é Mercurio. As súas estatuas son as máis numerosas, ven nel ao inventor de todas as artes, considerándoo como o guía dos viaxeros nos camiños e o que ten o poder para outorgar as maiores gañancias monetarias e favorecer o comercio (César, *B.G.* VI. 17).

Aínda podendo os cambios sociais provocar ao longo do tempo alteracións, xa nos esquemas míticos xa nos relixiosos, o certo é que as relixións, ao remontárense os seus inveterados usos a séculos se non a milleiros de anos de antigüidade, non adoitan reflectir nen nos seus contidos nen na súa praxe -talvez constituía o Islam unha excepción- a realidade social dos seus actuais

crentes ou practicantes. Pretender que vetustísimos mitos, transpasando séculos e aínda milenios, expresan hoxe nos seus ecos a actual realidade social dos crentes, pode resultar ilusorio.

Convense en que os Deuses da Primeira Función, ás veces unha parella antitética, son ordenadores e administradores do Cosmos, correspondendo as súas funcións no plano político e temporal, é dicir na treba, coas do rei e coas do sacerdote; o deus Creador, o “Bo Pai”, o “Luminoso”, o “Todopoderoso”, tería pola súa banda como contrapunto ao deus desestabilizador, sombrío e treboso¹. Os Deuses da Segunda Función son fortes, animosos e violentos, invocados como *Segos* “Vitorioso” no combate igual que entre os Cristiáns da Idade Media o *Santiago Matamoros*, fillo do Trono. Os Deuses da Terceira Función, máis complexos, virían teoricamente a ser, aínda que iso resulte inaplicable para a relixión celta², os deuses que acrecen: os do amor, os da rexeneración, os da natureza viva que se renova e se incrementa, os da saúde, os da enfermidade, os da morte e os do Alén.

O modelo funciona moi ben en xeral, permitindo distribuír por temas ou funcións, como os libros nos espazosos andeis dunha biblioteca, a deuses e divinas categorías, pero no baúl do autoritario réxime de padroado e clientela celta a trifuncionalidade só parece encaixar “a presión”, reducíndose esencialmente ás funcións no político entre os Celtas, igual que seica na arcaica Roma segundo mostra unha fragmentaria pasaxe de Festo á que nos referiremos ao falar sobre a orixe do sistema feudal Atlántico, a dous, descansando o sistema, xa en tempos de paz xa en tempos de guerra, sobre a vertical mutua relación de dereitos e obrigas establecida entre os señores ou propietarios e os granxeiros ou dependentes.

Carecendo este sistema dunha clase ou caste exclusiva da segunda función, a relación horizontal *inter pares*, entre iguais, derivase do *ethos* cabaleiresco no caso dos señores e dunha *consuetam rationem* de usos e costumes no caso dos non señores. Chegado o momento, ante unha alarma en tempo de guerra, toda a sociedade, o *Grád Túaithe*, os graos da sociedade laica dunha treba, os habitantes, as xentes, “*gentes*” ou “poboación” sen máis, os que se encontran en idade militar, os reservistas, e ata as mulleres e os pequenos se fai falta, comparten e soportan o



Coloso de Braga, posible representación dun tonante

1. Pero no mundo céltico o papel social desempeñado ante a guerra polo rei e polo druída fai que a primeira función absorba á segunda, e aínda á terceira, pois ao entronizarse o rei vencéllase, “casa” coa Deusa Nai, encarnación da treba e do país, e esta unión garante, dependendo do seu recto goberno, a lactación das vacas e das ovellas, a fertilidade dos campos e a abundancia de froitos nas árbores.
2. Pois tamén aquí esencialmente moitos aspectos da terceira función son asumidos pola primeira p.e, *Mars Coso*, *Cos / Iovi*.

común destino da Treba: ardidos líderes e intrépidos capitáns cabalgando sobre os seus cabalos os señores propietarios; empuñando as espadas os colonos granxeiros ou tomando as lanzas os xóvens con virtude, arroxo e heroísmo de soldados sobre os seus firmes pés, e tras de todos van alentando as esposas e os fillos. Manténdose inalterado este modelo durante centos senón miles de anos, nos mitos celtas os deuses si parecen reflectir esta aparentemente ambigua ordenación.

Os deuses celtas fóronnos transmitidos, como en Cabeço das Fraguas, Lamas de Moledo, etc.³, pola non sempre precisa *interpretatio* epigráfica celto-romana e a miúdo interpretados pola non menos ás veces aparvada *interpretatio* lingüística⁴. Nas fontes, através da mirada e *interpretatio* romana, chegarónnos fragmentariamente descritos os deuses celtas: vemos a *Iuppiter / Taranus*, a *Esus* e a *Vulcano* nos textos dos *Comentarii* de César⁵, definidos co que Dottin denomina “physionomie incomplète, sinon inexacte”⁶, ou nuns versos de Lucano dos *Commenta Bernensia*. En canto a *Taranus*, Júpiter / Taranis, o vello deus indoeuropeo do raio e do fulgor⁷, aparece por exemplo na *interpretatio* celto-romana ora como *Iuppiter Taraunucus*, mencionado segundo Jan De Vries por unha inscrición de Scardona en Dalmacia⁸, ora como *I.O.M.Tanaro*⁹,

mencionado por unha inscrición do 168 d. C. orixinaria de Chester, ora como *Taraunucus*, mencionado por dúas inscricións de Godranstein¹⁰, preto de Landau e de Böckingen¹¹, xunto a Heilbronn, ambas en Alemaña.



Típico exemplo do cristianismo celta galego

Máis complexa que a cristiá, ou seica similar a ela, existe segundo tentaremos demostralo unha

3. Inscricións nunca anteriores á segunda metade do século II d. C.

4. É o caso da invención en inscricións con teónimos celto-romanos expresados en textos epigráficos celto-latinos dunha lingua chamada “Lusitano”, como mostrei en 1995 (Pena 1995) e como confirma agora o cadro epigráfico evolutivo de Monteagudo García mediante unha datación absoluta en base aos miliarios das letras epigrafiadas nas inscricións latinas (exceptuando está claro a letra ‘p’ que nos epigráficos fragmenta ou “cachiños” da perdida inscrición de Arroyo del Puerco, misteriosamente, precedería en catro séculos ao resto das demais letras, segundo o establecido sen ningún xénero de dúbidas, en principio, por un erudito, preciso e minucioso estudo de Francisco Villar).

5. G. WISSOW: *Archiv für Religionwissenschaft*, XIX, 1916-1919, pp.1-49.

6. GEORGES DOTTIN: *Manuel pour servir à l'étude de l'antiquité celtique*, 1906, p. 224.

7. Pena 1991: 156-162.

8. CIL III 2804.

9. CIL VII, 168.

10. CIL XIII, 6094.

11. CIL XIII, 6478.

Trindade celta incluíndo a un Deus Pai indoeuropeo, montaraz e tempestuoso, deus do trono, do raio, do fulgor e da treboada, ao que coñeceríamos polos seus epítetos temáticos *Oll Atair*, *Dagda*, así como por topónimos relativos aos montes que lle serven de morada ou aos puntos onde se lle adicaron santuarios, como Larouco, Ladicus, Candamo, etc., na Gallaecia e Hispania. É o *Poeninus* nos pasos alpinos da Galia e o *Uxellinus* en Austria¹².

POLIFUNCIONAL SOBERANÍA

A chamada función soberana, verticalmente de arriba abaixo, déixase sentir como unha fina choiva empapando no sistema piramidal celta a todas as demais funcións, sen que este tipo de estrutura social celta permita un panteón específico para cada unha das tres clásicas funcións dumezilianas. Aínda existindo etnias recoñecibles como celtas, aínda existindo indiscutibles linguas celtas e unha arqueoloxía institucional especificamente celta, o mundo céltico non está necesariamente restrinxido a aspectos “étnicos”, “lingüísticos” ou “arqueolóxicos”. Concibido amplamente como un concepto cultural¹³, o termo “celta” responde a unha forma de vida, a un equilibradísimo modelo organizativo territorial, a Territorios “Políticos Autónomos” internamente moi estruturados sobre un armazón clientelar de mutuas obrigas, entre señores e labregos, baixo un mando certo tan só limitado polo solemne compromiso do nobre rei que, no momento do seu entronización, obrigase a exercer con xustiza e rectitude, respectando as leis humanas e divinas, o goberno e a dirección da tribo. Do mantemento na tribo deste compromiso, fiscalizando o poder real con poder de excomunión ou de *execratio*, encárgase un alto e cultivado abate. Este aserto non nega a cada ámbito xurisdiccional, definido polo santuario, nen a particularidade dos deuses celtas circunscrita a situacións cambiantes dunha sociedade viva, nen certa funcional especialización puntual sinalada, explicitada ou restrinxida polos correspondentes epítetos compartidos en ocasións por unha mesma divindade, ora Marte, ora Xúpiter, ora Apolo, segundo sucede con *Lug*, *Lugh*, *Lugos*, *Leud*, *Lleu* (“Luminoso Deus”), *Mabon* (“Divino Mozo”), *Grannos* (“Granate”, “Brilante como a Grana”), *Belenos* (“Branquísimo”, “Brilantísimo”, “Belísimo”), *Cocidius* (“Guerreiro”, ou máis probablemente do w. *coch* “vermello”, ao que os romanos en Britannia comparaban con Marte), *Segos* (“Vitorioso” ou “Suxeitador”), *Uestius* (“hospedeiro [do Alén]”), *Brian* (“Forte”), etc., etc., sinalando A. Ross que “aínda que os deuses celtas non formaron unha única linaxe de deidades, como os seus ben organizados equivalentes gregos e romanos, tiñan certas áreas definidas de influencia”¹⁴.

O divino temor ou a reserva e o afán do mundo céltico por evitar a banalización do sacro en mans impías ou inexpertas puido ser responsable de que, quizáis inconscientemente viventes aínda no presente cristián, percibamos distantes e confusas unhas crenzas que puidesen en realidade sernos moi próximas. Acrecenta esta brétema ou desconcerto a nosa ignorancia ao non saber que, intensificando sen dúbida ora unha deidade illada ora un panteón único, a relixión celta

12. Véxase Miranda Jane GREEN, *Celtic Myths, British Museum*, 1993; trad. española: *Mitos Celtas*. “El pasado legendario”. Akal, Madrid. 1995, pp. 53.

13. Megaw & Megaw.

14. Anne ROSS, *Druídas, Deuses e Heroes na Mitoloxía Celta*. Trad. Colect. Ancoraioiro. E. X. B. Páx. 98 e 99.



Santísima Trindade coa Sagrada Familia nun altar da catedral de Braga. Distintas representacións dun único Deu

puidese acaso responder no fondo, *verborum immoderatio*, a unha concepción teolóxica “teísta trinitaria” *vel quasi* monoteísta, pouco afastada seica da elegante, sutil e enaltecida concepción trinitaria do noso monoteísmo Católico e Cristián, salvando está claro as distancias e as crenzas.

A relixión non é igualmente percibida por dous teólogos, nen moito menos por dous leigos ao nivel popular. Era frecuente en Galicia fai vinte anos atopar a persoas de setenta e oitenta anos sostendo que esta ou aquela virxe estaba casada con este ou aquel santo. E aínda que en principio a catequese obrigatoria puidese acabar con todo iso, existe nas manifestacións relixiosas ou piadosas populares entre os fregueses das parroquias galegas, segundo xa Risco sinalou, certa tendencia a instituír estrañas parentelas entre os propios santos e os santos dos veciños pobos e das parroquias veciñas:

“Outras veces, as irmás son deteminadamente as imaxes, que poden sere

do mesmo santo, incluso da Nosa Señora. Na leenda do Monte Faro dise que apareceron alí tres Virxes irmás; unha pidéu que a puxeran nunha parroquia do concello de Rodeiro, perto do monte Faro, que foi Santa María do Río; outra para fora do concello; e outra, que é a que está non cume do Faro, pois pidéu que a puxeran no máis outo, coa intención de ver ás súas irmás, e así ou fixeron”¹⁵.

Tal vez foran estes tipos de fenómenos os que variaron a inicial concepción monoteísta que Camille Jullian¹⁶ tiña da relixión celta, pois imaxinando el nos seus iniciais presupostos “que as confusións entre determinados deuses galo-romanos viñan dadas pola existencia dun deus prerromano plurifuncional”, abandonou logo esta idea inclinándose “por unha visión da relixión céltica composta de [diversas] grandes divindades amplamente adoradas que compartían o culto con outras entidades de carácter máis privado e localizado, [pois] a unidade relixiosa podería existir nun principio propugnada polos druídas que se erixiron en conservadores da tradición [...];

15. “Ó aparecer no monte, os dunha parroquia, chamada Santa Eulalia, quixéronna levar mais ela non quixo ir, decindo que estaba cansa e, ademáis, que pertencía a Sant-Iago de Requeixo (Chantada), polo cal é esta a que lle fai a festa, anque a cape-la serve de lindeiro entre as provincias de Lugo e Pontevedra. Denantes de chegar a Ela hai unha fonte milagreira, e a xente di que a fixo a Virxe cando viña visitar ás súas hirmás, chegando o burro que a levaba con moita sede. Ela petóu no chao cunha vara que traguía, facendo xurdil-a auga”. V. RISCO “Liturxia popular” in *Historia de Galicia I*, p. 365.

16. Camille JULLIAN. *Histoire de la Gaule*, vol.II. Paris 1909.

xunto aos grandes deuses da teoloxía oficial, coexistirían divindades locais ou rexionais de diverso tipo e, tamén, entidades relixiosas menores de carácter privado ou familiar”¹⁷.

En palabras de Jullian, «l’histoire religieuse de tous les peuples est celle d’une lutte entre le dieu des prêtres et le dieu de chacun»¹⁸.

Viuno, cóntao e ilústrao tamén Risco “[...] isto somentes representa a natural contradición que atopamos decote na mente humá. A devoción apegar á imaxe material. Tal é por mor de que a xente sexa tan apegada ás imaxes vellas e non queira de boa gana santos novos. En Mundil (Celanova) ao trataren unha vez de traer un santo novo, os veciños protestaron dicindo que deixaran quedar o que había, poilo novo non ía favorecer ós emigrantes”, sinalando tamén Vicente Risco como os devotos “van tocar na imaxe con rosarios, escapularios, medallas; refregan os panos nos pés e no corpo do santo, bécannos despois con moito respecto e gárdanos con coidado”¹⁹. Risco recolle como procuran o contacto coa imaxe “levando as andias na procesión ou indo collidos ás fitas atadas á imaxe”, e sobre todo como “ás veces maxinan parentesco entre os santos ou entre as súas imaxes. Na Limia din: San Juan de Reiriz / San Pedro de Sabariz / San Andrés de Guillamil, / Santa Marta de Ortigueira [...] / San Martiño de Candás, / Santa Cristina das Maus, / e San Adrián de Zapeáus, / todos sete eran irmaus”²⁰.

Nas súas «remarques préliminaires» á súa obra *La Religion des Celtes*, tamén viuno e cóntao ao seu xeito, aínda que desde outra perspectiva, Jan De Vries:

«Il convient d’examiner [...] en quoi consistent les sources et comment elles se présentent. Nous avons des renseignements fournis par les auteurs classiques, romains en particulier, et aussi des récits héroïques traités comme des légendes ayant trait à l’époque mythique originelle, donc fortement déformés, et dans lesquels sur bien des points on devine un fond mythique. Nous possédons également un certain nombre de documents archéologiques qui nous renseignent quelque peu sur le culte gaulois, mais surtout une grande quantité d’inscriptions et d’images de l’époque gallo-romaine»²¹. Il est évident, dès labord, que des sources de nature si variée ne

17. Cf. OLIVARES PEDREÑO, op.cit. 146.

18. Ibid., op.cit. 146.

19. VICENTE RISCO, “Etnografía, liturxia popular”, in *Historia de Galiza* dirixida por Ramón OTERO PEDRAYO: *A Terra O Home* - I p. 364.

20. “Seguramente a base dunha idea semellante formouse nas beira do Miño a leenda dos cinco ou dos sete Santos irmáus: San Felipe, San Pedro ad Vincula ou San Fins (?), San Marcos, San Mamete e San Domedio, Nomedio ou Amedio, cecais san Mamede e San Telmo, bañándose no río, afogóu, e os irmáus dedidiron rescatar o corpo, e, para elo rubiron cada un ó seu picouto, dos que hai arredor do Miño. Para abesullalo cando viñera a aboiar, e puxéronse onde hoxe están as eirexas ou ermidas respectivas. San Marcos era o que estaba máis perto do río, máis como iba canso, quedou durmido e, namentras, pasou polo río abaixo o cadavre de San Telmo, que non parou deica o val de Louro; como o corpo santo botaba moita luz, os outros irmáus vírona, e os que acodiron os primeiros foron San Fins e San Domedio, que o recolleron e sepultárono en terras de Tui. Na versión en que son sete, non figura San Telmo, e figura, en troques, San Xulián (ou San Xiao), o do Monte Aloia, mailo nome do santo que se afogóu no río non se sabe, e din que se perdeu no mar. Diste detalle quixose tirar un vencello coa leenda de San Brandán. ibid. p. 365.

21. Cf. G. DOTTIN, «A religion deas Gaulois», in RHR XXXVIII, 1898, p. 136, sur l’insuffisance des sources concernant la religion des Celtes.

sont pas sur le même plan. La même méthode ne peut pas être mise en oeuvre pour expliquer une légende et pour exploiter une image. Jusqu'à nos jours, les savants se partagent la confiance surtout aux auteurs romains, confiance dans les documents imagés; les seconds sont les plus nombreux, dans l'ensemble, parce que dans les images, c'est le peuple celta lui-même qui a exprimé ses croyances. Mais même ainsi, nous aurons à prendre position dès le début, car on ne peut pas mêler des choses aussi différentes. Dans notre monde chrétien, nous trouvons à la fois un dogme établi et un certain nombre de coutumes populaires qui sont loin de correspondre à ce dogme. Ceci nous incite à être prudents à propos de la religion des Celtes»²²

Sendo abismal a distancia que habitualmente separa das crenzas populares a formación teolóxica do seminario, plasmada nos difíciles libros de teoloxía, así como tamén dado o profundo significado dunha misa nun latín incomprensible ata hai pouco celebrada de costas ao pobo, compréndense as *sui generis* interpretacións da relixión oficial realizadas polos labregos, as formas rurais de formular a súa devoción, a súa piedade e o seu culto, intentando dar significado a todo o que se ignora e provocando ás veces a amable hilaridade dos curas nas parroquias. Pero aínda existindo estes usos e formas relixiosas, aínda en definitiva comendo iso a expresión corporativa e persoal da relixiosidade popular, aínda constituíndo as tradicións os alicerces sobre os cales descansan as crenzas dos fieis, a ninguén se lle ocorre, porque os labregos de determinadas aldeas crean que hai tres virxes irmás, negar o carácter monoteísta do Cristianismo a pesar da súa esencia trinitaria, nen moito menos pode pensarse que esta relixión careza dun definidísimo e perfectamente estruturado corpus doctrinal.

Sería posible que por este camiño, aceptando como Reinach facía que varias tribos puidesen acollerse á tutela dun mesmo deus - téndose creando devandito autor falsas expectativas ou ideas sobre a Relixión Celta -, considerar non como pancélticas “senón [como] divindades locais de pouca importancia, adoradas por certos pobos que habitaban entre o Sena e o Loira”²³, ás divindades *Teutates*, *Esus* e *Taranis* citadas por Lucano e os *Commenta*.

Se Vendryès, segundo Olivares Pedreño, “finalmente se decidía por adjudicar un carácter local a las divindades celtas mencionadas en las dedicaciones”²⁴, Lambrechts -segundo refire tamén o mesmo Olivares sen decidirse el tampouco por unha ou outra autopsia- percibiría claramente xa como “el gran número de epítetos de dioses conocidos que variaban de tribu en tribu no impide que dichos epítetos aludieran a grandes divindades comunes a todos ellos [...]. Para él estos epítetos tópicos son comunes a todos los pueblos y épocas, por lo que se trataría sólo de adap-

22. Jan DE VRIES. *La Religion des Celtes*, «remarques préliminaires» II.

23. Reinach 1908, I, 208-210. n.v.ex Juan Carlos OLIVARES PEDREÑO, op. cit., p. 145.

24. “Il résulte de ce rapide examen des dédicaces répandues à travers le monde celtique que ce qu'elles fournissent avant tout, c'est une nomenclature de divinités locales. Même en écartant celles dont la celticité est douteuse, on obtient un ensemble imposant, mais qui prouve seulement l'abondance et la variété des cultes locaux. Il n'en se dégage de cet ensemble aucune vue générale sur les conceptions religieuses des Celtes. On n'en trouve même pas trace de grandes divinités qui eussent été communes à tous les peuples celtiques. C'est comme dieux locaux ou incorporés à des dieux locaux que Mars ou Mercure ont été honorés” [Vendryès, 1948, 248] n.v.ex Juan Carlos OLIVARES PEDREÑO ibid. p. 145

taciones locais de una cosmogonía y de una teología [celta] estructurada por los druidas. La gran cantidad de representaciones escultóricas de un mismo tipo de divinidad descubiertas por todo el occidente europeo sería una clara demostración de que, pese a la variedad de denominaciones, existían divinidades adoradas simultáneamente por varios *populi*”²⁵.

Finalmente, interésanos destacar unha reseña de Olivares: “Mac Cana criticó también las posiciones ‘localistas’ afirmando que este aspecto de la religión celta se había exagerado en exceso obscureciendo la estructura esencial de la misma. En primer lugar, como ya Ross lo había planteado, Mac Cana incidía en que los múltiples nombres de divinidades conocidas no necesariamente implican una multiplicidad de dioses, puesto que unas mismas deidades podían ser conocidas según la región con diferentes denominaciones. Por otra parte, la adscripción local de muchos de estos dioses tampoco debía indicar la carencia de entidades de amplia difusión y significación”²⁶.

Veremos ao longo destes papeis como o Territorio Político Autónomo Celta, a tribo, é en tempos de paz, *Trebad*²⁷, un mundo institucionalmente complexísimo dirixido por nobres, homes e mulleres²⁸, que coidando aos seus fillos ata que estes cumpren seis ou sete anos abandóanos logo, dándoo en *fosterage* ou adopción aos seus vasalos para que estes últimos adéstrenos no servizo, a disciplina e o valor. As *trebas* ou “tribos” adoitan estar desunidas e enemizadas, sendo seica este o alto prezo que ha de pagarse por ser celta, porén, segundo albiscarémolo nas nosas follas, no campo institucional e relixioso todas as trebas comparten unha mesma cultura, posiblemente saturando un clero pancéltico dun similar contido sociopolítico e relixioso, común, por encima das rivalidades tribais das *civitates* / *populi*, “trebas” ou “toudos”, a cada un dos centenaes senón milleiros de territorios políticos autónomos habitados polos celtas.

Por encima das divisións tribais, con institucións de inspiración teocrática, con dogmas unitarios, cun férreo e estreito control vertical por parte dun clero xerárquico e colexiado provisto dun estruturado corpo teolóxico penosamente estudado nun dilatado espazo de tempo²⁹ polos aspirantes ao sacerdocio, a Relixión Celta e talvez un clero pancéltico xogan o seu papel. A existencia deste control por parte do clero -sirvan como paradigma os nosos papeis intitulados “O matrimonio do soberano encarnando á Terra ou Tribo coa Deusa nai”³⁰-, a acomodación ás feiras

25. OLIVARES PEDREÑO Op. cit. p.144. Lambrechts, 1942, 177 ss.

26. Mac Cana 1983, 22 “indeed one can not but reflect that if the Celts were monotheists at hearth, then they were remarkably successful in disguising this, for not merely have they fractured their single goodhead into a multiplicity of aliases, but they have also invested some of these with a convincing air of individuality” ibid. 23, in Olivares Pedreño. Op. cit. p.146.

27. *Trebad* é en Irlanda un mundo pacífico de propiedade privada e de posición social, de diademas, de viriae, de torques, de cetros de mando, de casas de baños e salóns de banquetes, de *briugaid* e *briugis* con fumarentos caldeiros, de cabalos, de mulas, de varas de xustiza, de bois, de vacas, de apeiros de labranza, de rendas, de diezmos, de servizos, de feiras, de romarías e de servizos relixiosos oficiados por un clero moi xerarquizado, especializado e sabio. Non falta o contrapunto de picotías, de forcas, de bandas e correrías de *enfants terribles* solteiros. En tempos de guerra as mulleres administran as terras, o gando, os servos e os bens familiares; en ausencia de *Trebad*, tras a bandeira tribal, fronte ao inimigo, os homes son unha puntigada, aceirada e espida vontade.

28. Con capacidade de actuación xurídica, non postergadas, accedendo ata á soberanía e á dirección do exército en ausencia de liña hereditaria masculina.

29. Que, descansadamente, permitiría hoxe obter en calquera universidade da EU polo menos cinco licenciaturas.

30. Pena 1994.

estacionais do sistema social expresado a través dunha relixión, etc., os dogmas posiblemente establecidos en concilios universais similares aos que, posto que Cristo non inventou tal tradición, forzosamente houbo de herdar a Igrexa Católica, os dogmas analisados desde a nenez en verdadeiros seminarios polos destinados á carreira eclesiástica, conforman o coherente armazón ideolóxico do sistema céltico.

É fundamentalmente a praxe dunha relixión institucionalizada -onde a Deusa Nai fúndese coa Treba nunha unión mística, onde se o rei é xeneroso as vacas dan leite, onde o exercizo da soberanía participa da divindade, comulga con ela e expresa a orde social- o que en catro feiras relixiosas estacionais une, conecta e constitúe o Celta. Por iso -César sabería moi ben de que estamos a falar-, para dominar e debilitar aos Celtas, facíase obsesivamente ineludible suprimir os seus altos vencellantes conchaves intertribais, asasinar aos máis sabios e destacados druídas e eliminar as sacerdotais xerarquías, destruíndo así o núcleo da Igrexa celta.

LOCAIS UNIVERSAIS, TRIBAIS UNIVERSAIS

Sabemos que, aínda referendándose en miles de antropónimos, Fátima e Lourdes son advocacións marianas cimentadas nos topónimos das súas capelas ou santuarios e que non son dúas persoas distintas, a pesar de estaren separadas por miles de kms. Pero consideramos “a do río Sena” *Sequana* e “a de Coventry”³¹, *Coventina* como dúas deusas diferentes e non como categorías divinas, ora recibindo o seu nome do santuario local, no Sena, ora no Muro de Hadrián, posiblemente en Coventry ou en Carrawburg³². Do mesmo xeito *Mars Albiorice* podería non ser “[Mars] Albiorix”, “Rei do Mundo” ou “[Marte] rei dos Albións”, senón “Marte dos **Albiorigos*”, como *Bituriga* (etimoloxicamente -*riga* “Raiña” + *bitu-* “da vida”) puido ser “dos *Bituriges*” e como ata o noso *Vestio Allonico* podería ser o “*Vestio*, “Hospedeiro”, **Gwest-ius*, xer. *gast*, ingl. *guest*, *Allonico* “dos Allóns” (ou “dos Allones”) que recibe aos mortos cos brazos abertos.

Descoñecendo o verdadeiro alcance da Igrexa Celta, carecéndose hoxe de suficientes datos relixiosos arqueoloxicamente escrarecidos, isto é coñecendo tan só ditos datos mediante a evidencia que nos chega como resultados da praxe popular pero ignorándose o *corpus* teolóxico no que, segundo veremos, poderían inscribirse os mesmos datos, lástrase a claridade dos feitos.

Vén sendo tópico o imputar a cada tribo os seus propios deuses baseándose esta atribución unicamente no inveterado hábito local dos celtas para designar, *pars pro toto*, ocultando intencionadamente o seu nome, ao omnipotente Deus, politécnico por definición, co temático epíteto alusivo á específica arte ou industria por el mesmo desenvolvido nunha concreta situación ou lugar. Devandito epíteto aparecería moitas veces acompañado polo topónimo do lugar ou do santuario onde o deus é venerado. Podería ser este o caso de *Bandua Veigebreaegus*³³ que significa,

31. Asociada ao auga, aos ríos e ao termalismo ou fontes con propiedades curativas. Probablemente a Vi-vianna, a Dama do Lago derive dunha Co-vianna ou Coentina, e sexa tamén a esposa de Merlín Gw-end (-ol)-oena = Coventina, posiblemente identificada polos romanos con Mnemosyne (Nimue é outro dos nomes da Dama do Lago).

32. A romana *Brocolitia*.

33. IRG IV 85.

seguramente, “O que ata ([o deus] Bandua) do castro [de Rairiz] daVeiga” (Ourense), lugar onde foi achada a ara coa inscrición do deus: *Bandua de Veigebreaegus*. É probablemente o caso de “O que ata [Bandua] de Lanobrica, “a cidade fortificada de [San Cibrán] de Lás”, tendo aparecido un altar ou ara coa inscrición *Bandua Lanobricae* a 1 Km do mencionado *oppidum* ou citania³⁴; e seríao tamén sen nengunha dúbida o de *Bandua [L]oncobric[a]*, “O que ata de Longobriga”, de conservarse completa a inscrición aparecida no lugar hoxe chamado Longroiva, Meda (Beira Alta, Distrito de A Guarda, Portugal)³⁵, etc.

Sinala Juan Carlos Olivares Pedreño a hesitación entre aqueles que como Lambrechts sostemos que a relixión Celta “partía dunha divindade ou tríada divina con múltiples atribucións de carácter xeral que ao contacto co politeísmo romano descompúxose en diversas divindades cunha funcionalidade máis concreta e definida”³⁶, e aqueles que comou Hatt, quen sigue con todo a Lambrechts, manteñen que a preexistencia de divindades “plurifuncionais de contornos pouco definidos” producíriase en épocas anteriores á conquista romana da Galia³⁷.

Aínda que un budista ou un induísta non teñan por que sabelo, os cristiáns católicos recoñecemos inmediatamente que Divina Pastora, Inmaculada Concepción, Ascensión e Asunción son apelativos³⁸ ou atributos da Virxe María e non catro divindades adscritas a catro determinadas funcións. Aínda que os católicos saibamos que os anteriormente mencionados *xinepónimos* proceden de atributos ou categorías divinas da Nosa Señora - polo cal bautízase con eles ás nosas fillas -ou máis ben bautizábanse así ata que veu o prodixio *vanessizador*-, iso non pode saberse fóra do sistema.



Dea Artionis. Artio é epíteto intesificativo do carácter real da Deusa

34. Corrixida a lectio por Branca Garcia Fernandez-Albalat. *Guerra e Relixión na Gallaecia e Lusitania Antigas*. Edicións do Castro. 1990, p. 31.

35. Fernando PATRICIO CÚRADO: *Fich. Epigráfico, 11 (suppl. de Conimbriga)*, 1985, nº 44, in Branca Garcia. *Guerra e Relixión*. Edicións do Castro. 1990, p. 31.

36. OLIVARES PEDREÑO, p. 145.

37. Segundo vé Olivares, pensaba Hatt que os Celtas adoraron a un único deus masculino non na época inmediatamente anterior á conquista romana, senón en época pre-céltica, en torno ao Bronce Final (1800-800 a. C.): Hatt, 1989, 24-25. “Nestes momentos - di Olivares Pedreño, a quen seguimos - “existirían segundo [Hatt] [...] dúas divindades en parellas de caracteres pluri-funcionais. Xa no período da Tène, os deuses propiamente célticos entrarían en contacto con estas dúas grandes divindades pre-célticas xerando un primeiro nivel de contaminacións e posteriormente os deuses romanos haberíanse superpuesto a todos eles xerando toda unha ‘estratigrafía relixiosa’ [Hatt, *ibid.*, loc. cit]. in OLIVARES PEDREÑO, p. 145.

38. Pierre CATTELLAIN e Caude STERCK (*Des dieux celtes aux dieux romains*. Éditions du Cedarc. Treignes, Belgique, 1977 p. 37) destacaron entre as dificultades que complican o estudo da relixión dos galos o feito de que non coñezamos realmente os seus nomes senón unha morea de apelativos ou epítetos temáticos: “D’une part, les dieux gaulois n’avaient pas de nom (ou du moins leurs noms devaient être si chargés de puissance qu’ils étaient étroitement secrets) et ils n’étaient désignés que par des épicleses, c’est-à-dire des titres ou des surnoms honorifiques, un peu comme si les noms de Jésus ou de Marie avaient été frappés d’interdit dans le catholicisme, et que ces figures n’avaient pu être désignées que comme ‘Le Christ’, ‘Notre Seigneur’, ‘Dieu le Fils’, ‘Le Verbe fait Chair’, et ‘la Vierge’, ‘L’Étoile de la Mer’, ‘Notre Dame de Ceci ou de Cela’[...]”.

Pola mesma razón un cristián ignora se responden ou non ao fenómeno aludido *Boand*³⁹, “o Río Boine”, “sempre cheo” segundo unha etimoloxía popular dos Métricos Dinsenchas⁴⁰, aínda que en realidade o lingüista pensa ou sabe que provén do ie. *Bó Vinda*, “a vaca branca”; *Tailtiu*, “Terra”; *Artionis*, “a dos Osos” entre os Helvetios e os Galos; *Brigantia*, “a fortificada cidade”; *Arduinna*, “a Alta ou Elevada”; a hispana *Ataecina Turobrigense*, “A Noite de Turóbriga”; ou as Matres *Gesahenae* e *Gavadiae* referidas por senllos topónimos xermanos (Rödingen).

Un cristián, en principio, non podería saber se as arriba mencionadas categorías divinas responden a unha única ou a varias diferenciadas divindades pagás, mais non vacilaría ao aseverar que os mencionados Fátima, Lourdes, Chamorro son todos eles antropónimos marianos, referidos a unha común Virxe María, tomados dos lugares onde se erixen cadansúas basílicas e unha ermida.

Un católico sabe que *Dulce Nombre*, *Dolores* e *Soledad* son antropónimos intencionadamente tomados de marianos epítetos temáticos, pero podería non sabelo un budista ou un chamán ao ignorar a práctica e os usos da relixión católica. Fóra da relixión Celta non ten por que comprenderse que os topónimos *Araugelensis*, *Veigebraecus*, *Isibraegus* e *Etobriga* poderían responder, e seguramente responden, ao fenómeno apuntado na ‘toponimia mariana’.

dos lumes, en gaélico chamados de *Bel-tené*, “os lumes de Bel”, palabra cuxa raíz, significando branco, fermoso, puro, conservárase en Galicia en numerosos topónimos e, aínda, probablemente no hidrónimo Beelle, río que desauga en Neda (A Coruña) ao que desde antigo atribuíanse propiedades albicantes, motivo polo cal lavábanse en Neda as sabas de liño dos oficiais de mariña e aínda as velas, tamén de liño, dos navíos de liña fabricados durante o S. XVIII nos Reais Estaleiros de Ferrol. A mellor descripción desta festa dos fachos de Maio é a de Vicenti do ano 1879 (ex Ladislao Castro Pérez, 1999:199):

“Desde o punto mesmo en que as parroquias do círculo tocan a ánimas comezan a aparecer nos montes loces illadas, cuxo número vai aumentando a medida que adianta a noite. Ao primeiro canto do galo as luces descendeen cara á chaira, vindo dos catro puntos cardinais, primeiro aos poucos, máis aprisa logo e con rapidez vertixinosa para rematar. No Val xúntanse e deteñen un instante miríadas delas formando un conxunto verdadeiramente fantástico, e despois, subdivididas en infinitas fraccións, danse a correr polos sementados ata que amence o día [...] Non hai palabra que poida dar idea do marabilloso e aínda puidésemos dicir infernal espectáculo. Entre o rastro do fume e faíscas que deixan os fachos de palla -fachuzos-, descúbrense ás veces as figuras humanas que ao sanguento parecen encarnados demos e oír unha confusa algarabía de cantos inauditos cuxo ritmo e cadencia non teñen traza de pertencer ao mundo [...] Nada saben os anciáns deste antigo costume marabilloso por máis que afirmen ser un conxuro para afastar aos vermes do trigo¹⁸¹ que empeza a espigar nese tempo, ou “para consagralos a fin de que non o prexudiquen”. Iso é que ao chegar a noite do 30 de Abril [precedendo entre os Celtas, como entre nós, a noite ao día, considérase a noite da véspera xa no cómputo do 1º de Maio¹⁸², na Beltené] os labregos preparan os seus fachos, acéndenos, xúntanse cos veciños ao momento da medianoite no centro da veiga e despois, a cen, comezan a súa peregrinación de aparecidos. Os labregos de cada lugar dan primeiramente tres voltas en derredor das heredades propias, sacudindo sobre elas as faíscas dos seus fachuzos, e pasan deseguido a velada facendo o propio nas alleas [...] Velaquí o que van cantando sen interromper a súa carreira, nin as súas inflamadas aspersions: ‘Alumea ou pan / aluméao ben / alumea ou pan para ou ano que ven. / Alumea ou pai; cada grao un tolodán. / Alumea ou fillo, cada gran un pan de trigo’. O ar é lúgubre, sostido e, como dirían os músicos, sfogato. Os homes modulan tristes e fortemente a primeira copla, e os nenos, con voz aguda, pero non menos quexumbrosa, repiten as outras a xeito de refrán.”¹⁸³

181. O lume é para os Celtas un axente de limpeza, un purificador (Miranda Green 1999 1995:52), por iso Agni quita o mal, o pecado do mundo, e por deturpación dise do Cordeiro de Deus, ou *Agnus Dei: qui tollis peccata mundi*.

182. Á unha da madrugada do 1º de Maio, por exemplo, é de noite, pois a noite precede ao día que non empeza, dependendo do mes e a latitude, ata as seis, as sete, as oito da madrugada, etc.

183. Para Ladislao Castro Pérez, in *Actas do 1º Congreso de Estudos Celtas*, “esta ígnea cerimonia documéntase na veiga de Padrón, é dicir en Iria Flavia - moi preto de Santiago de Compostela - e, con similares características, noutras áreas de Galicia como Arousa, Noia, O Val do Lérez, Cuntis, Amaia, O Barbanza, etc., presumíndose fai tres ou catro séculos a súa extensión, está claro, por toda Galicia.” (Cf. C. González Pérez) 1987:139; “O 1 de Maio: Druídas e Santos”, pp. 198-199, Ferrol 1999.

En Auvernia segundo describe Frazer, aínda que adiantándose aquí esta celebración ao luns de Pascua seica pola influencia da igrexa:

“Cada vila, cada aldea, cada rueiro, cada lugar e cada casa illada teñen os seus figos ou fogueiras [...] Cando chega a noite acéndenas; logo de bailar ao redor delas e de saltalas proceden á cerimonia das Grannas Mias. Un Granno Mio é un facho (feixe de palla) atado ao extremo dun pau. Cando a luminaria está medio consumida os presentes acenden os fachos nas brasas e lévanos ás leiras dos veciños, aos campos, ás hortas e a todos os sitios onde hai árbores froiteiras.

Cando marchan cantan o máis forte que poden:

Granno mo mio [Granno o meu amigo]

Granno mon Pouère [Granno o meu Pai]

Granno mo Muère [Granno a miña Nai]

Pasan logo os fachuzos ardentes baixo as pólas de cada árbore cantando:

Brando brandounci [Facho aluma]

Tsaque brantso [cada póla]

In plan panei [unha cesta chea]

E aínda engade Frazer: “[...] nalgunhas vilas a xente tamén corre a través dos campos cultivados e sacode as centellas e as cinsas dos fachos no chan”, mostrando que esta costume celta estaba moi estendida pola Europa Atlántica, concluíndo que os investigadores convíñan que o Granno a quen ían dirixidas as invocacións das Ardenas, prestando o seu nome a esta celebración ígnica realizada cos fachos, puidese baixo o seu epíteto *Granno* non ser outro máis que o soado solar deus celta da roda.

Granno é o escintilante Sol escarlata, brillante, “de cor granate, relucinte como a semente, o vermello”, ao que os Romanos identificaron no seu *interpretatio* con Apolo, a solar divindade, un Apolo Celta de quen Mathews apunta como os Galos consideraban que o berce da súa nai, a Letona Celta, estaba en Gran Bretaña. Este Apolo Grannus aparece referendado por numerosas inscricións de Franza, das illas Británicas e do Danubio¹⁸⁴. O benéfico deus, recordado aínda hoxe

184. *In Auvergne fires are everywhere kindled on the evening of the first Sunday in Lent. Every village, every hamlet, even every ward, every isolated farm has its bonfire or figo, as it is called, which blazes up as the shades of night are falling. The fires may be seen flaring on the heights and in the plains; the people dance and sing round about them as they leap through the flames. Then they proceeded to the ceremony of the Grannas-mias. A granno-mio [Curiously enough, while the singular is granno-mio, the plural is grannas-mias is a torch of straw fastened to the top of a pole. When the pyre is half consumed, the bystanders kindle the torches at the expiring flames and carry them into the neighbouring orchards, fields, and gardens, wherever there are fruit-trees. As the march they sing at the top of their voices “Granno, mo mio [...]” That is “Grannus my friend, Grannus my father, Grannus my mother”. Then they pass the burning torch under the branches of every tree, singing, “Brando, Brandounci [...]” that is “Firebrand burn; every branch a basketful!” In some villages the people also run across the sown fields and shake the ashes of the torches on the ground. (in G. B. J. Frazer “The Lenten Fires. The Fire-Festivals of Europe” IV, pp. 111-112).*

O celta deus solar, o *Apollo Grannus*, receptor das chispeantes aspersions, representase no arte celtorromano habitualmente acompañado pola roda solar e os emblemas do Xúpiter romano. Como di Green, “frequently the god takes a very classical form and here the sun-wheel may be the only Celtic symbol” (Green, “The male image” 117 ss.); esta roda procede de horizontes moi anteriores, adoita estar moi ben representada e leva implícita a idea do Sol e dun vehículo solar, o carro do deus do Sol correndo polo firmamento. Green sinala (“The male image” 118) que as máis romanizadas representacións deste deus corresponden ás de Alzey (Rheinland-Pfalz) e de Alesia, representando ao Xúpiter dominante do mundo sentado no seu trono en actitude real, cunha dobre águila en Alesia disposta a ambas beiras do trono. En Alesia vemos un trono decorado con rodas solares, mentras que en Alzey a roda dispónse a un lado do trono, como contrapunto á águila situada no outro

nos rituais celtas de *alumear* de Galicia, sería rapidamente, xa no século II, identificado na *interpretatio* cristiá con Cristo, o Fillo do Deus Pai e da Virxe María, sendo interpolado ata nos evanxeos apócrifos acaso polo clero celta recentemente convertido de Asia Menor. Así na *Miragre do gran de Trigo* o capítulo XII no Evanxeo apócrifo de Santo Tomás¹⁸⁵.



Celebración dos maíos no Castro de Vilasuso.
Eva Merlán

Propiamente coincidente o ciclo de floración de Maio a Xuño coas grandes luminarias, é o primeiro dos tres ciclos de festas agrarias, precedendo ao “Ciclo das Colleitas”, de Xullo a Outubro, marcadamente de acción de grazas e, polo tanto, exaltatorio da gastronomía, tema tan caro aos galegos, sendo os tres restantes meses, está claro, como sinalou L. Castro Pérez (1999: 200 ss.), de exceptuarse as áreas olivareiras, o tempo de soño e morte da Terra, o soño tamén do Sol. Un tempo correspondente ao verán das antípodas e en lectura mítica ao ocaso do Sol, anunciando a súa morte e temporal estancia no Outro Mundo deixando o orbe todo nas tebras (Tren-día) pero, como contrapunto, enchendo agora as tebras coa súa luz e aos mortos de certidumbre na súa esperada resurrección¹⁸⁶.

extremo. Estas composicións repetiríanse no sur da Galia sobre un altar provenzal de *Laudum* (Gard), donde o Xúpiter luce o seu cetro, a águila e a roda solar, e en Séguret (Vaucluse), onde o Xúpiter se representa como un xeneral romano coa súa águila e o símbolo dun carballo. Cunha gran roda a guisa de escudo, ou por unha serpe “which Eden-like, twines itself round the tree”, imaxe que se repetiría nunha terracota en Corbridge, en Northumberland perto do Muro de Hadrián, cun Xúpiter desdubexado, convertido en deus da guerra con túnica, casco, escudo lexionario, “and a knobbed club”, (Green, “The male image” 117 ss),

185. Dinos: 1. Outra vez, na época da semente, o neno saíu co seu pai a sementar trigo no seu campo, e mentres o seu pai sementaba, o neno Xesús sementou tamén un gran de trigo. 2. E, unha vez colleitouno e moído obtivo cen medidas e chamando á granxa a todos os pobres da aldea repartiulles o trigo e Xosé quedou co que aínda restaba. E Xesús tiña oito anos cando fixo este milagre. In José M^a KAIDEA, *Los Apócrifos y Otros Libros Prohibidos*. Madrid, 1992, 316 e 317. Este editor sinala que o Evanxeo de Tomás é para moitos autores, aínda que *Orígenes* consideráase un simple evanxeo non inspirado, un texto *Gnóstico*; San Ireneo, opinando que era usado polos marcosianos, utilizaríao parcialmente, mentres Eusebio clasifícao como herético e Hipólito de Roma infórmanos que o usaban os *Naassenos*, “unha seita do século II esencialmente gnóstica”. Estaban ao tanto deste evanxeo Atanasio, Timoteo Presbítero e Nicéforo (ibid. p. 255).

186. O importantísimo Evanxeo de Nicodemo narra a dramática entrada de Xesús nos Infernos. Nos capítulos XII e XIII. Capítulo XII “Entrada triunfal de Xesús nos infernos”. 1. E mentres Satanás e a Furia así falaban, escoitouse unha voz como un trono, que ordenaba: “Abride as vosas portas, vós, príncipes. Abridevos, portas eternas, que o Rei da Gloria quere pasar”. 2. E a Furia, oíndo a voz dixo a Satanás: “Anda, sal e pelexa contra El”. E Satanás saíu. 3. Entón a Furia dixo aos seus demos: “Pechade as grandes portas de bronce, botade os grandes pechos de ferro, dade volta ás chaves nas grandes pechaduras e póndevos todos de sentinela, porque se este home entra, estamos todos perdidos”. [...] 5. E de novo escoitouse a voz de trono que ordenaba: “Abride as vosas portas eternas, que o Rei da Gloria quere pasar”. 6. E a Furia gritou, rabiosa: “¿Quen é o Rei da Gloria? E os anxos de Deus responderon: “O señor poderoso e vencedor”. 7 E no acto, as grandes portas de bronce saltaron en mil pedazos, e os que a morte tiña encadeados levantáronse. 8. Entón o Rei da Gloria entrou en forma de home, e todas as covas da Furia quedaron iluminadas. O capítulo XXIII recolle o “Espanto das potestades infernais ante a presenza de Xesús” 1. Ao ver aquilo, os príncipes da morte e do inferno, os seus ímpios oficiais e os seus cruéis ministros quedaron cheos de temor nos seus propios dominios, cal se non puidesen resistir a turbadora claridade dunha luz tan vívida e a presenza de Cristo chegado de súbito ás súas moradas. 2. E exclamaron con rabia impotente: “Vencer. ¿Quen es ti, a quen o Señor envía para a nosa perdición? ¿Quen es ti, tan pequeno e tan grande, tan humilde e tan elevado, soldado e xeral, loitador admirable baixo a forma dun escravo, Rei da Gloria morto nunha cruz e vivo, posto que, desde a túa sepultura, chegaches ata nós? [...] 3. E todas as lexións dos demos, igualmente aterrorizados, clamaban no mesmo ton, con submisión medorenta e con voz unánime dicindo: ¿De onde es Xesús, home tan potente, tan luminoso, de maxestade tan alta, libre de faltas e puro de crime? Porque este mundo terrestre que ata hoxe tivemos sometido, e que nos paga tributos polas nosas esixencias abominables, xamais nos enviou a un defunto como tú, nin destinado a nós semellante presente. ¿Quen, pois, es ti, que atravesaches sen medo as fronteiras dos nosos dominios e que ademais de non temer os nosos suplicios infernais, pretendes

“A DEMANDA DO SANTO GRAAL”, SEGUNDO PASO

At the end of the year 1927 a very interesting volume by Mr. J. S. M. Ward, entitled “Who was Hiram Abiff?”¹⁸⁷ was given me by my husband. This book contains, among other illustrations, reproductions of two seals of about 2,500 B. C., now in the British Museum, and illustrated in “The Babylonian Legend of the Creation”, pp. 18 and 19.



According to Mr. Ward¹⁸⁸, “They depict (although officially described as “Shamash the Sun God rising and setting”), more probably representation of the descent of Dumu-zi into the Underworld and his subsequent coming forth by day. In the first the god is seen sinking into the underworld amidst what seem to be pine-cones, one of his emblems (cf. Attis) out of which grave springs up a young tree. Over the dying God stands the Goddess, who is dropping into the open grave an “ear of corn”, for so the Museum authorities describe it, but to my mind it is much more like a pomegranate, the well known emblem of fertility and “Plenty”. In either case is clearly planting the seed. An Attendant god is releasing an eagle, which among many Syrian nations was released at the emblematic burning of the God, to signify the ascent of his soul to Heaven. Near by stands a God holding a Bow in his hand, one of the best known emblems of the Great Mother, behind whom is a lion, another of her emblems, one under which she was peculiarly associated with Ishtar.

The other seal, which is of about the same date, depicts Dumu-zi (or alternatively Shamash) rising from the Underworld. Two attendant Gods are supporting two

librar aos que retemos encadeados? ¿Quizais es Xesús de quen Satanás o noso Príncipe dicía que, polo seu suplicio na cruz, recibiría un poder ilimitado sobre todo o mundo?”. 4. Entón o Rei da Gloria, esmagando na súa maxestade a morte baixo os seus pés, e asindo ao noso primeiro pai, privou á Furia de todo o seu poder e atraeu a Adán á claridade da luz. José M^a KAIDEDA, *Los Apócrifos y Otros Libros Prohibidos*. Madrid, 1992, pp. 475 e 476.

187. J. M. WARD, *Who was Hiram Abiff?*, Baskerville Press, Ltd, London, 1925.

188. Ward, op. cit. 25.

pillars, or possibly doors which are surmounted by lions. In either case the pillars or doors no doubt represent the gates of the Underworld being withdrawn. The lines of fire suggest the funeral pyre of the God, while the eight-pointed stars are the recognised emblem of Ishtar. The fact that there are two of them remind us that she was Goddess of Venus, both as the Evening and as the Morning star and it was when Venus rose in the East, i. e. , in the mooring, that the estafe for the proclamation of the resurrection of Tammuz had arrived." While not agreeing in every detail with Mr. Ward, I was immediately struck by the resemblance between the death of Dumu-zi or Tammuz as he is more generally called, and the of Lleu (or Llew) in the Mabinogi of Math ab Mahtonwy, one of the Four Branches of the Mabinogion. A closer examination convinces me in my belief the story of Lleu, as we have it, is but another version of the "Dying God", known elsewhere as Tammuz, Adonis, Attis, etc."¹⁸⁹.



Esus, segundo Joseph Vendryès, skr. *Asura*¹⁹⁰, talvez "O Bo", podría ter un carácter solar diying god de sir James Frazer, expresado o segundo paso do sol cun mito no que o deus aparece cortando cunha machada os taboleiros do seu propio tormento ou talvez o hastil da lanza coa que se ocasionou a través do costado unha ferida no

corazón, ou da madeira na que *non invitus se de propia voluntas* segundo parece sería pendurado (ou cravado) talvez para que a terra prospere e a vida floreza coa proclamación logo coa súa reaparición da súa gloriosa resurrección e renovado dominio diario e anual sobre o ceo, a terra e o mar.

Entre os Celtas, dando a vida polos seus amigos, *non invitus*, cortando coa súa propia *brosa* ou machada a Árbore da Vida, tallando as madeiras nas que ía ser sacrificada, para que a Terra, o país, renovase os seus froitos aos homes coa súa deliberada morte e posterior retorno, o solar deus crepuscular celta *Essus*, se a idea é tolerable, aceptaría intencionalmente e de bo grado a súa morte, feito o suficientemente transcendente de seu para que a plástica celta, expresamente, o representase cortando a Árbore da Vida coa súa propia machada.

Ao primeiro paso do poderoso sol do mediodía elevado no máis alto do ceo, sucede o segundo paso crepuscular ou decadente do descenso (Aen-dia) ata que o moribundo sol embárcase no seu ocaso na nave funeraria para iniciar a occidental singradura nunha naveta que os gregos converteron en copa, unha barca talvez chamada en grego arcaico *kalix*¹⁹¹, ou *depas* polas dúas asas que presenta unha áurea naveta troiana de época micénica, posiblemente similar á que Helios¹⁹², e mesmo Hércules, nunha ocasión tomándolla prestada:

189. WILLIAMS, Mary, "The 'Dying God' in Welsh Literature". *Revue Celtique*. Vol. XLVI, 1929.

190. JOSEPH VENDRYÈS, *La Religion des Celtes*, Paris 1948 p. 263.

191. Podendo vir de aquí a denominación grega *Kallaicoi* e aínda o nome de Galicia, que segundo a tradición e a etimoloxía popular medieval proviña da palabra cáliz, como o mostra o seu escudo.

192. Refire Sir James George Frazer como "The ancient Greeks believed that the sun drove in a chariot across the sky; hence

*"Pisandro no segundo libro da Heraclea di que a copa na que cruzou Heracles o Océano era do Sol e que a recibiu Heracles de Océano"*¹⁹³

Simbolizando logo a introdución no Cáliz da Hostia o descenso de Cristo ao seu sepulcro, florece así para os celtas que gozamos dos privilexiados promontorios ou finisterres atlánticos, testemuñas cada atardecer dunhas espectaculares e acesas postas de sol e do seu postremeiro verde raio, antes de desaparecer tras o océano, custodios ao cabo do mito do Santo Graal¹⁹⁴, expresión do descenso do sol, relucinte como a grana, cada atardecer, do sol entrando na súa naveta, na súa nave, no seu caldeiro ou na súa copa para emprender o mariño *cursum* diario e anual por un Orbe Tripartito rodeado de auga. Descenso¹⁹⁵ que orixina o mito grego de Endimión e entre os Celtas un innúmero anecdótico, incluíndo a percepción cesariana da hiperdolia do psicopompos Hermes celta; a multitude de axentes fúnebres que no Atlántico cortexan a alma no seu camiño cara ao Paraíso: Avalón ou Solstición, a Cidade Amurallada co seu xardín e coa súa Árbore da Vida; historias tamén de Caza Salvaxe, da Mesnié, e da Sociedade do Oso, e como non, dos Lares Viales.

the Rhodians, who worshipped the sun as their chief deity, annually dedicated a chariot and four horses to him, and flung them into the sea for his use. Doubtless the thought that after a year's work his old horses and chariot would be worn out. From a like motive probably the idolatrous kings of Judah dedicated chariots and horses to the sun, and the Spartans, Persians, and Massagetae sacrificed horses to him. The Spartans performed the sacrifice on the top of Mount Taygetus, the beautiful range behind which the saw their great luminary set every night. It was as natural for the inhabitants of the valley of Sparta to do this as it was for the islanders of Rhodes to throw the chariot and horses into the sea, into which the sun seemed to them to sink at evening. For thus, whether on the mountain or in the sea, the fresh horses stood ready for the weary god where they would be most welcome, at the end of his day's journey" *The Golden Bough*, Ch. 5 §3 The Magical Control of the Sun. 1922.

193. THA 14 Pisander Epicus fl 648 a. C. C. 5 Bernabé PEG (Ath. 469c, d). Pisandro poeta épico 5 in *Testimonia Hispaniae Antiqua* II A. La Península Ibérica en los autores griegos: de Homero a Platón. Julio Mangas- Domingo Plácido (eds.) Fundación de Estudios Romanos. Madrid 1998 p. 14 "O texto c está constituído por un fragmento de Pisandro (a súa obra Heraclea). Nel por primeira vez dáse entrada a Heracles na copa do Sol, importante innovación que seguirá Estesícoro. Están as mencións da viaxe do Sol en Titanomach. 8 nunha caldeira ou segun Minn. 10 (Tha 15) nun leito cóncavo, pero aínda non é patente a intervención de Heracles". Lyricus (fl 632-29 a. C.) "Pois a Helios correspondeulle unha tarefa todos os días e nin os seus cabalos nin el teñen descanso algún despois que a Aurora de rosados dedos deixando o Océano sobe ao ceo. A el, a través da ondata un admirable leito profundado, voador, forxado en ouro prezado por man de Hefesto, lévalle a nivel da auga durmindo placenteramente desde a rexión das Hespérides á terra dos Etiópes, onde están o seu rápido carro e cabalos ata que a Aurora madrugadora inicie a súa marcha. Alí sobe ao seu carro o fillo de Hiperión" (p. 87). A viaxe ten como punto final o das Hespérides onde o astro rei entra nun leito recipiente que lle leva durmido durante a noite por encima da auga de novo ao oriente. - e nunha nota n°188 - "[...] xa en Titanomach. 8 mencionábase a viaxe nocturna do sol nun "caldeiro"; é posible que fose Pisandro 5 (Tsa 14c), máis de quince anos maior que Minnermo, o primeiro en integrar o tema no seu Heraclea; cf. Lesky, *Aithiopia* p. 30-31. A viaxe do sol, como recorda Adrados (LG I, p. 221, n. 2), está xa na poesía védica, ditando a Sieg, E. "Der Nachtweg der Sonne nach der Vedischen Auschaung" NGG 1923, p. 1 ss., cf. Suárez de la Torre, E. "A viaxe nocturna do Sol e a Nanno de Minnermo" EC 27, 1985, p. 21-32.; en Tha 2 A 24 Panaiasis de Halicarnaso, Heraclea 9 (I) Pola súa banda Panaiasis, no primeiro libro da Heraclea, di que Heracles conseguiu de Nereo a copa do Sol e que navegou a Eritrea. (II) (Macr. Sat. 5. 21.19) "poculo autem Herculeum vectum ad [...] est Hispaniae insulam, navigasse et Panyassis, egregius scriptor Graecorum, dicit et Pherycydes (18b, Tha 26b II) auctor est". Que Hércules levado nunha copa navegou a Eritrea, isto é, a unha illa de Hispania, dio tamén Panaiasis, egrexio autor grego, e está transmitido por Ferécides (Fr. 18 b, Tha 26 b II). En Hesíodo (Tha 11a e b) as Hespérides, gardiás das árbores que producen froitos de ouro macizo forman parte da proxenie da Noite e da escenografía occidental. Hesíodo Tha II A 11 d) fr. 360 (p. 61) (I) Hesíodo di que estas Hespérides, Egle, Eritrea e Hesperetusa, fillas da Noite, tiñan as mazás áureas alén do Océano. (II) As Hespérides son certas ninfas pastorais así ditas que gardan as chamadas mazás áureas: "Eritrea e Hesperetusa de grandes ollos bovinos" como di Apolonio Rodio.

194. Que resplandece desde tempo inmemorial no escudo e antiga bandeira Galaica.

195. Cf. sobre o tema Jonathan Z. Smith, "Dying and Rising Gods", *Encyclopedia of Religion* (New York, 1987), 4:521-27; *Drudgery Divine: On the Comparison of Early Christianities and the Religions of Late Antiquity* (Chicago 1990), chap. 4; Mark S. Smith, "The Death of Dying and Rising Gods in the Biblical World", *Scandinavian Journal of the Old Testament* 12 (1998): 257-313, Lucinda DIRVEN, "The Author of De Dea Syria and His Cultural Heritage", *Numen* 44, 2 (1997):153-79.

ESUS

"We know from a number of Babylonian hymns which were used at the annual lamentation which the people of Babylonia made when the death of Tammuz was solemnised that Dumu-zi is the spirit of Vegetation, particularly of the corn. This corn by being planted in the womb of Mother Earth dies, but hereby a plenteous harvest is produced and throughout the sacrifice of the corn spirit mankind is saved. The children of Mother Earth thus begotten, i. e. The ears of corn, become her 'lovers year by year and suffer the same fate by being planted in the earth again [...] the prosperity of the land was held to be dependent upon the virility of the King. When the crops failed or the flocs ceased to be productive it was believed the king's strength was failing, and he had to die, usually a violent death, his soul being transferred to a vigorous successor before it had been seriously impaired by remaining too long in a enfeebled body. By slaying the man-god his worshippers could, in the first place, make sure of catching his soul as it escaped and transferring it to a suitable successor, and, in the second place, by putting him to death before his natural force was abated, they would secure that the world should not fall into decay with the decay of the man-god. The manner of death differed: some times he was strangled, sometimes clubbed, sometimes he was hanged on a tree"¹⁹⁶



Esus encarnaría entre os Galos a idea do deus que voluntariamente acepta a súa morte e vencea logo, renacendo vitorioso de entre os mortos, escena representada nun baixorrelievo de Trèves onde aparece un touro -agora xa sabemos o que iso significa- e onde sobre unha árbore tallada figuran tres ánaes. O *Aen-dia*, o solar deus crepuscular *Esus* (se a idea é tolerable), aceptando intencionalmente e de bo grado a súa morte, feito de seu o suficientemente transcendente para que a plástica celta expresamente o representase coa súa propia *brosa* ou machada, *non invitus*, desgaxa voluntariamente da Árbore da Vida as madeiras nas que ía ser non pendurado senón cravado e logo alanceado no corazón, para que coa súa deliberada morte e

196. WILLIAMS, Mary, "The 'Dying God' in Welsh literature". ob. cit. pp. 174-175. cf. Frazer, *The Golden Bough*, iv, "the Dying God, p.17 sqq. Abridged edition, pp. 264 ss

posterior resurrección a Terra, a *Treba*, o *Teuta*, o País, renovase os seus froitos e se reconfortasen os homes coa promesa certa da inmortalidade¹⁹⁷.

Esus, o brillante xoven heroe solar, comparable ao *Agni*¹⁹⁸, ao Lume¹⁹⁹ fillo de Deva, ao sumo “Deus”, ao puxante sol nacente que elevándose como poderosa lapa no verso védico quitaba o mal do mundo, forxou iluminando a exemplar vida do galileo a simboloxía que o cristianismo atribúe ao año destinado ao sacrificio²⁰⁰ cando, tras un posible longo viaxe desde a India ata Europa -ou seica desde Europa ata a India?- o brillante Agni, fillo de Deva, inocente vítima do seu anual sacrificio, legou no século IV os seus flamíxeros atributos do ano solar tanto a San Xoán como ao seu dobrete solsticial, ao propio Xesucristo, compartindo ambos entón baixo a simboloxía dun



A presenza do cristianismo xa se fai sentir nesta iconografía dun solar Dying God na súa cruz, seguramente construída cos madeiros da Árbore da Vida

ardente año, dun *agnus*, os incandescentes atributos do *agnis* sánscrito e do *ignis* latino. Entre os xermanos Odín, solsticial deus solar, crepuscular condutor de mortos, señor do fantasmal exército rumo cara ao Outro Mundo, sucesor de Tyr, representando ao ceo coa súa azulosa capa e co seu só ollo, co seu solar omnividente ollo, tras dar na súa mocidade a Mimir como prenda o outro ollo a cambio do dereito a beber no delicioso manancial da sabedoría -pois ao sempre poli-

técnico deus solar agrádalle sabelo todo aínda custándolle un ollo da cara-, foi de xeito similar, segundo o poema *Hávamál*, aforcado na Árbore do Mundo²⁰¹. Odín pendurouse directa e voluntariamente da árbore sacra de Yggdrasil:

197. This grove ans sanctuary [of the priests of Nemi, the kings of the Wood) were sacred to Diana. In this sacred grove there grew a certain tree round wich at any time of the day, and probably far into the night, a grim figure mihg be seen to prow1. In his hand he carried a drawn sword, and he kept peering warily about him as if at every instant he expected to be set upon by an enemy. He was a priest and a murderer him and hold the priesthood in his stead. Such was the rule of the sanctuary. A candidate for the priesthood could only succeed to office by slaying the priest, and this he could not do until he had plucked the bough of a certain tree in the grove: as long as the tree was uninjured he was safe from attack. Having slain him the murdered retainned office till he was himself slain by a stronger and a craftier. The trees of which the grove was composed were oak trees. The oaktree was the sacred tree among all Aryan peoples, dedicated to Zeus, Jupiter, Thor, etc., all gods of the sky, thunder, rain as festlizing agents. Mary Williams. ob. cit. pp. 175-176 (ex Frazer, *The Golden Bough*, i, "The magic art" 1 ss. Abridged ed. 1 ss.

198. O sánscrito Agni, o lume "A É1, ao bo Agni, adórnaselle e se lle purifica todos os días como un cabalo vigoroso. Como Arushá (o Sol brillante), e fillo de Dyaus (o Ceo)" *Rig-Veda* IV, XV, 6; o brillante heroe solar, o sol novo, é o lume. Lat. *ignus*, -i "lume" por corrupción da linguaxe pasou a ser un agnus, un cordeiro añal. "*Agnus Dei qui tollis peccata mundi*" "Adoremos a Agni (o lume) o fillo de Deus, de Dyaus (Diváh sisus), o fillo da forza, Arushá, a brillante luz do sacrificio" (*Rig-Veda* V, XLIX, 2). a confusión *Agni* / *Agnus* / *Agnus*

199. O Leño de Nadal responde a un costume estendido por toda Europa. Acéndese na noite solsticial o día 24 de Nadal arden-do ata reis. As súas cinzas teñen grandes virtudes.

200. Sen dúbida, como vimos reiterándoo, por corrupción da linguaxe. Fenómenos deste tipo constitúen a orixe do mito para F. Max Müller, aínda que habitualmente son malentendidos.

201. "Si nos remitimos a la mitología de los antiguos escandinavos, y más precisamente a su cosmología, vemos que la tierra está compuesta por tres recintos: Asgard, la morada de los dioses; Midgard, el mundo de los hombres, y Utgard, lugar de

*Sei que pendurei nove noites enteiras / da árbore que abala o vento [Yggdrásill]
ferido de lanza e a Odín ofrecido / - eu mesmo ofrecido a min mesmo - / da árbore
pendurei do que ningún sabe de cales raíces arrinca*²⁰²

E tomando Odín unha rama de *Yggdrasill*, partiuna e fabricando coa sacra madeira a hasta perfecta inflixiuse con ela un mortal lanzazo no costado²⁰³. Non en balde chámase a Odín o ‘Señor da Forza’ e a ‘Carga da Forza’, adicándoselle, lembrando o seu tormento, o que se coñecía como *gawargjand ina dauPau* e podería traducirse como “o tormento do lobo”²⁰⁴ nas execucións en Upsala, pendurando aos que ían ser executados dunha árbore e alanceándolos.



Da Árbore da Vida, cortaríase o solar deus coa súa brosa os ligna ou madeirosda súa paixón e aínda una hasta perfecta que crava no seu corazón

como *gawargjand ina dauPau*, dicindo pois que Cristo ‘sufriu o tormento de lobo’ colgado da cruz ata a morte, sinalando Mary R. Gerstein como aínda no poema *Heliand* (“O Salvador”) de principios do século IX empréganse, referíndose á crucifixión, fórmulas pagás de castigo²⁰⁵.

Sen ningunha dúbida Ulfilas, o tradutor da Biblia ao gótico, quixo intencionadamente asociar e asociou a *Iesu Christo* cravado na cruz con Odín, traducindo en efecto que “Cristo sufriu o tormento do lobo ata morrer pendurado na cruz”: para que o pobo captase o significado teolóxico da crucifixión, Ulfilas presenta con fins didácticos o sacrificio de Cristo

residencia de los gigantes, es decir, de las fuerzas hostiles, del caos. Todo alrededor de la Tierra se extiende el Océano en el que vive la serpiente de Midgard (*Miðgardsormr*). La coherencia del conjunto está asegurada verticalmente por Yggdrasill, el árbol cósmico, y horizontalmente por Midgardsorm, llamada a veces “Lazo de la tierra”. El apocalipsis (*Ragnarök*) sobreviene cuando desaparecen todos estos lazos y las fuerzas del caos, al no verse ya detenidas por ninguna barrera, parten al asalto del mundo de los dioses. Claude LECOUTEUX. “El recinto sagrado” in *Demonios y genios comarcales en la Edad Media*. Título orixinal, *Demons et Génies du terroir au Moyen Age* (1995). Tradución de Plácido de Prada. Barcelona ed. 1999. p.116.

202. Edda 138 in Edda Maior *Hávamál* “Os devanditos de Har”. Tradución e Edición de Luís Lerate. Alianza Editorial, p. 43. 1986.

203. Sinala Mary Williams a este respecto como “Attis who was the son and also the lover of Cibeles was, according to one legend, killed by a board, but another declared he unmanned himself under a tree and bled to death (Servius [in Virgilio Aeneida, ix, 115] however, significantly says that the wound was not self-inflicted). obr. cit., p. 181.

204. Mary R. GERSTEIN “Warg in literary texts: Germanic *Warg*: The Outlaw as Werwolf”. 1. Christ and Odin. “I have stressed that Wulfila rendered the condemnation of Christ as *gawargjand ina dauPau* Christ was be-warged to death, hanged on the cros. The analogy between the crucified Christ and the hanged criminal neither begins nor ends with Wulfila, of course. Earlier Christian writers saw the death of Christ as an antitype to that of Absalom (2 Samuel 18: 19-17): both are hanged and stabbed with spears. This mode of death is identical in form with the symbolic death of the Gmc. Gof Wodan Odin, who hangs in the world tree, pierced by a spear. There can be no doubt that the iconographical identity of Christ and Odin, the fact that both undergo symbolic death as accursed outlaw, as warg, paved the way for the conversion of the Gmc. Peoples to Christianity. In *Myth in Indo-European Antiquity*. Edit. Gerald James Larson. University of California Press. Berkeley, Los Angeles, London 1974 p 140

205. Segundo Mary R. GERSTEIN “The series 5334 ff. Is representative: 5334: *galgon rihtum* ‘erect a gallows’; 5336: *bóm an berge* ‘tree in the mountain’; 5337: *quelidun an krúcie* ‘tortured on the cros’; 5340: *bittra bendi* ‘bitter bonds’ (referring to the nails that pierce Christ). Despite references to crucifixion and nailing, it is the binding of Christ which is stressed almost incessantly in the *Heliand*; for example, 4929: *ligo-bedium* ‘limb bonds’; 4930: *fitereun* ‘fetters’; 5356: *an simon haftan* ‘held by the rope’”. *Warg* in literary texts: Germanic *Warg*: The Outlaw as Werwolf. 1. Christ and Odin. In *Myth in Indo-European Antiquity*. Edit. Gerald James Larson. University of California Press. Berkeley, Los Angeles, London 1974 p. 14

Segundo coleximos nós, estando xa esta idea maxistralmente desenvolvida na *Mitoloxía Comparada* de Max Müller, coligieron así mesmo outros autores do século XIX: co testemuño da súa vida e do seu exemplar sacrificio, pois nada máis grande e xeneroso hai que dar desinteresadamente a vida polos amigos, o solar deus celta *Esus* ofreceunos coa súa resurrección a promesa de vitoria sobre a morte, facilitando a *interpretatio* realizada polos pagáns e o enobrecemento da nova relixión imposta no século IV pola Roma decadente á Antiga Gallaecia e ao Atlántico: O Cristianismo.

LEÑO DE NADAL

Melcart of Tyre was adopted by the Greeks under the name of Hercules. According to their fables when he felt the pain for the poisoned cloak eating into his flesh -witch cloak, he it noted, was sent him by his wife and donned by him when about to offer a sacrifice- he climbed on a to a pyre of oak-trees and persuaded his friend, Philoctetes, to set fire to it. His soul then ascended in a cloud while the thunder crashed overhead. An annual festival held in Tyre in January commemorated this event, and was called "The Awakening of Hercules". We thus see that not only was there a dramatic representation of the death of the God but also of his resurrection²⁰⁶.

Conservamos aínda en Galicia, en moitas aldeas, un íntimo e persistente lume invernall chamado Leño de Nadal nacido neste solar contexto de morte e resurrección do ano e da vida. En certas bisbarras lucenses, como nolo refire Vicente Risco, moitos cren que na "Noite de Nadal as árbores dan volta coas raíces para arriba e as pólas para abaixo, collendo substancia para dar froito non verán"²⁰⁷. O Leño de Nadal, estendido tamén por toda Europa, consiste nun gran toro, usualmente de carballo, que acendéndose o día 24 de Nadal arde ininterrompidamente ata Reis, ata iniciarse o día dos "Reis Magos". Na Terra de Trasancos esta popular tradición galega dispouse un punto, ao prohibir en 1541 o leño o bispo de Mondoñedo, *Antonio de Guevara*, nun Sínodo Mindoniense celebrado na diocese de Mondoñedo-Ferrol (Segundo Pérez López, *EM1*, a tradución galega é nosa):

Constounos pola visita (di o propio bispo) que a noite de Nadal botan un grande leño no lume, que dura ata ano novo, que chaman o Tizón de Nadal, e logo para quitar as queenturas dan daquel tizón. E como sexa rito diabólico e xentilicio anthematizamos, e descomulgamos, e maldicimos, a tódalas persoas que de aquí en adiante usasen desta superstición; e máis e allende isto, condenámosvos en cada dous mil maravedís e que un domingo na misa maior fagan unha penitencia pública²⁰⁸.

206. Mary WILLIAMS, ob. cit. 181-182.

207. Xervasio DE TILBURY, na súa obra *Otia Imperialia* (ed. Oxf. Banks & Binns, 2002 iii, 54), conta como *Adán levou consigo tras a súa expulsión do Paraíso unha póla da Árbore da Vida da que cortaron logo os maderos da cruz de Xesús: Adam de Paradiso Tulise pomum uel surculum ligni uetiti, ex cuius semente fit cruz, ut unde mors oriebatur, inde uita resurgeret* (...) (cf. Otia iii, 105); noutra versión desta historia, Liebrech (p. 125) menciona que a árbore arrincada por Deus tras a Caída e arroxada fóra dos muros do Paraíso foi atopada mil anos despois por Abraham, quen levándose á súa casa un esqueixe, ao fíncalo no horto oíu unha celeste voz proclamando que cos taboleiros daquela árbore sería crucificado o Salvador.

208. A tradución do castelán ao galego é licenza do autor. Con todo non terían excesivo éxito as censuras episcopais pois os galegos vivos e mortos reúnen non só ao lume do bendito tizón, xunto ás mesas ben dispostas, senón que ata os galegos da diáspora desde fai uns anos reúnen virtualmente na Web nun "chat" ou internáutico foro chamado "tizón de nadal".

Estas raras proscripcíons, sen moito efecto, non ocultan o admirable que resulta observar como o clero *paleocristián* e cristián atlántico estableceu unha positiva comunicación e tendeu pontes, integrando o *cerne*, “o esencial” da antiga espiritualidade, na nova, ligando o solar e benfeitor pasado pagán de *Esus* co presente cristián do noso Redentor Xesús, Fillo de Deus e Luz do Mundo, manténdonos indemne e sen perturbación este clero cristián -feliz herdeiro, máis do que se pensa, do non menos admirable clero pagán- a espléndida esperanza de resurrección na carne, que, *casualmente*, a vella relixión celta compartía sen dúbida coa nova trunfante relixión.

TRÁNSITO VERTICAL E HORIZONTAL NO SEGUNDO PASO

Dos tres pasos do Sol polo Ceo, polo mar e pola Terra ata o Mundo Inferior; do segundo paso (Aen-dia) herdaria o seu lado escuro o touro psicopompos “dos tres pasos”.

Ao primeiro paso do poderoso sol do mediodía, elevado no máis alto do ceo, sucédelle un segundo paso crepuscular e decadente, empezando o moribundo curso do sol polo Atlántico o seu decidido e colorista descenso, levado pola súa nave - sexa esta un cascarón, sexa un cáliz, sexa unha copa, pois todo, de flotar e conter ao solar ilustre pasaxeiro, vale - e iniciando nela unha occidental singradura para descansar logo na súa illa ou na súa caverna, continuando logo xa no terceiro paso o seu descenso cara ao Erebo cos seus ríos subterráneos, antes de recomenzar o seu incesante retorno polo Oriente.

Esta é a nave, supomos nós, que ao repensar os Gregos os seus mitos sobre o *segundo paso* solar ou sobre o solar ocaso, ou ao recrear estes a súa xeografía mítica do ciclo de Endimión no Occidente despregando todo ese aparello propio da clásica antiga cosmografía, tan sementado de tópicos e referencias míticas, segundo puidera telo exposto o eximio Max Müller, converterían os Helenos como contrapunto á pesada barca pétrea dos Celtas nunha mariñeira copa.

O que puido ser, e foi, segundo mostran os petróglifos escandinavos, unha nave, unha naveta funeraria como a aparecida nunha tumba de Troia de 600 gramos en ouro de 23 quilates, con dúas asas, cuxa visión frontal recordaba ao seu descubridor, Heinrich Schliemann²⁰⁹, ao *depas amphikypellon* ou copa de dúas asas, un



O deus solar ten un só ollo. Odín, o deus solar xermano sábeo todo. Ese coñecemento costoulle un ollo da cara, que pagou en prenda ao seu mestre



En su décimo trabajo
Hércules cruza el océano
en el caldero del sol



O Misterio do Trisquel na Relixión Celta Ancestral
Monoteísmo Trinitario Antecedente do Presente Cristián

depas, da Iliada, converteuse, *pola forza do sino*, nunha copa ou cáliz e ata nun orondo caldeiro. Ambos, moi mariñeiros recipientes, son o batel no que Helios, e ata o esforzado Hércules tomándollo prestado ao sol nunha ocasión, emprende o seu mariño *cursus* cada atardecer.

Desde numerosos ángulos, o espectacular descenso do sol foi analizado, tal como as non menos espectaculares derivacións míticoxeográficas, por F. MaxMüller, referíndose este cumpridamente na súa *Mitoloxía Comparada* ao mito de

Endimión e á súa noite na caverna Latmia, confrontando estes extremos con outros inesgotables mitos indoeuropeos semellantes. Na dramatización deste descenso participaron sempre numerosos actores: os pagáns Hermes ou Mercurio, os *Lares Viales*, os cristiáns Santo André de Teixido, San Roque ou San Cristobo, os mozos confrades indoeuropeos da Caza Salvaxe, da *Mesnié*, da *Sociedade do Oso*²¹⁰ e os entroidos de Europa son só unha mostra.

As principais ocupacións do heroe solar Hércules, os seus Doce Traballos, refírense ao curso do Sol a través dos signos do zodíaco, exemplar eco todo iso das preocupacións estacionais, das tarefas e afáns, mes a mes, dos soldados-granxeiros indoeuropeos nas súas granxas ou nas súas explotacións agropecuarias ao longo do ano. No último dos seus encargos, o duodécimo, tócalle ao heroe visitar na súa viaxe final o Hades, o Alén, e levar consigo a Cerbero: isto só podía acontecer, segundo sinalouse xa, tras a súa morte e a súa incineración na pira. Para Max Müller:

FIBELA LUSOGALAICA DE BRANGAN ZA, CON REPRESENTACIÓN, PARS PRO TOTO, AO XEITO CÉLTICO DOS TRABALLOS DE HÉRCULES

“Outra posta magnífica do sol aparécenos no mito da morte de Heracles. O dobre carácter de Heracles como deus e como heroe é recoñecido aínda por Herodoto, e algúns dos seus epítetos indican dabondo o seu carácter solar [...]: na súa derradeira viaxe, Heracles, como Kéfalos, camiña de Oriente a Occidente. Consuma o seu sacrificio a Zeus no promontorio Kenaeon de Eubea, cando Deyanira (dâsya-narî = dâsa-patnî) envíalle a súa fatal túnica, de alí Heracles pasa a Traquis e ao monte Oeta onde se acha a súa fogueira [e a manzaira antecesor do xardín das Hespérides]; o heroe é pasto das lapas, e elévase a través das nubes ata o asento dos deuses inmortalis, a partir dese mesmo momento vólvese inmortal, e casa con Hebe a deusa da Mocidade. A túnica que envía Deyanira ao heroe [...] é o vestido que nos Vedas “tecen as nais para o seu brillante fillo”; son as nubes que se elevan da auga, e rodean ao Sol como unha sombría vestidura. Heracles trata de arrincarlla; o seu ardente esplendor traspasa a escuridade que medraba [...] vese ao heroe moribundo que desgarrar o seu propio corpo, ata que ese corpo brillante consúmese nun incendio xeral. A súa derradeira amante é Yole,



Fibela lusogalaica de Braganza, con representación *pars pro toto* ao xeito celta dos traballos de Hércules. S. III aC. Museo Británico

que representa probablemente as nubes do anoitecer, coloreadas de tinguídurax violáceas [...]" (Mitoloxía Comparada. Tradución castelá de Pedro Jarbi, Edicomunicación. 1998, p. 80)

Non son alleos á dramatización do descenso do sol, entre as cousas que é lícito mencionar, algúns elementos moi explícitos do cristianismo; así a introdución da hostia no cáliz, que na nosa fé católica simboliza o descenso de Cristo ao seu sepulcro, dá pé entre os Celtas do Atlántico ao nacemento da bela historia de Xosé de Arimatea e á *Demanda do Santo Graal* que "os do cáliz", os *Callaicos*, seica coincidindo a medieval etimoloxía popular galega coa popular etimoloxía inmersa na sacra xeografía da Antiga Grecia, locen desde inmemoriais tempos posiblemente ostentando un cáliz, para gloria de Europa, no escudo do seu nobre e leal Reino de Galicia.

Testemuñas do poderoso instrumento que a Etnografía Comparada constitúe para a Arqueoloxía, están os nosos Lares Viales -maxistralmente estudado o seu benefactor papel entre os vivos, os viaxeiros e os comerciantes na *interpretatio* da Galicia romana por Fernando Acuña Castroviejo²¹¹- especializados así mesmo en actividades psicopompas, en tránsitos horizontais, por gañarse o seu sustento na Galicia prerromana asistindo aos defuntos, custodiando ás almas por camiños cheos de perigos, coa fantasmal Santa Compañía ou Estadiña.

Foron zoocéfalos coñecidos desde a remota antigüidade, coa súa orixe Atlántica



Sol decadente con raios podoformes. Barcos con ánimas e axentes psychopompos. Boglösa. Suecia

211. Fernando Acuña Castroviejo I CNA, 2, 1971, pp. 353-357.

nos animais que figuran na *mesnie* representada nunha placa do caldeiro de Gundestrup: o can (como o Can Cerbero que, previndo catastróficas consecuencias, impide a entrada aos vivos no Hades ou a saída dos mortos ao mundo dos vivos, ou a Cadela Peregrina dos galegos), a escura serpe e o claro galo que co seu canto agudo anuncia o alba, ambos os atributos do Hermes ou Mercurio (e conxuntamente base do “basilisco” do bestiario galego), animalíños por influencia romana ou cristiá transformados en humanizados axentes psicopompos e en benefactores santos, hoxe *desafectados* nalgúns lugares do orbe católico por un sector da curia embebido de laicismo, aínda que, *iuvante Deo*, sempre protexidos en Galicia pola Igrexa. O can, a serpe, o galo, os conceitos que estes animais simbolizan son en Galicia atributos dos máis populares santos do país: O bendito San Roque, un dos máis xustamente queridos e venerados santos, aparece representado sempre, en Galicia, como un peregrino, unhas veces coa cruz de Santo André no seu chapeu, outras coas chaves de San Pedro, habitualmente coas *vieiras* de Santiago, non poucas veces, a un tempo,



coas tres insignias dos principais itinerarios de peregrinación da cristiandade, Roma, Santiago e Santo André de Teixido²¹²; o bonachón, San Pedro, calvo, cegato e descoidado represéntase coas súas chaves, é talvez o Pedro Chosco, reminiscencia do Lar *Ceciegaeco*, logo desvirtuado polos contos infantís e convertido no zoqueiro, que pecha os parpados dos nenos colgandole neles zoquiñas de madeira para que se durman e diselles logo *vaite levar Pedro Chosco!*; ou como o Xigante San Cristobo, sobresaiente condutor e reputado *Lar Vial*, sempre representado como o xigante que leva sobre os seus ombreiros a Cristo neno, portando na súa man o orbe

Antonio Allegue, párroco de San Xoán de Vilanova (Miño) oficia ao Arcebispado de Santiago de Compostela certificando a realización dunhas obras na igrexa parroquial de Ombre pola que solicita do arcebispado unha compensación económica.

“Ilmo. Señor. El que subscribe párroco de San Juan de Villanueva, pone en conocimiento de V. S. que la obra de la Iglesia de Hombre se terminó en la parte que estaba proyectada. Esto es: se edificó el muro del Sur desde la Sacristía; se abrió un metro más del Norte; se hizo la fachada con puerta de arco de medio punto, porque así contrató el Sr. Cura de Hombre a los canteros; como a un metro de distancia del dintel de la puerta se asentó una ventana de granito, adición que yo hice; y sobre la fachada se colocó la espadaña que consta de dos cuerpos, el primero tiene dos arcos con capacidad suficiente para las campanas, y el segundo uno más pequeño. Se hizo el tejado y cielo raso, todo nuevo, en una extensión de ciento diez metros cuadrados; se asentó la teja del mismo en cal; y se blanqueó y recibió interiormente. Falta el recebo y blanqueo exterior, que no se ejecutó por tropezar con muchas dificultades, pues aparte de la distancia que tengo a Hombre, los vecinos de esta se negaron últimamente a prestar servicio, teniendo necesidad de emplear tres peones en la ejecución de la espadaña, cuando antes, con haber más trabajo, bastaba uno. Y esto me ocasionó un aumento de ciento treinta pesetas. Sin embargo la obra no ofrece mal aspecto, pues el interior, arreglado al capital y nada deja de desear; y el exterior también aparece blanco, por la razón que las piedras de los muros fueron asentadas en cal y los otros aún conservan la vieja. Creo que debe entregarse la obra, que es lo que deseo y suplico. Lo poco que resta por hacer, en vista de las circunstancias que me rodean me cuesta mucho. Tal vez se necesiten doscientas pesetas. Envío la cuenta de tallada con los recibos, según la cual se me deben veintinueve pesetas con cincuenta y tres céntimos. Dios guarde a V. S. muchos años”.

13

1908. Libro de Culto y Fábrica de la Parroquia de San Cosme de Nogueirosa

Constantino del Río, párroco de San Cosme de Nogueirosa, deixa escrito no libro de culto e fábrica da súa parroquia copia de oficios enviados ao Arcebispado de Santiago sobre a conmutación de bens afectos á capela do Carme de Esteiro.

“En los días de Navidad del año de mil novecientos siete observé que en la puerta de la Capilla del Carmen de Esteiro había una lista larga anunciando la venta de los bienes y rentas de los tres Azpilcueta, algunos de los cuales estaban afectos para el cumplimiento de la fundación de Don Andrés Mosquera (q.e.p.d.), como se puede ver en el Libro de Fundaciones de esta parroquia de San Cosme de Nogueirosa y la reforma de dicha fundación hecha posteriormente por la abuela

del último patrono Don Enrique Azpilcueta Giannini presbítero en la Ciudad de Ferrol. Como no se me dio cuenta ni conocimiento alguno de la tal renta, me creí en el deber de tomar cartas en el asunto y saber si dicho patrono tenía la debida autorización para llevar a efecto la enajenación de los bienes afectos al cumplimiento de la dicha fundación y viendo que sólo de palabra se me dijo que tenían pedida la permuta, lo que no era verdad, como se puede ver por los documentos que voy a copiar para que mis sucesores tengan conocimiento de los ocurrido y son como sigue. Pasados quince días de a fijación de (...) para la venta y observando que me daban la llamada por respuesta (y eso que éramos amigos y condiscipulos) dirigí al Emo. Prelado el siguiente oficio: -“Tengo el sentimiento de poner en conocimiento de V.E.R. que: el Patrono de la Capilla de N. S. del Carmen sita en esta parroquia de mi cargo, está llevando a efecto la venta de todos sus bienes, y como entre los muchos de dichos bienes hay algunos que están taxativamente determinados en la fundación para sostenimiento de dicha Capilla y cargas piadosas, me apresuro a ponerlo en su superior conocimiento para que determine lo que haya lugar. Por de pronto y sin oposición por parte del apoderado, me hice cargo provisionalmente y previo inventario, de los objetos pertenecientes a dicha capilla esperando se me diga lo que debo hacer en este caso. Escribí atenta carta al apoderado de dicho patrono en donde le citaba varios párrafos de la fundación y me contestó que tenía pedida en esa Curia la redención de las cargas de la Capilla y que esperaba presentármela en breve; mas como no llegase ese día, me apresuro a dar conocimiento de los hechos. Los párrafos de la fundación que le copié al apoderado (que es sobrino del patrono) fueron los siguientes (aquí los párrafos que pueden verse en la fundación subrayados). Esperando pues las disposiciones de V. E. R. para evitar responsabilidades. Noguerosa, Enero 8 de 1908”.

Al anterior oficio, no recibí contestación alguna y tuve la paciencia de esperar hasta el seis de julio de dicho año que puse el oficio que a continuación copio para memorias y cuyo original obra en una carpeta de apuntes parroquiales que se encontrará en el Archivo Parroquial.

Oficio. Con fecha ocho de enero de este año, puse en conocimiento de V. E. R. que; el Patrono de la Capilla de N. S. del Carmen enclavada en esta parroquia de mi cargo, había puesto a la venta en subasta pública los bienes que taxativamente estaban determinados en la fundación para el cumplimiento de las cargas afectas a ella y conservación de la Capilla. En Febrero me enseñó el apoderado de dicho Patrono una solicitud fechada en veintidós de enero pidiendo la conmutación de dichos bienes, cediendo además la Capilla a V. E. R. y decretando el Muy Ilustre Sr. Provisor que se pusiera de acuerdo con el párroco para regular lo suficiente (Nos reunimos el apoderado del Patrono y yo, regulando lo necesario, a mi modo de ver, para el estipendio de las misas que satisfacían a peseta y sostenimiento de la Capilla y en Santiago taxaron como quisieron siempre nos toco de aserrar de abajo) al sostenimiento de la Capilla y determinando las obligaciones de Misas y su importe. Desde entonces no supe más nada, ni se me presentó documento alguno justificativo de la referida conmutación. Pasó el día de San Antonio, día en que debía celebrarse una misa rezada; y ahora próximo el día del carmen, fiesta de la Patrona de la Capilla, desearía que V. E. R. me ordenase lo que debo hacer, o dar las órdenes oportunas para que el depositario de los cupones de la deuda pública me entregue lo necesario para celebrar la función de ese día, pues según me informaron extraoficialmente, se hizo la conmutación solicitada. Manifesté también en mi comunicación citada que me había hecho cargo provisionalmente de los objetos pertenecientes a dicha

Capilla, hasta que V. E. R. determinase lo que crea más conveniente. Es indispensable hacer alguna reparación en el tejado de dicha Capilla, y en este tiempo debe atenderse a evitar después mayores gastos. Espero pues las superiores disposiciones de V.E.R. para saber a qué atenerme. Nogueirosa, Julio, 6 de 1908.

En contestación al precedente oficio, se me contestó lo siguiente: “Santiago Julio, 10 del 1908. En vista de lo que se manifiesta en el presente oficio, se le envía al Sr. Cura párroco el adjunto libramiento del Economato general manifestándole que puede cumplir las demás cargas redimidas y a fin de año recibirá el libramiento. El Gobernador Eclesiástico, S. E., el Sr. Obispo. Por mandado de S. S. I. Manuel Sánchez. Registro, Libro 19, folio 118. El libramiento que se cita importó cuarenta pesetas”.

Con fecha 30 de Diciembre del mismo año recibí del Acervo Pio cincuenta y tres pesetas con setenta y dos céntimos, y en el mismo día el segundo semestre importe cuarenta pesetas y un céntimo. N.B. Ahora ya puede verse que, cuando se pusieron los bienes a la venta, no tenían aún pedida la conmutación, puesto que yo me quejé con fecha ocho de enero y la solicitud pidiendo dicha conmutación, está con fecha veintitrés del mismo mes y año”.

Copia literal do documento de conmutación que está en poder del Patrono y es como sigue. Advertencia. Este documento está mezclado con la redención de la misa de nueve de Puente deume, que era el mismo Patrono. “Don Francisco Calvo Troiteiro, Secretario de Redenciones de cargas piadosas del Arzobispado de Santiago. Certifico: Que en el expediente canónico instruido para la redención de la carga que se expresará, se dictó la resolución definitiva y su aprobación que literalmente dicen = Resolución definitiva = En la Ciudad de Santiago a nueve de Marzo de mil novecientos ocho: Nos el Dr. Dn. Severo Araújo Silva, Obispo Auxiliar, Provisor y Vicario General del Arzobispado de Santiago, Delegado de Conmutaciones y Redenciones de cargas piadosas: Habiendo visto este expediente y Resultando que el Sr. Dn. Enrique Azpilcueta Giannini, Presbítero, vecino de Ferrol ha elevado al Emmo. y Remo. Sr. Cardenal Arzobispo, respetuosa instancia exponiendo = 1ª Que a bienes procedentes de una vinculación de familia afectaba la carga piadosa de una misa diaria a las nueve de la mañana en el altar dedicado a la Virgen del Rosario en la Iglesia de la Villa de Puente deume. 2ª Que por extravío de una parte de dichos bienes y por el corto estipendio de una peseta asignado por la fundación, se obtuvo antes de ahora de la autoridad eclesiástica la reducción de la carga a una misa rezada en los días festivos del año, con aumento de la limosna a una peseta con cincuenta céntimos. 3ª Que aun así no se hallaba sacerdote que se encargase de la celebración, por lo que fue preciso elevar la limosna a dos y media pesetas, aunque esta por voluntad del poseedor de los bienes. 4ª Que a pesar de ello, la escasez de clero en la localidad y puntos limítrofes, dificultaba sino imposibilitaba el cumplimiento de la carga de tal manera que hace dos años y medio no se celebra la referida misa; y 5ª Que llegado el momento de dividirse los bienes afectos a la fundación se hacía forzoso redimir la carga si ha de quedar asegurada para lo sucesivo. Resultando. 1º Que el Sr. Azpilcueta Giannini tenía además la obligación de solemnizar la festividad de la Santísima Virgen en su advocación del Carmen patrona de una Capilla de su propiedad, sita en la parroquia de San Cosme de Nogueirosa, y de hacer celebrar en ella una misa rezada el día de San Antonio, otra el día de San Cayetano, y otra el día de San Carlos de cada un año; y también

doce misas más sin día fijo determinado que por la misma razón de falta de clero deseaba redimir las conforme a las disposiciones concordadas vigentes. Resultado 2º: Que por orden superior pasó a esta Delegación la instancia del Sr. Azpilcueta y en su vista hemos acordado que de conformidad con el Sr. Cura de Nogueorsa fijase el importe anual de la función de la Stma. Virgen del Carmen, el estipendio de las quince misas rezadas, y la cantidad necesaria para la conservación de la Capilla, de los ornatos y demás precio para el culto en la misma. El resultado 3º, que para la primera fijaron la cantidad de veinticinco pesetas anuales; a las misas la limosna de dos pesetas por cada una, más trece setenta y cinco céntimos por razón de oblata; y para la conservación de la Capilla dos mil ciento cincuenta pesetas por una sola vez. Resultando 4º: que acordada y practicada la oportuna liquidación del importe de las cargas de reducción con arreglo al tipo de los títulos del cuatro por ciento renta perpetua interior, el interesado se conformó con ella y en su virtud ingresó en la depositaria del Fondo Pío Diocesano, la cantidad efectiva de siete mil setecientas diez pesetas con noventa y nueve céntimos en equivalencia de las doscientas noventa y tres pesetas setenta y cinco céntimos suma de las cargas; y de las setenta y tres pesetas con cuarenta y cuatro céntimos añadido al capital para obtener otro bastante a producir el veinte por ciento impuesto de contribución al interés o renta anual de la expresada deuda; más seiscientas diecisiete pesetas cincuenta céntimos limosna de las doscientas cuarenta y siete misas que están en descubierto; y por último: dos mil ciento cincuenta pesetas cantidad fijada para la conservación y decoro de la Capilla, lo que se acreditó con recibo del Señor Depositario. Considerando: que las cargas fundacionales son de las comprendidas en los artículos 4º del Convenio Ley de veinticuatro de junio de mil ochocientos sesenta y siete, y 5º de la real Instrucción de veinticinco del mismo mes y año. Por todo ello las declaramos redimibles y redimidas, y extinguida “in perpetuum” la obligación de contribución con cantidad alguna por tal concepto; entendiéndose desde ahora libres del todo citado gravamen todos los bienes que le estuvieren afectos. En nombre del Emo. y Rmo. Prelado, y también por lo que nos toca, damos gracias al Sr. Azpilcueta por su generoso desprendimiento en lo referente a la cesión de la Capilla a la Iglesia en la persona del Emo. Sr. Cardenal Arzobispo de la Diócesis, y por la entrega de la cantidad precisa de la cantidad precisa para la conservación y decoro de aquella. Elévese este expediente a la superior aprobación y mereciéndola expídase. El Delegado, Severo, Obispo Auxiliar. Por mandato de S. S. Ilma. El Obispo mi Sr., Francisco Calvo Troiteiro. Secretario. Hay las rúbricas.

Auto. Nos el Dr. D. José Martín de Herrera y de la Iglesia por la misericordia Divina, Cardenal Arzobispo de Santiago de Compostela. Visto este expediente y la resolución definitiva por el Ilmo. Sr. Obispo Auxiliar nuestro delegado de Redenciones de cargas pías, venimos en aprobarla de conformidad con lo dispuesto en el artículo 4º de la Real Instrucción de 25 de Junio de 1867, acordada para llevar a ejecución el Convenio Ley de 24 del mismo mes y año. Devuélvase este expediente a nuestra delegación a los efectos que procedan. Dado en la Ciudad de Santiago a doce de Marzo de mil novecientos ocho. El Cardenal Arzobispo. Por mandato del Emo. Cardenal Arzobispo mi Señor, Francisco Calvo Troiteiro, Secretario. Hay rúbricas y sello.

Así resulta del expediente al principio citado que queda en el archivo, y a petición del interesado para hacerlo constar expido el presente que con el Vº Bº del Emo. y Rmo. Sr. Cardenal Arzobispo, firmo y sello en Santiago a catorce de marzo de mil novecientos ocho”.

14

1908. Libro de Culto e Fábrica da Parroquia de San Cosme de Nogueirosa

Inventario dos obxectos existentes na capela do Carme de Esteiro no momento de ser cedida ao Arcebispado de Santiago.

“Inventario de los efectos existentes en la actualidad en la Capilla del Carmen de Nogueirosa y de los cuales se hace entrega al Sr. Cura párroco Don Constantino del Río en el día de la fecha:

1. El terno compuesto de dos capotes damasco de seda blanca con centros encarnados, completo de cuellos, estola y manípulos, todo guarnecido de galón de oro galvanizado para el día de la Sma. Virgen.
2. Una casulla blanca de id. id. con estola y manípulo id. paño de cáliz y bolsa de corporales damasco blanco para idem.
3. Un paño de atril damasco blanco y encarnado id.
4. Una banda nueva o paño de Hombros damasco blanco con fleco de seda id.
5. Otra casulla damasco de seda encarnada, con estola, manípulo, dos paños de cáliz blanco uno y encarnado el otro y bolsa de corporales blanca y encarnada para diario.
6. Otra casulla de damasco de seda verde, con su estola, manípulo y paño de cáliz del mismo color.
7. Otra casulla morada con su estola, manípulo y paño de cáliz damasco del mismo color y bolsa de ambos colores, todo guarnecido de galón galvanizado.
8. Otra casulla de seda negra completa con paño de cáliz y bolsa de id. guarnecida de cinta de seda dorada.
9. Un frontal de altar antiguo, damasco blanco y cenefa encarnada sin uso por viejo e innecesario.
10. Dos bolsas blancas de corporales.
11. Un terno completo encarnado de brocatel con galón dorado, casulla y dos dalmáticas, atrilero, todo con galón, vainica con flecos, paño de cáliz y bolsa de corporales con estola y manípulos.
12. Una casulla blanca de damasco de seda con galón dorado, paño de cáliz, bolsa de corporales estola y manípulo.
13. Otra casulla encarnada del mismo género, con galón dorado, paño de cáliz, bolsa de corporales, estola y manípulos.

Ropas

14. Tres albas finas de encaje ancho para el terno en la festividad de la Virgen, con sus amitos y cíngulos de hilo, borlas de canelón, todo nuevo, en reemplazo de las antiguas.
15. Otras dos albas de lienzo usadas para diario con sus respectivos amitos y cíngulos.
16. Otras dos albas nuevas con un buen encaje, amitos y cíngulos, también para diario.

17. Dos juegos de corporales de diario y otro fino bordado para la festividad de Nuestra Señora.
18. Dos juegos de corporales chicos, para el tabernáculo y otros dos para el sagrario.
19. Tres manteles de altar para diario guarnecidos.
20. Dos idem interiores lisos para idem.
21. Otros tres lisos de lienzo para debajo de los anteriores, sobre la piedra de ara.
22. Otro mantel fino guarnecido, para el día de Nuestra Señora.
23. Y otro idem muy fino guarnecido con entredós para cubrir el anterior.
24. Seis purificadores y seis paños de los dedos.
25. Dos frontales uno de altar y otro de la mesa de la Epístola.
26. Dos lazos de adorno de las toallas.
27. Dos toallas para el lavabo de la Sacristía.
28. Ocho piezas de damasco encarnado para adorno del Presbiterio muy usadas.
29. Otra de felijunquín encarnado para el antepecho del Coro.
30. Cuatro toallas de encima.
31. Cinco fiadores.

Plata

32. Un cáliz con su patena y cucharilla con peso de diecisiete onzas.
 33. Dos vinageras, peso ambas de doce onzas y 4 adarnes y un platillo de diez onzas y 4 adarnes.
 34. Una campanilla nueva además de la dotación con peso de tres onzas.
 35. Una palmatoria de altar de seis onzas, id. id.
 36. Un incensario de veintitrés onzas ocho adarnes con su naveta y cuchara de catorce onzas y dos adarnes, todo antiguo.
 37. La corona antigua de la Virgen, cuatro onzas.
 38. Otra corona nueva para id., peso de 8 onzas 2 adarnes.
- Componen 6 libras y 6 ½ onzas de plata.

Otros efectos

39. Dos juegos de escapularios para la Virgen del Carmen, uno nuevo y otro viejo.
40. La Cruz del altar y 6 candeleros de latón nuevos.
41. La campana de metal blanco con su cadena de hierro.
42. Una campanilla antigua de bronce.
43. Dos Vinageras de cristal para diario.
44. Atril del altar y dos de pie, el uno nuevo para el Presbiterio y el otro antiguo para el Coro.
45. Un Misal antiguo completo, aumentado con las misas modernas.
46. Otro antiguo para el Coro.
47. Otros dos nuevos para el atril del Presbiterio que contienen las Epístolas y los Evangelios (Cuadernos).

48. Dos juegos de sacras.
49. Una cruz con su efigie de madera tamaño de una tercia sobre la cómoda nueva de la sacristía.
50. Y un lavabo de Zinck en la pared de la misma.

Lugar de Esteiro, parroquia de Nogueirosa a treinta y uno de Diciembre de mil novecientos siete. Entrega por el Patrono, José Caballero. Recibí el Párroco Constantino del Río.

Nota. Este inventario se hizo por duplicado, recogiendo un ejemplar el apoderado del Patrono, y otro el Párroco que debe encontrarse en una carpeta que en archivo contiene también otros documentos de interés parroquial.

Debe haber alguna aclaración respecto al estado de algunos de los objetos contenidos en el presente inventario, pues no lo aclara en su lugar y es conveniente que conste aquí:

1. Las casullas que figuran en los números 2 y 9, están casi inservibles, hay que repararlas para que puedan ir tirando aún algún tiempo.
2. El galón que se dice de oro galvanizado en las dalmáticas del número 1 no son tal oro, ni mucho menos, son dorados sencillamente y basta.
3. El paño del atril del nº 3 se retiró por inservible.
4. El frontal que se dice en el nº 9 no recuerdo haberlo visto nunca, y según mi información los encargados de cuidar la Capilla, hace ya muchos años que pasó a mejor vida.
5. Las piezas de damasco que figuran en el nº 28 más que piezas pudieron llamarle trapos, pues no sirven para nada, según informes ya fueron de la Capilla del Convento que el Patrono tenía en el de Agustinos de Puente deume.
6. Las dos dalmáticas en nº 1 que eran de dos colores las arreglé como están de un solo color blanco como así prescriben las rúbricas.

No se acordó el Apoderado de mencionar el único altar de la Capilla, sin duda temiendo no le cayese encima por lo viejo y estropeado, que si Dios no lo remedia, el día menos pensado se encuentra todo en el suelo, porque es una verdadera porción de polillas, desde el pie hasta la cúspide, bien pudieron hacer uno nuevo teniendo como tenían madera de castaño buena, pero sólo estaban a pasar, gracias que pude conseguir hicieran el terno encarnado y dos casullas, una blanca y otra encarnada, que son buenas”.

15

1934, xaneiro, 12.

Relación do balance das contas de xestión de culto e fábrica da parroquia de Nogueirosa, correspondente ao ano de 1933.

Cargo:

Último haber	14,49
E. General para la Capilla de Esteiro	80,00
Bulas	30,00
Donativos (a 0,50 derechos exceptuando los pobres)	11,50
Total	136,99

Data:

2 Directorios	2,00
Oblata	35,00
Oleos	3,00
Lavado y repaso ropa blanco, de limosna	3,00
Sacristán	50,00
Gastos fiesta Patrón	15,00
2 1/2 aceite (el restante de limosna) y 6 cajas de mariposas	68,50
7 Kigs. Cera (la restante limosna)	35,00
1 Idem. cerilla	6,00
Incienso	4,25
De una sábanillas viejas hacer 8 corporales	1,25
2 toallas, lavabo a 1,50	3,00
De un alba inservible y restos de otra hacer dos amitos	1,00
De otra id. hacer una pelliz (incluso accesorios)	2,10
Reparar un fascistol y un atril	1,25
N.B. En 21 de marzo del corriente año ocurrió el criminal incendio que destruyó, casi hasta los cimientos, a la Iglesia parroquial con cuanto en ella había, y también el de la Capilla de Esteiro en el que pereció casi todo el menaje de la misma, quedando toda ella horriblemente deteriorada. Fue asombro que en esta quedase intacto el interior del Sagrario y el Corporal.	Suma 227,95
En este incendio perdió el que suscribe apuntes y papeles de importancia, como también prendas y libros por valor de más de trescientas cincuenta pesetas. Incluso le quemaron el breviario. De la fábrica sólo se salvaron las prensas y objetos que por precaución se conservaban en casas particulares especialmente atendidas. Después de habérsele instado gravemente por la Superioridad a que desistiese de su pretensión de renuncia y después de autorizarme para proceder con carta blanca en el temerario esfuerzo “pro reconstrucción inmediata de la Iglesia por suscripción popular se iniciaron las gestiones en la primera quincena de abril. Y el 25 de septiembre del mismo año, tuvo el que suscribe la dicha de bendecir (autorizado) el templo (el casco del edificio con altar provisional y celebrar en él, solemnisísima función. Los feligreses José Pazos Tenreiro, Celestino y Rodrigo Regueiro, Ramón Pantín Tenreiro, Juan Leira Amado y Juanito Leira López, y el joven José Leira Pazos, fueron héroes de esta suscripción y reconstrucción como también Francisco Calvo y mucho más lo fueron del despertar espiritual de la parroquia. Conste su nombre aquí para su gloria y satisfacción. Gracias a Dios que más que reconstruir la iglesia se consiguió reconstruir el templo espiritual de la parroquia antes completamente destrizada por el marxismo. La Comisión de reconstrucción pudo solamente aportar datos englobados y son los que al final se detallarán.	Suma anterior 227,95
Gastos indispensables de reparación de algunos objetos de culto y adacentamiento de la Capilla de Esteiro al mismos Culto	35,00
Total	262,35

Demostración:

Cargo: 136,99

Data: 262,35

Déficit: 125,36

Queda pues un déficit contra la Fábrica de ciento veinticinco pesetas con treinta y seis céntimos de que hizo el desembolso el Ecónomo que suscribe. Nogueiroa a 5 de enero de 1.934. El Cura Ecónomo. Lic. Manuel Parada Regueiro. (*Rubricado*).

Reconstrucción de la Iglesia Parroquial

Cargo:

D. Exmto. Grl.	500,00
Suscripción parroquial y comarcal	3.406,35
Total	3.906,35

Data:

Por cables, etc. de hierro	500,00
Por cemento	660,00
Por cal	198,00
Por arena	190,00
Por doble portalón de hierro, dos puertas de id. y una id. para el campanario (de ocasión)	197,60
Por maderas	390,00
Por canteros-albañiles	978,40
Por carpinteros	640,00
Por vigas y gastos de la comisión (por su cuenta)	0,00
Por seguro de obreros, accesorios de trabajo, etc. y reparación de herramientas, etc.	397,70
Por acarreo, servicios, peones, etc. y por prestación personal de los vecinos	0,00
Total	4.151,70

Demostración:

Cargo: 3.906,35

Data: 4.151,70

Déficit: 0.245,35

2ª y 3ª Suscripciones arrojaron 236,40

Cargo anterior 3.906,35

Total 4.142,75

Última Demostración:

Cargo: 4.142,75

Data: 4.151,35

Diferencia: 0008,60

Queda pues un “déficit” que saldó el Ecónomo y que con el anterior de las cuentas ordinarias da $(125,36 + 8,60)$ ciento treinta y tres pesetas de “Déficit total” contra la Fábrica.

Noguerosa a 12 de enero de 1934. El Ecónomo: Lic. Manuel Parada Regueiro. *(Rubricado)*.

OS TEIXEIRO DE MALADOS ANTEPASADOS DE DONA EMILIA PARDO BAZÁN

Xosé Lois Lamigueiro Fernández

O historiador e xenealoxista don Dalmiro de la Válgoma e Díaz Varela presentou no ano 1952 o seu traballo: *La Condesa de Pardo-Bazán y sus linajes*¹; ampliación da xenealoxía da ilustrada escritora, editada en: *Almanaque para el año 1904, por Manuel López, con la colaboración de distinguidos escritores y artistas, Año VII, Buenos Aires, 1903*, por don Federico Maciñeira Pardo de Lama, no seu artigo chamado: “Genealogías gallegas. La de Emilia Pardo Bazán”. Diversos traballos continuaron ámbalas dúas obras², centrándose todos eles nas liñaxes de máis renome, esquecendo familias menos coñecidas, como é a que imos tratar.

Entre os descendentes destes Teixeira atópanse, ademais da citada dona Emilia, figuras tan dispares como a de Francisco Franco ou Concepción Arenal; coincidencia xa sinalada polo mesmo autor no seu traballo. Quizais o fito intensificou a presenza desta familia en estudos xenealóxicos que, non obstante, non conseguiron ir máis aló do seu entroncamento coa mal chamaba Casa das Inchousas. Outra rama asentouse na vila de Pontedeume no século XVII, a través de Catalina Teixeira, viúva respectivamente do procurador xeral da vila, Álvaro Rodríguez de Cora e Aguiar, e do rexedor doutor Antonio Montejano, o seu segundo marido.

O COUTO DE MALADOS. UNHA APROXIMACIÓN COMO PRÓLOGO

O actual concello de San Martiño de Cerdido, auténtica ponte entre as terras de Trasancos, Cedeira e Ortigueira, atopábase no século XVI dividido en tres coutos xurisdicionais leigos, propiedade de diferentes casas fidalgas:

- Diego Osorio sr. de S. Sadurniño: Couto de Cerdido: cuartos de Piñeiro, Chao e Abelleira.
- Gómez Pérez das Mariñas, (Casa de Párrega): Couto de Malados.
- Gaspar Maldonado: Couto dos Casás.

1. Con prólogo de dona Elena Quiroga de la Válgoma. Imprenta Aldecoa, Burgos 1952. Abrangue as liñaxes: Pardo de Lama, Bazán, Mosquera, Arias-Conde, Ribeira, Rúa Figueroa, Salazar e Cuadra.

2. Entre eles hai que destacar o realizado polo xenealoxista don Carlos Martínez Barbeito en: Torres, pazos y linajes de la provincia de La Coruña. Edit. Everest S.A. 1986.páx.162 e 313. 2ª Edición.

Cada unha delas nomeaba entre as principais familias de labradores os cargos de: meiriños, xuíces ordinarios, alcaldes e mordomos. Moitos destes oficios foron elixidos entre familias de avoengo nesta terra: Piñón, Vilarelle, Barreiros e Teixeiro³. Circunscribíndonos ao actual Cerdido, existían ademais grandes propietarios de carácter relixioso: a Orde de San Xoán de Xerusalén (dona da chamada graxa de Régoa que pertencía á encomenda de Portomarín en Lugo); o mosteiro de Oseira, e o Hospital Real de Santiago. Todos eles posuían varios casais en propiedade no territorio; arrendados baixo réxime foral a auténticas sagas de labradores: Amor, Abelleira, Caneiro, Castrillón, Fraguella, Gangoa, Lamigueiro, Lourenzo, Luaces, Mouriz, Piñón, Pita, Viladóniga, Vilarelle, e un longo etc.⁴.

A meirande delas tiñan presenza no couto dende tempo inmemorial. Á tenza dos foros sumaban -nalgúns casos- a propiedade dos seus lugares matricés; herdados dos seus antecesores, e pagando pola súa posesión “*el diezmo a Dios*”. Deles tomarán entre os séculos XIV ao XV os seus apelidos, transmitíndoos de xeración en xeración⁵. Completaban a súa “facenda” coa propiedade de barras de viña nas parroquias veciñas de: San Cosme de Piñeiro, San Fiz de Esteiro, San Clodio e as Meras, o que testemuña certa economía arredor do viño, hoxe desaparecida.

Ademais do gremio de labradores -principal dentro do couto- existían os chamados oficios mecánicos: zapateiros, tundidores, pintores, ferreiros, etc.; formando con todo elo unha completa armazón social. Cerdido, rico en terras de labradío, fragas de carballos, castiñeiros, nogueiras, e pomares; posuía ademais gando mostrengo vacún e cabalar.

A acumulación de terras, fragas e lugares, propios ou arrendados, por parte dos labradores chegado o século XVI, propiciou a existencia do que poderíamos chamar “bens en excedencia”, paso previo para que fixesen aparición en escena o gremio de mercadores, chamados na linguaxe da época “merceiros”.

Este gremio de novo cuño, recolleu este excedente -principalmente madeira e gando- exportándoo en dirección aos portos próximos de: Cedeira, Bares, Santa Marta, Viveiro e Ferrol. Entre as familias de merceiros con éxito na bisbarra -Tallón, Pol, Castrillón, Landrove, López de San Pedro, López de Almendras, etc.- destacaron os Teixeiro de Malados, asentados dende antigo nas terras próximas á ermida de San Salvador da Barqueira; veciños e moradores no chamado “castro de Malados”⁶.

3. Tra-la morte do señor xurisdiccional Gómez Pérez das Mariñas, os alcaldes do couto de Malados pasaron a ser nomeados polo chamado “Colexio de Viveiro”.

4. Trataremos de incluír informacións xenealóxicas dalgunhas distas familias nas notas a pé de páxina.

5. No ano 1310 os antepasados directos dos labradores anteriormente citados, por sentenza do bispo don Rodrigo (1298-1318) eran obrigados a pagar os votos de Santiago. A través do documento da devandita sentenza, temos un primeiro censo dos veciños de Cerdido. Moitos deles levaban ligado ao seu apelido o nome do seu lugar matriz: Johanes de Carracedo, Pedro Eanes Descote (Escote), Johan Pelaes de Quelle (Guelle), Eanes de Malada (Malados), Fernán Pérez de Felgosa, Fernán Martínez de Pedre, Pedro Eanes dá Pena (Penadobico), Johan Pérez de Carvallal (Carballal), Pedro de Lamela, Pay Pérez de Pinnay (¿Piñón?). Lugares todos que continuaron sendo ocupados e explotados até practicamente o século XVIII. O documento citado en *Tumbos del archivo de la catedral de Mondoñedo*. Calendarios. páxina 157, doc. 554. Autor: Enrique Cal Pardo. Deputación de Lugo. Gustárame agradecer a don Rafael Usero, emérito historiador das terras de Cedeira, a noticia sobre este documento e o seu desinteresado apoio para realizar este traballo.

6. Este curioso epíteto, vestixio doutros tempos, aparece aínda nos documentos do principio do XVII. PEDRO DE PIÑÓN

Foron propietarios dun importante lote patrimonial, repartido entre as rías de Ortigueira e Ferrol. Non obstante a columna vertebral deste patrimonio estivo situado no corazón mesmo do couto, nos lugares de: A Barqueira, Reguedoira, Ardá, e Riovello. Ademais da exportación de madeira -a súa principal mercadería- destacaron na cría de gando vacún, cabalar e mular. A acumulación de tan rico patrimonio permitiu ás primeiras xeracións da familia Teixeira emparentar coas principais familias fidalgas da bisbarra, entre elas os Pardo de Andrade (Lama), tronco da liñaxe de dona Emilia Pardo-Bazán.

A PRIMEIRA XERACIÓN

Os patrucios máis antigos coñecidos foron: Juan de Teixeira e a súa muller Mayor de Teixeira, versus Mayor Martínez⁷. Foron labradores e veciños do couto de Malados; e deberon de nacer nos primeiros anos do século XVI. Transmitiron aos seus catro descendentes un importante lote patrimonial, que incluía os lugares citados da Barqueira, Ardá, Reguedoira, e Riovello. Ademais Juan de Teixeira -chamado tamén Juan Teixeira de Malados *o Vello*- posuía ¼ do lugar de Ponte Noval en Mera; e os montes chamados de Padriñán a el pertencentes por compra que fixera a Mayor da Riva. O matrimonio faleceu antes do ano 1578, xa que as súas partillas estaban realizadas perante o escribán Pedro Gómez nesta data⁸.

Ambos os dous tiveron por fillos a:

1. - Afonso de Teixeira.
2. - Catalina de Teixeira.
3. - Ana Teixeira.
4. - Juan de Teixeira.

1.- Afonso de Teixeira. Versus Alonso Teixeira (*1544). Tomámolo polo primoxénito xa que aparece con anterioridade aos seus irmáns na documentación estudada. Contraeu matrimonio con Mariña de Landrove, tamén chamada Mariña Teixeira⁹; filla de Juan de Landrove *o Vello* e Mariña Romeu, veciños de San Xoán dos Casás. Os Landrove eran -como non- unha casta de importantes merceiros, exportadores de madeira ao reino de Portugal; concretamente á cidade de Setúbal¹⁰. Mariña achegou a través do seu dote os lugares de Rego da Madeira e o de Carballal, en

DAS YNCHOUSAS CON JUAN TEIXEIRO SOBRE BIENES 1612. A.R.G. atado. 17248/70. fol 6. Carta de procuración: "*Sepan quantos esta carta de poder y procuración vieren como yo Juan Teijeiro vecino del castro de malados que estoy presente...*". (En diante: PEDRO DE PIÑÓN CON JUAN TEIXEIRO).

7. PRUEBAS DE LIMPIEZA DE SANGRE, Y ACCESO AL COLEGIO SANTIAGO ALFEO, DE FRANCISCO LÓPEZ PIÑÓN. Ano 1653. Arquivo da Universidade de Santiago de Compostela.

8. HOSPITAL REAL DE SANTIAGO CON JUAN TEJEIRO SOBRE PAGA DE RENDA POR LAS ROZAS EN LA JURISDICCIÓN DE CEDEIRA. ANO 1578. A.R.G. SIG.21371/8.

9. Sobre a coincidencia de apelidos entre cónxuxes, temos a hipótese de que nista época, a muller adopta o apelido do seu home, en algúns casos concretos en documentos de certa relevanza.

10. ALONSO TEIXEIRO CON INÉS PAZ. A.R.G. SIG. 26114/58. Folio 9: "*...a veintitrés días, del mes agosto de mil quinientos sesenta y ocho años, Juan Landrove, Alonso de Castrillón y visto todo ello por el dicho juez, mandó sé notificase a los herederos del dicho Juan de Landrove el viejo que dentro de tres días conocieren el dicho conocimiento y la letra firmada de el por delante del escribano, y confesado pagado sea a la dicha Inés Paz los cien ducados, en el contados y que fue*

San Xoán dos Casás, freguesía anexa a Santa Cruz de Moeche; pero actualmente pertencente a San Martiño de Cerdido. Unha vez mortos os pais de Alonso, e tras facer as partixas cos seus irmáns, este uniu ao seu patrimonio os lugares ancestrais de: A Barqueira, Aldar, Reguedoira, e Laba, todos eles circunscritos ao couto de Malados; aos que habería que sumar unha parte do lugar de Viladóniga, en San Martiño de Cerdido, e o de Amieiro en Santa María de Mera. A todo isto engadiremos un importante número de fragas, leiras, e barras de viña, repartidas en diferentes freguesas veciñas; herdadas dos seus maiores ou compradas por ambos os dous en réxime de ganancias. Este importante patrimonio sumado ao seu oficio de merceiro; proporcionoulle grande honra e caudal ao noso Alonso, chegando a ser un dos homes de confianza durante máis de trinta anos; de don Gómez Pérez das Mariñas e Rivadeneyra, que dominaba o señorío de Malados en nome da súa muller, dona María Sarmiento (+1563).

Tras ser este nomeado capitán xeral das Filipinas e partir rumbo ás illas, Alonso sostivo economicamente a casa do fidalgo; esperando ser recompensado polo cabaleiro tras a súa carreira en Asia. O destino quixo que tanto Gómez Pérez, como o seu fillo don Luis Pérez das Mariñas, atoparán a morte na chamada: “Conchinchina”; quedando así a súa casa endebedada con Alonso Teixeira nunha cantidade próxima aos 2.000 ducados. O preito do ano 1601 perante a Real Audiencia do Reino de Galicia, polo que Alonso reclama as devanditas sumas, achega importantes datos sobre as relacións deste como fiador do fidalgo:

“...Juan Varela en nombre de Alonso Teixeira vezino del coto de malados. digo. que mi parte a servido y sirvio a Gómez Pérez das Mariñas su goberbador que fue de las Filipinas mas de Treynta años de todo servizío. Se lo ofrecia y el le mandava así azer así caminar como otros muchos servicios digno de mucho premio y demanda dello por su orden. Le a dado (a Gómez Pérez) de hazienda para su casa y servizío mas de dos bacas preñadas y una mula, para servizío de dona Ana su mujer y mas de treinta carneros y otras muchas cosas de mucho valor. Y le ha tenido en su casa, con toda su gente de su cassa y a gastado mucha suma de moneda y le a criado a dona Beringuela su hija. Dandole de vestir y lo mas necesario que toda larga costa y servizío en que a gastado y se le llevaron de su casa para la del dicho Gomez Perez das Mariñas, servizío que cumplio por su mandado, que vale mas de mil quinientos ducados y lo mas de ello lo presto en dinero al dicho Gomez Perez cien ducados y el los recibio de mi parte con mas de un doblon de oro de valor de cartorce ducados, y otras muchas otras cosas en servizío y dinero, que el Gomez Perez das Mariñas esta obligado a dar y pagar a la dicha mi parte por el dicho Gomez Perez. Siempre a quedado con mi parte de se lo dar y pagar al tiempo viniese de dicho cargo a que iba a las Filipinas, diciendo que quando de alla viniese le avia de pagar todo el dicho sevizio y dinero, cuando el viniese de dicho cargo avia de para todo a mi parte y que no avia de aver ombre en la tierra tan rrico como el dicho mi parte, por lo que avia de pagar todo el servizío que le avia

sen citados por los autos, del cual se le notificó Alonso Teixeira como marido y conjunta persona de Mariña Teixeira, hija y heredera que fincó el dicho Juan de Landrove, difunto y a Pedro López vecino a feligresía de Santa María de Mañón y Alonso de Landrove y a Juan de Landrove el viejo y a Juan de Landrove el mozo...”

echo en dinero y que le avia llevado y comido la cria y servizio de su hija y los caminajes que logo mi parte avia echo a su servizio como al rreyno de Murçia...”

O testamentario do cabaleiro Gómez Pérez, foi o seu parente Fernando Pérez de Rivadeneyra, o cal se negou ao pagamento das sumas debidas. A defensa de Alonso no preito citado, pedirá a lectura do testamento e últimas vontades do defunto, como proba da determinación deste de deixar saldadas as súas débedas:

“Item.- Declaro que me he servido de muchos ydalgos e personas nobles entre los cuales acostumbran a ser señores sin sueldos ni salarios y de por afecion amor voluntad (...)gación basallaxe reconocimiento por el tengo otra superioridad que si dentro de un ano despues de mi falecimyento ofrecieren a los susodichos y otros de cualquier calidad deciendo que han servido y sea pagado, que sabida la verdad sen pleito y contienda de Ju^a se les pague lo que fuere juicio paresciere, que yo les devo conforme a su calidad...”¹¹.

Ambos os dous foron pais de:

1.a.- Luis Teixeira. De oficio merceiro como o seu pai, dedicouse á cría de gando vacún, cabalar e mular. Con iste último acadará gran éxito dada a demanda para o seu uso por parte da infantaría española; embarcándoo no porto de Cedeira rumbo ós estados chamados de Flandes. No ano 1632 aparece como alcalde do couto de Malados nas partixas de Estevo do Piñón; xuíz ordinario do couto realizadas perante o escribán Pedro Fernández del Villar¹².

Estivo casado con Ana Galega, da cal descoñecemos a súa filiación, pero sabémola irmá do tamén merceiro Lois de Ameneiros, veciño do lugar chamado do Vilar, en San Xurxo de Moeche polo ano 1647; e entroncado cos Ameneiros do Soutullo. Luis Teixeira e Ana Galega foron veciños do lugar de Reguedoira en Malados, onde viviron en compañía dun criado chamado Cristóbal Fernández, tendo por fillos a:

1.a.I.- Juan Teixeira, presbiteiro no ano 1669 e leigo aínda en 1647, cando se ve envolto nun escuro episodio polo que será exiliado do coto de Malados; como raptor da moza María Fernández de Piñón, xunto o seu curmán chamado Juan Freire de Andrade; fillo do anteriormente citado Lois de Ameneiros, e da súa dona María Freire de Serantes. O pai da moza raptada, o labrador Pedro de Piñón da Felgosa, preiteará contra os anteriores obtendo unha sentenza o seu favor; por valor de mil ducados pola perda da virxindade da moza. Para asegura-la cobranza da suma, a xustiza do couto de Malados, executará un embargo nos seus respectivos lugares; vendendo posteriormente o recadado en almoeda xunto as murallas do castelo de Moeche. Na súa defen-

11. ALONSO TEIXEIRO CON DON LUIS PÉREZ DAS MARIÑAS Y FERNANDO PÉREZ DE RIVADENEIRA SOBRE EXECUCIÓN POR Mrs. Ano 1601. A.R.G. SIG.24-104-4061. N.º8. - Para saber máis das aventuras do fidalgo galego nas illas Filipinas e da súa desgraciada epopea consultar Gómez Pérez das Mariñas y sus descendientes de César Vaamonde Lores. Traslado do testamento de Gómez Pérez, dado en Manila o 30 de setembro de 1592, por Jerónimo de Mesa, que se atopa inserto no preito.

12. ESCRITURA DE POSS.º DE PEDRO PIÑÓN. ANO 1667. A.R.G. SIG.24037/24.

sa tanto Luis Teixeira como a muller de Lois de Ameneiros; a citada María Freire, farán curiosa-mente ostentación da súa condición de fidalgos; o que no caso do Teixeira só e entendible dende o seu cárrego de Alcalde do couto de Malados; e dende a perspectiva de María Freire, como descendente da Casa Solar de San Salvador de Serantes¹³

1.a.II - Alonso Teixeira, desposado con Margarida de Viladóniga, e ámbolos dous veciños do lugar de Reguedoira erdado do seu pai. No ano 1679 tendrá que litigar contra a xustiza de Malados, por mor do pago do vasalaxe ó chamado Colexio de Viveiro que exercía o señorío no couto; expoñendo Alonso Teixeira estar exento do pago do tributo do mesmo xeito co estiveran o seu pai e avó.¹⁴

“Testigo el dho y declaración de Ju° de Piñón da Castiñeira que así dijo llamarse y ser labrador y vz° del Lugar da Castiñeyra, coto de Malados, feligresía de San Martiño de Zerdido, presentado por Al° Teixeira delante de su merced Domingo da Roca, merino de este coto de los Casares y de mi ssn° para información de lo contenido en la querella ...(sigue)...y respondiendo a lo más que fue preguntado dijo que es de edad de noventa y tres años poco más o menos tiempo y que no es pariente ni enemigo de ninguna de las partes, ni le tocan las más generales de la ley por que fue preguntado...(segue)... Que sabe y es verdad que desde ochenta años a esta parte que es tiempo de su acordanza y que conoce y conoció al dicho Alonso Teixeira y a Luis Teixeira y Alonso Teixeira, difuntos, padre y abuelo del dicho Alonso Teixeira que litiga, nunca pagaron cebadas ni otro tributo ni cosa alguna por razón de basallaxe ni por otra razón al colexio de la villa de Viveiro mas de tan solamente que le toca pagar por la talla con que reconocen a dicho colexio por señor de dicho coto de Malados donde es vz° el dicho Alonso Teixeira y morador en el lugar de la Regedoyra en que así mismo vivieron y murieron los dichos Alonso Teixeira y Luis Teixeira, su abuelo y padre como va referido los cuales unos en pos de otros siempre estuvieron en posesión usada y guardada de no pagar dichas cebadas ni otra cosa desde dicho tiempo atrás hasta el presente y oyó decir el testigo que los antecesores de los sobre dichos moradores en dicho lugar da Rexedoyra también habían estado en la misma posesión de no pagar dichas cebadas y todos ellos unos en pos de otros estuvieron en dicha posesión en no pagar en vista y ciencia y consentimiento del dicho Pedro de Piñón da Torre y sus causantes y más vecinos de dicho coto de Malados...”

13. PEDRO DE PIÑÓN DA FOLGOSA, COMO PADRE DE MARÍA FERNÁNDEZ CON LUIS TEIXEIRO Y OTROS SOBRE RAPTO. A.R.G.SIG. 8408/1. Sobre a vinculación de María Freire coa Casa de Serantes: GONZÁLEZ LÓPEZ, Dolores. “A Casa do Franciscano”. Revista Cultural Columba. Núm: 7 año 2007, pág. 60.

14. ALONSO TEIXEIRO CON PEDRO DE PIÑÓN DA TORRE Y OTROS, AUTO ORD. S/ EXEC° DE NO PAGAR CEBADAS AL COLEXIO DE VIVERO. Ano 1679.A.R.G. SIG. 8651/45.

1.a.III.-Catalina Teixeira muller de Luis de Piñón¹⁵.

1.a.IV.-María Teixeira muller de Juan de Orxás de Lago, chamado *o Vello*.

1.a.V.- Ana Teixeira da que só sabemos que permanecía solteira en 1647.

1.a.VI.-Unha filla de nome descoñecido, muller de Amaro Fernández, natural do reino de Castela.

1.a.VII.-Antonio Teixeira casado coa súa deuda dona Juana de Morales Hevia e Pumariño, filla de don Agustín de Hevia y Pumariño e dona María de Malde. Antonio tomou o apelido -Teixeiro de Malde-, en recordo do avó materno da súa muller.

1.a.VIII.-Luis Teixeira chamado *o Novo* marido de María de Castrillón, pais de Antonio Teixeira, capelán na Colexial da cidade da Coruña en 1681.

1.a.IX.-Blas Teixeira, cura beneficiado de San Xiao de Montoxo.

1.a.X.-Martín Teixeira, veciño de San Román do Vale en 1684; o cal vende a súa parte do lugar de Ardá ao seu irmán Antonio Teixeira que lle correspondía por herdanza dos seus pais.

1.b.- María Teixeira. Muller de Alonso Pereira de Lago, veciño de San Paio de Ferreira na xurisdición de Naraío; quen fora tenente de don Diego Sánchez de Ribadeneira e Piñeiro, meiriño do conde de Lemos en 1622. Alonso era posuidor dun vínculo fundado con pensión de dúas misas anuais, polo seu tío o presbítero don Gonzalo Díaz de Lago. Segundo se recolle no seu testamento feito perante o escribán Juan Sánchez, con data 12 de abril de 1622, reconece recibir en dote, tra-lo seu casamento con María Teixeira, filla de Alonso Teixeira e mariña de Landrove, varios lugares nas freguesías de San Martiño de Cerdido e San Xoán dos Casás, que non nomea pero advirte “*os cales todos están en pé*”. Ambos os dous tiveron por fillos a: Alonso da Pereira, ao cal institúe o seu pai en 1622 como herdeiro do vínculo fundado polo dito Gonzalo Díaz. Non obstante o primoxénito debeu de morrer con anterioridade ao ano 1639; data na cal o seu pai outorga un codicilo, no que nomea como herdeiro do mesmo vínculo ao seu fillo segundo Andrés da Pereira de Lago; o cal tivo ampla descendencia en San Martiño de Cerdido. Por último foron pais de Madalena Teixeira da que descoñecemos máis datos. Tanto no seu testamento coma no seu codicilo, Alonso Pereira nomea curador dos seus fillos á súa muller María Teixeira¹⁶.

2.- Catalina de Teixeira. Casou co tamén mercader Andrés Pérez Tallón, fillo de Juan Fernández de Tallón morto con anterioridade ó ano 1556, e Elvira Pérez; todos veciños da vila de

15. Os cales seguirán transmitindo o apelido Teixeira polos seus ramos femeniños. Sendo pais de Ana Galega Teixeira, muller de Antonio García de Malados. María Teixeira de Piñón (*1670); muller de Bartolomé García, irmán do anterior. Andrea Teixeira, muller de Gregorio Teixeira de Ulloa, alcalde e xustiza ordinaria do couto de Malados en 1714. Por último pais de Ventura Teixeira de Piñón (*1677), muller de Antonio de Lamigueiro Arrojo e Valcárcel, veciño do lugar do Lamigueiro, e octavo avó do autor deste traballo. Antonio de Lamigueiro era fillo de Manuel de Lamigueiro e Isabel de Arrojo e Valcárcel; neto de Juan do Lamigueiro o Vello (*1600), e Isabel Díaz de Galdó; bisneto de Alonso do Lamigueiro (*1565), e de Mariña de Piñón; tataraneto de Gómez do Lamigueiro e María Núñez; fundadores do lugar que dou nome ó apelido na erdade e montes chamados do Lamigueiro no couto de Malados. Luis de Piñón era fillo a súa vez de Juan de Piñón da Castiñeira, nacido no ano 1601, xuíz ordinario do couto de Malados; e da súa dona Antonia de Viladóniga. Neto de Estevo do Piñón, xuíz ordinario do mesmo couto e de María Fernández; bisneto de Alonso do Piñón (*1525+1573); e tataraneto dos vedrallós: Gonzalo do Piñón e Caterina Pérez, veciños e moradores do Lugar do Piñón en Malados, e tronco do apelido Piñón na bisbarra. Datos extraídos dos libros parroquiais de San Martiño de Cerdido, e do apeo do Lugar de Luaces do ano 1541. A.R.G. LEG784/10.

16. TESTAMENTO DE ALONSO DE PEREIRA DE LAGO. Prot. 130, ano 1622, Fol. 120 en adiante; e tamén: Prot. 138, ano 1638, Fol.37, do escribán Juan Sánchez de Cedeira.

Santa Marta de Ortigueira de onde eran naturais. Andrés tivo outro irmán chamado como o seu pai, Juan Fernández, e ámbolos dous foron importantes fretadores de navíos con destino ó reino de Portugal cargados de madeira. Precisamente na cidade de Lisboa chegaron a estar aveciñados Andrés e Catalina, lugar onde asinaron diferentes cartas de compra de propiedades na bisbarra do Ortegal; algunhas de elas redactadas en idioma portugués.

Andrés Pérez Tallón foi un dos máis importantes mercadores do século XVI na vila de Santa Marta. Chegou amasar unha importante fortuna, a cal lle permitiu no outono da súa vida acumular grande cantidade de bens raíces. As cartas de compra-venda destas propiedades encheron protocolos case enteiros dos máis destacados escribáns da terra de Ortigueira.

Sabemos que Catalina Teixeira morreu con anterioridade ao ano 1568. Os seus irmáns Alonso e Juan Teixeira reclamaron ao seu viúvo, a través de varios preitos diante da Real Audiencia, a lexítima pertencente a Catalina da herdanza paterna. A isto habería que engadirlle parte dos bens gananciais habidos durante o seu matrimonio con Andrés Pérez, que incluían tamén o patrimonio portugués:

“En el coto de cerdido, junto con la Ermyta de San Salvador de ABarqueira... (segue...) A tres días del mes de dezembre de mill e qui^os E sesenta e ocho (segue) comparescieron presentes de una parte Andrés Pérez mercader y vezino de la villa de Santa Marta de Ortigueira y de la otra Afonso de Teixeyro e Juan de Teixr^o por hermanos e vecynos del coto de malos yjos legítimos que quedaron E fincaron de Juan de Teygeyro e mayor de teygeyro su padre e madre difuntos e vecynos que fueron del dcho coto de malos... (segue)... sobre los bienes presenten q fueron y quedaron de Catalina de Teygeyro muger que fue del dcho Andrés Pérez y hermana de los dhos A^o Teigr^o e Juan de Teygr^o yja de los dchos Juan Juan teygr^o e mayor teygr^o... ”¹⁷.

No ano citado de 1568, ambas as dúas partes chegarán a un acordo polo cal os irmáns Teixeira recibirían a maior parte dos bens en litixio. Pola súa parte, Andrés Pérez Tallón morreu sen descendencia, polo que a metade dos seus bens foron doadas ao mosteiro de Nosa Señora de Guadalupe e ao Hospital Real de Santiago¹⁸:

“Notorio sea a todos, los que la presente escritura de donación y situación vieren como yo fray García de Toledo mayordomo de la Santa casa de Nuestra Señora de Guadalupe y en nombre de la dicha Santa casa por virtud de los poderes y tratados conventuales que de la dicha casa tengo y con licencia de nuestro reverendísimo general, de la orden del glorioso San Jerónimo digo que por cuanto Andrés Pérez Mercader vecino de esta villa difunto que sea en gloria dejó por heredera de

17. CONCORDIA ENTRE TALLON Y LOS TEIXEYROS. Arquivo do Hospital Real de Santiago. (A.H.R.S.) carpeta nº54, folio 583.

18. CARTA DE PROCURACIÓN DE FREI GARCÍA DE TOLEDO POR LOS BIENES DE ANDRÉS PÉREZ. Prot:1 ano 1578-89 fol 72. Escribán Pedro Ponce de León. Arquivo de protocolos notariais da Coruña.

la mitad de todos sus bienes a la dicha casa de Nuestra Señora de Guadalupe con carga de una misa rezada de cada un mes y como está el heredero la dicha Santa casa lleva y posee sus bienes y aunque era nacido y criado esta villa y condado de Santa Marta por dejar sus bienes a la dicha Santa casa y al gran hospital real de Nuestro Señor Santiago, no dejó ninguna dotación a la dicha Iglesia matriz de esta villa..."¹⁹

3.- Ana Teixeira. Tamén coñecida polo nome de Ana Pérez; tomando o apelido do seu marido. Casou con Juan Pérez de Tallón irmán do anterior; tamén mercador e veciño do condado de Santa Marta. Ana Teixeira, de igual xeito que os seus irmáns Juan e Alonso, litigou cos herdeiros das obras pías de Andrés Pérez; pola parte que lle correspondía dos bens gananciais da súa irmá Catalina Teixeira:

"Otorgamos y conocemos e dijimos que por cuanto Andrés Pérez Tallón vecino de la villa de Santa Marta testamentó dejó e instituyó por sus universales herederos de todos sus bienes muebles y raíces que tenía en este reino de Galicia al dicho monasterio de Nuestra Señora de Guadalupe y al gran Hospital Real de Santiago y que en vida del dicho Andrés Pérez trataron pleitos y diferencias que él y Juan Pérez Tallón su hermano como marido y conjunta persona de Ana Teixeira y después de la muerte del dicho Andrés Pérez con las dichas casas en razón que la dicha Ana Teixeira decía pertenecer de la tercia parte de la mitad de la hacienda de Andrés Pérez por razón que el dicho Andrés Pérez estuvo casado con Catalina Teixeira hermana de la dicha Ana Teixeira y durante el dicho matrimonio se ganó y adquirió la dicha hacienda y la dicha Catalina Teixeira murió y la dicha Ana Teixeira dice que tenía de dar la tercia parte como uno de los tres herederos que lo cual le pertenecía por ciertos conciertos con el dicho Andrés Pérez...""²⁰

Ana Teixeira e Juan Pérez tiveron por fillos, dous nenos que adoitaron o apelido materno: Domingo e Pedro Teixeira. Deixámoslos fóra deste estudo unha vez que deixarán de relacionarse có ramo troncal dos Teixeira de Malados.

"En la villa de Santa Marta a 20 días del mes de noviembre de 1594 años en presencia de mi escribano con parecieron presentes Pedro Teixeira vecino de Santa María de Loya y Ana Pérez su madre vecino de la feligresía de Santa María de Mera y dijeron que por cuanto Juan Pérez Tallón su padre el dicho Pedro Teixeira y marido de la dicha Ana Pérez había fincado el lugar de Amyeyro sito la feligresía de San Adrao del cual se paga cierto aniversario de misas en el monasterio de Santo Domingo de esta villa sobre el cual dicho lugar el dicho Pedro Teixeira y

19. Entre os lugares doados citamos: Xiao e Guelle en Cerdido, Bidual en Insua, Padornelo no Ermo, Pumariño, Zapateiro, Cortiñas, e Raxeiro en Mera, Teixeira, Tristimil, e Faxín en San Clodio, Gueirón e Gándara en Senra, Fonte en Céltegos, Penelas en Lorbá, Castrillón en Couzadoiro, Cruz en Cuiña, Villarino en Barbos, Leixa en Santo Adrao Adrao, Meixide en Landoy, Redondelo e Sismundi, Freira en Devesos, Lendín en Mosteiro. Quintá en Luía e a metade de Brandariz en Santa Marta.

20. Ibidem: CARTA DE PROCURACIÓN DE FRAI GARCÍA... fol 51.

Domingo Teixeira su hermano vecino de la dicha feligresía de Santa María de Mera..(segue). ”²¹

4.- Juan de Teixeira. Tomou o nome paterno na última etapa da súa vida, e sería tamén coñecido por Juan Teixeira de Malados *o Vello*²²; nome que alternaba co de Juan Teixeira de Riovello, facendo referencia o seu lugar de morada. No ano 1605 di ser de cincuenta anos de idade, polo que debeu de nacer no ano 1555. Casou con Catalina López, natural de Santa Eulalia de Aviño, terra de Trasancos, freguesía pertencente ao actual concello de Valdoviño. Fillá de Fernando da Marnela, veciño do lugar de Bidueiros na freguesía citada, e da súa muller Mariña López. Ambos os dous faleceron en San Martiño de Cerdido onde estiveron afincados no lugar de Riovello ao final dos seus días.

Da importancia do poder económico alcanzado por Juan Teixeira de Riovello dános unha lixeira idea a declaración do seu criado Pedro da Fraguela no ano 1612:

“Testigo el dicho Pedro de Fraguela vecino del dicho coto de los Casares testigo susodicho dado expresado por el dicho Pedro de Piñón das Inchousas para información de lo concerniente en la real provisión de atrás y después de haber jurado en forma de vida y de derecho y siendo preguntado al tenor de lo concertado la dicha real provisión dijo y declaró lo siguiente: que conoce al dicho Pedro de Piñón das Inchousas y a Juan Teixeira de Malados y a María Teixeira su hija mujer del dicho Pedro de Piñón de entero conocimiento y lo que sabe del dicho caso que el dicho Pedro de Piñón está casado y belado Faz de la Santa madre Iglesia con María Teixeira hija del dicho Juan Teixeira la cual sabe el testigo que es menor de los veinticinco años. Y sabe asimismo el dicho Juan Teixeira es hombre rico y poderoso y que tiene su hacienda raíz y ganado caballar y vacuno y Casares y lugares y heredades en diferentes jurisdicciones como es la de Santa Marta de Ortigueira y del conde de Lemos y de don Diego Osorio, y de don Gaspar Maldonado Ponce de León, y de don Alonso de Tovar, coto de Cabañas y queda la dicha jurisdicción de Trasancos a la Ciudad de la Coruña a cinco leguas: por la pasaxe de Ferrol: y sabe el dicho testigo que algunos escribanos de la dicha jurisdicción son cuñados del dicho Juan Teixeira como es Pedro García escribano de la jurisdicción del conde de Lemos merindad de Moeche y Cedeira: y Juan de Vilar escribano de número de la villa de Santa Marta...”²³

Catalina López morreu no ano 1611, deixando aos seus herdeiros a non desprezábel suma de 15.000 ducados en bens mobles e raíces. O administrador e testamentario desta herdanza, foi o seu marido Juan Teixeira, o cal tivo que facer fronte ás reclamacións dos seus herdeiros por mor

21. Arquivo que don Carlos Breixo Rodríguez

22. Outro dos nomes polo cal foi coñecido é o de Juan Teixeira de Riovello, que fai referencia ao seu lugar de morada dentro do couto de Malados

23. PEDRO DE PIÑÓN CON JUAN TEIXEIRO. Ano 1612. Folio 14.

da lexítima na herdanza materna. Dos devanditos preitos, rescatamos o seguinte relato de bens da defunta que se reproduce íntegro:

- *Primeramente el lugar de Riovello, casas, montes, sotos donde vive su marido Juan Teixeira.*
- *Yten cuatro lugares y casales que se dicen das Pardiñas.*
- *Yten los casales de Casal d-aya en que vive la viuda de Juan Garrote y Fernán Garrote.*
- *Más el casal do Pazo en que vive P^o Nobo.*
- *Yten el casal do Amieiro en que vive Domingo Al^o. Yten el casal donde vive Sant^o do Vilar sito en la fr^a de Santa M^a de Mera y Cerdido.*
- *Yten los casares y sotos y viñas, sitios estos lugares en las fras. de Sant^o de Mera y Sancta María de S. Cloyo.*
- *Más el casal de Cuturelo en que vive Andrés Preto.*
- *Yten los casales do Pazo en que viven Juan de Fontecoba y Bidueiros.*
- *Más el casal do Naballos en que vive Juan Paz.*
- *Yten el casal en que vive Blas das Seixas.*
- *Más el casal en que vive Josepe de Motriz.*
- *Yten el casal en que vive la viuda que fincó de Pedro Amor con la hacienda de Río Forcado.*
- *Más el casal da Pinceira, que labra P^o da Pinceira.*
- *Yten el lugar dos Pereiros, ditos estos casales en la fr^a de Cerdido.*
- *Más los casales de Ynsoa, Vilaboa y Puente de Nabal.*
- *Yten dejó y tenía y poseía alhajas, prendas, dinero, ganados mayores y menores, yten bienes de mucho valor y estimación y en gran cantidad²⁴*

Juan Teixeira de Riovello e Catalina López tiveron por fillos a:

- 4.a.- Juan Teixeira de Régoa.
- 4.b.- Catalina López Teixeira.
- 4.c.- Isabel López Teixeira.
- 4.d.- Ana López.
- 4.e.- Mariña López.
- 4.f.- Filla descoñecida casada con Alonso Piñeiro dá Costa.
- 4.g.- Filla descoñecida casada con Blas Fernández de Lago.
- 4.h.- Alonso Teixeira das Travesas *o Novo*.
- 4.i.- María Teixeira.

4.a.- Juan Teixeira de Régoa. Foi coñecido tamén durante a vida do seu pai como Juan Teixeira *o Novo*, sendo veciño de San Román de Montoxo aínda polo ano 1612. O ano do seu nacemento debeu de se-lo de 1580, pois en 1605 confesa ser de vinte e cinco anos de idade.. Herdou o lugar matriz de Riovello do seu pai; que transmitirá de igual forma aos seus descendentes. Casou

24. JUAN TEIXEIRO EL MOZO Y JUAN DE BACORELLE SU CURADOR CON JUAN TEIXEIRO EL VIEJO. Ano 1615. A.R.G. SIG. 26.015/20.

en Santa María de Régoa con María de Malde, filla de Pedro de Malde e Aldonza de Malde, veciños do lugar do mesmo nome, situado na devandita freguesía. María tivo ademais un irmán chamado Santiago de Malde, vinculeiro de lugar dos seus pais e fundador dunha capela en Régoa sobre a que institúe a través do seu testamento un vínculo dotado con 2.500 ducados en bens mobles e raíces, que transmitirá na liña de descendencia da súa irmá²⁵.

Ambos os dous tiveron por fillo a:

4.a.I.- Juan Teixeira de Malde, no cal volverán converxer diferentes e importantes heranzas: foi mellorado polo seu pai con 1.000 ducados e 1/5 de todos os seus bens mobles e raíces, ademais de ser o universal herdeiro do seu tío Santiago, do cal recibirá o padroado da capela fundada en Régoa, xunto co foro do lugar de Malde valorado en 4.000 ducados. No ano 1615, con vintetrés anos de idade, terá que litigar perante a Real Audiencia de Galicia polas lexítimas do seu pai e avoa: Juan Teixeira de Régoa e Catalina López; contra o seu avó Juan Teixeira de Riovello. Foi entón representado polo seu curador Juan de Bacorelle, veciño de San Mamede de Atios, quen di xa por entón ser o seu sogro. Do devandito litixio obtemos a seguinte relación de bens:

- *Y el dicho Juan Teix^o su hijo (de Catalina López) entre otros bienes tenía y poseía , el casal das Travesas, casas, heredades, pumares y todo a el anexo y perteneciente, sito en dicha fr.^a de San Martiño de Cerdido.*

- *Yten las dichas heredades que se dicen da Moa y de Sobreleyras, del Combo, de Pumariño y otras sitas en la fra.^a de Santa Eulalia de Cervo.*

- *Yten otros muchos bienes muebles rayces*²⁶.

Non foi o único preito que se viu obrigado a soster ante os tribunais do Reino para defender a herdanza recibida dos seus pais. Na mesma data mantiña outro contra don Pedro Pardo de Andrade, polo lugar de Fragoso nos seguintes termos:

*"...Esteban Rs^a de Aldao en nombre de Ju^o Teix^o el mozo vecino de la fra de Santa María de Régoa como más haya lugar de derecho delante de Vss^a me quere-llo y pido cumplimiento de justicia contra Joseph González de Villar merino en el estado de Moeche y sus tenientes, premiso lo necesario, digo que litigando don Pedro Pardo de Andrade cuyo es el coto de Baltar, pleito de mi parte delante de dicho merino por decir que Juan Pardo de Andrade su padre había recobrado el lugar de Fragoso que Pedro de Malde abuelo de mi parte compró a Alonso de Rosales, receptor que fue de esta Real Audiencia debiendo el dicho merino y teniente proceder en la dicha causa y pleito conforme y guardando a mi parte los términos de ello, y yéndole en justicia por particular amistad de la parte contraria y ser persona poderosa en la tierra..."*²⁷

25. ESCRITURA ENTRE LOS HEREDEROS DE JUAN TEIXEIRO. Ano 1648. Prot. 142, ano 1648, leg. 31. do escribán Juan Sánchez. Información facilitada polo noso estimado amigo Don Carlos Breixo Rodríguez.

26. Ibidem.- JUAN TEIXEIRO EL MOZO Y JUAN DE BACORELLE...

27. JUAN TEIXEIRO EL NUEVO CON PEDRO PARDO DE ANDRADE. A.R.G. SIG: 15079/53. Tamén no mesmo arquiv: SIG. 17405/62 e SIG. 23.450/71

En 1620 litigará de volta contra Juan de Piamonte, zapateiro e veciño da vila de Cedeira, por unha casa sita na peixaría da devandita vila, lugar de morada de Pedro de Castelos e que lle pertencía polos seus avós, os ditos Pedro e Aldonza de Malde. Por último en 1622, litigou contra Fernando López e os seus consortes, sobre o lugar de Maside²⁸. Superado este período de crise, e conseguida a consolidación do seu patrimonio, este incluiría ademais os lugares de: Encrucillada, Timoraos, Erbellás, Anca, Eirado, e Vilela en Cedeira; Faxín en San Clodio e o lugar de Pol, en San Xiao da Senra. O noso personaxe converterase nun membro destacado da sociedade da súa época, xunto á súa muller Catalina López Domínguez; filla do seu curador Juan de Bacorelle e da muller deste chamada María Domínguez. Recibiu en concepto de arras para o seu matrimonio con Juan Teixeira; 12.750 reais en bens mobles e raíces. O seu marido falecerá con anterioridade ao ano 1648; sendo valorados só os seus bens ganciais nunha cantidade próxima aos 70.640 reais²⁹.

Do matrimonio de ámbolos dous quedaron por descendentes:

a.- Dona María de Malde, muller de don Agustín de Hevia e Pumariño, veciño de Santa María de Galdo, no condado Santa Marta de Ortigueira, meiriño e xustiza desta freguesía por nomeamento dos condes de Fuensaldaña. Fillo de don Antonio Gutiérrez de Hevia e Pumariño, Cabo e Gobernador das Armas e Milicias da vila de Viveiro e de Santa Marta de Ortigueira, señor da Casa de Pumariño cos seus vínculos e morgados, e segundo patrón do mosteiro da Inmaculada Concepción Francisca de María na vila de Viveiro; e de dona Antonia de Figueroa e Miranda³⁰. Dona María foi dotada polos seus pais para este matrimonio con 4.500 ducados, recibindo ademais tras a morte do seu pai o padroado da capela de Régoa, e a suma de 23.547 reais en bens mobles e raíces.

b.- Dona Inés López Teixeira, (tamén chamada Inés de Malde), muller primeira que foi de don Francisco Freire de Serantes, fillo do capitán Juan de Vergara e Serantes; e tras o falecemento deste, segunda de don Antonio Pardo de Andrade, veciño de San Clodio no condado Santa Marta; fillo de don Jácome Díaz da Lama e de dona María de Cora e Aguiar, descendentes da Casa e Torre da Lama en Ribeiras do Sor³¹. Tra-lo seu matrimonio con Inés, foron ambos os dous veciños do couto de Malados.

Foi dotada e igualada coa súa irmá María de Malde, recibindo dos seus pais en concepto de dote, 2.500 ducados e a súa lexítima tras o falecemento paterno; valorada nos 23.547 reais ditos. Inés tivo por descendente de Francisco Freire a outro Francisco Freire de Serantes, o cal vende en 1652 por mediación do seu tío e curador, o licenciado e familiar do San Oficio don Juan de Vergara

28. JUAN TEIXEIRO EL NUEVO CON JUAN DE PIAMONTE SOBRE CASAS EN CEDEIRA. A.R.G. SIG. 3781/101.

29. Ibidem.- ESCRITURA ENTRE LOS HEREDEROS DE JUAN TEIXEIRO.

30. "La fundación del monasterio de la Inmaculada Concepción Francisca de María". Don Carlos Adrán Goás e don Santiago F. Pardo de Cela. *Estudios Mindonienses*. Nº 17, páxs. 630-631. Deste matrimonio, formado por dona María de Malde e don Antonio de Hevia y Pumariño descenderá don Francisco María Pardo de Viveiro e Sarmiento de Sotomayor, cabo patrón do devandito convento, señor de Gradaille, Codesido, Portal, e dos solares de Pumariño, Pereiro e Castro-Moscán. (1769-1809).

31. La condesa de Pardo-Bazán y sus linajes. Don Dalmiro de la Válgoma y Díaz Varela. Páx. 29 (a partir deste momento A condesa de Pardo-Bazán).

e Serantes -cura beneficiado de San Román de Montoxo- o seu quión da facenda que chamaban “dos Quintos” na devandita freguesía, que pertencera ao seu avó Juan Teixeira de Malde³².

4.b.- Catalina López Teixeira. Foi a maior das fillas de Juan Teixeira de Riovello e Catalina López. Casou en primeiras nupcias con Antonio Fernández Poentas, fillo de Alonso Fernández Poentas e Elvira de Lago, todos naturais das terras de Cedeira. Antonio Fernández era viúvo de Catalina Díaz, da cal tivo un fillo chamado Simón³³.

Ambos os dous foron pais de:

4.b.I.- María López Teixeira de Lago, muller do mercador Juan Fernández de Ventosa, falecido pouco despois do ano 1612, e posteriormente dona do escribán da xurisdición de Cedeira Juan Sánchez, fillo de Juan Sánchez de Espasante e María Fernández da Dorna, do cal tivo abundante descendencia³⁴.

4.b.II.- Isabel López Teixeira, muller de Antonio de Silva, receptor da Real Audiencia. Foron pais á súa vez doutro Antonio de Silva, alfêrez de infantaría española. Tamén de Francisco Freire de Silva, que figura nunha carta de outorgamento no ano 1633 como testemuña da súa nai. Por último foron pais dunha filla de nome descoñecido casada con Alonso Ares de Vaamonde, veciño do barrio da Peixaría da Coruña no ano 1653. Isabel López, unha vez viúva de Antonio de Silva, casará en segundas nupcias cun descoñecido Antonio López.

4.c.- Isabel López Teixeira. Terceira dos fillos de Juan Teixeira e Catalina López; casou dúas veces: A primeira con Juan Fernández-Poentas Montoxo, escribán de S.M. na vila de Cedeira, fillo de Alonso Fernández Poentas, tamén escribán da mesma vila e de María Fernández de Montoxo. Ámbolos dous foron pais de Juan Fernández de Montoxo, chamado *o Novo*, falecido sen descendencia no ano 1668, sendo morador do lugar de Montoxo Vello, do cal institúe a súa nai como universal erdeira³⁵. En segundas nupcias Isabel López casará co rexedor da vila de Cedeira Fernando Esteiro da Dorna do que tivo por descendentes a:

a) Isabel López da Dorna. Nai dunha filla homónima muller de Alonso Garrote, labrador e veciño de Cerdido, a cal deixará abundante descendencia que curiosamente esquecerá o apelido pater-no para adoptar o de López de Parga, en memoria do tronco dos Parga e Dousá, o cal pertencía o rexe-dor Fernando de Esteiro. Isabel foi tamén nai de Luisa Díaz da Dorna muller de Bartolomé López³⁶.

32. CARTA DE VENDA QUE OTORGÓ D. JUAN DE VERGARA Y SERANTES A JUAN DA RIVA. Ano 1652. Protocolo 144, fol.167 do escribán Juan Sánchez.

33. Información facilitada por don Carlos Breixo Rodríguez.

34. Os descendentes homes deste matrimonio levarán os apelidos Sánchez de Lago, así como as mulleres; o de López Teixeira emparentando con familias asentadas en Cerdido no XVII, como os Orxales, e de la Pena.

35. JUAN DE PIÑÓN CON JUAN RODRÍGUEZ. AUTO ORDINARIO SOBRE LA MITAD DEL LUGAR QUE SE DICE DEL CANDAL EN CEDEIRA. A.R.G. sig. 18364/104. O lugar de Candal tivo dous propietarios, sendo unha metade deste Juan de Piñón chamado do Hospital e a outra pertencía a Juan Fernández Montoxo o Novo, a cal herdara da súa avoa María Fernández Montoxo, deixándoa no seu testamento á súa criada, muller deste Juan Rodríguez que cita o documento.

36. VENDA A FAVOR DE D. JUAN DE VERGARA. prot. 148 do ano 1656 fol. 33 do escribán Juan Sánchez. “los dichos

b) Catalina López Teixeira, comprometida no ano 1630 con Agustín Mesía Alfeirán³⁷, veciño de San Salvador dos Couzadoiros, e fillo de Matheo Mesía Alfeirán e Catalina López de San Pedro. Para oficializar o compromiso, fixose carta de dote perante o escribán Juan Sánchez pola que o seu pai, Fernando Desteiro da Dorna, instituíaa como patroa da capela da nosa señora do Rosario na vila de Cedeira; e dos bens a ela vinculados que fora fundada pola irmá deste, Isabela Fernández da Dorna.

c) María López Teixeira, muller de Andrés de Mouriz, labrador e veciño de Santa María de Bardaos, o cal vende en compañía de Alonso Garrote e Bartolomé López antes citados, e en representación das súas mulleres “*sobriñas da miña conxunta*”, unha barra de viña en San Clodio que pertencera a Juan Teixeira de Riovello –avó, faise constar- da dita María López³⁸.

d) Catalina Fernández da Dorna, muller do bacharel Bartolomé Vázquez de Aguiar e Lobera, veciño de Cedeira polo ano 1634, do cal tivo abundante descendencia sendo pais de: Juan e Alonso de Aguiar e Lobera, este último cura presbítero ausente na carreira de Indias no ano 1708; e de Beatriz e Andrea de Aguiar, esta última muller á súa vez de Pedro de Cora e Quirós, sendo pais dun fillo homónimo, Pedro de Cora, cura presbítero veciño de Santa María de Galdo no ano 1709³⁹.

4.d.- Ana López. Muller de Pedro de Piñón do Trieiro, labrador e veciño do lugar de Trieiro en Santiago Abade, xurisdición de Moeche. Fillo de Alonso de Piñón de Trieiro e María Fernández, ambos os dous labradores e veciños de San Martiño de Cerdido; neto de Pedro de Piñón e de Catalina da Pía, bisneto dos patrucios Gonzalo de Piñón e Catalina Pérez, labradores e moradores no lugar de Piñón de Malados⁴⁰.

Ambos os dous tiveron por fillos a:

Francisco López Piñón (*1612). O cal presentou expediente limpeza de sangue no ano 1635, sendo opositor a unha praza ao Colexio Maior de Santiago, que correspondía ao bispado de Mondoñedo. O mozo tivo serios problemas para acceder á devandita praza, xa que o seu bisavó materno Pedro Vogo veciño de San Vincenzo de Vilaboa, segundo algunhas testemuñas, pertencera

cuatro jornales de viña que les pertenecen a las dichas María López y Luisa Díaz da Dorna sus mujeres como hijas de Isabel López da Dorna difunta nieta del dicho Juan Teixrº el viejo...”

37. ESCRITURA EN FAVOR DE CATA^a LÓPEZ TEIJEIRO Y SUS HEREDEROS. prot. 132 ano 1627 FOL. 49 do mesmo escribán: “*En el hombre de Dios amén sepan cuantos esta carta de dote vieren como yo el rexedor Fernando desteyro de dorna Vecino de la Villa de Çedeyra que estoy presente otorgo y conozco, por esta carta digo que por cuanto está tratado que Catalina López Teixeira mi hija Lexitima yde Ysabel López Teijeiro mi muger aya de casar y casso por palabras de presente que agan verdadero matrimonio con Agustín Mesía Alfeyrán...”*”.

38. RATIFICACIÓN DE VENDA A FAVOR DEL LICENCIADO JUAN DE VERGARA. prot. 148 ano 1658, folio 31 do escribán Juan Sánchez.

39. VENDA DE D. JUAN ANTONIO DE VILLABRILLE QUE LE OTORGÓ PEDRO DE CORA. Protocolo 846 do ano 1709, folio 28 do escribán Antonio Fernández de Erba.

40. PRUEBAS DE LIMPIEZA DE SANGRE DE FRANCISCO LÓPEZ PIÑÓN, Y ACCESO AL COLEGIO MAYOR DE SANTIAGO. Ano 1635. Arquivo da Universidade de Santiago.

á orde de San Lázaro⁴¹, polo que dicían estivera confinado no hospital da Madalena da vila de Cedeira. Irmáns de Francisco López, foron: Pedro Piñón do Trieiro *1605, Catalina López Teixeira, muller de Bartolomé Crego de Castrillón, e Alonso de Piñón do Pazo, desposado con Catalina Díaz de Galdo, todos eles con ampla descendenza en Abade, e Montoxo.

4.e.- Mariña López. Quinta filla do patrucio Juan Teixeira de Malados, muller que foi de Juan do Pico, Labrador e veciño de Santa María de Mera polo ano 1612. Non podemos achegar máis datos sobre a súa vida ou descendencia.

4.f.- Filla descoñecida 1. Casada con Alonso Piñeiro da Costa, veciño de San Lourenzo de Doso. Tiveron tres fillas chamadas Catalina e Francisca López, erdeiras pola súa nai do lugar do Pousadoiro; e María Teixeira muller de Juan Rodríguez de Agra, os cales reciben o lugar de Muíños en Mera do seu avó Juan Teixeira de Ríovello.

4.g.- Filla descoñecida 2. Muller de Blas Fernández de Lago, presenteiro e patrón do beneficio curado da freguesía de Santiago de Lago nas terras de Trasancos. Ambos os dous tiveron por descendente a Antonia López de Lago, muller de Miguel de Viladóniga, fillo a súa vez de Juan Zapateiro mareante de oficio, e ambos os dous veciños da Ribeira da vila de Cedeira. Os anteriores tiveron por descendente a Andrés Fernández de Lago, que adoptou os apelidos maternos en memoria do seu avó, do cal herdou as catro quintas partes do beneficio curado da freguesía de Lago⁴².

4.h.- Alonso Teixeira das Travesas. Foi o máis novo dos fillos varóns de Juan Teixeira e Catalina López. No ano 1624 afirma ter 36 anos de idade, polo que a data do seu nacemento sería o de 1588. Casaría no ano 1616 con María Fernández de Piñón, filla do rico Labrador Juan de Piñón de San Pedro e Catalina Fernández, naturais de San Vincenzo de Vilaboa, e moradores no lugar de San Pedro do Carballo⁴³; pasando o recen casados a vivir no lugar das Travesas en San Martiño de Cerdido, aforado ó Conde de Lemos e Andrade. Por iste motivo foi coñecido como: Alonso Teixeira das Travesas; deixado o alcume de: *o Novo*, que debeu de usar a lo menos na vida do seu tío homónimo. No ano 1632, Juan Teixeira de Malde *o Novo* seu sobriño, faille venda do terreo do Pereiro dando conta do parentesco entrambos. O matrimonio atopábase falecido antes de 1645 deixando os seguintes fillos:

a.- Pedro de Piñón e Teixeira, cura beneficiado de San Vincenzo de Vilaboa, e primeiro erdeiro do seu avó Juan de Piñón, levando o vínculo sobor do Lugar de San Pedro do Carballo, e o padroado da capela nel fundada.

41. Forma bastante discreta de dicir que o personaxe estivera enfermo de lepra, o que significaba unha mácula para o devandito expediente, xa que esixíaseles ós opositores, entre outros moitos requisitos, que os seus antepasados non padecesen ningunha enfermidade contaxiosa. Este Pedro Vogo chamado o Vello, rico Labrador, estivo casado con Mencía Fernández de Lago, sendo pais doutra Teresa Fernández, que casara á súa vez con Alonso de Piñón de Vilariño, (fillo de Pedro de Piñón e Catalina da Pia; e neto de Gonzalo do Piñón e Caterina Pérez); pais de Pedro de Piñón do Trieiro, pai do opositor. Datos extraídos do devandito expediente.

42. PRESENTACIÓN A FAVOR DEL LICENCIADO PUMARIÑO. Curadoría de Andrés Fernández de Lago. prot 132, ano 1627, fol. 100, do escribán Juan Sánchez.

43. Juan de Piñón de San Pedro, foi fillo de Juan de Piñón de Vilariño e Teresa Fernández.

b.- Antonio Teixeira do Piñón, cura presbitero en San Martiño de Cerdido e morador no lugar das Travesas herdado do seu pai. No ano 1696 litigará pola súa posesión contra don Juan Ignacio Pardo de Lama e Andrade -veciño de San Xurxo de Moeche e antepasado de dona Emilia Pardo-Bazán-; que afirmaba posuí-las dúas quintas partes do devandito lugar⁴⁴.

c.- Isabela Fernández casada en primeiras nupcias con Domingo de Orxales, pasando a ser moradores no lugar das Travesas en Cerdido. Foron pais de: María Fernández, muller de Juan de Luaces, veciños de Santa Cruz de Moeche; Catalina Fernández muller de Luis do Couce veciño de San Xiao de Lamas, e por último de Ignacio de Orxales, veciño de San Martín de Cerdido onde deixará ampla descendencia. En segundas nupcias, Isabela desposará con Gabriel de Sueiras, veciño de As Somozas, sendo pais de Mariana Fernández muller de Juan Díaz Sanxurxo Montenegro, aveciñados tamén en Cerdido deixando asemade descendencia⁴⁵.



Vista Actual do lugar de Riovello moi reformado. foto do autor

44. EL LIZDO. ANTº TEIXEIRO Y GABRIEL DE SUEIRAS CON JUAN IGNACIO PARDO S. PARTIXA DEL LUGAR DAS TRAVESAS. A.R.G. LEG. 1919/21.

45. Datos extraídos do preito arriba citado e dos libros parroquias de Cerdido.

d.- Mateo Teixeira e Piñón (+1709). Sendo menor de idade estivo longo tempo baixo a tutela do seu curador, e tío materno Alonso de Piñón do Pazo, veciño de San Xiao de Montoxo; quen se ocupará de fornece-lo seu capital. Ademais foi o das lexítimas dos seus irmáns varóns; transmitíndolle ó vínculo fundado polos seus antepasados. Así o seu irmán, o Licenciado don Pedro de Piñón no ano 1670, outorgaralle carta de doazón da totalidade de lugar de San Pedro do Carballo. Desposou en primeiras nupcias con María Arias Martínez; filla do capitán de Milicias da vila de Cedeira, don Pedro Ares de Galdo e da súa dona María Martínez Piñeiro. María Arias aportará o seu matrimonio, o vínculo paterno instituído polos seus devanceiros enriba do lugar de Loira Vella, en San Vincenzo de Vilaboa; que xunguido o anteriormente citado vínculo de San Pedro, serán transmitidos na liña dos seus descendentes⁴⁶. Ambos foron pais de Antonio Teixeira e do Piñón; nado o 9 de febreiro de 1663 en San Vincenzo de Vilaboa. Miguel Teixeira de Piñón, licenciado e veciño da mesma parroquia. Tamén foron pais de Petronila Núñez Teixeira, versus Petronila Núñez Montenegro e Andrade, muller de Domingo de Fonticoba, veciño de Cerdido onde deixarán ampla descendencia; entre a que destacaremos o seu fillo: Alonso de Fonticoba Teixeira, nado o 28 de xaneiro de 1697; e cura de primeira tonsura no 1721. Seis anos máis tarde litigará contra o seu tío Antonio Teixeira, por mor do vínculo de San Pedro do que era posuidor iste último, ademais do anteriormente citado de Loira Vella⁴⁷.

A LIÑA DE DONA EMILIA PARDO BAZÁN: AS CASAS CHAMADAS DAS INCHOUSAS

A derradeira filla de Juan Teixeira de Riovello, e de Catalina Pérez foi María Teixeira; aínda menor dos vintecinco anos en 1612. Foi muller de Pedro de Piñón; fillo á súa vez de Juan de Piñón das Inchousas e Dominga do Couce veciños de Santiago Seré das Somozas, e moradores nas casas: “*que llaman das Enchousas*”. Juan de Piñón, chamado *o Vello*, foi sepultado na capela maior da igrexa de Santiago Seré, onde o seu fillo á súa vez pedirá ser enterrado⁴⁸.

Existe certa confusión entre o que foi este lugar chamado *Casas das Inchousas* e unha imaxinaria Casa -en referencia a unha Casa nobiliar- das Inchousas, que nunca existiu; polo menos na liña de ascendencia do citado Pedro de Piñón, xa que este pertenceu -sen dúbida- ao tronco dos Piñón do lugar do mesmo nome; liñaxe de labregos que recollemos neste estudo.

Posiblemente foi o seu pai Juan de Piñón das Inchousas o primeiro en xungui-lo o topónimo ó seu apelido. De feito é quizais na ascendencia da súa nai, Dominga do Couce, filla de Pedro

46. ROQUE TEIXEIRO CON MIGUEL ARIAS DE GALDO. A.R.G. LEG: 15939/96. Niste preito ahecase inserto o testamento do Capitán Pedro Arias de Galdo, no que da conta da súa xenealoxía sendo fillo de Juan Rodríguez de Mourelle, neto de Gómez Ares de Mourelle, ambos os dous veciños de Loira.

47. ANTº TEIXRº E DO PIÑÓN CON EL LICENCIADO ALONSO FONTICOBIA TEIXERO, PRESBTº POR VINCULO. A.R.G. SIG: 8914/108.

48. TESTAMENTO CERRADO QUE OTORGARA PEDRO PIÑÓN DAS INCHOUSAS. Prot. 148, ano 1658, do escribán Juan Sánchez. Fol 135 vto. En diante TESTAMENTO CERRADO...

Gato e María do Couce, onde debemos buscar a orixe desta erdade, que debeu de levar en dote ao casar con Juan de Piñón⁴⁹.

No testamento do seu fillo Pedro de Piñón das Inchousas, datado en 1658, defínese deste xeito as casas en cuestión:

“...el lugar y casal que llaman das Inchousas sito en la dicha feligresía de Santiago de Seré jurisdicción de su excelencia el Ilustrísimo conde de Lemos y de don Diego de Andrade y Castro señor de la casa y mayorazgo de San Saturnino y de su excelencia el conde de Masseda de la manera que al presente lo llevo y poseo y llevamos y poseemos yo y la dicha María Teixeira mi mujer en su vida y sobre el que deixo diez misas perpetuas fundadas sobre dicho lugar que se han de decir perpetuamente en dicha ermita por la renta del dicho lugar como consta en su testamento que de mi consentimiento fundó sobre los dichos bienes que apruebo y ratifico con sus casas, heredades, bravas y masas, muros, cerraduras, sotos, fragas, dehesas, postas, calvas y vacías, árboles y plantados, y lo más al dicho lugar anexo y perteneciente sin reservación de cosa alguna según es bien conocido y demarcado por sus marcos y mojones y sito en las dichas tres jurisdicciones y apartado y dividido de otra hacienda libre mía la mayor parte de ella y dichos bienes que pertenecen por herencia del dicho Juan de Piñón y Dominga do Couce mis padres difuntos..”

Pedro de Piñón non só recibiu as Casas das Inchousas dos seus pais, senón que ademais foi herdeiro do lugar de Calmourello en San Xoán dos Casás, que tiña anexos os casais de Batán Lanuxe, e Vila dos Casás; os cales adquirira con anterioridade o seu pai, a Juan de Landrove o Vello, e que Pedro aforou a Juan Martínez antes do ano 1628. Ademais estivo exento de pagarlle a vasalaxe a don Pedro Maldonado, señor do couto dos Casás, o cal segundo varias testemuñas: *“nunca pagaron sus antepasados a Pedro Maldonado ni a Gaspar Maldonado ni a ninguno de sus antecesores”*⁵⁰.

No ano 1612 un mozo Pedro de Piñón, verase obrigado a reclamar ao seu sogro Juan Teixeira, a lexítima e dote que á súa muller María Teixeira, lle correspondía dos 15.000 ducados na herdanza materna. Tras un longo proceso, no cal Pedro Piñón conseguiu demostrar que o seu sogro era *“home rico e poderoso”*, e que este posuía suficiente facenda para saldar a cantidade en débeda; María Teixeira recibiu os preto de dous mil ducados en bens mobles e raíces, que lle correspondían polo seu dote.

A partir dos anos corenta, o noso personaxe comeza unha carreira cara á fidalguía, que quizais até entón tivese só recoñecida dentro do seu couto. O colofón deste ascenso social, foi conseguido tras ser nomeado “Familiar do Santo Oficio da Inquisición do Reino de Galicia”. O cargo

49. Foi bastante común no século XVII que o marido unise ao seu apelido o nome do lugar que recibise a través do dote da súa muller. Un caso similar e paralelo témolo no citado Juan de Piñón de San Pedro, morador no lugar do mesmo nome en San Vicenzo de Vilaboa, e topónimo que xungueu o seu apelido, tras contraer matrimonio coa súa muller Catalina Díaz.

50. PEDRO DE PIÑÓN DAS INCHOUSAS CON DON PEDRO MALDONADO POR EL LUGAR DE CALMOURELO. Ano 1628. A.R.G. leg.14983/2

en cuestión, obrigouno a actuar como unha especie de comisario local, que se situaba por enriba dos poderes outorgados a alcaldes e xuíces ordinarios; chegando mesmo a verse envolvido en varios preitos ante a Real Audiencia do Reino, onde denunciou os abusos cometidos por estes e os seus señores, contra os labradores; se ben hai que dicir que en todos os preitos estudados, Pedro de Piñón foi partidista, e tivo intereses comúns cos seus defendidos⁵¹.

No encabezamento das súas últimas vontades do ano 1658, realizadas perante o seu sobriño político o escribán Juan Sánchez, vemos como o noso personaxe usaba e expresaba de forma subliminal a satisfacción que o devandito cargo lle provocaba:

“En el nombre de la santísima Trinidad padre hijo y espíritu Santo tres personas distintas y un solo Dios verdadero sepan cuantos esta carta de testamento y última y postrimera voluntad vieren como yo Pedro Piñón das Enchousas familiar del Santo Oficio de la Santa inquisición de este reino de Galicia ...”

María Teixeira e Pedro de Piñón tiveron por descendentes:

4.i.I.- Miguel de Piñón e Teixeira. Cóengo do cabido catedralicio da cidade de Mondoñedo, en tempos do bispo Fr. Sebastián de Arévalo e Torres (1672-1682), ocupando a vacante na coenxía de Sancho Bervete, do que fora coadxutor⁵².

O seu pai infórmanos ao respecto no seu detallado testamento:

*“ Yten digo y declaro que para ser canónigo el dicho mi hijo y traer las bulas del dicho canónicato he dado 600 ducados en vida de la dicha María Teixeira mi mujer y su madre los cuales fueron en plata y oro que reducidos a moneda de bellón importaron la dicha cantidad de 600 ducados y así lo declaro...”*⁵³.

Pedro de Piñón fundou a través do seu testamento vínculo e aniversario de dez misas perpetuas, que se habían de dicir anualmente sobre o lugar e casas das Inchousas, nomeando o seu fillo Miguel como primeiro patrón da devandita fundación.

“Ytem digo que por cuanto la ermita de San Pedro Ynclusa en esta feligresía de Seré y en el lugar das Inchousas donde al presente vivo es de mi fundación y de la dicha María Teixeira mi mujer por consentimiento mío y tengo intención y determinada voluntad conservarla con memoria perpetua de misas y renta por la limosna

51. - Entre os que se conservan no A.R.G., o do ano 1628 relacionado co lugar de Calmourel, representaba ao seu caseiro Juan Martínez. O ano 1641 polo lugar de Carracedo, Pedro de Piñón das Inchousas era curador dos fillos dunha das partes, xa defunto. En 1644 litigou contra o Domingo de Horxales, xuíz ordinario do couto de Meroi, en relación aos abusos cometidos por este representando o devandito cargo. O último dos encontrados, correspondente ao ano 1658, representaba a outro dos seus veciños pola fraga da Gateira, onde seguía tendo propiedades herdadas do seu pai.

52. Episcopologio mindoniense. Instituto de Estudos Galegos “Padre Sarmiento”. Autor: Enrique Cal Pardo. Pág: 566.

53. TESTAMENTO CERRADO...

de ella y reparo de la misma ermita y ornamento de ella y lo más necesario y poniéndolo en efecto por la vía y remedio que más firme sea desde ahora para cuando me fallestiere que es cuando ha de comenzar la ejecución y cumplimiento de lo que en esta cláusula ahora declaro quiero y mando se me digan y hagan decir por mi ánima y de mis pasados perpetuamente en cada un año y las misa siguientes: día de San Pedro apóstol del mes de junio de tres misas, el día de la presentación de la virgen Nuestra Señora que es por el mes de noviembre 4 misas, el día de la dedicación a San Miguel que es 29 de septiembre otras dos misas, el día de la señora Santa Catarina que es 25 de noviembre otras dos misas, el día de Santa Lucía que es 13 de diciembre otros dos misas, el día de Santiago apóstol una misa la cual se ha de decir en los dichos días señalados en la dicha remita para que los fieles ganen las indulgencias que estén concedidas a los cofrades y se pague de limosna por cada una de ellas a dos reales y de comer y beber, o a tres reales sin comida a elección del sucesor y patrón del dicho aniversario del cual asimismo tengo obligación de tener una lámpara encendida en la Iglesia de esta dicha feligresía de Seré delante del santísimo Sacramento que arda con su aceite todos los domingos y días de fiesta de cada un año por siempre jamás a costa de los bienes que sean agregados a esta memoria y aniversario“...(segue)...“Todos los cuales dichos bienes señalados y agregados al dicho aniversario y ermita según atrás van referidos declarados deixo y mando al dicho licenciado Miguel Piñón Teixeira canónigo mi hijo legítimo y de la dicha María Teixeira mi mujer para que los lleve y goce por vía de mejoría de tercio y quinto y como más haya lugar principio haya aventajamiento además de su legítima y herencia y por la renta de ellos cumpla dichos aniversarios de misa por mi aquí fundados y por la dicha María Teixeira mi mujer”⁵⁴.

4.i.II.- Andrea Piñón Teixeira. Muller de Antonio Pardo de Andrade, do que xa falamos neste estudio, viúvo que foi de dona Inés López Teixeira, a filla de Juan Teixeira de Malde. Antonio Pardo foi ascendente común a Emilia Pardo Bazán, Concepción Areal e Francisco Franco. Por este último, aparece en numerosos traballos como descendente directo da casa de Andrade por liña recta de varón, o cal é un erro intencionado evidentemente a todas luces; séndoo en verdade dos señores da Torre da Lama⁵⁵.

Foi dotada polo seu pai no ano 1648, por carta outorgada perante o escribán Juan Sánchez⁵⁶. Pedro de Piñón dá conta no seu testamento do achegado para o matrimonio da súa filla:

“Ytem asimismo declaro que yo y la dicha mi mujer tratamos de que la dicha Andrea Teixeira nuestra hija se case con el dicho Antonio Pardo de Andrade y le

54. Ibidem.

55. Fillo de Jácome Díaz da Lama e María de Cora e Aguiar, neto de Gonzalo Díaz da Lama e María de Lago, bisneto de Jácome Díaz da Lama e Constanza García, tataraneto de Roy Sánchez de Lama e Catalina Núñez, III Señor da Torre da Lama e San Fiz.

56. ESCRITURA DE PROMESA DE DOTE ENTRE PEDRO DE PIÑÓN. prot: 142, ano 1648. fol: 114, do escribán Juan Sánchez de Cedeira.

prometimos con ella en dote dos mil y quinientos ducados en bienes muebles raíces dineros y otras cosas que consta de la escritura del dote que pasó ante Juan Sánchez escribano a que me refiero digo que los dichos dos mil y quinientos ducados se los hemos dado y pagado en dineros bienes raíces y otras cosas que los montaron los dos mil en bienes raíces y los otros quinientos en dineros y otras cosas y que todo está pagado según que la mayor parte me tiene dado recibo y lo más tengo por memoria y así lo declaro..."

Ademais o patrucio deixou á súa filla Andrea Piñón Teixeira como herdeira do seu irmán, no padroado do vínculo por el fundado:

"Y a la muerte del dicho mi hijo suceda en los dichos bienes y aniversario desusso declaro a la dicha Andrea Teixeira mi hija mujer del dicho Antonio Pardo de Andrade y después de ella en su hijo o hija legítimo y de legítimo matrimonio prefiriendo el varón a la hembra y del mayor en edad al menor.."

Dona Emilia Pardo-Bazán foi efectivamente erdeira directa do vínculo fundado polo seu antepasado Pedro Piñón das Inchousas; a través do fillo primoxénito dos anteriores Juan Ignacio Pardo de Lama (*4 febreiro 1653, San Clodio), terceiro patrón do vínculo fundado sobre as Casas das Inchousas e a capela de San Pedro⁵⁷.

c) Catalina Piñón Teixeira. A cal foi sinalada como herdeira dos anteriores, en caso de non ter descendencia. No ano 1658 atopábase viúva do alférez Álvaro Rodríguez de Cora e Aguiar, veciño da vila de Pontedeume e o seu procurador xeral, sendo pais de María de Cora e Aguiar, que na mesma data era muller de Juan Antonio de Vivero. Catalina Piñón foi dotada polo seu pai do seguinte xeito:

"...al tiempo que yo y la dicha mi mujer tratamos que el dicho Álvaro Rodríguez de Cora se casase con la dicha Catalina Teixeira y prometimos en dote con ella dos mil ducados los cuales le pagamos en esta manera los mil en reales de a ocho y moneda de bellón que lo sumaron = y los otros mil en bienes y arras en el condado Santa Marta y otras partes que fueron de Juan Teixeira el viejo mi suegro y padre de la dicha mi mujer de que a esta do hoy esta poseedora la dicha mi hija de manera que los dichos dos mil ducados no se debe ninguna cosa"⁵⁸.

Litigou contra Pedro Vales, zapateiro, por mor dun foro da casa sita xunto ao adro e cemiterio da igrexa da vila, que lle pertencía polo seu marido defunto Álvaro Rodríguez de Cora. O devandito preito gárdase nos fondos da Biblioteca Municipal de Pontedeume. Ademais contraeu segundas nupcias co doutor don Antonio Montejano, ó cal sobreviviu sendo veciña de Pontedeume en 1676.

57. LIBRO DE BAUTISMOS DA FREGUESÍA DE SAN CLODIO EN ORTIGUEIRA. Libro correspondente ao ano 1628 até o 1697

58. TESTAMENTO CERRADO...

d) María Teixeira Piñón. Menor das fillas de Pedro de Piñón e Catalina Teixeira, estaba xa defunta no ano 1658. Estivo casada con Abel de Lago, veciño de San Xurxo de Moeche, Lugar do Rañal, fillo de Pedro Tenreiro de Lago, señor de Ciobre⁵⁹; e de María das Seixas. A través do detallado testemuño que Pedro de Piñón nos deixou no seu testamento, sabemos de que forma foi dotada María Teixeira para contraer matrimonio, con Abel de Lago:

“Ytem digo y declaro que al tiempo que se ha tratado el matrimonio entre el dicho Abel de Lago y dicha María Teixeira mi hija yo y dicha mi mujer le prometimos en dote con dicha nuestra hija cuatro mil ducados en los cuales había de entrar la hacienda raíces que llaman da aldea de Seixas en esta dicha feligresía de Seré como consta la escritura matrimonial que pasó ante Pedro Fernández de Villar escribano a que me refiero de los cuales pagué en dineros y hacienda raíz dos mil y setecientos y treinta como consta de la carta de pago que de ellos me dio el dicho Abel de Lago a que así mismo me refiero y que avalada la hacienda raíces de Seixas y setecientos ducados que con los setecientos ducados de arriba hacen tres mil y trescientos treinta y tres ducados y así lo declaró y todo ello consta la así por dichas cartas de pago y papeles como por la abalación de dicha hacienda”

E para dar por finalizado este estudo, unha vez conseguida a meta de enlazar coa obra de don Dalmiro de la Válgoma; ambos os dous tiveron por fillos a outro Pedro Tenreiro de Lago e Andrea Teixeira de Lago, que serán nomeados polo seu avó herdeiros en último caso do padroado do vínculo das Inchousas:

“...y a la falta de descendiente suceda en Pedro de Tenreiro de Lago mi nieto hijo del dicho Abel de Lago y de la dicha María Teixeira su mujer difuntos mi hija legítima y de la dicha mi mujer y sus hijos y descendientes y por la misma gracia y no los temiendo y faltando suceda en ellos dichos bienes de aniversario Andrea Teixeira de Lago mi nieta hermana entera del dicho Pedro Tenreiro de Lago y después de ella y sus hijas y nietos legítimos prefiriendo siempre al varón a la hembra..”

Resumo da descendencia de Pedro Tenreiro de Lago:

Pedro Tenreiro de Lago c.c. Margarida de Cora y Aguiar = Vicenta de Cora y Aguiar c.c. Juan Ignacio Pardo de Lama y Andrade, (fillo de Antonio Pardo de Andrade e Andrea Teixeira e Piñón) = Pedro Pardo de Lama y Andrade c.c. Ángela Patiño Montejano = Pedro Antonio José Pardo Patiño y Montejano c.c. Ángela María Pardo de Cela y Ponte = Juan José Pardo de Cela c.c. Luisa Bazán de Mendoza = Miguel José Antonio María de Valvanera Pardo-Bazán c.c. Joaquina Mosquera e Rivera = José María Pardo-Bazán y Mosquera c.c. Amalia de la Rúa-Figueroa y Somoza = Emilia Pardo-Bazán y da Rúa-Figueroa⁶⁰.

59. EL LICENCIADO ANTONIO TEIGEIRO Y GABRIEL DE SUEIRAS CON JUAN IGNACIO PARDO SOBRE PARTICIPA DEL LUGAR DAS TRAVESAS. A.R.G. SIG. 1919/21, LEG. 31.

60. Datos extraídos da obra citada de don Dalmiro de la Válgoma.

CÁTEDRA

Premio de Investigación Concello de Pontedeume 2007

ACTA DO XURADO DO PREMIO DE INVESTIGACIÓN CONCELLO DE PONTEDEUME

O Xurado do IX Premio de Investigación Concello de Pontedeume en temas etnográficos, composto por D. Clodio González Pérez, historiador e etnógrafo; D. José M^a Cardesín, profesor de Historia dos Movementos Sociais na Facultade de Socioloxía na Universidade da Coruña; e Xosé Lois Ladra Fernández, arqueólogo; e actuando como presidente, D. Gabriel Torrente Piñeiro, Alcalde de Pontedeume, e como secretario do Xurado D. Alexandre Caínzos, Bibliotecario Municipal, decidiu por unanimidade conceder o premio ó traballo titulado “*Achega ao gremio de zapateiros e curtidores. Pontedeume S. XVII-XVIII*” do que son autoras Lucía Costas Fernández e Carola Macedo Cordal.

En Pontedeume, a 20 de setembro de 2007

ACHEGA AO GREMIO DE CURTIDORES E ZAPATEIROS DE PONTEDEUME NOS SÉCULOS XVII-XVIII

Lucía Costas Fernández
Carola Macedo Cordal

INTRODUCCIÓN

Co paso do tempo os pobos poden chegar a perder os seus acenos de identidade e transformarse nun conxunto urbano impersoal. A súa arquitectura e a súa historia son dous alicerces fundamentais para impedir que isto suceda, pero son os seus habitantes os que verdadeiramente lles achegan singularidade, actuando como transmisores de cultura, de costumes, de ditos e de feitos. Son as súas xentes as que construíron ou destruíron o que hoxe contemplamos ou deixamos de contemplar.

Todas as familias desta vila, sen excepción, participaron na creación do Pontedeume actual, moitas delas exerceron oficios hoxe en día desaparecidos, dos que apenas quedan evidencias, que sen dúbida se diluirán co paso dos anos. Parécenos unha boa aspiración evitar que isto último aconteza. Desentrañar a evolución e vicisitudes dos mesmos é un traballo arduo, con claroscuros, pero que engade datos que axudan a cimentar a historia local, onde os distintos personaxes se interrelacionan, crecen, constitúen gremios e industrias, modificando dese modo a vida socioeconómica do seu pobo. Este traballo cínguese aos curtidores e zapateiros, pero igualmente podería terse adedicado aos pescadores, mercadores ou mesmo aos ferreiros, entre outros.

O curtume nos séculos XVII e XVIII prosperaba en Pontedeume, no medio dunha maraña de obstáculos sociais. Era considerada unha profesión vil e deshonorosa, que debía exercerse afastada das vivendas, dado que provocaba malos cheiros e non menos enfermidades. No entanto, co paso dos anos, a industria do curtume en Pontedeume adquiriu un grande apoxeo, chegando a ter no século XIX un dos curtidoiros máis importantes de Galicia, definindo coa súa enorme cheminea a silueta da Vila. Na superficie que antigamente ocupou esta fábrica álzase hoxe en día un colexio público, os nenos que enchen as súas aulas non saben que, baixo os seus pupitres, dorme unha importante parte do seu pasado.

O obxecto da nosa investigación é o mundo do curtido e a zapatería en Pontedeume nos séculos XVII e XVIII, por un sinxelo motivo, é a época preindustrial, a etapa máis descoñecida deste sector económico na vila. Os séculos XIX e XX xa foron debidamente investigados por

Rosana Núñez Barros¹. Tamén os procesos de curtume ou de fabricación de zapatos foron estudados amplamente por Otero Pedrayo e Xaquín Lorenzo, nas súas obras sobre a etnografía de Galicia. No entanto, tendo como pauta as investigacións destes autores, faremos un pequeno repaso destes oficios. A nosa pretensión é achegarnos á case descoñecida *Confraría do Glorioso Mártir San Sebastián*, confraría que aglutinaba a estes artesáns en Pontedeume, ás relacións familiares dos membros do gremio e á súa vida cotiá.

1. O GREMIO NO SEU CONTEXTO

Nos séculos XVII e XVIII a fisionomía da vila muda notabelmente, non só no aspecto urbanístico se non tamén no socioeconómico. Tras os incendios prodúcese unha redistribución dos espazos. O deterioro da muralla suporá novas oportunidades de crecemento e desenvolvemento a unha poboación que necesitaba gañar espazo. O reducido recinto medieval redefínese expandíndose cara aos arrabaldes, ao aberto espazo extramuros. Xorde o barrio novo entre a porta da vila e a capela das Virtudes. O arcebispo Raxoi, co seu mecenado, será artífice, igualmente, de grandes cambios na morfoloxía urbana. Estas paulatinas remodelacións afastarán a Pontedeume do seu carácter medieval.

Neste contexto a confraría do gremio de zapateiros e curtidores arraxaba as súas necesidades materiais e espirituais defendendo os seus intereses comerciais e artesanais á vez que mantiñan un labor benéfico-asistencial. Os derradeiros anos do século XVIII verán a fin destas estruturas gremiais, o inicio das industriais e o ascenso social dalgúns artesáns.

2. O PROCESO ARTESANAL DO CURTUME


O longo e delicado proceso do curtume facíase nos curtidoiros ou pelamios, nun pestilente proceso manual a base de limpar as peles con coitelos especiais, raspalas, lavalas, calealas, mergullalas en auga con cortizas moídas de árbores con alta concentración de taninos, mazalas, engraxalas e secalas.

Esta laboriosa, e lenta, actividade requiría uns tempos de traballo regulares, tardándose preto dun ano en obter un bo produto. Este proceso apenas variara no transcurso dos séculos até que, a finais do século XIX, os mordentes naturais foron substituídos por outros de procedencia química e a aparición de sistemas industriais simplificaron e axilizaron o proceso. Nun curtidoiro ou pelamio distínguense basicamente tres fases que agora tentamos descubrir polo miúdo.


2.1 O Lavado

Os coiros mergúllanse en píos con auga, onde quedan uns días para abrandar. Poñíanse a remollo en cal apagado. Durante o tempo que estaban nesta pía dábanselle varios “levantes”.

1. R. NÚÑEZ BARROS, “A industria do curtido en Pontedeume”, en *Cátedra* 1 (1994) 7-18.



Ferramentas de coiteiro. Tomado de Os Oficios de Xaquín Lorenzo



Ferramentas de coiteiro. Tomado da Enciclopedia de Diderot. S.XVIII

Unha vez rematado vén o segundo momento desta fase: o *PELADO*, feito na táboa de pelar, cun coitelo sen fio que quitaba o pelo, que sería empregado como estrume. Logo chega o *ESCARNADO*, na mesma táboa, proceso similar ao anterior pero no que se retiraba a carnaza para o que se utilizaban os coiteiros de descarnar.

Despois chegaba o *LABRADO*, poñíanse as peles nun pío con auga e canina (excremento de can ou de galiña) para lles sacar o cal, lavándose a continuación para proceder ao labrado. Cada coiro tiña dúas labras: unha pola flor para quitarlle o pelo e outra polo carnaz para quitarlle o cal. Por último acontecía a *APRIMADO*, emprégase o coitelo de aprimar para retirar do coiro o carnaz que quedaba e igualábase o grosor da pel eliminando as irregularidades.

2.2 A Mudanza

Ao saíren do lavadoiro os coiros pasaban aos píos onde permanecían durante un tempo mergullados en auga con casca, cortiza de carballo maiormente, que contiña os taninos necesarios para o curtume. Esta mudanza amosaba outros dous momentos: o *ESPARRADO*, os coiros pasaban dun pío a outro cada vez con maior cantidade de casca segundo se avanzaba no proceso do curtume, pero antes de pasalos a un novo pío esparrábanse quitándolles o lixo que lles deixaba o tani-

no; e o *ENGRAXADO*, untábase o coiro, pola flor, con saín (aceite de sardiña) para pasar a unha zona ventilada onde secaban.

2.3 A Remata

Con estes pasos: *MAZADO*, os coiros eran mazados para abrandalos. *RASPADO*, facíase un raspado para suavizalos. *REMATADO*, o coiro poñíase nun traveseiro entre dous cabaletes, suxeitándoos cuns ganchos de madeira dos que penduraba unha pedra, no que se traballaba cunhas “lunetas” ou coitelas de forma circular. *ESBEIRADO*, cando estaban rematados esbeirábanse cunha tesoirra, cortándolles as rebarbas que lle quedaban. *DOBRADO*, dobrábanse os coiros, varándooos cun mazo.

Dentro dos traballadores que procesaban o coiro, ademais dos curtidores, había un segundo grupo conformado polos chamados *zurRADORES*, estes situaríanse entre os curtidores e os zapateiros. Eran os que remataban a pezas e dábanlles o acabado final, adecuando as peles para un determinado fin. Non nos consta a existencia de ningún zurrador nos documentos consultados pero, é posíbel que, se os houbera, entre os empregados dos curtidoiros eumeses de finais do século XVIII e ao longo do XIX.

2.4 Os Pelamios

A presenza da actividade do curtume, unha industria estábel e consolidada que formaba parte do elenco de actividades económicas manufactureiras da vila, quedou gravada na toponimia urbana de Pontedeume: Os Pelamios. Trátase dun amplo soar extramuros da vila, pois era unha actividade molesta e insalubre, que proporcionaba a gran cantidade de auga que o traballo do coiro necesitaba para o lavado das peles e un amplo espazo que centralizaba as actividades dos distintos pasos do curtume, estaban situados na ribeira do mar da vila lindando co Coto de Breame e a freguesía de Centroña².

As formas de posesión das instalacións do curtido que puidemos documentar son a da propiedade e a do censo. Domingo Grande, zapateiro, e Catalina Rodríguez, a súa muller, véndenlle ao seu fillo, Pedro Grande, por noventa e catro reais, en 1661:

“...la mitad enteramente de un pelamio que tienen en la rivera de esta dicha villa y en la pelambrería según está cubierto y cerrado y fechado según testa por una parte en el río que viene para dichos pelambres y por otra en pelambre de Simón Martí y por otra en pelamio de Antonio Alvariño y por otra en huerta de Doña Isabel de Losada y según es conocido y propio diezmo a Dios, Nuestro Señor...”³.

2. Demarcación da freguesía e couto de San Miguel de Breame no Catastro de Ensenada: “linda principiando por el norte en los pelambres que se hallan en los arrabales de esta villa siguiendo río arriba a la real dehesa de S. M. nominada fuente de Zela...”.

Demarcación da freguesía de Santa María de Centroña no Catastro de Ensenada, pertencente ao couto de Breame: “...principiando en el desagadero de los pelambres de la villa de Pontedeume...”.

3. AHPNG. Notario: Jacinto de Frías. 1661. Pontedeume.

Tres anos máis tarde, en 1664, Domingo de Punín, zapateiro, cómpralle a Domingo Martínez, tamén zapateiro, e a María Pita, a súa muller, outra metade dun pelamio:

“... sito en la pelambrera extramuros de esta dicha villa, según es conocido y testa por una parte en la poza y reguero que viene por dicha pelambrera y por otra parte en pelambre de San Sebastián, y por otra parte en pelambre de los herederos de Marcos do Comeiro y por otra en una posta que esta calva de dicho vendedor... dicha mitad de pelambre le venden en precio y cuantía de diez ducados de moneda de vellón de a once reales cada uno y de a treinta y cuatro maravedís cada real...”⁴.

En 1678 María López, viúva de Francisco de Alvariño, menciona no seu testamento a pensión dun pelamio:

“Yten digo que por cuando Domingo de Vizús, vecino de esta villa, me paga en cada un año tres reales de vellón y a los herederos que fincaron de dicho mi marido otros tres, los cuales dichos seis reales paga de pensión por razón de un pelambre que tiene en fuero que yo y mi marido le hicimos en la riberamar de esta villa...”⁵.

A situación mantívose así, inamovíbel, desde finais da Idade Media, pero na última etapa do Antigo Réxime acelerouse a dinámica de cambio desta tradición secular na vila. Grandes xiros no ámbito produtivo, non no campo tecnolóxico, e un acceso a mercados máis amplos, dan lugar a unha incipiente nova industria, mentres os vellos gremios languidecen. Sobre as antigas estruturas, e apoiada no legado deixado polos seus antecesoros, os artesáns sóbense ao carro da innovación.

Andando o tempo será na coñecida paraxe dos Pelamios onde se levante a fábrica de Rodrigo Pardo e Cía “La América”⁶, sobre unhas instalacións compradas aos herdeiros de Benito Roberes.

Benito, membro destacado do gremio do curtido é herdeiro dunha longa tradición familiar que trataremos posteriormente, creará unha sociedade en 1784 con outro curtidor, Tomás de Punín, rexentando ambos un primeiro curtidoiro, situado na parroquia de Vilar. Ese mesmo ano no que realiza o contrato de sociedade mercantil, Benito contratou a construción dun pequeno almacén no sitio dos Pelamios, nunha horta da súa propiedade, este almacén será, posibelmente, disolta a anterior sociedade, a orixe do curtidoiro que precedeu a “La América”. Pero non só Benito Roberes e Tomás de Punín rexentaron instalacións manufactureiras do coiro, dentro do sector coexistían outras pequenas empresas de menor entidade, como a de Vicente Doce ou a de José Andrés Varela, xa no século XIX.

4. Ibid. Prot.nº189. 1664. Pontedeume.

5. AHPNG. Notario: Andrés del Río. Prot. nº 338. 1678. Pontedeume.


6. R. NÚÑEZ BARROS, op.cit. 7-18.



A fábrica de Curtidos “La América” pouco antes da súa demolición

3. OS ZAPATEIROS

O do coiro era un sector económico que resultaba esencial para outros labores artesanais, entre eles, o máis desenvolvido e que fornecía produtos de necesidade xeneralizada: o do calzado. Unha actividade artesanal máis integrada nos espazos da vila que o do curtume.



Ferramentas de zapateiro. Tomado de Os Oficios de Xaquín Lorenzo

É difícil definir con claridade os campos profesionais da zapatería e o curtume en Pontedeume, pois atopámonos zapateiros con pías propias ou traballando en alleas. O oficio de zapateiro, e os seus pequenos talleres artesanais de limitada produción, foi un dos alicerces da economía local e un dos máis característicos da nosa vila.

Para a confección do calzado empregábanse diferentes clases de peles de vacún ou bovino. Peles que, desde o primeiro paso do curtume, ían orientadas cara a unha clase ou outra de calzado, pois clasificábanse as reses, así como as diversas partes dos coiros segundo o uso ao que fosen destinados: badanas, cordobáns... atopamos, así, peles de primeira, segunda e terceira categoría.

Puidemos localizar instrumental empregado por zapateiros nalgúns dos pormenorizados inventarios post-mortem da época. Así, no reconto de bens de Simón Martínez, zapateiro, de novembro de 1665, descríbese o que segue:

“...una mesa larga de cuatro pies que parece ser del oficio de zapatero, y en ella cuatro cajones, los dos con su cerradura, y los otros dos sin ella. Todo usado, y habiéndose abierto se halló en uno de ellos cuatro pares de leznas ordinarias de obra de vaca y tres dedos del oficio y dos agujas... dos tijeras del oficio de zapatero; dos trinchetes, el uno nuevo y el otro viejo; un cuchillo de raer; tres docenas de suelas de zapatos nuevas y viejas que en todas son treinta o mas, grandes y pequeñas... Una cesta con cuatro libras de lana de pelambre, poco mas o menos... Otra tinajilla pequeña de encascar. Tres cueros de vaca grandes que estaban en la casca. Media docena de pellicas y badanas en la casca”.

Domingo de Punín, zapateiro, morre en 1683. No inventario dos seus bens, entre outras cousas, menciónanse:

“...dos cabalares viejos y en ellos siete libras de lana de pelambre; cuatro cueros curtidos de vacas y dos de becerros; ocho pares de hormas de hacer zapatos; una tijera; un trinchete; cuatro leznas; un cuchillo que llaman de raer, del oficio de zapatero; un martillo pequeño de hierro del mismo oficio... tres tinajas de casca que sirven para el oficio de zapatero... Y en el pelambre, cuya propiedad es la mitad de dichos menores, dos pellicas de castrón”⁸.

3.1 Tipos de zapateiros

Dentro do sector profesional dos zapateiros atopamos dous grupos: zapateiros de *obra prima* e zapateiros de *vello* (obra grossa). Os zapateiros de obra prima eran de maior categoría, aqueles que facían zapatos de novo e os zapateiros de vello eran aqueles que arranxaban os zapatos, os que hoxe coñecemos como zapateiros remendadores.

Temos referencias, por distinta documentación, da presenza de zapateiros de orixe foránea, sobre todo de Noia, na vila de Pontedeume desde mediados do XVIII. É o caso, en 1755, de Clemente de Randín, mestre de zapatería, veciño da freguesía de Santa María de Argalo, xurisdición da vila de Noia, débelle a Tadeo Roberes “ciento y sesenta reales de vellón de dos cueros de suela que le vendió al fiado...”⁹. Esta afluencia mantívose ao longo do século XIX.

3.2 A aprendizaxe do oficio

A estrutura laboral dos oficios nos séculos XVII e XVIII non variara no fundamental desde o Medievo. O traballo estaba regulado polo uso e costume dos gremios. O aprendiz, a primeira escala, servía a un mestre, a



Grabado alemán

8. Ibid. 1683. Pontedeume.

9. AHPNG Notario: Antonio del Río. Prot. nº 824. 1755. Pontedeume.

cambio de comida, aloxamento e vestido -este costume aseguraba durante algún tempo a manutención do menor- detalles que regulaban as ordenanzas e para o que se redactaba contrato ante un escribán, onde figuraban os dereitos e deberes de mestre e aprendiz e as condicións do ensino. A asignación polo traballo non era alta, e a obediencia á autoridade do mestre absoluta¹⁰. Tras este período, o aprendiz debía pasar un exame do gremio ou mestre.

D. Pedro Bermúdez de Andrade, dono do Coto de Leiro e casas de Bañobre, veciño de Santa María de Castro, contrata en 1622 en Pontedeume a Pedro Grande, zapateiro, para que lle aprenda a Juan Domínguez, o seu criado, veciño de Santa María de Castro e mozo solteiro:

“...el oficio y arte de zapatero de obra prima y gruesa y cortar cualquier género de obra dentro de dos años que le empiezan a correr y contarse desde hoy día de la fecha de esta hasta ser fenecidos y acabados dándole de comer y cama y lo más necesario para su sustento y el vestido y aliño de su persona se lo ha de dar el dicho Don Pedro por su cuenta”¹¹.

O contrato axústase en dez ducados de moeda de vellón.

Pero basicamente a transmisión dos coñecementos era interxeracional, de pais a fillos. A familia exercía unha influencia decisiva na formación dos mozos: estes iniciábanse desde idades temperás nos talleres familiares onde adquirían as destrezas do oficio, o que facía innecesario a formalización da aprendizaxe.

Entre as figuras dos aprendices e o mestre atopamos un terceiro grao, intermedio entre ambos, o do oficial: traballaban como empregados dun mestre, o seu tempo de contrato adoitaba ser menor que o dun aprendiz, eran case todos maiores de idade e o mestre non tiña adquiridos, con estes, ningunha obriga de aloxamento ou manutención. Xeralmente este posto tiña un carácter itinerante, os oficiais cambiaban de taller con frecuencia.

4. A SÚA ORGANIZACIÓN CORPORATIVA: A CONFRARÍA DO GLORIOSO MARTIR O SEÑOR SAN SEBASTIÁN

Desde o punto de vista corporativo, o gremio de zapateiros da vila tivo a súa propia expresión social e relixiosa baixo o patrocinio de San Sebastián: a *Confraría do Glorioso Mártir o Señor San Sebastián*, incluída na igrexa parroquial, aglutinante dun oficio regulado, unido e organizado con ordenanzas e autoridades.

Descoñecemos as súas normativas, ordenanzas e regulamentos, que resultarían unha fonte inestimábel para ter unha visión próxima e poder delinear os trazos deste grupo social, tanto

10. J.C. ZOFÍO LLORENTE, *Las culturas del trabajo en Madrid 1500-1650. Familia, oficio y sociabilidad en el artesanado preindustrial*, Tese doutoramento, Universidad Complutense de Madrid.

11. AHPNG. Notario: Luís Rodríguez Armesto. 1662. Pontedeume.

na súa faceta colectiva como na súa estruturación interna coas súas tensións, consensos, estratexias e logros.

Recorrer ás fontes notariais para rastrexar as prácticas sociais e económicas do sector manufactureiro do coiro, que entendemos que estaba representado fundamentalmente por curtidores e zapateiros, e desentrañar o armazón e evolución dos antigos oficios, a través da documentación de natureza xurídica que estes xeraron, é tarefa ardua, que non sempre resulta o elocuente que se espera, pois os contratos ao uso, os non escriturados, debían ser dominantes.

Nada sabemos da orixe desta confraría. A mención máis antiga que nos consta é unha manda de dous reais á Confraría de San Sebastián que figura no testamento de Alonso Mancebo en 1557, pero da súa traxectoria, sobre todo do final da súa existencia, coñecemos, a través do seu último libro de contas, algúns detalles que pasamos a enumerar.

A confraría de San Sebastián estaba incluída na igrexa parroquial da vila, en cuxo pórtico, até a reedificación de Rajoy, tiñan lugar os cabidos do gremio de zapateiros. Como excepción a este costume reuníronse en 1719 na ermida de san Roque:

“Dentro de la sacristía de la ermita del Glorioso Señor San Roque, extra-muros de la villa de Puentedeume, a veintisiete días del mes de marzo de mil setecientos diecinueve años, estando juntos de unánimes y conformes el mayordomo vicario y cofrades de la cofradía del mártir San Sebastián, inclusa en la parroquia del señor Santiago de dicha villa, como lo tuvieren de costumbre para tratar las cosas tocantes a dicha cofradía y sus cofrades, como son Juan López, Mayordomo actual, Nicolás das Filgueiras, Antonio Grande, Andrés do Silvar, Andrés Fernández, el viejo, Nicolás de Marcos, Domingo López, Andrés de Meiras, Sebastián Vázquez, Félix Suárez, Domingo de Punín, el menor, Francisco de Punín, Pedro do Silvar, Isidro de Francos, Vicente do Souto, Antonio Rodríguez, Rosendo Varela, Antonio de Castela, Francisco da Pena, Antonio Santos Grande, Andrés Fernández, el mozo, Nicolás do Río, que hacen por si y los demás cofrades ausentes en virtud de despacho que ganó el Licenciado Don Nicolás del Río del Señor provisor del Arzobispado de Santiago sobre cierta cantidad de maravedíes que pide sobre la sacristía mayor que es contra toda razón y querer innovar no siendo tal costumbre ni la hubo en dicha cofradía y dicen se querían oponer contra el pedimento que puso dicho Don Nicolás del Río como tal Sacristán Mayor...”¹².

4.1 Mordomos

A confraría estaba rexida por un cabido e os seus bens eran administrados por un mordomo.

12. AHDS. Fondo Parroquial de Santiago de Pontedeume. Confrarias e institucións parroquiais. San Sebastián 1716-1829. CIP 14.

O cargo de mordomo era anual. Cada mes de xaneiro, na festa principal, o día de San Sebastián, levábase ao cabo o nomeamento do novo mordomo, entregando o mordomo saínte, como relevo da mordomía, o ramo procesional ao entrante, quen se comprometía a levar o ramo e a confraría.

O mordomo á súa vez nomeaba a un vigairo, quen normalmente aceptaba o cargo, o cal pagaba á confraría cen reais polo posto. Aínda que non sempre sucedeu así, en 1729 nomeáase mordomo a “Diego de Punín, el mayor, que lo aceptó y nombró por su vicario a Isidro de Franco” pero “por no querer aceptar Isidro de Franco llevola por su devoción Andrés Grande”¹³.

O sistema de elección de mordomo pasou nalgún momento de ser mediante votos: “... y habiendo algunas competencias sobre quien sería dicho mayordomo eligieron y nombraron a Juan López por votos que contra el salieron el cual se constituyó por tal...”¹⁴ (nomeamento para 1727) a seguir unha quenda por antigüidade:

*“Nombramiento de Mayordomo y vicario de esta cofradía para el año que principiará en 20 de enero de 1774: En la villa de Puente deume, a seis días del mes de enero, año de mil setecientos setenta y cuatro, a presencia de mrd. el señor don Antonio Serantes, cura y rector propio de esta dicha villa y de san Martín do Porto, su anejo, se juntaron en cabildo los cofrades de esta cofradía para nombrar a fin de elegir mayordomo y vicario que la sirva para el año que principiará en veinte del presente mes, en cuyo día se celebra la función principal de ella y estando así juntos, como va dicho, Andrés de Brueiro y Juan de Vilela, mayordomo y vicarios actuales, Manuel Grande, Victorio de Punín, Domingo Vázquez, Juan Antonio da Pena, Domingo Antonio de Punín, Francisco Vizoso, Andrés da Pena y otros mas mayordomos y cofrades han mirado con atención el turno y asiento de cofrades del gremio y se halló corresponder por su antigüedad el ser tal mayordomo para el año que va citado a Antonio do Souto, vecino de esta villa, quien essá presente y enterado de todo respondió aceptaba dicho empleo y se obligaba en toda forma cumplir con las obligaciones de él para lo que se le entregará en señal el ramo a la hora y con los términos que se acostumbra y de concluida la función principal, también se le entregarán la cera y alhajas de dicha cofradía para el uso de ella. Y respecto se halla nombrado mayordomo se para a elegir vicario para que le ayude a servir en el referido año, y estando presente Antonio de Punín, soltero, hijo de Victorio dijo que tenía devoción de servir de vicario en dicho año, en lo consintieron todos los citados cofrades y mayordomos y dijeron todos se le entregase el ramo de tal vicario al tiempo debido y el dicho Antonio de Punín con su padre, que está presente, se obligaron en toda forma de cumplir con la obligación de tal empleo y de pagar a la dicha cofradía los cien reales de vellón que por tal vicario le corresponden”*¹⁵.

13. Ibid.

14. Ibid.

15. Ibid.

Miguel Cubeiro, que fora mordomo en 1730, repite cargo en 1737 pedindo a intercesión do santo patrón:

“En el pórtico de la iglesia parroquial del apóstol Señor Santiago de la villa de Puente deume a veinte días del mes de enero de mil setecientos treinta y siete, siendo mayordomo Rosendo Varela el año pasado de mil setecientos treinta y seis que despide en veintidós de este presente año de setecientos treinta y siete de enero después de cantar visperas al glorioso mártir san Sebastián el señor don Jacinto Pardo Mazeda, cura propio de esta parroquia y San Martín do Porto, su anejo, y con los demás señores sacerdotes dijo que por cuanto en el año pasado de mil setecientos treinta y seis, vispera del santo había nombrado el dicho mayordomo Rosendo Varela por mayordomo a Francisco de Punín para que sirviese año de treinta y siete y nombró su vicario que fue a Domingo Francisco Martínez y como hoy se llegó Miguel Cubeiro, mayordomo que también fue de esta santa cofradía el año de mil setecientos treinta, y dijo a presencia del señor párroco y mayordomos y vicarios y más cofrades del gremio de zapatería, que por cuanta fuera su Divina Majestad servido dar una enfermedad a Rafaela Rodríguez Daporta, su mujer, y clamando en dicha enfermedad por el glorioso mártir San Sebastián para que le diese salud si le convenía a su Divina Majestad, se ofrecieron a llevar el ramo por su devoción este presenta año, y tomó por su vicario a Domingo Francisco Martínez. En donde se obliga el dicho Miguel Cubeiro de dar cuenta de lo que se le entregare de los bienes de esta santa cofradía de los cuales lo firmaron de sus nombres juntamente con el señor rector y los más que se hallaron presentes”¹⁶.

Nos libros de contas non só se reflectían as fontes de ingresos da confraría e a aplicación que se realizaba das mesmas, cargos e datas, senón que ademais se detallaba o inventario que debía elaborar o mordomo saínte, cando se nomeaba novo titular da mordomía. Cando un mordomo deixaba o seu cargo debía dar conta dos bens realizando un inventario, para proceder á súa entrega ao mordomo entrante, deixando así constancia do que este recibía, de forma que tivese que responder deles cando cesase e outro asumise o posto. Aínda que a maioría das veces non se detallaban e se limitaban a facer constar que recibían os bens e alfaías da confraría e se comprometían a dar conta deles.

O anteriormente mencionado Miguel Cubeiro ao finalizar o ano da súa mordomía, e tras render contas, entrega ao mordomo entrante:

“... el santo y sus andas y tornillo y cuatro horquillas y dos mecheros de poner las fachas y una enseña de plata y un bufetillo de poner el santo, un pendón de damasco colorado con su cruz y bara, un estandarte nuevo con su cruz y travesero nuevo que sirve para los entierros y las tres antorchas y los tres paños del altar...”¹⁷.

16. Ibid.

17. Ibid.

No nomeamento de mordomo para o ano 1745:

“En diecinueve de enero de mil setecientos cuarenta y cuatro, después de salir de visperas, el señor don Jacinto Pardo y Maceda, cura y rector propio de esta villa para haber de nombrar mayordomo que sirva la Cofradía del mártir San Sebastián, incluida en la parroquial del Señor Santiago a presencia de la mayor parte de mayordomos, se nombró por mayordomo a Andrés Grande y lo aceptó, con mucha devoción, y por su vicario nombró a Manuel Grande, y le entregaron las alhajas y cera en la manera siguiente: el santo con sus andas, cuatro horquillas, la insignia de plata, dos pendones –uno encarnado con su cruz de palo, y el otro negro con su cruz de los mismo-, una mesa donde se pone el santo, dos facheros, dos mesas de manteles, un frontal de satén. Y en cera le entregaron ciento noventa y cinco libras, de estas se sacaron cincuenta y seis libras para el cájon de los muertos inclusa una libra para las misas de entre año. Y asistieron a dicha entrega Miguel Cubeiro, mayordomo que despidió, Bastián Vázquez, Nicolás do Pico, Luis de Mella, Francisco Caamaño, Cayetano de Brueiro y Martín de Rosales”¹⁸.

As contas da confraría eran coidadosamente controladas e revisadas periodicamente polos visitadores pastorais, ante os que o mordomo do momento debía render contas e cumprir os seus mandatos. Na visita do ano 1743, ademais de obrigar ao mordomo a pagar o alcance da súa mordomía, pídese que se modere o estipendio do gaitero contratado polas festas:

“En la villa de Puente deume a doce días del mes de agosto de mil setecientos cuarenta y tres el Ilmo. Señor Don Lorenzo Taranco y Muzaurieta, del consejo de Su Majestad, Obispo de Albaren, Auxiliar y Visitador general de este Arzobispado de Santiago por el Ilmo., Señor Don Manuel Isidro Orozco Manrique de Lara, Arzobispo y Señor del Inquisidor general de los Reinos de España continuando en su visita general y personal la hizo de este libro y cuentas de la cofradía del glorioso Señor San Sebastián que se exhibe en esta parroquial hallolas tomadas hasta el año pasado de mil setecientos cuarenta y dos en que Juan López, mayordomo, resulto alcanzado en trescientos treinta y ocho reales y nueve maravedies con más quince libras y cuarto de cera. Aprobó su Ilma. En cuanto ha lugar dichas cuentas y condenó al citado mayordomo a la paga de los dos alcances, los que pondrá dentro de un mes en poder del mayordomo sucesor, y a este se los cargará el cura en las cuentas que tomare de su año y por consiguiente otras ciento ochenta y dos libras de cera, cuentas antecedentes de esta especie consta haber percibido de mano de su antecesor. Así lo dijo y mandó como el que se modere en el estipendio del gaitero por ser excesivo...”¹⁹.

18. Ibid.

19. Ibid.

4.2 As contas da confraría

Un dos capítulos máis importantes dentro dunha confraría era o económico. Os ingresos podían proceder, por unha banda, de capelanías, padroados, legados ou mandas testamentarias e por outro de censos, arrendamentos ou das normas establecidas que obrigaban aos confrades a aboar diversas cantidades en determinados momentos, para cubrir os numerosos gastos de mantemento da confraría, como as cotas de ingreso.

Revisando as contas do libro conservado no AHDS, que recolle os nomeamentos de mordomos e as contas comprendidas entre os anos 1716 e 1829 e que é o único do que temos constancia documental -non hai dúbida de que existiu outro libro de contas anterior, pois nalgunha ocasión os sucesores fan alusión a el- pódense establecer as fontes dos ingresos que percibía a confraría nestes anos, así como o emprego que facía dese diñeiro.

O método utilizado para posibilitar a rendición de contas era o de *cargo e data*. As operacións clasífanse en dúas: ingresos ou cargo e gastos ou data. Anotábase, en primeiro lugar, todo o recibido polo mordomo como partida de cargo, xa fose en efectivo ou en especie; en segundo termo, todos os pagos ou entregas en especie como data e, para rematar, determinábase o saldo ou alcance resultante, con que se vía afectado, chegado o caso, o mordomo, de modo que se liquidaba entregándollo ao sucesor. En caso de ser alcanzado debería responder, e incluso os seus herdeiros, ante a confraría.

As contas, que se tomaban ante a asistencia do cura reitor da igrexa parroquial tiñan dúas vertentes: as do diñeiro e as que detallaban as libras de cera, tanto branca como amarela, que se queimaba e a que se ingresaba na arca da cera. A modo de exemplo, as contas que se tomaron a Antonio de Punín, mordomo que se despediu en vinte de xaneiro de 1750:

“En la villa de Puente deume, a veintitrés de enero de mil setecientos cincuenta, el señor Don Jacinto Pardo y Mazedo, cura y rector propio de dicha villa, por tomar las cuentas a Antonio de Punín, mayordomo que despidió el año de cincuenta, nombró por contadores a Miguel Cubeiro, Nicolás do Pico, José Grande y Domingo de Vilela, mayordomo que lo sucedió, y lo hicieron con cargo y data de la manera siguiente:

Cargo de dinero

Primeramente se le hace cargo a este mayordomo de cincuenta y seis reales y tres maravedies que debió cobrar de su antecesor, Francisco de Allegue

Más cien reales que debió cobrar de su vicario

Más se le hace cargo de ciento setenta y tres reales de otros tantos cofrades que tiene dicha cofradía

Más cuarenta y dos reales que paga la viuda de Benito Feijoo por la casa en que vive sita en la plaza mayor

Con más nueve reales que paga Nicolás Filgueiras por un pelambre

Más trece reales y seis maravedies que paga Juan de Brueiro por un censo
Más cuarenta reales por el petitorio de las calles
Con más un real que paga Clemente Pérez por la tahona
Más ocho reales que paga Juan Martínez por un pelambre
Con más seis reales que paga Manuel Grande por otro pelambre
Más veinte reales de quince caídas
Más de la salida del estandarte cuatro reales
*Más cinco reales y medio que paga Francisco de Caamaño por un pelam
bre*
*Con más ocho reales y ocho maravedies que paga Roque Yañez por la casa en que
vive, sita en el atrio de esta parroquia.*
Más once reales que paga Antonia Varela por un pelambre
Más dieciseis reales y medio que pagan Bastián Vázquez y José Grande
*Más nueve reales que paga Domingo de Punín, réditos de trescientos reales por la
casa en que vive arrimada en la puerta de la villa*

Data de dinero

*Primeramente se recibe en data a este mayordomo veinte reales que se pagan al
señor rector por las misas de entre año*
*Más ochenta y cuatro reales de los señores sacerdotes que asistieron a la función
y acto de ánimas*
Más cien reales que se pagan al capellán que dice las misas
Al predicador y compañero treinta y cinco reales
Más cincuenta y cuatro reales de seis libras de cera blanca para el sacramento
Con más nueve reales al cerero por labrar la cera
Más al altarero catorce reales
Al músico cincuenta y cinco reales
Más de las antorchas y danzantes veintidós reales
Al sacristán menor tres reales
De incienso y cardenil tres reales y seis maravedies
Más cuatro reales por tomar estas cuentas el señor rector
A la fábrica diez y ocho reales.

Cargo	522	
Dacta	421	
Alcance	101	A favor de la cofradía

Cargo de cera

*Primeramente se le hace cargo a este mayordomo de ciento cincuenta y cinco
libras y cuarto, de cera que le entregó Francisco de Allegue, su antecesor*
Más libra y media en que fue alcanzado su antecesor
*Más tres libras de cera que paga Pablo Ramos por la casa en que vive en el
Empedrado*

Más nueve libras de cera que tuve de aumento en mi año

Data de cera

Primeramente se le recibe en data a este mayordomo de ciento cincuenta y seis libras de cera que le entregó a Domingo de Vilela, su sucesor

Más tres libras de cera que se gastó en el entierro de la mujer de Manuel do Buyo

Más de una novena que se hizo a San Antonio, libra y media

Más una libra de cera que di para las misas de entre año

Más cuatro libras de vispera, día y acto del santo

Más dos libras y media de cera del día del Corpus y su Octava

Cargo de cera.....168 3/4

Data168

Alcance3/4 A favor de la cofradía”²⁰

A través dos parcos apuntes das contas, que ano tras ano se tomaban ao mordomo, tiramos algúns datos. Dentro das partidas de ingresos ao longo destes anos destacan:

*Rendas sobre bens urbanos (censos e alugueiros) do patrimonio inmobiliario, varias casas, que a confraría tiña na vila. As contas non entran en detalles sobre o tipo de censo de que se trata.

*Venda de gando. Aínda que o gando só aparece mencionado nos primeiros anos, sabemos que as contas do caudal do gando, coiros e outras rendas levaban nun libro aparte, mencionado como *o terceiro libro*.

*Da boeta da igrexa e a esmola das rúas.

*Cotas dos confrades, tanto os do gremio como os que non o eran. Aínda que a confraría estaba formada por profesionais do oficio de zapateiro atopamos confrades con actividades alleas ao gremio. Aqueles que quixeren entrar e *sentar* por confrades pagaban polo seu ingreso media libra de cera amarela e unha cota, ou caridade, cada ano, dun real. En ocasións non se pagaba o ingreso á confraría. Os mordomos, por exemplo, podían asentar na irmandade a un fillo ou filla sen que tivese que achegar a cantidade de cera para facelo, outros casos, como o de Francisco Lorenzo, carpinteiro que, en 1731, entra como confrade:

“sin cera de entrada con la condición y calidad de asistir y componer el altar para poner manifiesto a su divina majestad el día del santo, y no ha de pagar caridad ninguna cada un año y se obliga con su persona y bienes habidos y por haber de asistir a componer dicho altar mientras viviere...”²¹

20. Ibid

21. Ibid.

Do mesmo xeito en 1739 o presbítero Nicolás do Río, comisario do Santo Oficio, ingresa como confrade co compromiso de “decir misa anual por los cofrades difuntos” e en 1768 “se entró cofrade de esta santa cofradía Bartolomé Gutiérrez, músico de esta dicha cofradía, sin cera”²².

*A cota do vigairo.

*Os pagos que os mestres facían por ensinar o oficio de zapateiro. Estes debían pagar á confraría unha cantidade de cera. A partir de 1731 dispónse que a cantidade de cera pase de tres a seis libras:

*“En la villa de Puente deume, a cinco días del mes de agosto del año de mil setecientos treinta y uno pareció presente Nicolás Dopico, Mayordomo actual de esta Santa Cofradía, a quien sirven el gremio de zapateros, y éste acompañado de su vicario Francisco Dallegue, su vicario, nombrado por dicho mayordomo para que avise y junte los mayordomos, viarios y cofrades para que se junten en casa suficiente o iglesia para hacer cabildo pleno como lo tienen de costumbre. Y se juntaron los presentes para hacer las cosas que convengan al servicio de Dios y de esta cofradía y los que estuvieron presentes en dicho cabildo fueron los siguientes: Antonio Grande, Andrés da pena y meiras, Sebastián Vázquez, Clemente Pérez, Juan López, Félix Suárez, Miguel Cubeiro, José Grande, Franco de Punín, Rosendo Varela, Juan Martínez, Andrés da Pena, Antonio do Feal, Diego Monteiro, Cayetano López, digo Punín, Andrés Fernández y Juan Antonio de Punín todos cofrades y algunos vicarios y mayordomos de esta Cofradía. Todos juntos en dicho Cabildo que hacen por si y por todos los ausentes mayordomos y cofrades y por todos los que sucedieren, es, a saber, lo que se ordena y dan en ordenanza, para todo tiempo de siempre jamás, en que se observe y ha de observarse lo que aquí se refiere y es lo que ponen en este libro de ordenanza, el que ningún maestro de obra prima no admita ningún oficial para aprender el dicho oficio de zapatero sin que pague a dicha cofradía o al mayordomo que fuere de esta dicha cofradía seis libras de cera blanca labrada para aumento de dicha cofradía y se cobre del maestro que lo enseñare y cargarle al dicho mayordomo y con esta cláusula lo hacen para aumento de dicha cofradía y que por cuanto antes de ahora estaba en ordenanza y constitución no pagaren más que tres libras de cera por cada aprendiz y la cofradía en aquel tiempo no tener tantos sufragios y ahora tenerlos, por poner el día del santo su divina magestad manifiesto y otras obsequias en honra y alabanza de su divina magestad y de esta cofradía lo hacen para que vaya en aumento y para que observe y cobre de tal maestro y oficial que lo enseñare...”*²³.

*Outra fonte de ingresos eran as saídas aos enterros, co guión, ou pendón, negro co que acompañaban o corpo do confrade defunto desde a súa casa até a igrexa.

22. Ibid.

23. Ibid.

*Polo cobro das multas impostas aos incumpridores da normativa. Por unha banda as que se impuñan aos propios confrades pola falta de asistencia ás actos do cabildo: Victorio de Punín é multado en 1771 “por faltar como cofrade de gremio a las vísperas de la función principal”²⁴.

*E por outro as impostas aos mestres zapateiros que exercían sen ser confrades. Nas contas de 1769 tómake nota de trinta e tres reais de vellón que se cobraron de “los maestros que trabajan del oficio de este gremio de fuera de esta villa y no son cofrades, según disposición de dicho gremio” e en 1773 o mordomo anota nas súas contas “cincuenta reales de vellón que también percibió de un maestro de zapatos que puso tienda pública en ella”²⁵.


*Censos de pelamios. A confraría era propietaria dalgúns dos pelamio da vila que oferta-ban en poxa. En 1736 os membros da confraría reunidos en cabido:

*“...trataron de poner en postura un pelambre que tiene esta cofradía en la pelambrera de esa villa que fue de Manuel de Marcos, ahora difunto, y por dejación que de él hicieron su herederos, se ha puesto es postura, y a él puso postura Mateo Martínez, zapatero, cofrade y vicario que es y fuere de esta cofradía, y a pujas que se hizo se le remató dicho pelambre en cinco reales cada un año de pensión para la dicha cofradía... y después se pujó en medio real más por Francisco Caamaño, y dicho Caamaño se obligó pagar dichos cinco reales y medio...”*²⁶.

Anos despois, nas contas de 1754, atopamos outra poxa sobre un pelamio:

“Y por cuanto Manuel Grande solía llevar un pelambre del Santo y solía pagar seis reales por dicho pelambre anualmente y pareciéndole caro hizo dejación de dicho pelambre a dicho santo y los mismos mayordomos y cofrades en este cabildo lo pusieron a pujas y se remató en el mayor postor que fue posteriormente Juan Pérez, marido de María Antonia Varela cofrades que son de dicha

Tafona. Muíño de tracción animal



24. Ibid.

25. Ibid.

26. Ibid.

*cofradía en la cantidad de nueve reales menos ocho maravedís los que se obligan a pagar cada un año...*²⁷.

*Renda da Atahona “en la puerta de la villa”. Aínda que non nos achega noticias da súa finalidade, lévanos a supor que se trataba dun muíño de tracción animal²⁸, para moer a cortiza de carballo utilizada como curtinte²⁹. A existencia de píos na rúa da Tafona reforza esta idea.

Nas partidas de gastos atopámonos cos que xeraba:

*O reitor da parroquia por vésperas, día do santo, acto de defuntos, misas que se din ao ano polos confrades, vivos e mortos, e por tomar as contas anuais da confraría.

*Os sacerdotes que asistían, ademais do cura párroco, ás vésperas, día do santo e acto de ánimas. Así como os gastos das dalmáticas (vestiduras litúrxicas).

*O pai predicador polo sermón do día do santo.

*O sancristán maior polo viño e obleas das misas que se din ao ano polos confrades.

*O sancristán menor por tocar as campás, asistencia nas misas da confraría e polo manto negro para o acto de defuntos.

*A compra de cera branca e o pago ao cereiro por labrar a cera que se gasta nas distintas funcións.

*Os danzantes e facheiros que participaban na procesión do Corpus e a súa Oitava.

*O gaiteiro que participaba nas celebracións da irmandade.

*Os gastos de cera dos enterros de párvulos e bautismos dos fillos dos confrades.

*As visitas ao gando e a compra de reses.

*As honras e a cera gastada nas velacións dos defuntos confrades.

As anotacións do final do libro son cada vez menos precisas. Os últimos anos deixan ver o progresivo abandono da confraría.

27. Ibid.

28. “ATAHONA” ou “TAHONA” :“Es un molino en seco, de que usan dentro de las fortalezas; y en los lugares donde no tienen molinos de agua, a veces mueven la rueda hombres, a veces bestias”. S. DE COVARRUBIAS OROZCO, *El tesoro de la lengua Castellana o Española*, Madrid, 1611.

Galego: Tafona ou atafona.

Noutas vilas atópase este nome en rúas vencelladas a barrios de zapateiros e curtidores.

29. Véxase tamén: AHPNG. Notario: Juan Raposo.1644. Pontedeume.

4.3 As procesións: A relixión exercida de xeito colectivo e público

Era nas procesións, cerimoniais relixioso-festivas, onde as confrarías se expresaban e se reafirmaban como identidade colectiva. Nelas combinábase a devoción coa convivencia social e a festa.

Celebraban a véspera e o día do santo patrón. O día de San Sebastián, 20 de xaneiro, oficiábase Misa solemne, con sermón, no que o predicador exaltaría a vida e virtudes do santo patrón, música e procesión.

Tiñan especial relevancia, ademais da do día do patrón e a súa véspera, as de Semana Santa e especialmente o Corpus Christi e a súa Oitava.

A festa do Corpus Christi ten a súa orixe no século XIII para conmemorar o sacramento da eucaristía. O Concilio de Trento marcaba que esta festividade debía celebrarse con grandes procesións, representacións de autos sacramentais e danzas adicadas ao corpo de Cristo, o que a converteron nunha das máis vistosas. Nas procesións participaban o cortexo de autoridades, ordes relixiosas e gremios cos seus pendóns, imaxes, música e danzas.

No desfile procesional cada confraría, portando os seus acenos identificativos (guións, estandartes e insignias), tería o seu lugar, dentro dun protocolo.

O gremio de zapateiros organizaba para estes festexos do Corpus e a súa Oitava unha danza ante o Santísimo Sacramento no interior da igrexa, antes de saír en procesión, e despois, durante o percorrido polas rúas do pobo. Aparece mencionada nas contas co nome da *Danza da Ramallada*, na que participaban danzantes e facheiros, ao son dunha gaita, aos que pagaba a confraría.

O número de danzantes menciónase en contadas ocasións, oscilaban entre vinte e doce membros. Os que non varían no número son os tres fachos que acompañaban ao grupo.

En 1765 realízase un acordo, a única referencia a esta danza de *costume inmemorial* que describe a indumentaria e o uso de arcos na súa execución. Este ano a confraría vese na obriga de acordar o cumprimento na súa participación e o decoro na vestimenta dos participantes:

“En la villa de Puente deume, a nueve días del mes de junio de mil setecientos sesenta y cinco estando juntos los cofrades del Glorioso Mártir San Sebastián, a saber: Vitorio de Punín, mayordomo actual de la cofradía de dicho santo, José Pardo, su vicario también actual, Tadeo de la Peña y Roberes, Andrés da Pena, Francisco Caamaño, Blas de Punín, Manuel Grande, Salvador Roberes, mayordomos de la misma cofradía, Domingo Antonio Pardo de Punín, José Meiras, Juan Antonio da Pena, Nicolás Punín, Antonio do Soto, Santiago da Pena, José Caamaño, Francisco Vizoso y Luis Varela, unos y otros mayordomos y cofrades con sus vicarios de la expresada cofradía que confesaron unos y otros con Andrés

de Punin del propio gremio serén la mayor parte de dichos cofrades y mayordomos que hacen por sí en nombre de los mas ausentes que al presente son y a lo adelante fueren por quienes se obligan y presta la suficiente caución en forma de que estarán y pasarán por lo que aquí irá declarado, y dijeron que por cuanto dicho gremio se halla constituido en la costumbre inmemorial de sacar su danza de arcos todos los años el día de Corpus y su Octava, según que son nombrados por el mayordomo y guiados juntamente con el vicario que son anualmente y los así nombrados están obligados a ir a dicha danza siendo capaces, excepto los cuatro que nombrare el dicho mayordomo para llevar el santo, que no deben ser de los impedidos y viejos, y se experimenta que los nombrados para dicha danza salen en ella con la mayor indecencia, falta de limpieza, ni veneración que se debe en semejantes días que sale su Divina Majestad por las calles faltando algunos a la asistencia de ella y otros a las obligaciones integrales de dichos días, por tanto acordaron unánimes y conformes por sí y por los mas cofrades que son y fueren a lo sucesivo de formar dicha danza con los cofrades que fueren nombrados y usaren el arte de dicho gremio todos uniformes vestidos con sombrero de gorrilla con su serini y lazo en ella, chupas blancas, camisola, calzones decentes, media negra o de color y zapatillas, y el guiador con chupa encarnada y sombrero blanco, a cuyo fin todos los maestros del gremio que tuvieren hijos y oficiales que ejerzan el oficio queden obligados a apuntarlos para dicha danza en la misma forma sin perjuicio de que dichos maestros hayan de ir según fueren nombrados por dicho mayordomo y que todos los años los citados danzadores hayan de tener todos los arcos pintados de nuevo para cuyo fin y teniendo presente todos dichos cofrades que los citados danzadores han de tenerles precisos gastos y para presentarse vestidos en la forma dicha y que el gremio de lo mas por este mismo respeto tiene señalado su contingente a los marineros que forman danza. Acordaron así mismo que de los cien reales que paga el vicario a la cofradía, los cincuenta se destinen para dar a dichos danzadores, así por el respeto del gasto como por refresco esfuerzo de la fatiga que padecen en andar todo el día en la citada danza los que hay de afrontar el vicario y entregar al guiador después de la procesión de la octava y recogido el santo patrono en casa de la camarera cuya paga tendrá principio para el año que vienen de sesenta y seis y para que mejor se cumpla lo que aquí va acordado ordenaron y mandaron que al que faltare a la asistencia de dicha danza o a cualquiera parte de ella en la forma que va expresada, pague a la cofradía una libra de cera en que desde ahora para siempre jamás al que faltare en todo o en parte siendo de la obligación del mayordomo el cobrarla y a los oficiales se les multa en media libra que el maestro deberá dar cuenta de ella para lo que se cargarán al mayordomo en las cuentas. Así lo otorgaron, acordaron y firmaron dicho día, mes y año de arriba (firmas)³⁰.

30. AHDS. Fondo Parroquial de Santiago de Pontedeume. Confrarías e institucións parroquiais. San Sebastián 1716-1829. CIP 14.



Danza de Arcos nos anos trinta

Na *Danza da Ramallada* ou *Danza de Arcos*, posibelmente, na súa orixe utilizábanse ramas adornadas con flores, substituídas posteriormente por arcos pintados.

A vestimenta que usaban os danzantes era similar á que se utilizaba, e actualmente aínda é utilizada, por grupos folclóricos, noutras danzas de orixe gremial, en toda Europa, tanto en danzas de arcos como espadas, paus ou cintas; o máis característico é o chapeu de palla adornado de cintas de cores e, nalgún caso, con flores e plumas ou mesmo forrado de tecido³¹. O traxe, neste caso: unha chupa, calzón curto e medias de cor; era habitual que a vestimenta do guía da danza diferise na súa cor ou forma do resto do grupo; o calzado: unhas zapatillas de tea ou abarcas de coiro. O motivo polo que esta Danza de Arcos terminou sendo executada polos mariñeiros, pódese atopar no feito de que cando o número de zapateiros non era suficientemente numeroso para realizar a danza, pagábase a un grupo do gremio dos mareantes para que participasen nela. Posteriormente, coa desaparición do gremio de zapateiros, os mariñeiros fixérona totalmente súa. É curioso este feito, tendo en conta que, os mesmos, perderon a que lles era propia nesta vila, a Danza de Espadas.

A partir do ano 1771, non aparecen mencións á danza nin a pagos aos danzantes, aínda que se segue a manter a figura do gaiteiro nos distintos actos que organizan.

O gaiteiro tocaba, ademais de nas cerimoniais do Corpus, no día do santo e a súa véspera. Nas contas do 1753 tamén se lle pagan catro reais: “al gaitero del Soto de la Villa por tocar a la danza que se hizo en la novena de nuestra Señora del Rosario y San Antonio de Padua”.

31. Información achegada por Francisco Rodríguez, investigador e fundador do Grupo Etnográfico das Mariñas de Ferrol.

Ante a aparición de epidemias ou en tempos de escaseza era frecuente a organización de rogativas para invocar a intercesión divina. Así ocorreu en 1766 en que a confraría empregou “dos libras de cera que se gastaron en una novena de Nuestra Señora y San Antonio y tres procesiones de rogaciones por la villa” este mesmo ano tamén aparece anotada “media libra de cera que se consumió en una procesión con nuestra Señora de Centroña desde el río de Porto, por la villa y en la iglesia”³². Un ano despois consta o gasto de libra e cuarto de cera que se “gastó en una rogación que se hizo con el santo y san Roque” y al año siguiente “tres libras y media de cera que se gastaron en dos novenas de rogativa que hubo en el año de esta cuenta, la una a Nuestra Señora de los Dolores y San Antonio de Padua, en la parroquia, y la otra a Nuestra Señora de las Virtudes, San Nicolás y San Isidro en el convento de San Agustín”³³. En 1772, ano en que morre o arcebispo Bartolomeu Rajoy e Losada a confraría ten un cargo de cera dunha libra “de una rogación y un acto fúnebre por el alma del Ilmo. Señor Arzobispo de Santiago”³⁴.

Temos noticia dalgúns ornatos da confraría. En 1657, o 15 de outubro, a Confraría do Señor San Sebastián, representada polo mordomo Miguel de Castela e os confrades Antonio da Rocha, Domingo Grande, Juan López, Domingo Vidal, Simón Martínez, Antonio Espiga e Juan Tenreiro, todos eles zapateiros e veciños da vila, contratan con Isidoro García de Cancio:

*“...la elaboración de un pendón de damasco de seda de dos colores para dicha cofradía que se diferencie de las demás cofradías que hay en esta villa, lo cual ha de ser de la hechura que se acostumbra según al uso de esta tierra y cumplido según y de la manera que los tiene la Cofradía de del Señor San Antonio. Y por razón de la tela, borlas y flecos y cordones y más que para él sea necesario han de dar y pagar al dicho Isidro García mil y cuarenta reales de dinero y moneda de vellón usual y corriente al tiempo de las pagas pagados en esta manera: los quinientos reales dentro de tres semanas que corren desde hoy día de la fecha de esta, y los quinientos y cuarenta reales restantes a cumplimiento de los dichos mil y cuarenta se los han de pagar luego como se acabare y feneciére la fábrica del dicho pendón todo ello puesto en su casa, manos y poder de quien el suyo hubiere sin descuento alguno...”*³⁵.

Isidro García comprométese a telo acabado para a seguinte celebración do día do santo protector da confraría e non podendo acabalo para esa data faríao para o día da Pascua de Resurrección.

O libro de contas tamén menciona algúns ornatos ao longo do século XVIII. En 1720, páganse 5 reais a un xastre por compor o pendón e 8 reais a Domingo Fustes, entallador, por facer

32. AHDS. Fondo Parroquial de Santiago de Pontedeume. Confrarías e institucións parroquiais. San Sebastián 1716-1829. CIP 14.

33. Ibid

34. Ibid

35. AHPNG. Notario: Luís Rodríguez Armesto. 1657. Pontedeume.

a cruz de devandito pendón e lábraa de “la hasta que se hizo de nuevo para el pendón que con dos reales que costó, hacen siete reales”³⁶ e a Jacinto de Soto, pintor, por “platear la referida cruz del pendón” pagáronlle 19 reais.

En abril de 1725 a confraría encarga unha insignia do Santo:

*“... siendo Mayordomo de esta cofradía Sebastián Vázquez llamó a Manuel do Buyo, Clemente Pérez y Félix Suárez, mayordomos que fueron de esta cofradía para hacer una insignia de plata con la efigie del mártir San Sebastián la cual hizo Miguel Suárez de Sabiñan, platero, vecino de esta villa, que pesó cuatro onzas y media. Cada onza pesó cuatro reales de vellón y su hechura veintidós reales...”*³⁷.

Algúns apuntes das contas dannos noticias das imaxes da confraría. En 1721 páganselle a Pedro Carlos, prateiro, cinco reais por “poner ojos de cristal al Santo Mártir” e a Jacinto do Soto, pintor, páganselle sesenta e sete reais e medio “por pintar y estofar el santo”, así como 85 reais por “pintar y dorar las andas y la diadema del mismo”. En 1743 anótanse “veintidós reales que costó pintar el santo pequeño” e “cuatro reales de la diadema del santo pequeño” Uns anos despois, en 1747, “cuatro reales y medio de componer tres dedos al santo” e “cinco reales de la pintura de los dedos”. O mordomo que foi de 1750 dá conta de “doce reales que costó el pintar el santo que traen por las calles”, de “diez reales por retocar el rostro del santo grande” e de “veintiséis reales y medio que costó la diadema del santo pequeño”³⁸.

A imaxe de San Sebastián que hoxe se conserva no ático do retablo da Purísima da igrexa parroquial de Pontedeume é, seguramente, o que en 1760 se coloca no altar da nosa Señora do Rosario: “Idem dieciocho reales que pagó a Francisco de Mella por la mitad de la cera que se consumió cuando se colocó el santo en el altar de nuestra Señora del Rosario, donde se halla”. Dez anos despois, en 1770, faise constar que se pagaron “diecisiete reales de vellón



Imaxe de San Sebastián pertencente á igrexa parroquial de Pontedeume

36. AHDS. Fondo Parroquial de Santiago de Pontedeume. Confrarías e institucións parroquiais. San Sebastián 1716-1829. CIP 14.

37. Ibid.

38. Ibid.

que tuvo el coste de la peana para poner el santo en Nuestra Señora del Rosario” e “25 reales de vellón por dorar y pintar dicha peana”. En 1779 a confraría encarga unha nova imaxe do santo: “idem son data cien reales que pagó a Alexos de Erva, maestro tallista en esta villa, por haber hecho la imagen del santo”, “idem setenta reales que pagó a un pintor por pintar la imagen de dicho santo”³⁹.

En 1764 o cabido fai unha declaración sobre as contas de Nicolás do Pico que fora mordomo anos atrás, en 1756, cando comezan as obras de reedificación da igrexa parroquial, e fan constar que:

*“...por no haber recaudado con toda prontitud las piezas del retablo de dicha cofradía, que se hallaba en la capilla que se ha deshecho, por cuya omisión se han deteriorado y perdido muchas piezas de él se le cargan por ellas veintisiete reales...”*⁴⁰.

Ao longo do século XVIII as contas reflicten reiterados arranxos na capela de San Sebastián. O último antes da reedificación da igrexa parroquial foi o que levaron ao cabo dous carpinteiros en 1754 que “compusieron y retexaron la capilla del santo”. O Santísimo, que fora trasladado á capela de san Roque ao comezo das obras, volve á parroquial en 1758 cando a confraría anota “libra y cuarta de cera que se gastó el día san Mathías con la traslación de su Divina Majestad desde la ermita de San Roque a dicha iglesia”. O ano en que se consagra a igrexa parroquial, 1761, lemos “mas tres cuartas de cera de pábulos y facheros que se pusieron para la consagración de la iglesia y cuando vino su Ilma”⁴¹.

Ademais destas liturxias, festas, misas e procesións coloridas, onde o profano se une ao sacro, as confrarías, protagonistas da relixiosidade popular, terían outro labor máis piadoso proporcionando aos seus confrades uns beneficios espirituais nun universo totalmente sacralizado, onde a preocupación pola salvación eterna, a ansia do consolo espiritual e a necesidade de graza e misericordia para a salvación da alma quedan reflectidas nas doazóns, esmolos e misas votivas dos testamentos. A asistencia funeraria, o enterramento dos confrades e os seus familiares, as misas, sufraxios e oracións, como reflicten as contas, constituían outro fin da confraría.

5. AS FAMILIAS DO OFICIO

Unhas cantas familias firmemente asentadas na vila compoñen o núcleo do traballo do coiro. O estudo destas ponnos sobre a pista de distintos aspectos das súas estratexias familiares, deixando entrever a acusada endogamia dun colectivo que, a través da súa estrutura pechada, protexía os intereses xerais do grupo e preservaba un patrimonio nun contorno económico cheo de incertezas.

39. Ibid.

40. Ibid.

41. Ibid.

5.1 Os Roberes: As súas orixes e relacións familiares dentro do gremio

As razóns que nos induciron a elixir a esta familia como obxecto da nosa investigación foron dúas: primeira, a importancia que tiveron como curtidores na segunda metade do século XVIII e primeiros anos do XIX; e segundo, o establecemento de lazos de parentesco cos restantes membros do seu gremio.

O personaxe central desta familia foi Thadeo Roberes, figura clave que quedou inscrita na historia de Pontedeume como a do fundador da fábrica de curtidos, de suposta orixe italiana ou catalá. Pero, en realidade, Thadeo non fundou a fábrica e non veu a Pontedeume dende un lugar afastado, era natural de San Andrés de Cabanas e veciño de Pontedeume. Considerando que o seu apelido non era nada habitual, foi preciso examinar diversa documentación nos Libros Sacramentais de Pontedeume e Cabanas e Expedientes de Sagradas Ordes, gardados no AHDS, para desentrañar a orixe do mesmo.

Habrá que remontarse a 1663 ou 1664, período no que chegan a Pontedeume varios rexementos de coirazas francesas, flamengas e españolas⁴². Estas tropas acantonáronse durante máis dun ano na vila e noutros pobos da comarca, hospedándose os soldados en casas da veciñanza. Alistado entre as tropas atopábase Thomas Ignacio de Roberes, un soldado de orixe flamenga. Thomas Ignacio, nese tempo, abandona os Terzos e casa en 1665 cunha viúva veciña de Pontedeume, chamada Ana da Pena. Cambia a espada e o arcabuz pola subela e o coiro. A súa partida de matrimonio di así:



Curtidor. Gravado holandés

42. AMP. Expedientes de aloxamentos, bagaxes, requisas e transportes militares 1653-1843. Sig.222. AHPN de Galicia, Testamento de Matheo de Olibares furriel e soldado da compañía de coirazas do Capitán D. Francisco Marcos de Belasco". Notario: Luís Rodríguez de Armesto. Prot. nº 120.1664.Pontedeume. Véxase tamén: J.MARTÍNEZ CRESPO, A guerra na Galicia do Antigo Réxime (ss. XVI-XIX). Textos y contextos, Ed. Toxosoutos, Noia, 2007. O autor fai referencia a catro mil soldados flamengos embarcados no ano 1662 en Ostende, rumbo ao porto de Vigo e destinados á campaña que dirixía o arcebispo de Santiago, por mor da guerra entre España e Portugal.

“Thomas Ignacio

En veinte de Noviembre del sesenta y cinco casé a Thomas Ignacio flamenco de nación con María da Pena viuda hija de Juan da Pena y Ana da Pena vecina de esta villa habiendo precedido licencia del Real Provisor por ser extranjero y no habiendo impedimento siendo testigos Juan da Veiga Francisco Vázquez y Juan da Veiga el mozo vecinos de esta villa y para que conste lo rubrico”⁴³.

Descoñecemos a súa cidade de orixe, se este era o seu apelido real ou foi castelanizado, se aprendeu o oficio de zapateiro e curtidor na súa terra natal ou se o fixo ao se instalar na vila, pero non cabe dúbida que foi o fundador desta dinastía familiar.

Este matrimonio terá varios fillos, no ano 1670 nácelles o segundo deles, o neno chamárase Nicolás Ignacio e será o avó de Thadeo

“...Baptice a un hijo de Thomas de Roberes Flamenco y de María da Pena...” á marxe esquerda “Nicolás de Thomas Ignacio Roberes”⁴⁴, coñecerémolo como Nicolás Ignacio da Pena (ou de la Peña) e Roberes, de oficio curtidor e zapateiro como o seu pai.

É posíbel que a orixe estranxeira de Thomas Ignacio fose o motivo polo que os seus fillos, netos e bisnetos antepuxesen como primeiro apelido o da esposa deste, afirmando así a súa relación coa comunidade.





Thomas trasladouse coa súa familia, en primeiro lugar á parroquia de Nogueirosa, na cal viviu un curto período de tempo, mudándose, aproximadamente en 1675, a Cabanas, onde falecería o 8 de outubro de 1716. Segundo consta na súa partida de defunción, non fixo testamento por ser pobre. O 23 de maio de 1717 morrería a súa esposa María da Pena.

A segunda xeración familiar encárnaa o devandito Nicolás Ignacio da Pena e Roberes, casado en 1691 con outra veciña de Pontedeume, Francisca do Souto; ela, do mesmo xeito que a súa sogra, tiñan apelidos ligados á confraría. A este matrimonio coñecemoslle catro fillos: Thomas Ignacio e Domingo Nicolás da Pena e Roberes, María e Francica Ignacia do Souto. Os dous fillos serán zapateiros, ou mellor dito zapateiros de obra prima, con algún pelamio para uso propio: o 30 de Outubro de 1716, Thomas Ignacio de Roberes, María da Pena, o seu fillo Nicolás Ignacio e a nora Francisca do Souto, realizan unha mellora a María, neta e filla dos anteriores: dóanlle a súa

43. AHDS. Fondo parroquial de Santiago de Pontedeume, serie Libros Sacramentais, nº 16.

44. Ibid. nº2, fol.61 vto.

casa de Cabanas co curral correspondente “menos el pelambre que esta pegado a ella y devajo de su ventana que este queda a dho Nicolas Ignacio”⁴⁵. Nicolás Ignacio morre en 1719, pouco despois que os seus pais, e Francisca do Souto falece en 1732, na mesma parroquia de Cabanas onde viviran.

Domingo Nicolás, segundo fillo de Nicolás e Francisca, casará con Andrea Alfeirán, natural de San Xulián de Carantoña; serán os pais de

Thadeo da Pena e Roberes. Punto e á parte merece a historia da familia de Andrea, familia de renome, vinda a menos, cuxo capital constituíu unha importante axuda para que o devandito matrimonio despuntase economicamente, e será este patrimonio un dos alicerces que permitirán a fundación da futura fábrica de curtumes de Pontedeume.

Os pais de Andrea Alfeirán foron Bartolomeu Pérez e Antonia Alfeirán, e esta foi neta ou bisneta de María López Alfeirán⁴⁶ -a falta doutra documentación, é difícil de pescudar este punto, dado o mal estado dos libros parroquiais de Carantoña-, e esta última filla, á súa vez, de María Freire de Andrade ou Pérez de Andrade e do licenciado Rodrigo Alonso Alfeirán, natural de Ortigueira, e de familia sobradamente coñecida no Norte de Galicia⁴⁷; e neta por liña materna dos señores do coto de Regoela: Alonso de Parga e Leonor Freire de Andrade⁴⁸.

A vida de María López Alfeirán é verdadeiramente desafortunada. Pouco antes do falecemento do seu pai, é raptada e violada polo rexedor de Betanzos Rodrigo de Becerra. Falecido Rodrigo Alonso Alfeirán, a María noméanlle un curador ou titor, este posto recaerá sobre o seu curmán Juan Pita da Veiga e Andrade que será o que exerza de procurador na súa causa contra o rexedor.

“y el dicho Ldº Alfeiran difunto y el dicho Juº Pita da beiga se avian querellado del dicho regidor becerra a la Real Audª de este Reino por le aver sacado a dicha Mª Alfeiran desu casa y averla desflorado y otras cosas”⁴⁹.


45. AHPNG. Notario: Antonio Palacios. Prot. nº 688. 1716. Pontedeume

46. Chamada tamén María López de Parga ou María Alfeirán de Parga.

47. C. BREIXO RODRÍGUEZ e R. USERO GONZÁLEZ, “Un exemplo da mobilidade familiar nos séculos XV e XVI. Seixas, Lago, Timiraos, Montoxos, Piñeiros e Alfeirás... Á sombra do poder da casa de Andrade”, en *Cátedra* 12 (2005) 185-210.

48. D. GONZÁLEZ LÓPEZ, “Alguns datos do Couto de Regoela”, en *Cátedra* 14 (2007) 221-250.

49. AHPNG. Notario Juan Pérez Álvarez. Prot. nº 14. 1592. Betanzos.




Pasado un tempo, e casada con Pedro Fernández de Luaces, un personaxe miserábel que a maltrata para que ceda na venda dos seus bens dotais, que ascendían a uns mil ducados, entre bens mobles e inmoables, ademais da indemnización duns trescentos ducados recibida como desagravio pola súa violación:

*"mi parte las otorgó y juró a sido por fuerza y temor que el dho su marido le izo golpes y porradas que dio a my parte y fierros y amenazas...deziendo que jurava a Dios que abia de matar a la dha mi parte si la dha mi parte no otorgaba la dha benta"*⁵⁰.

50. ARG. Real Audiencia 14912/ 77 María Alfeirán de Parga muller de Pedro Fernández de Luaces cos acredores aos seus bens dotais.

O seu marido, en apenas dous anos, consegue arrastrala cara á ruína, quedando pobre de solemnidade. Finalmente abandónaa e foxe a Flandres. Un amplo e longo documento no ARG refire todos os desgustos que padeceu, os malos tratos e preitos sucesivos ocasionados polos intentos de recuperación dos seus bens persoais, que se compuñan, entre outros valores, dos lugares de: Escorial, Dorna e Pedridas, sitios na parroquia de San Xulián de Carantoña. Co tempo conseguirá recuperar parte da súa fortuna e será unha gran porción deste capital o que chegue a mans de Domingo Nicolás Roberes a través da súa esposa Andrea.



Asinantes na resolución do preito contra Rodrigo de Becerra, entre outros: María López Alfeirán, María Pérez de Andrade, Juan Pita da Veiga e Andrade, Fernán Pérez de Andrade (posibelmente un membro da Casa de Lanzós) e Suero Gómez de Becerra

Grazas á documentación atopada no AHPNG, coñecemos a evolución da fortuna de Domingo Nicolás, que comeza a súa vida sendo un zapateiro-curtidor pobre, pero na época do Catastro de Ensenada dispuña xa dun importante capital: tiña tres casas entre Cabanas, Carantoña e Pontedeume e un bo número de terras de labradío e xornais de viña en distintas parroquias.


Domingo e Andrea casaron ao redor de 1717 e tiveron sete fillos: Salvador (1719) e Thadeo da Pena e Roberes (1726-1775), Juana (1722), Dorotea (1723), Andrea (1729), Úrsula (1732) e Josefa Alfeirán (1735).

Domingo Nicolás exerce o seu oficio en Cabanas e farao tamén nos florecentes estaleiros de Ferrol, que nese momento atraían obreiros de todos os pobos limítrofes. Durante a súa estancia estará acompañado polo seu fillo Thadeo, como consta no seguinte documento notarial do 10 de xuño de 1746, no que Domingo autoriza o seu fillo Thadeo a cobrar na súa ausencia unhas débedas e a proseguir co trato de coiros e outros materiais do oficio, no seu nome:


“En la villa de Puente deume á diez dias del mes de Junio año de mil setezos quarta y seis ante mi es^{mo} y testigo parecio pres^{te} Domingo Nicolás da Pena y Roveres vez^{no} dela villa de Cavañas y dijo que por quanto tiene p^r su hixo lex^{mo} y delex^{mo} matrimonio á Thadeo de la Peña y Roberes residente en la villa de la Graña y fra^{sia} de Brion libre y soltero el que juntam^{te} con el ótorg^{te} se ejercita en el ofi^o de curtir cueros ademas del de zapatero de obra prima...”⁵¹.

Pouco tempo despois, Domingo e a súa familia trasladaranse a vivir a Pontedeume.

Inicialmente, será Salvador, fillo maior de Domingo e Andrea, o que destaque como curtidor. Consultado o Catastro de Ensenada de San Pedro de Vilar, parroquia á que pertencía, descubrímoslle unhas ganancias de 5100 reais fronte aos 1500 do seu pai e 720 do seu irmán Thadeo, pero serán certos problemas coa xustiza, por mor da venda de viño, os que farán virar a fortuna a favor do seu irmán, que no momento do Catastro apenas tiña capital propio.



Domingo, casa aos seus fillos dentro do gremio: a Salvador con Jacinta López Saavedra -e ao enviuar farao con Josefa de Lago- e a Thadeo con Josefa Piñeiro ou Grande; a tres das súas fillas con outros tantos zapateiros-curtidores: a Dorotea con Manuel Grande, irmán de Josefa Piñeiro, a Josefa con José Vázquez e a Úrsula con Bartolomeu Franco de Edreira, este último pertencía a unha familia de Betanzos, do mesmo gremio. As súas fillas Andrea e Juana faleceron solteiras. Domingo establecerá, deste xeito, relacións familiares cos outros membros da confraría, relacións que obrigan pero que tamén amparan en caso necesario.




Thadeo e Josefa Piñeiro terán catro fillos: Pablo Antonio (1753) -chamado Pablo Xusto nalgún documento-, e Benito Roberes da Pena (1755), Rita (1771) e Bernarda Piñeiro, chamadas tamén Roberes. Thadeo será, ademais, curador dos fillos do seu irmán Salvador, unha vez falecido este.

Thadeo dará un paso adiante no negocio familiar. Establece as bases económicas da futura fábrica de curtidos, en contra da idea xeral que o considera fundador da mesma. Herdará, á morte do seu pai, un considerábel patrimonio, e co seu traballo amasará unha notábel fortuna, comerciando con peles americanas e encargando a terceiros o seu curtume; a este negocio hai que engadir

51. AHPNG. Notario: Felix Antonio Gaioso. Prot. nº 770. 1746. Pontedeume.



-posteriormente e en compañía de Andrés Antonio Varela- os dereitos da carga da sardiña. Thadeo falece en 1775, sendo todos os seus fillos menores, excepto Pablo, estudante na Universidade de Santiago, ao que nomea testamenteiro e titor dos seus irmáns e ao que, con anterioridade, fixera doazón dunha importante parte do seu capital, para que puidese proseguir a carreira eclesiástica e alcanzar o grao de presbítero patrimonista⁵². Rita, a filla favorita de Thadeo, pola que mostra especial agarimo no seu testamento e aínda unha nena pequena no momento do falecemento do seu pai,




casará con José Grande, curtidor e zapateiro, como o resto da súa familia. Bernarda, pola súa banda, farao con Juan Antonio de Lamas, curtidor igualmente, e xa viúva con Nicolás Rodríguez. O seu fillo Benito seguirá co oficio familiar, como relatamos nun apartado anterior. Benito Roberes

contraerá matrimonio o con Manuela do Río Tenreiro. Os seus fillos Nicolás, Nicolasa e Francisco Roberes do Río venderán, á morte do seu pai, o negocio familiar

5.2 Outras familias do gremio

Revisando os protocolos notariais dos séculos XVII-XVIII advírtese que o gremio de San Sebastián é, co dos mareantes, os grupos profesionais que máis documentación xeraron, non só polos seus dotes matrimoniais, vendas de terras, foros ou testamentos, senón, no particular caso dos zapateiros e curtidores, pola compra-venda de coiros e os distintos tratos relacionados cos pelamios. Nos expedientes descubrimos as distintas familias de zapateiros e curtidores residentes na vila; ademais dos citados Roberes, destacan tres apelidos: os Castela, Grande e Punín, estes tamén chama-



dos Ponín, Pulín, Polín, Pinín o Puñín. A familia Castela asentouse en Pontedeume, posibelmente con anterioridade ás outras dúas, cunha posición firme dentro do gremio. Os Grande e Punín, fincadas con posterioridade, necesitaron anos e acordos matrimoniais para adquirir certo status.

52. O sacramento da Orde desenvólvese en tres graos: Diaconado, Presbiterado e Episcopado. Antigamente existía a dobre figura do presbítero: o incardiado nunha diocese e suxeito á autoridade do bispo e o presbítero patrimonista. Este último recibía a ordenación sacerdotal e, previo e oportuno expediente onde amosaba que tiña recursos propios, vivía coma clérigo pero non optaba a parroquia ou prebendas eclesiásticas con renda anexa para vivir.

Dentro do grupo dos Castela xorden como figuras principais Miguel de Castela -mordomo da confraría de San Sebastián a mediados do século XVII- e a súa esposa Dominga González⁵³. Este matrimonio será antepasado de Pedro Hombre Varela⁵⁴. A familia atopábase xa ramificada no século XVII, con membros avecindados en Ferrol⁵⁵.

Os Grande residían na vila, polo menos desde finais do século XVI ou principios do XVII, os primeiros membros deste grupo familiar, veciños de Pontedeume, dos que temos algunha referencia foron: Domingo Grande e a súa esposa Catalina Rodríguez, Juan Grande, casado con María Piñeira, e Santos Grande casado con M^a Josefa López da Veiga. Viviron todos eles na primeira metade do século XVII, talvez fosen irmáns, pero á falta de documentos que o testemuñen non podemos confirmar esta relación. Os descendentes citados no Catastro foron: Manuel, José e Andrés Grande. Foi unha familia que actuou habilmente, practicando unha boa política matrimonial, logrando así que moitos dos seus membros gozasen dunha boa posición económica.

Con respecto ao grupo familiar dos Punín, descoñecemos o momento da súa chegada á vila, probabelmente o fixesen con posterioridade aos Grande, pero o certo é que residían aquí a mediados do século XVII. Este apelido e calquera das súas variantes son de clara orixe toponímica, atopamos lugares con nomes similares nas proximidades de Pontedeume: Queixeiro (Monfero), Carantoña (Miño) ou Boebre -neles atópase o lugar de Polin ou Punin-, é posíbel que os Punín procedan dalgunha destas zonas. Os Punín que se citan no Catastro, dentro deste grupo profesional, son os seguintes: Victorio, Juan Antonio, Blas, Nicolás, Cayetano Antonio, Domingo e Diego Antonio de Punín.

Os curtidores e zapateiros teceron en Pontedeume un intricado mapa de relacións, de carácter amistoso e familiar. Os tratos matrimoniais efectuados cos seus fillos levaron a entrelazar todos os apelidos do gremio, relacionando ás anteriores familias con outras do seu mundo laboral, ao longo dos séculos XVII-XVIII: Vilela, Pena, Díaz Yáñez, Vázquez, López Saavedra, Caamaño, Montero, Pardo, Rodríguez, Broeiro ou Brueiro, Vizoso, Silvar, Martínez, Varela, Fernández, Franco, Maceira, González de Mella⁵⁶, Veiga, Marcos, Piñeiro...

Realmente, é complicado aclarar os múltiples enlaces familiares, por distintos motivos: as constantes variacións e cambios nos apelidos, a repetición continua -por por varias xeracións- de

53. Ver árbore xenealóxica da familia Grande- Castela.

54. Pedro de Hombre Varela, cóengo da catedral de Santiago, naceu en Pontedeume no 1724 e morreu en Santiago no 1789. Mantivo unha estreita relación co seu paisano e arcebispo de Santiago, Raxoi e Losada. No seu testamento deixa distintas mandas en beneficio da súa vila natal; entre outras, funda catro capelanías cos seus altares na igrexa parroquial. Véxase o artigo de C. GARCÍA CORTÉS, "Pedro Hombre Varela (1724-1789) Un eumés cóengo en Compostela", en *Cátedra* 5 (1998) 5-30. Véxase tamén outro artigo do mesmo autor, José Jacinto del Río López (1757-1819). "Apuntes biográficos de un sacerdote eumés", en *Cátedra* 8 (2001) 181-204 sobre o sobriño do anteriormente nomeado Pedro Hombre e o seu cumpridor testamentario.

55. En 1688 celébrase en Santiago de Pontedeume o matrimonio de Francisco de Castela e Francisca Mosquera, o noivo era fillo de Pedro de Castela e Josefa Leis, veciños de Ferrol.

56. Na tese doutoral: *Las culturas del trabajo en Madrid 1500- 1650. Familia, oficio y sociabilidad en el artesanado preindustrial* de J. C. Zofio Llorente; cítase unha familia Mella coma unha das principais familias de curtidores no Madrid desda época: Alonso e Diego de Mella, pai e fillo respectivamente.

nomes nunha mesma familia, a curta esperanza de vida e as sucesivas nupcias que podían contraer os matrimonios, sen esquecer a moderación de datos nos libros sacramentais de Santiago de Pontedeume, relativos a esta época. Por todo isto, é complexo elaborar árbores xenealóxicas compactas, atopándonos con pequenos grupos familiares, que aínda que coñecendo sobradamente a súa vinculación a outros maiores, resultan difíciles de integrar por descoñecer a relación real entre eles.

6. SOBRE A CONDICIÓN SOCIAL E A VIDA COTIÁ DOS ZAPATEIROS E CURTIDORES

O día a día dos zapateiros e curtidores transcorría de modo similar á doutros habitantes da vila, dependendo do seu capital o seu benestar cotián, pero os prexuízos ocasionaban a este grupo un cúmulo de barreiras, negándolles, así mesmo, a consideración social.

6.1 Sobre a súa condición social

A división efectuada por Aristóteles entre “artes liberais” e “mecánicas” supuxo unha maior consideración social das primeiras, asociadas ao estudo e ao pensamento, ocasionando o desprezo das profesións ligadas á transformación material. Así se viron como infames oficios como os de zapateiro, ferreiro, curtidor, carpinteiro.

Un curtidor podía ter unha economía próspera e até ser rico, pero o seu oficio era considerado *vil*. Esta deshonra impedíalle o acceso a cargos públicos de certa categoría, tales como: ter dignidades eclesiásticas, postos de oficiais no exército ou ser fidalgos. O proceso do curtido marca a vida dos traballadores do gremio e das súas familias. A situación comezará a cambiar coa chegada, no século XVIII, dos Ilustrados e as súas ideas de progreso.

Dentro deste grupo de intelectuais destaca o conde de Campomanes, un político que defendeu os talleres artesanais e a dignidade de todos os oficios.

“para el adelantamiento económico de la nación y el propio bienestar de muchas familias que por el desprestigio de muchos oficios viven en la ociosidad y la pobreza”⁵⁷

De igual modo sobresaí o eclesiástico galego Pedro Antonio Sánchez Vaamonde. Nado en Curtis en 1749 e morto en Santiago en 1806, que baixo o pseudónimo de don Antonio Filántropo é autor dunha *Memoria sobre el modo de fomentar entre los labradores de Galicia las fábricas de curtidos*. Lida o 7 de decembro de 1782 na xunta xeral da Sociedade Económica Matritense, sub-

57. Pedro Rodríguez de Campomanes y Pérez, Conde de Campomanes (Tineo 1723- Madrid 1803). Político, economista e historiador español. Membro da Real Academia da Historia, da que foi director, fiscal do Consello de Castela (1762) e gobernador interino e en propiedade. A súa obra fundamental na materia da política económica foi: Discurso sobre el fomento de la industria popular (1774-1777) onde defendeu o apoio dos obradoiros artesanais nas cidades e a industria doméstica no campo. Posteriormente púxose á fronte do movemento de creación das sociedades económicas de amigos do país. O estalido da Revolución francesa e a reacción seguinte comportoulle ser destituído dos seus cargos.

scribía a penosa situación do campesiñado e as excelentes condicións naturais existentes en Galicia para a industria do curtume, atopando como único obstáculo para a execución deste proxecto o factor psicolóxico, por ser considerado un oficio deshonroso⁵⁸:

“Este ejercicio está tenido en aquel país (Galicia) el más útil y el más ignominioso de todos. Un labrador que se emplee en el curtido, deberá por el mismo hecho contar que quedará envilecido para siempre, debe determinarse a imponer una perpetua nota de infamia a todos sus descendientes, y así debe persuadirse que ninguno será admitido a los empleos públicos, ni a los del ministerio eclesiástico (...) serán despreciados por sus vecinos y odiados por sus parientes (...) deberá desde luego, desconfiar de dar estado a sus hijos”⁵⁹.



Pedro Antonio Sánchez cualificaba de “erro pernicioso” o menosprezo que existía cara ás artes mecánicas e de “absurdos” os diferentes graos de desdén con que se miraban, cría necesario un cambio de mentalidade que acabase coa miseria dos labradores.

Os ilustrados atacarán a división de oficios, en baixos e nobres e serán os artífices e precursores da Real Cédula de honradez de oficios:

“que los oficios de curtidor, herrero, sastre, zapatero y otros a este modo son honestos y honrados; que el uso de ellos no envilece a la persona ni a la familia de quien los ejerce ni les imposibilita para obtener los empleos municipales ni para el goce de la hidalguía”⁶⁰.

58. J. SOUBEYROUX, Una figura clave de la ilustración española: Pedro Antonio Sánchez (Don Antonio Filántropo), Centro Virtual Cervantes. Tamén: F. LÓPEZ CAPÓN, *El desarrollo industrial pesquero en el siglo XVIII*, Fundación Barrié de la Maza, Coruña, 1998, 155. Tamén: C. GARCÍA CORTÉS, Pedro Antonio Sánchez Vaamonde (1749-1806). *Un promotor de la Ilustración en Galicia*, Biblioteca da Casa do Consulado, A Coruña, 2003, 190-192.

59. VV.AA. *La economía gallega en los estudios de Pedro Antonio Sánchez, Os Precursores*, Galaxia, Vigo, 1973, 50.

60. Cédula do Consello. 18 de Marzo de 1783. Novísima Recopilación (Carlos IV, 1805) Lei 8 tit.23 lib.8.

A devandita norma aprobouse o 18 de marzo de 1783, nun país arrogante no que se mantiña o dito de “hambre con honra”⁶¹, país que os ilustrados desexaban espertar dun permanente estado de esmorecemento. E ao mesmo tempo pretendíase, así, regular a situación de gran número de artesáns que forxaran importantes fortunas co seu traballo.

LEY VIII.

El mismo por res. á cons. de 3 de Febrero, y céd. del
Cons. de 18 de Marzo de 1783.

Habilitacion para obtener empleos de República los que exercen artes y oficios, con declaracion de ser estos honestos y honrados.

Declaro, que no solo el oficio de curtidor, sino tambien los demas artes y oficios de herrero, sastre, zapatero, carpintero y otros á este modo son honestos y honrados: que el uso de ellos no envilece la familia ni la persona del que los exerce; ni la inhabilita para obtener los empleos municipales de la República en que esten avecindados los artesanos ó menestrales que los exerciten; y que tampoco han de perjudicar las artes y oficios para el goce y prerogativas de la hidal-

Cédula do Consello. 18 de marzo de 1783. NOVÍSIMA RECOMPILACIÓN (Carlos IV, 1805) lei 8 tít. 23 lib. 8

61. CH. CANTERO, El concepto de la extensión universitaria a lo largo de la historia, UPA Universidades Públicas Andaluzas, Colección Observatorio Atalaya, Dirección General de Universidades de la Consejería de Innovación, Ciencia y Empresa de la Junta de Andalucía, 26.

Non hai que esquecer unha segunda circunstancia que afectaba a este gremio: o curtido e o posterior tratamento do coiro en todas as súas vertentes profesionais, zapateiros, talabarteiros e gornicioneiros foi, durante a Idade Media e épocas posteriores, unha das ocupacións máis habituais da poboación xudía, de feito moitos dos curtidoiros atopábanse dentro das xuderías. Significaba isto que o zapateiro e curtidor podía ser acusado de xudeu converso e levantar as sospeitas do Santo Oficio. Aínda que realmente este problema foi máis frecuente na época temperá da Idade Moderna.

Dous documentos permítennos apreciar estas circunstancias na vida cotiá destas familias: O primeiro pertence a Pablo Antonio Roberes, fillo de Thadeo, é un expediente de Sagradas Ordes⁶². Thadeo decide que o seu fillo maior siga a carreira sacerdotal e para iso envía a Santiago. Antes de ser tonsurados, os futuros sacerdotes eran investigados, xuntamente coas súas familias. No caso que nos ocupa son chamados a declarar varias testemuñas, que dan o seu apoio ao futuro sacerdote. En Santiago aceptan inicialmente as declaracións, pero o fillo de Thadeo é denunciado por un veciño de Pontedeume que desexaba impedir que o pretendente seguisse coa súa carreira, xurando que as testemuñas eran falsas. O documento consta de dúas partes: a denuncia e a posterior investigación ordenada desde Santiago, posta en mans do párroco de Pontedeume, Andrés Antonio Serantes:

“Sr. Dean de Yllm^o. Cavildo de Santiago.

Sr. en el dia tiene VS. Admitido para tonsura a Pablo Roveres hijo de Thadeo Roberes y Josefa Grande, uno y otro cortidores clasicos y descendientes de tales abgnicio tanto por linia paterna como materna y su abuelo sindicado de usurero publico cuia causa p^a en uno de los oficios de Puente deume su casual Patria; dicese casual por que su Bisabuelo era estrangero y muybien se ynfiere qual seria su conducta (sin embargo de of. Tambien el era zapatero y curtidor) quando p^r su mala crianza y desconocido nacimiento, produjo una familia notada entodos tiempos y auctualm^{te} tiene el Pretendiente un hermano cortidor y ael mismo pretendiente sele habisto repetidas veces embuelto en el manejo de tambil oficio y Juro s D^s N^o S^r que todo loque ba expuesto es verdad y al contrario la información que se le hizo falsa los testigos falsos en fuerza de soborno, y p^r ultimo una maniobra compuesta como quiso el padre del pretendiente. Diego Fernandez Perez”. Margen izquierdo: “Este se suspende por aora asta averiguar la realidad”.

Pouco despois o párroco remite as súas investigacións:

“Mui Señor mio y mi Dueño: Dⁿ Pablo Roveres mi feligres cursante en esos estudios, que antes deaora pretendio yniciarse que no pudo conseguir, por el concepto que imprimio el memorial firmado contra el que Vm. se sirve exponerme en su estimada carta de 30 del pasado, deseoso de averiguar laverdad entodo su

62. AHDS. Expedientes de Sagradas Ordes. Caixa 457. Mazo 427. Ano 1774. Pablo Justo Roberes.

contenido, jamas ha exercido el oficio de curtidor que se le imputa; porque desde niño seha dedicado a las primeras letras, siguiendo después sus estudios, sinque en ningún tiempo se le huviese visto empleado en otro destino; pero es verdad que su p^e y sus ascend^{tes} p^r ambas líneas se han ejercitado en otro tiempo en este oficio, pero hace mas de 20 años que el dicho su p^e lo tiene dexado y asi mismo el hermano del pretend^{te}, manteniendo unicam^{te} en el día un giro y comercio de cuero de la america, y aveces dlos del pais curtidos p^r ôtros. El defecto de que su visabuelo era extranjero tamb^m es veridico; pero se save, que era un soldado flamenco de los muchos que aca se connaturalizaron, asi como muchos españoles se quedaron en Flandes cuando aquellos estados eran de españa; y lo que se imputa a su abuelo de ser usurero publico, según pude aberiguar no tuvo mas principio que un curto pleito sobre intereses pero no se hadado sentencia, ni hubo declaracion alg^a que le hiziese reo de semejante delito. Es cuanto puedo informar a Vm. en el asunto con la reserva que me encarga y repitiendome asus ord^s con la mas pronta obed^a ruego a nuestro señor gû suvida m. a. Puenteume y Maio 7 del 1774

Pru de Vm.

Su m^s. at^{to}. Seg^{ro}. Serv^{or}. i Cappⁿ

Sor^dn Jph maria Lobiano

Andres Ant^oSerantes"

A denuncia era inxusta, a familia de Pablo era sobradamente coñecida en Pontedeume, e non de orixe descoñecida como pretendía o denunciante, basta con mencionar as relacións familiares, por parte da súa nai coa familia de Pedro Hombre y Varela⁶³; pola liña paterna, a familia de Thadeo tenia unha orixe flamenca, xa afastada. Da nai de Thadeo e avoa de Pablo, Andrea, non é preciso ningún comentario, só recordar que Leonor Freire de Andrade, señora do coto de Regoela, era parente do conde Fernando de Andrade. Respecto de se o seu avó, Domingo Nicolás, era ou non usureiro -prohibidísimo pola moral católica imperante- non temos constancia, pero non sería nin máis nin menos usureiro que calquera persoa que dispuxese dun valioso capital. En realidade, Thadeo, pai de Pablo, no momento dos feitos era xa un curtidor próspero, con empregados, e é posíbel que, coñecidas as circunstancias, non empregase ao seu fillo no oficio, e desde a infancia, como se testemuña, o dedicase ao estudo. Pablo era a oportunidade de Thadeo para adquirir ese prestixio social que ansiaba e que consideraba que lle correspondía en relación á súa fortuna. O respectuoso tratamento que dá a Pablo no seu testamento⁶⁴, chamándoo “Don Pablo”, fronte aos seus irmáns, e o seu desexo de ser enterrado na mellor tumba dispoñíbel no interior da Igrexa, non fan máis que reflectir os seus desexos de ascenso social. A denuncia non será admitida a trámite

63. Non deixan de ser curiosos os expedientes instruídos a Pedro Hombre Varela: o de “Prima Tonsura”, para acceder ao estado eclesiástico, ou o de “limpeza de sangue”, feito co fin de ser nomeado cóengo en Santiago. Tendo en conta que o seu avó materno, Domingo de Castela, era coireiro e zapateiro e xa o fora o seu bisavó Miguel de Castela e que os seus propios pais eran membros da confraría. E sendo como era necesario para ter un certificado de “limpeza de sangue” cumprir certos requisitos: “que o solicitante e seus antepasados fosen cristiáns vellos, e non ser descendentes de mouros, xudeos, e que non exerceran oficio vil”.

64. Ver no apéndice documental o testamento de Thadeo de la Peña y Roberes.

e Pablo finaliza a súa carreira eclesiástica como presbítero e avogado dos Reais Consellos⁶⁵. Falece en Madrid sobre o 1799, deixando á súa morte como herdeiros aos seus irmáns.

Unha situación similar á sufrida por Thadeo e o seu fillo Pablo, expón Pedro Antonio Sánchez na súa memoria sobre o fomento das industrias de curtido⁶⁶, pero o caso referido polo autor non terá un feliz termo, o pretendente será expulsado da súa carreira relixiosa.

O segundo documento é un poder outorgado anos despois, en 1795, por Bernarda Piñeira, tamén filla de Thadeo e Josefa Piñeiro, ante o escribán Gregorio Montero onde cedía o seu poder a dous procuradores para que actuasen no seu nome nun xuízo:

“En la villa de Puente deume a siete días del mes de Hen^o año de mil setecientos noventa y cinco; Ante mí Escribano y Testigos parecio presente Bernarda Piñeira y Roberes muger de Juan Antonio de Lamas ausente en el Real Servicio y la sobredicha abilitada en forma para poder parecer en Juicio por la Justicia de esta villa de cuja abilitac^{on} ha dado fe el pres^{te} es^{no}; Y Dixo que respecto tiene que dar querella criminal contra Miguel Varela matriculado y desu muger Susana cuio apellido ygnora todos vecinos de esta recordada villa y moradores en una misma casa por haberes tenido el atrebim^{to} y osadia de tratar a la que otorga de Puta, Reputa, Yndigna coreira, hasta llegar a tanto que después que marido y muger se artaron de asi ynjuriarla, baxo el citado Miguel del quarto alto de su casa en que viven al vaxo de la Bernarda y dandole muchos y fuertes golpes ala puerta de su cozina en que se hallaba con animo de rompersela jurando y perjurando la havia de matar y aquantos hallase dentro ratificando dichas palabras y añadiendo otras mas ynjuriosas. Pisando fuertem^{te} con los pies haciendo demostraciones de que la queria ber vajo ellos y que la habia de beber la sangre, escandalizando a los vecinos y desacreditando a la otorgante..”⁶⁷.

6.2 Outros aspectos da vida cotiá

Analizando a documentación xerada polos membros do gremio pescudamos distintas facetas da súa vida cotiá, que non difería moito da doutros sectores artesanais, a non ser polas peculiaridades propias do oficio.

Era frecuente na Idade Media que os distintos gremios profesionais se agrupasen en barrios propios. Do mesmo xeito que noutras vilas de orixe medieval, en Pontedeume aínda se con-

65. Pablo Antonio Roberes ademais de sacerdote foi avogado en Madrid. Redacta testamento nesa cidade o 11 de xullo de 1786, deixando a súa fortuna a seus irmáns e como testamenteiros a Domingo Rodríguez Varela e a Joaquín Salvador de Verge, avogados como o outorgante. Entre os bens que lega, ademais de todo o patrimonio que lle foi cedido polo seu pai para chegar ao rango de presbítero, atópanse varias accións: unha de dous mil catrocentos reais e outra de oitocentos corenta na “Compañía de la Buena Fe” e outra de dez mil reais no “Real Empréstito de doscientos cuarenta millones”, as dúas primeiras atopábanse ao seu nome e a outra xa a dispuxera a nome dos seus irmáns anteriormente.

66. La economía gallega en los escritos de Pedro Antonio Sánchez, op.cit., 52.

67. AHPNG. Notario: Gregorio Montero. Prot. nº1298. 1795. Pontedeume.

serva a pegada destes oficios no rueiro, nomes como Ferreiros ou Pescadería testificano, pero ningunha rúa nos recorda o asentado do antigo gremio dos curtidores e zapateiros, a excepción do lugar de Pelamios, memoria das antigas pías de curtir. No entanto, como referimos anteriormente, é posíbel que a rúa da Tafona reciba este nome por un vello muíño de sangue utilizado para a moenda de casca e situado na porta da vila -porta da muralla situada no Empedrado-, este muíño atópase documentado no libro do gremio como “Atahona”. O que si podemos confirmar é que, ao longo do século XVII e primeira metade do XVIII, os artesáns deste oficio residían na súa maioría no denominado “Barrio Novo”, tamén chamado “Barrio da nosa Señora do Souto”, na mesma praza da Calzada ou San Roque, na actual rúa das Virtudes, nese momento un simple camiño⁶⁸, Corredoira das Virtudes, rúa do Empedrado, Tafona ou parte alta de Santo Agostiño.

Algúns domicilios de curtidores segundo o Catastro de Ensenada en Santiago de Pontedeume:

*“Andrés Grande... casa con dous altos na rúa que vai á nosa Señora do Souto
linda pola dereita con Juan Dopico.*

Cayetano Antonio de Punín... casa dun alto na rúa de detrás da Igrexa (Tahona).

Diego de Punín... rúa de Santiago (Adro), linda pola esquerda con Blas de Punín.

*Domingo de Punín... na rúa da Vila... ten contraídas as cargas seguintes: nove
reais cada ano á confraría de San Sebastián.*

*Domingo Nicolás da Pena e Roberes... unha casa dun piso e adega no barrio de
San Roque.*

Francisco de Caamaño... rúa de San Roque.

*Juan Antonio Grande... casa dun só piso co seu curral no Empedrado... linda pola
dereita coa de Juan Antonio Broeiro.*

*Juan Antonio de Punín... Empedrado, linda pola dereita con Tomás Fernández e
pola esquerda con Juan Grande.*

*José Grande... unha casa dun alto no Empedrado, linda pola dereita con Miguel
Cubeiro e pola esquerda coa de Bartolomeu de Home.*

Manuel Grande... unha na rúa da Fonte.

Salvador e Thadeo Roberes... Empedrado.”⁶⁹

Xa na segunda metade do XVIII achámoslos diseminados noutras zonas do pobo; de feito Thadeo deixa a súa vella casa do Empedrado e compra dous adxacentes na praza Real, “muy bien situadas” e unha delas “de reciente construcción”, segundo as súas palabras, diríamos que acorde co seu status de “empresario”.

Dado que o proceso de curtido se realizaba en condicións adversas, e que para iso se precisaba a acumulación de gran cantidade de excrementos de animais, as pías de curtir localizábanse, en case todas as poboacións, extramuros. Malia esta circunstancia, en moitas casas do pobo podíase

68. C. DE CASTRO ÁLVAREZ, “Sobre os nomes das rúas, prazas e xardíns de Pontedeume”, en *Cátedra* 12 (2005) 101-170.

69. ARG. *Catastro de Ensenada*. Real de Legos de Santiago de Pontedeume.



Praza da Calzada ou San Roque

Roberes que casa á súa filla Úrsula Alfeirán en Betanzos. Sendo os respectivos cónxuxes fillos de zapateiros.

No entanto, as relacións entre estas familias non se circunscriben exclusivamente a Pontedeume, mantéñense alá onde se establecen e ao longo do tempo. Na parroquia de San Pedro de Belmil, en Santiso (A Coruña), residía a mediados do século XVIII unha rama da familia Punín: Domingo de Punín casado con María de Mella; un dos seus netos, Agustín Punín, casou o 5 de Maio de 1804 nesa mesma parroquia, con Benita de Edreira.

A muller xogaba un papel importante na consecución do patrimonio, unha boa parte do capital familiar achegábao coa súa dote. Efectuado o matrimonio, e segundo as leis de Toro de 1505, este capital pasaba ao seu poder e ao dos seus sucesores, nunca a mans do seu marido, a non ser que lle fixesen renunciar ao mesmo, cousa frecuente, como sucedeu na dote da filla de Pedro Grande -presente no apéndice documental deste traballo-. Os dotes permiten descubrir o capital achegado polas respectivas familias: aos bens mobles, como o enxoval da casa ou apeiros de labranza -é preciso ter en conta que eran zapateiros e curtidores pero tamén eran labradores, complemento imprescindible para a subsistencia cotiá- engadiremos, nalgúns casos, material profesional, tanto ferramentas propias do oficio, como peles e coiros; isto último atópase de modo frecuente e outorgábase como un ben prezado que permitía aos recentemente casados independizarse. No contrato matrimonial de Antonio de Castela e Margarita Fernández, ano de 1666, Miguel de Castela cede ao seu fillo, entre outros bens, uns coiros:

“Y ademas de ello le daran luego y como se casase otros cuatro cueros en pelo por ellos doce ducados en dinero para que empiece”⁷¹.

71. AHPNG. Notario: Luís Rodríguez de Armesto. Prot. nº122. 1660. Pontedeume.

O material de curtume aparecerá sobre todo en acordos prematrimoniais pertencentes ao século XVII e primeiras décadas do XVIII. A mediados deste último século deixarán de ter a importancia de tempos precedentes.

No ámbito do curtido, a muller participa da economía familiar axudando no proceso de elaboración dos coiros, non así na fabricación de zapatos, que parece reservado aos homes. É posíbel que, nas cidades, onde a división entre o gremio de zapateiros e curtidores era clara e as industrias de curtido de maior volume e importancia, non o fixesen, pero en Pontedeume este oficio era de carácter máis doméstico e, por ser así, toda a familia participaba do traballo.

As mulleres, en caso de falecemento do marido, asumen o seu rol, tal é o caso da irmá de Thadeo Roberes, Dorotea Alfeirán, viúva de Manuel Grande, sen fillos homes vivos e cun neto ao seu cargo. Esta tomará as rendas do negocio familiar, e comprobando o número de terras que compra nos últimos anos da súa vida ou as súas mandas testamentarias, descubrimos unha muller máis que solvente, cun capital forxado, en gran parte, por ela mesma. Nas descrições do *Catastro* de Ensenada relativas a Pontedeume, destaca outra muller, Antonia Varela, acompañando a longa lista de curtidores e zapateiros. Era filla de curtidor, concretamente de Gregorio Grande, e viúva doutro, Antonio de Punín. Coñecía sobradamente o oficio e continuou exercéndoo despois do falecemento do seu marido. Tamén as mulleres podían ser membros da confraría e, de feito, aparece un gran número delas entre as altas dos confrades, pero, certo é que éstas, salvo algunha excepción, estaban unidas familiarmente aos membros masculinos do gremio e, aparentemente, non tiñan voz nas súas reunións gremiais.



Zapateiro no seu obradoiro. Gravado alemán

Nos recontos e inventarios de bens de defuntos, que se realizaban na súa maioría por motivos de herdanza ou cando había fillos menores polo medio e era preciso atoparlles un curador ou titor, constatamos como era o interior da casa-obradoiro dun zapateiro e curtidor e até onde chegaba a miseria ou o benestar familiar. Nestes actos notariais enumerábanse alimentos, roupa, mobles e material profesional. Exemplo dun destes recontos é o que se realizou á morte de Domingo de Punín en 1683:

“Requento ante notario de los bienes muebles, que fincaron de Domingo de Ponin difunto vz^o que fue desta villa y coparecer ante si Doratea Lopez su muger ala cual mando, debajo de juramento que yo en forma de que doi fe,

declare, quantos yjos e yjas le quedaron, deldho su marido, y sus edades deca dauno dellos, laqual, dijo tener por tales sus yjos y del dho su marido, a Domingo de ponin y maria lopez que estan casados y amancipados, Bastiana lopez de edad de diez y ocho años, Antonio de ponin de quince, francisca lopez de trece, Diego de polin, de diez años, maria lopez de siete años, Simon de polin de tres años y medio y la sobredicha preñada y propincua al parto...En la qual dha casa que quedo de dho difunto se allaron los bienes muebles siguientes:

Un bufete largo de tres tablas, con cuatro pies y dos caxones y en el uno de ellos una libra de sevo y un salero de talabera y dho bufete y caxones de nogal

Dos bancos de espaldar, largos de madera de cereso

Una arca, de castano nueva, sin cerradura, de porte de doce anegas sin cosa alguna

Otra arca pequena, con su cerradura, deporte, de dos anegas poco mas o menos, y en ella como un ferrado de mijo menudo Otra arca baja, con su cerradura de porte, de cuatro anegas poco mas o menos, y en ella media anega de trigo en un fuelle

Otra arca de castano, con su cerradura nueva, de porte de diez anegas poco mas o menos y aviendose abierto, se alloen ella quatro sabanas, deestopa, nuevas, de aseis baras cada una

Una docena y media de nubillos delgados, que pesaran ocho libras

Una madeja por hilvanar de lienço

Quatro...de manteles las dos dea dos baras y media y las otras de a bara cada una

Ocho servilletas destopilla, labor de tripa de vaca y dos almoadas de lienço

Una bacia de amasar pan, de porte de media anega de pan


Un canado de traer agua con quatro cintas de yerro

Un candelero buxio de estano...

Un rastrelo grueso= Un calcon= Una rropilla bieja= Y una casaca de pano... todo mui usado= Una peneira y un crivo= Cinco tablas de castano de media bara de ancho y otra mas pequena= Un leito de tablas= Dos cabalares biejos y en ellos siete libras de lana de pelambre quatro cueros cortados de bacas= Y dos de becerros ocho pares de ormas de acer capatos= Una tixera= un trinchete= quatro leznas= un cuchillo que llaman de raer del oficio de capatero= Un martillo pequeno de yerro del mismo oficio= dos bacias de mano pequenas una docena de escudillas y platos de palos= Una sarten un asador de Yerro= Una gramilleira de yerro una cuchara de lo mismo= Un cesto de medio ferrado quatro mantas de... viejas de atres liencos= Tres leitos de tablas en un aposento de la cocina= Un bano de salar carne= una poda= un zadon= un ligo= Y un oz todo de fierro= Dos cestas biejas= con un poco depelambre= Medio ferrado de linaza poco mas o menos Y aviendose bajado a la bodega de dha casa seallaron en ella dos pipas de a trescientos azumbres cada una y otros dos de a ducientos cadauna= Y una de dhas bacixas pequenas con bino tinto que se esta vendiendo a taberna lo que la sobre dha dijo que para estar llena le faltava una mano trabiesa= Dos

tinaxas una de... y otra de media... y otras tres tinajas de casca que sirven para el oficio de capatero dos jarros destano el uno de azunbre y el otro de medio azunbre= Y que abra sembrado eredad de una anega de pan de Marzo Yen el pelambre cuya propiedad es la mitad de dhos menores dos pellicas de castron, y debajo de dho juramento la sobredha declaro no aver quedado otros bienes muebles, de que se acuerde ni papeles mas de unas cartas de pago, de la pensiones de la casa en que bibe y otras de rentas..."⁷²

Analizando o relato dos seus bens advírtese que o falecido, Domingo de Punín, era un artesán modesto, cun só pelamio e pouco material do oficio, que precisaba complementar a súa economía coa fabricación e venda de viño e co oficio de labrador. Sabemos que plantaba liño, cultivo que se estenderá moito na Galicia do século XVIII, no entanto, os seus apeiros de labranza tamén son escasos. A casa é humilde, con poucos mobles, similar á doutros moitos veciños da vila: arcas, unha mesa con caixóns, banco... unha cama para o matrimonio e as típicas *alcobas* situadas na cociña nas que durmían os fillos; algunha roupa de cama, mantas, manteis e panos de mesa, unha para cada membro da familia; cestas, peneiras, e algún material de cociña, todo iluminado por un exíguo punto de luz.



"Tres leitos de táboas nun aposento da cociña"...
nalgunhas casas podíanse atopar nas cociñas as chamadas "alcobas",
similares ás do debuxo, especie de alacenas onde se atopaban
unhas camas utilizadas normalmente polos nenos

Domingo de Punín tiña o taller na súa propia casa, do mesmo xeito que outros zapateiros. No caso de Pontedeume, non se pode confirmar que este oficio influise na tipoloxía das vivendas, non hai datos que confirmen este punto, a maioría dos baixos foron transformados co tempo e as súas estruturas actuais non corresponden xa ás antigas. Pero, é probábel que nesta vila acontecesse o mesmo que noutros pobos, como Monforte de Lemos, onde as casas dos zapateiros se distinguían por ter un mostrador de pedra chamado *trabuleiro*. Este era, en realidade, un peitoril de fiestra máis ancho do normal, os trabuleiros, nome tipicamente monfortino, situábanse nas fiestras dos baixos das casas. Os artesáns podían atender así ao público e en caso necesario utilizábano para a exposición das súas mercancías.

72. Ibid. Prot. nº 134. 1683. Pontedeume.

A casa de Domingo e a súa esposa Dorotea estaba situada no barrio da nosa Señora do Souto na actual rúa das Virtudes. A metade desta vivenda foi vendida anos despois da morte do matrimonio, polo seu fillo Simón de Punín e o seu xenro Félix Suárez⁷³.

Como se sinalou anteriormente, o traballo nos pelamios provocaba o rexeitamento da poboación allea a este medio, non só polo sistema de curtido se non tamén polo carácter insalubre do oficio. O escritor Patrick Süskind na súa novela *El Perfume* describe o ambiente, infecto e nocivo, dun gran curtidoiro no París de mediados do século XVIII e os males padecidos polo protagonista:

“el taller necesitaba ingentes cantidades de agua para lavar, ablandar y teñir. Durante meses vivió con el cuerpo siempre húmedo de tanto acarrear agua; por las noches la ropa le chorreaba y tenía la piel fría, esponjada y blanda como el cuero lavado.

Al cabo de un año de esta existencia más animal que humana, contrajo el ántrax maligno, una temida enfermedad de los curtidores que suele producir la muerte... Sólo le quedaron cicatrices de los grandes ántrax negros que tuvo detrás de las orejas, en el cuello y en las mejillas, que lo desfiguraban, afeándolo todavía más. Aparte de salvarse, adquirió –ventaja inapreciable– la inmunidad contra el mal, de modo que en lo sucesivo podría descarnar con manos agrietadas y ensangrentadas las pieles más duras sin correr el peligro de contagiarse”⁷⁴.

As escasas ou nulas medidas hixiénicas facían do proceso do curtido unha fonte constante de enfermidades, por esta circunstancia consideramos necesario non pasar por alto esta faceta da vida cotiá. Realmente, o oficio de curtidor, nun momento en que os coñecementos médicos eran escasos e os medicamentos non estaban ao alcance de todos, era perigoso e moitos destas doenzas non tiñan, ademais, tratamento posíbel. As doenzas eran entre outras: eccemas e infeccións da pel, ocasionados polo pelo dos animais ou por tinguaduras, tétanos, trastornos de carácter reumático, moitas relacionadas co traballo nun medio húmido ou outros males como o carbuncho ou ántrax, enfermidade que aínda hoxe causa respecto, provocada por un bacilo que se pode atopar no sangue dos ovinos. Xa no século XVIII, en Módena (Italia), o médico Bernardino Ramazzini (1633-1714), ao que se considera pai da medicina do traballo, publicou o seu tratado *De Morbis Artificum Diatriba*, sobre as enfermidades dos artesáns, onde estudaba as patoloxías que padecían os obreiros de certos oficios como: panadeiros, muiñeiros, fabricantes de ladrillos, aceiteiros e curtidores. Ramazzini, establece unha clasificación de artesáns: sucios, poeirentos, traballadores da auga, artesáns que permanecen en pé, sentados ou en movemento....Dentro do grupo dos oficios sucios inclúe a: queixeiros, enterradores, parteiras e curtidores. Desta profesión en cuestión Ramazzini dicía:


“Quedan outros moitos talleres que son auténticas pestes do olfacto e pagan aos seus obreiros un mal xornal xunto co beneficio da ganancia, pódeseles

73. AHPNG. Notario: Francisco Antonio Vizoso. Prot. nº 620. 1711. Pontedeume

74. P. SÜSKIND, *El Perfume*, RBA, Barcelona, 1992.

ver con cara cadavérica, inchados macilentos, arquexantes e, case todos eles, enfermos do bazo, e a non poucos pertencentes a este gremio de traballadores tocoume ver como se converteron en hidrópicos”.

Todas estas peculiaridades facían que a esperanza de vida dos coireiros non fose longa.



6. CONCLUSIÓN

Descifrar o pasado é un traballo complexo que, con todo, produce grandes satisfaccións puntuais, sobre todo cando un documento achega datos reveladores. Excítase a curiosidade e até a imaxinación e nace o desexo de despegar os personaxes que son motivo de estudo da bruma que o tempo lles impón e materializalos e observalos nos seus quefaceres cotiáns, seguramente moi diferentes dos nosos. Daríamos moito por poder contemplar un só día da vida de calquera zapateiro ou curtidor de Pontedeume. Tería un incalculábel valor histórico, pero tamén emocional, posto que se trata de personaxes reais que andaron de vagar polas mesmas rúas que nós, e que deixaron un sinal no recordo de moitos eumeses.

“O curtidor está cansado logo dunha dura xornada descarnando peles. Camiña encorvado. Párase un instante diante da Catedral de Latinidade para escoitar o vocerío dos nenos que declaman en latín e láméntase por non entender esas voces antigas, encórvase un pouco mais, coma se recibise un mazazo na caluga e continua o seu lento camiñar escoitando o ruído que provoca o picoteo dos cinceles no granito da futura Igrexa Parroquial, que están construíndo os irmáns Ricoi. A obra está avanzada, xa se adiviñan as torres despuntando cara a Bremao. Un refacho de vento levanta a arenisca do chan do adro e espállaa pola rúa da Pescadería, pintando de ocre as paredes das casas.

O curtidor mírase as mans inflamadas e sucias de tanino, e recorda que debe deterse na bo-tica que foi do pai do Arcebispo Raxoi para comprar un unguento que alivie a súa pel. Ascende pola rúa Real en dirección á Praza de San Roque deixando un rastro de cheiro a carne corrompida que se espesa nos sopor-tais provocando miradas de desprezo. A súa muller espéralle apoiada na porta da súa casa, observando o xogo dos seus fillos, que simulan bailar a Danza de Arcos. Saben que o seu pai é un excelente danzante que se loce na celebración do Corpus. Este ano bailará con zapatillas novas, as súas pernas serán as máis áxiles, flotará como unha pluma polas rúas da Vila recibindo os eloxios da Confraría. Un carro

tirado por dous bois baixa chirriando pola rúa do Empedrado, trae casca de carballo para a Tahona sita na Porta da Vila.

Thadeo Roberes está nun cuarto contando peles, garda os reais baixo o tellado, no oco dunha viga de castiñeiro. Apenas lle cabe a man, pero cada certo tempo toquetea as moedas e deléitase co son cantarín que emite o seu rozamento. Pronto terá diñeiro suficiente para pagar a carreira eclesiástica do seu fillo. O curtidor saída á súa muller alzando a súa man gris, ela respóndelle cun sorriso, os seus fillos xogan agora a tirarse a casca que apanhan do chan. Thadeo observa a escena desde a fiestra, que mantén pechada para evitar que o forte cheiro a areques que alaga a praza penetre na súa habitación, retírase e segue contando peles.”

7. APÉNDICE DOCUMENTAL

Thomas Ignacio
 An. De no te esst juro care a lo nos ignas
 f. ameco de nupien con Maria da Pena de Uniao
 Liga de Maria Pena y Maria da Pena v. casa de los
 Villa amien. quarto licencia de la Provincia
 por ser espedido, y no ampendo ing. de los sed. de
 la de la Liga, por la Liga, de la Liga, de la Liga
 no se da a la villa de la Liga, de la Liga, de la Liga

Partida de matrimonio de Thomas Ignacio de Roberes
con Maria da Pena en 1665

I

Contrato de aprendizaxe que realizaron Don Pedro Bermúdez de Castro e Pedro Grande, para que este amosase o oficio a Juan Domínguez. AHPNG Notario: Luís Rodríguez. 1662. Pontedeume.

En la villa de Pontedeume a doce días del mes de Septiembre de mil seiscientos sesenta y dos, ante mí, escribano y testigos, parecieron presentes de la una parte Don Pedro Bermúdez de Castro Villaozás, dueño del coto de Leiro y casas de Bañobre, vecino de Santa M^a de Castro, y de la otra, Pedro Grande, zapatero, vecino de esta dicha villa y dijeron que ellos estaban convenidos y concertados en que, el dicho Pedro Grande ha de tener en su casa y servicio a Juan Domínguez, vecino de la dicha feligresía de Santa M^a de Castro, mozo soltero, y enseñarle el oficio y arte de zapatero de obra prima y gruesa y a cortar cualquier género de obra, dentro de dos años que empiezan a correr y contar desde hoy día de la fecha esta, hasta ser fenecidos y acabados, dándole de comer y cama y lo más necesario para su sustento y el vestido y aliño de su persona, se lo ha de dar el dicho Don Pedro por su cuenta y, acabados dichos dos años, ha de estar hábil y suficiente para el uso de dicho oficio a vista de maestros y personas peritas en dicho arte. Y no dándole enseñado dentro del dicho tiempo, el dicho Pedro Grande ha de pagar por su cuenta a otro maestro que enseñe y, además de ello, ha de pagar al dicho mozo todo el interés que debía tener por dicho oficio = Y por razón del dicho ensino, Don Pedro, les ha de pagar al dicho Pedro Grande diez ducados de moneda de vellón, la mitad de ellos ahora, de contado, que el dicho Don Pedro le dio y entregó, de sus manos a las del dicho Pedro Grande, que los recibió y llevó a su poder realmente. Yo, en presencia de mí, escribano y testigos, de que doy fe de los cuales (...)a su voluntad y de ellos dará y dio carta de pago al dicho Don Pedro y por libre de la dicha paga =Y los dichos cinco ducados restantes, los ha de dar y pagar al susodicho, al fin del primero de los dichos dos años, sin descuento alguno= y es condición, que no dándole enseñado dentro de los dichos dos años, el dicho Pedro Grande le ha de sustentar, vestir y calzar a su costa, al dicho Juan Domínguez, hasta que esté enseñado del todo. Y entre ambas partes se obligaron con sus personas y bienes muebles y raíces, habidos y por haber, de cada uno de ellos (...)y dichos cinco ducados, se han de poner en poder de dicho Pedro Grande, en esta dicha villa, sin descuento alguno al dicho plazo referido. Y dieron y otorgaron todo su poder cumplido y en forma, a los jueces y justicias seglares de su majestad, que ellos puedan y deban conocer conforme a derecho para que, así, se lo hagan cumplir y guardar, como si lo aquí contenido fuese sentencia (...) el dicho Don Pedro lo firma de su nombre y, a ruego de dicho Pedro Grande, porque dijo no sabía, lo firmo un testigo de los presentes, que lo fueron: El licenciado Bartolomé Gómez de Villanueva, clérigo vicerrector de San Miguel de Bremao y anexo e Ignacio García Sastre, vecinos de esta villa, y Bartolomé de Vilariño, vecino de San Julián de Cazás, condado de Villalba. Y yo, escribano, doy fe y conozco a los otorgantes, y es declaración que el dicho Juan Domínguez es criado del dicho Don Pedro y que por haberle servido le hace esta buena obra y que el susodicho es hijo legítimo de Juan Domínguez y María da Moreira, vecinos de la dicha feligresía de Santa M^a de Castro, testigos los dichos de que doy fe.

Pedro Bermudez de Andrade Bartolomé de Villanueva.

II

Dote da filla de Pedro Grande. AHPNG Notario: Jacinto de Frías. 1677. Pontedeume.

En la villa de Pontedeume, a 30 días del mes de Junio de mil seiscientos setenta y siete años, por ante mi, escribano y testigos, parecieron presentes; de la una parte Juan López Amaro y Catalina López, su mujer, vecinos de la feligresía de San Cosme de Nogueirosa y de la otra Pedro Grande y María Mazas, su mujer, vecinos de la dicha villa, la cual, la dicha Catalina López, con licencia y facultad y expreso consentimiento que primero, y ante todas cosas, pidieron y demandaron a los dichos sus maridos, para juntamente con ellos hacer jurar y otorgar esta escritura y lo en ella contenido, y ellos se la dieron y ellas la aceptaron, de cuya dación y aceptación yo escribano doy fe y, de ella usando, todos juntos dijeron = y que por cuanto, mediante la voluntad de Dios nuestro Señor y su bendita Madre, estaba tratado y concertado el que se casen por palabras de presente, según disposición del Santo Concilio, José López hijo legítimo del dicho Juan López Amaro y su mujer, con Dominga Mazas hija legítima, así mismo, de dicho Pedro Grande y su mujer y, para que mejor puedan sustentar las cargas del matrimonio, los sobredichos tengan bienes capitales de suyo. Los dichos Juan López Amaro y Catalina López, su mujer, dan y dotan al dicho José López, su hijo, ciento y ochenta ducados de vellón, tasados, abalados en hacienda raíz y mueble, a tasación de hombres buenos, señaladamente en los bienes siguientes: primeramente, ocho jornales de viña sitos en la chousa de Goibe, feligresía de San Pedro de Villar, que es del cuarto del monasterio de Sobrado, que están mixtos y por partir con otro tanto que queda a los sobredichos, y viene a ser la mitad enteramente de ella, sin reservación de cosa alguna, según testa: por una parte en el camino que va de Esteiro a Santa Margarita, y por otra en viña de Juan Sardiña, y por otra parte en viña de Cosme de Brueiro = con más, un pedazo de terreno heredad labradía de sembradura, de media anega de pan, poco más o menos, sito junto a la torre que se dice de Píamonte, en dicha feligresía de villar, según está demarcada por ella, se pagan cinco reales de pensión cada año a Doña Catalina (...) vecina de esta villa, que con dicha pensión se la dan, que testa: por la parte de abajo, en el camino que va de esta dicha villa para dicho lugar de Esteiro, y por la de arriba, en viña de Pedro de Lamas, y por otra, en viña de Don Juan Antonio de Vivero = con más, otro pedazo de heredad de sembradura de un ferrado de pan, sita en donde dicen la Gándara, en dicha feligresía de Nogueirosa, que está mixta con otros dos ferrados de sembradura de dichos otorgantes, según que por ella, y por otra tanta que lleva Francisco da Fonte su yerno, se paga cada año al convento de Monfero ocho reales y un cuartillo, de los cuales ha de pagar real y medio por razón de ocho ferrados de dicha sembradura, que testa: por una parte, con un terreno de Felipe Fernández y Juan Cubeiro y por otra, en terreno de Juan de (...) = con más una vaca nueva, de edad de dos años= todos los cuales, dichos bienes, luego que surtiese efecto dicho matrimonio, se han de tasar y avalar por dos hombres, nombrados por cada parte el suyo, y de lo que faltare a cumplimiento de los otros ciento y ochenta reales, se los ha de dar en bienes muebles o dinero, hasta la concurrente cantidad, pena de ejecución de las costas = Y los dichos, Pedro Grande y su mujer, dan y dotan, así mismo, a la misma Dominga Mazas, su hija, otros ciento y ochenta ducados de vellón, tasados y avalados, así mismo, en hacienda raíz y mueble, señaladamente en los bienes siguientes: La mitad enteramente de la casa en que al presente viven, con su alto y bajo, según al presente está hecha y sita a la puerta principal de esta dicha villa y, por toda ella, se pagan cada año dos ducados a los herederos

del capitán Felipe de León, que testa: por la parte de abajo, en casa de Juan de Vilacoba y por la de arriba, en la de Domingo da Veiga de Cabanas, y hace frente, por la delantera a la ermita de San Roque = Con más, la mitad enteramente de un terreno, sito en el Escorial de esta villa, de sembradura todo el de ferrado y medio de pan poco más o menos, cerrado de sobre si y por el se pagan once reales cada año a la obra pía de Dn. Andrés Copeiro, y con la mitad de dicha pensión se lo dan, que testa, por la parte de abajo, en huerta de dicha obra pía, y por la derecha, en soto de Domingo Martínez = Con más, la cuarta parte de un pelambre sito en la pelambreira de esta dicha villa, propio diezmo a Dios, y todos los cuales dichos bienes, luego que surtiere efecto dicho matrimonio, le han de dar y entregar a dicha su hija, tasados y abalados por dos hombres buenos, nombrados por cada parte el suyo, y de lo que faltase a cumplimiento, de los dichos ciento y ochenta reales, se los han de dar en bienes muebles y alhajas de casa, pena de ser compulsos a ello. Con calidad y condición que, el dicho José López, ha de estar en casa de dicho Pedro Grande y su mujer, y no lo haciendo, no ha de poder vender la dicha mitad de casa, ni rentarla a otro que no sea el dicho Pedro Grande y, además de ello, el sobredicho a de enseñar al dicho José López el oficio de zapatero y mantenerlo un año, a el y a dicha Dominga Mazas, su hija, sin descuento alguno más, que han de trabajar ambos para Pedro Grande y su mujer = con lo cual, todas partes, después de que surtiese efecto dicho matrimonio, se obligaron con sus personas y bienes muebles y raíces, habidos y por haber, de dar y entregar a dichos sus hijos los dichos bienes atrás declarados, y lo demás a cumplimiento de los dichos ciento ochenta reales cada uno, pena de ejecución y costas y de ser compulsos y apremiados a ello = y desde el día que se efectuase dicho matrimonio, en adelante y para todo tiempo de siempre jamás, dijeron que (...) y hacían que dichos bienes, habían y tenían y podían haber y tener y, todo ello, dijeron renunciaban, cedían y traspasaban, en dichos José López y Dominga Mazas, sus hijos y herederos, y les dan poder para que ellos puedan tomar la posesión por su autoridad o de la justicia que más quisieren, y bien visto les fuere, y mientras se constituyen debajo de la clausula de contrato en forma y les obligaron con sus personas y bienes muebles y raíces, habidos y por haber, de haber por firme dicha escritura y lo en ella contenido y de hacerles seguros a los dichos sus hijos, los dichos bienes y hacienda, que así les dan y darán, libres de todo pleito y embarazo que, a ellos o parte de ellos, les fuera puesto o movido, y cuando que alguno de ellos le salgan inciertos, les darán otros tales, tan buenos o tan rentosos y equivalentes como los que aquí les dotan, con los perfectos y mejoramientos (...) y mejorado y con las costas, gastos, daños e intereses que a cerca de ello le siguieren y recrecieren= Y para que así lo cumplan, se obligaron en toda forma, y que para ello dieron y otorgaron todo su poder cumplido a los jueces y justicias seglares de S.M., de su fuero y jurisdicción, para que se lo hagan cumplir, como por sentencia definitiva de juez competente (...) a cerca, y en razón de lo cual, renuncian las leyes de su favor y en especial la ley general, en forma y derecho de ellas, las dichas Catalina López y María Mazas, renuncian, así mismo, a las leyes de los emperadores Justiniano y Veliano, Senatus Consultus, leyes de Toro y Partida, segundas nupcias, sus dotes y arras y bienes hereditarios y multiplicados, de cuyo renuncio fueron por mi, escribano, avisadas, de que doy fe, y ellas sin embargo dijeron las renunciaban = Y juraron a Dios Nuestro Señor y a una señal de Cruz que, cada una de ellas hizo en su mano derecha, de que doy fe de ver, por firmeza, dicho escrito y lo en ella contenido, y que contra ella no irán, ni vendrán, en pleito alguno y que por haber de otorgar no fueron lesas, engañadas ni atemorizadas por dichos sus maridos ni otra persona alguna, antes, lo hacen y otorgan de su libre y espontánea voluntad y que de este juramento no pedirán absolución, ni rela-

jación a Su Santidad (.....) que de el les pueda o deba absolver (....) = Presentes, los dichos José López y Dominga Mazas, que dijeron aceptaban esta dicha escritura y de ella protestaban usar, y se obligaron, en toda forma, de casar el uno con el otro placiendo a Dios y, precediendo las moniciones que el Santo Concilio dispone, dentro de un mes de la fecha de esta escritura, pena de ser compulsos a ello. En efecto de lo cual, todas las partes otorgaron la presente escritura de dote, con aceptación en forma. Por ante mi, escribano, en cuyo re-gistro, por no saber firmar los otorgantes, lo firmó un testigo a su ruego, que lo fueron presentes: Pedro Fernández Torquemada, Domingo Salgado, Francisco Vidal, y Pedro de Vales, vecinos todos de esta dicha villa. Yo, escribano, que de ello doy fe, conozco a los otorgantes=

A ruego de los otorgantes: Pedro de Vales. Jacinto de Frias.

III

Testamento de Thadeo de la Peña y Roberes. AHPNG Notario: Francisco Antonio Gaiosso. 1773. Pontedeume.

En nombre de Dios, Amén: Notorio sea, a todos los que la presente carta de testamento y última y postrimera voluntad vieren, como yo, Thadeo Antonio de la Peña y Roberes, vecino de esta villa de Pontedeume, hallándome como estoy enfermo, en cama, de enfermedad natural que Dios nuestro Señor fue servido darme, aunque en mi sano juicio y cabal entendimiento; creyendo, como firme y verdaderamente creo, en los misterios de la Beatísima y Santísima Trinidad, Padre, Hijo y Espíritu Santo, tres Personas distintas y un solo Dios verdadero, y en todo lo más que tiene, cree y confiesa nuestra Santa Madre Iglesia, Apostólica y Romana; como tomo por mi abogada e intercesora a la Soberana Reina de los Ángeles, María Santísima, madre de mi Señor y Redentor Jesucristo, al Glorioso Santo Ángel de mi Guarda, el de mi nombre, y a todos los demás Santos y Santas de la Corte Celestial, para que intercedan con su divina Majestad, no entre con mi ánima en riguroso juicio como merecen mis culpas y pecados, antes, apiadándose de ella, la coloque en su Santa Gloria Amén. Y recelándome de la muerte, que es cosa muy cierta a toda criatura viviente y su hora dudosa, para que llegado el caso, mis bienes y cosas temporales queden bien dispuestos y ordenadas, al servicio y agrado de Dios, paz y quietud de mis herederos, dispongo este mi testamento en la forma y manera siguiente: Primeramente, mando y encomiendo mi alma a Dios Nuestro Señor y Redentor Jesucristo, que la crió y redimió con su preciosa sangre en el Árbol Santo de la Cruz, y el cuerpo a la tierra de que ha sido formado = También mando, que luego que su Divina Majestad fuese servido llamarme de esta presente vida, si fuese ahora y sino al día siguiente, se me digan todas las misas de Ánima que pudiesen celebrarse en el altar mayor, como privilegiado, de la iglesia parroquial de esta villa, por los señores sacerdotes de ella o por aquellos que concurran a las funciones del entierro y honras, y lo mismo se ejecute en el segundo día de dicho mi entierro, pagándose por cada una de dichas misas cuatro reales de vellón = Y al sacerdote que me ayudare a bien morir, es mi voluntad diga una de dichas misas de Ánima, y se le pague por ella doce reales de vellón; mando, que mi cadáver sea amortajado en un hábito entero de mi Padre Seráfico San Francisco, de valor de diez ducados y sepultado dentro de dicha iglesia parroquial, en una de las sepulturas de mayor precio, y que a mi entierro asistan todos los señores sacerdotes de esta villa y su contorno, que puedan ser habidos, y la comunidad de San Agustín de esta motivada villa, viniendo primero en forma de tal a cantar el responso a esta mi casa, delante mi cuerpo presente, acompañándole, después, en el entierro hasta la dicha iglesia, diciendo uno y otros misa cantada de cuerpo presente, con vigilia y responsos y las más rezadas; Y en los cuatro días siguientes al de mi entierro, se me hagan otras cuatro funciones y dos más en los otros días siguientes, que hacen seis, con el mismo número de sacerdotes y comunidad, sirviendo el sexto día de honras y cabo de año mío, y el séptimo, con el referido número de sacerdotes y comunidad, y este por el alma de Josefa Piñeiro mi difunta esposa, que Dios descanse; que todas dichas funciones, con la del expresado mi entierro, han de ser siete, y entre unas y otras se gaste todo el fruto y demás de comida, que ha de menester, con los pobres y personas que concurran a ellas a disposición de mi cumplidor = Mando, que en dinero efectivo, en las expresadas dos funciones de entierro y honras, se den a los pobres de limosna doscientos reales = Igualmente, es mi voluntad, que

ocho pobres de los que me sirven en casa ganando el jornal y caseros míos, me velen y lleven a la iglesia, y por razón de su trabajo se les de bien de comer y de beber, a toda su satisfacción, y a cada uno se les pagará cuatro reales de vellón = Y, entre año y día de mi fallecimiento, es mi voluntad, se me digan las misas votivas siguientes: seis al Glorioso Santo Ángel de mi Guarda, otras seis al Santo de mi nombre, otras seis al arcángel San Miguel, otras seis a M^a Santísima de las Virtudes en su santuario, ocho a María Santísima de los Dolores en el altar de su congregación, a María Santísima del Rosario otras seis, otras seis a los Gloriosos Patriarcas San José y San Antonio de Padua, y además de ello, es mi voluntad, se me digan por mi alma trescientas misas; otras cien por el alma de dicha mi difunta esposa y otras cien por aquellas obligaciones a quien más derecho tengan; Como igualmente, es también mi voluntad, se me digan otras cincuenta misas por las almas de mis difuntos padres, que están en la Gloria, y todas, las unas y las otras, rezadas por una vez y limosna de a dos reales y medio cada una, las cuales quiero se me digan lo más presto que se pueda = Mando, a la Santa Cruzada, Redención de Cautivos, Casa Santa de Jerusalén y más mandas forzosas, a cada una, la limosna acostumbrada, con que les aparto de mis bienes por una vez y no más = Declaro, no ser deudor de dinero alguno, a ninguna persona de que haga memoria, a no ser algunas pensiones de los bienes que poseo a los dueños de sus dominios y alguna de ellas, de años atrasadas, como la renta de Toubes, que llevo, que todo, los unos y los otros constarán de papeles que paran en mi poder; y también debo, a Ignacio Antonio Varela, algunos reales de ropa que le han quitado de su tienda, que a mi concepto no llegan a doscientos reales, pero para esto también tiene a su cargo y al de su hermano Andrés el alquiler de cuatro años, cumplidos en Enero del presente, de una casa mía que habita Vicente López, tablaiero, en la cortaduría de esta villa, a quien dicho Ignacio Antonio Varela entregó las llaves de la misma casa, ajustada a trescientos reales de pensión anual, y de estos ha de pagar siete ducados y medio que, la citada casa, tiene de pensión cada año a los herederos de Rosendo Quijano, vecinos de la villa de la Graña; así mismo, tengo por ajustar las cuentas con el referido Andrés Antonio Varela, del año último en que llevamos juntos los derechos de las cargas de sardina, mando que mis cumplidores las ajusten cuando que yo no lo haga en vida y lo que resulte de alcance a su favor se le pague; Y, en cuanto a lo que a mí se me debe, así de dinero prestado como de pensiones y fruto, constará muy bien de asiento mío y obligas que paran en mi poder, y a los colonos y llevadores así de la renta de dicho Toubes, como de los bienes míos, mi cumplidor hará le exhiban el último recibo, así de dinero como de frutos, para por ellos venirse en conocimiento de los que son deudores, pues a todos de que haga memoria les tengo dado recibo = También digo, que estuve casado in facie ecclesie con la mencionada Josefa Piñeiro mi difunta mujer, de quien tengo y me quedaron por mis hijos legítimos a Don Pablo Antonio de la Peña y Roberes, estudiante filósofo, cursante en la Universidad de la ciudad de Santiago donde actualmente se halla, Benito de la Peña y Roberes, Rita Piñeiro y a Bernarda Piñeiro, todos cuatro mis hijos, solteros, y las dos últimas de corta edad, que asisten unos y otros en mi compañía; y por cuanto tengo y profeso particular cariño y estimación a la referida Rita Piñeiro, mi hija, por la humildad con que me procede, desde luego, agradecido de ello, le mando y lego cien ducados de vellón, los que se le den además de la legítima que por mí le pueda corresponder, en dinero efectivo, habiéndolo luego que llegue a tomar estado de matrimonio. También es mi voluntad, que al citado mi hijo, Don Pablo, no se le eche en cuenta todos los gastos que ha hecho y haga en sus referidos estudios, los cuales les remito y perdono, a fin de que los más sus hermanos mis hijos no puedan repetirlos ni hacerle los tome a cuenta de su legítima, y a mayor abundancia

